



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 147

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 30 de marzo de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1 40843 (09/PNP-002967)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incrementar o número de persoas refuxiadas acollidas en Galicia e a presentación no Parlamento de Galicia dun plan de acollemento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 520, do 16.09.2015

4.2 46286 (09/PNP-003352)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas que traballan no mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 598, do 10.02.2016

4.3 47357 (09/PNP-003440)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles, e tres deputados/as máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo no segundo trimestre da xestación polas causas médicas reflectidas na Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo en todo o ámbito do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

4.4 47386 (09/PNP-003443)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e Trenor López, Gonzalo

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da apertura do túnel do Parrote

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

4.5 47634 (09/PNP-003458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a expansión das plantacións de eucaliptos e garantir a biodiversidade e a persistencia do medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

4.6 47811 (09/PNP-003476)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e cinco deputados/as máis

Sobre o establecemento por parte do Goberno galego do mecanismo normativo preciso para evitar a realización e distribución de imaxes fotográficas de menores durante actos institucionais e políticos realizados nos centros de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

4.7 48089 (09/PNP-003494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para o rescate da concesión do novo Hospital de Vigo, a súa recuperación como hospital estratéxico para a área sur de Galicia, así como a creación dunha comisión integrada por todos os sectores implicados para avaliar os seus problemas e deficiencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 617, do 16.03.2016

4.8 48186 (09/PNP-003502)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e cinco deputados/as máis

Sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha oferta pública de emprego que cubra a totalidade das prazas vacantes desde o ano 2009 na sanidade pública, así como o acordo cos sindicatos dunha orde para vincular os contratos do Sergas á súa motivación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 617, do 16.03.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 44187 (09/INT-001683)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sobre a atención ás persoas afectas por desafiuzamento hipotecario ou por alugueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 559, do 25.11.2015

5.2 45545 (09/INT-001733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e dous deputados/as máis

Sobre o cumprimento e desenvolvemento regulamentario da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

5.3 48052 (09/INT-001849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e dous deputados/as máis

Sobre a fusión de concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 48618 (09/POPX-000176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a eficacia da xestión do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

6.2 48651 (09/POPX-000178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da desviación que presenta, en relación cos obxectivos marcados, a converxencia de Galicia coa renda europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

6.3 48660 (09/POPX-000177)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as responsabilidades do Goberno galego na evolución demográfica de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 47286 (09/POP-004494)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel, e sete deputados/as máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto das conversas mantidas entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais para analizaren a viabilidade dun cambio de modelo de xestión dos consorcios provinciais de bombeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

7.2 47974 (09/POP-004599)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación do colexio oficial de terapeutas ocupacionais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.3 48652 (09/PUP-000261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a decisión do Tribunal Supremo respecto das 129 concesións de transporte público prorrogadas pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

7.4 48659 (09/PUP-000259)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre as consecuencias que vai ter, nas condicións materiais de mobilidade por estrada da cidadanía, a anulación das prórrogas das concesións de transporte público de viaxeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

7.5 48661 (09/PUP-000260)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Goldar Güimil, Jesús Antonio, e seis deputados/as máis

Sobre a sentenza do Tribunal Supremo pola que se anula a prórroga das concesións de transporte público interurbano de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

7.6 46319 (09/POP-004330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das expectativas de conversión da Cidade da Cultura en referente da internacionalización da cultura galega e centro de referencia interna

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

7.7 47709 (09/PO-004568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para recuperar o carácter reeducativo do Centro Público Santo Anxo, de Rábade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

7.8 47516 (09/POP-004534)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para evitar a desigualdade laboral das mulleres no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

Retómase a sesión ás dez e un minuto da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a eficacia da xestión do Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 10)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto da desviación que presenta, en relación cos obxectivos marcados, a converxencia de Galicia coa renda europea. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as responsabilidades do Goberno galego na evolución demográfica de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo no segundo trimestre da xestación polas causas médicas reflectidas na Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo en todo o ámbito do Sergas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 21.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Ferreiro Vidarte (S)*. (Páx. 21.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 23.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 25.) e *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 27.)

A señora Ferreiro Vidarte (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 28)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e D. Gonzalo Trenor López, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia e o Concello da Coruña da apertura do túnel do Parrote. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 28.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 29.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 31.) e *Sr. Méndez Romeu (S).* (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 34.) e *Sr. Jorquera Caselas (BNG).* (Páx. 35.)

O señor Trenor López (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 36.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a expansión das plantacións de eucaliptos e garantir a biodiversidade e a persistencia do medio rural. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Paz Franco (BNG).* (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 39.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 41.), *Sr. García García (Páx. 42.) (S)* e *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 43.)

Nova intervención da señora Paz Franco (BNG). (Páx. 44.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados/as máis, sobre o establecemento por parte do Goberno galego do mecanismo normativo preciso para evitar a realización e distribución de imaxes fotográficas de menores durante os actos institucionais e políticos realizados nos centros de ensino. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Vázquez Díaz (AGE).* (Páx. 46.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Docasar Docasar (S).* (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 49.), *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 50.) e *Sr. Fariñas Sobrino (P).* (Páx. 51.)

O señor Vázquez Díaz (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 53.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para o rescate da concesión do novo Hospital de Vigo, a súa recuperación como hospital estratéxico para a área sur de Galicia, así como a creación dunha comisión integrada por todos os sectores implicados para avaliar os seus problemas e deficiencias. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 53.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 53.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Solla Fernández (AGE).* (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 57.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 58.) e *Sr. Dorado Soto (P).* (Páx. 59.)

O señor Losada Álvarez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 61.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha oferta pública de emprego que cubra a totalidade das prazas vacantes desde o ano 2009 na sanidade pública, así como o acordo cos sindicatos dunha orde para vincular os contratos do Sergas á súa motivación. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 62.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Solla Fernández (AGE). (Páx. 62.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Martínez García (M) (Páx. 65.), Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 67.) e Sr. Tella-do Filgueira (P). (Páx. 67.)

A señora Solla Fernández (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 69.)

Votación das proposicións non de lei

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incrementar o número de persoas refuxiadas acollidas en Galicia e a presentación no Parlamento de Galicia dun plan de acollemento: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. .70)*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas que traballan no mar: *aprobado por 58 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 70.)*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo no segundo trimestre da xestación polas causas médicas reflectidas na Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo en todo o ámbito do Sergas: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)*

*Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e D. Gonzalo Trenor López, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da apertura do túnel do Parrote: *aprobada por 58 votos a favor, 8 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 71.)*

O señor presidente comunica a solicitude do G.P. dos Socialistas de Galicia de votar por separado o punto 4 desta proposición non de lei. (Páx. 71.)

*Votación do punto 4 da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a expansión das plantacións de eucaliptos e garantir a biodiversidade e a persistencia do medio rural: *rexeitado por 14 votos a favor, 58 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)*

*Votación dos puntos 1, 2, 3 e 5 da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a expansión das plantacións de eucaliptos e garantir a biodiversidade e a persistencia do medio rural: *rexeitados por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados/as máis, sobre o establecemento por parte do Goberno galego do mecanismo normativo preciso para evitar a realización e distribución de imaxes fotográficas de menores durante os actos institucionais e políticos realizados nos centros de ensino: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para o rescate da concesión do novo Hospital de Vigo, a súa recuperación como hospital estratéxico para a área sur de Galicia, así como a creación dunha comisión integrada por todos os sectores implicados para avaliar os seus problemas e deficiencias: *rexeitada por 27 votos a favor, 40 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 72.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha oferta pública de emprego que cubra a totalidade das prazas vacantes desde o ano 2009 na sanidade pública, así como o acordo cos sindicatos dunha orde para vincular os contratos do Sergas á súa motivación: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Interpelación do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a atención ás persoas afectadas por desafiuzamento hipotecario ou por alugueiro. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE).* (Páx. 72.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle.)* (Páx. 74.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE).* (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle.)* (Páx. 78.)

Suspéndese a sesión ás tres e vinte minutos da tarde e retómase ás cinco da tarde.

Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar e dous deputados/as máis, sobre o cumprimento e desenvolvemento regulamentario da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 80.)

Resposta da Xunta: *Sr. señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sr. señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 86.)

Interpelación de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a fusión de concellos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 88.)

Resposta da Xunta: *Sr. señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 90.)

Réplica da autora: *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 94.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto das conversas mantidas entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais para analizaren a viabilidade dun cambio de modelo de xestión dos consorcios provinciais de bombeiros. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 96.)

Contestación da Xunta: *Sr. señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 97.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *Sr. señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 98.)

Pregunta de D^a Carmen Iglesias Sueiro, do G.P. Mixto, sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Sueiro (M)*. (Páx. 98.)

Contestación da Xunta: *Sr. señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 99.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Sueiro (M)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sr. señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 100.)

O señor presidente comunica o debate acumulado das preguntas que figuran en terceiro, cuarto e quinto lugar da orde do día. (Páx. 100.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a decisión do Tribunal Supremo respecto das 129 concesións de transporte público prorrogadas pola Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as consecuencias que vai ter, nas condicións materiais de mobilidade por estrada da cidadanía, a anulación das prórrogas das concesións de transporte público de viaxeiros. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Jesús Antonio Goldar Güimil e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a sentenza do Tribunal Supremo pola que se anula a prórroga das concesións de transporte público interurbano de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora e dos autores: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 101.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 101.) e *Sr. Goldar Güimil (P)*. (Páx. 102.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 103.)

Réplica da autora e dos autores: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 105.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 105) e *Sr. Goldar Güimil (P)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 107.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das expectativas de conversión da Cidade da Cultura en referente da internacionalización da cultura galega e centro de referencia interna. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 111.)

Pregunta de D^a María Carmen Gallego Calvar e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para recuperar o carácter reeducativo do Centro Público Santo Anxo, de Rábade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. González Santín (S)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 113.)

Réplica do autor: *Sr. González Santín (S)*. (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 114.)

Pregunta de D^a María Carme Acuña do Campo e cinco deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para evitar a desigualdade laboral das mulleres no medio rural. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 115.)

Réplica da autora: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 117.)

Remata a sesión ás sete e corenta e cinco minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e un minuto da mañá.

O señor PRESIDENTE: Señorías, vaian, por favor, ocupando os seus escanos.

Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto 6, que corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a eficacia da xestión do Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, como acontecía na película de Godard *Ao final da escapada*, vostede volvou á casilla de saída. Non quería repetir como candidato, dedicouse a facerse un oco nas tertulias e nos platós de Madrid, pero os seus pecháronlle as portas; cuestión de imaxe, talvez. Postulouse como eficaz directivo do sector privado, e parece que houbo pouca receptividade, quizais porque por alí coñecen os resultados da súa xestión. Lonxe de sentir orgullo e respecto pola presidencia, vostede vaise presentar resignadamente unha vez máis, por falta de alternativas.

Onte, un dos seus falou aquí de revancha lexislativa, é unha boa definición. Dende o primeiro día, por motivos ideolóxicos, como ferramenta propagandística e á marxe de calquera demanda social, vostedes promulgaron e derogaron numerosas normas anteriores para impoñer outras peores, nun escenario de inseguridade xurídica xeneralizada. A lista de fracasos é ben grande: concurso eólico, acuicultura, transporte de viaxeiros, residuos, Lei do solo, mobilidade de terras, vivenda. A normativa de tributos foi modificada sete veces, a Lei do sector eólico seis veces, cinco veces a Lei de augas, catro as leis de comercio interior e servizos sociais. Leis tan recentes como as de estradas e montes xa tiveron varias modificacións. Mesmo a Lei do solo xa foi modificada, e volverá cambiarse pronto.

Os plans son papel mollado. Do anterior Plan estratéxico nunca se volveu falar, polo seu manifesto incumprimento, como aconteceu coa Estratexia de acuicultura ou co Plan MOVE, entre outros moitos.

Só a propaganda foi constante, absoluta, omnipresente. Campañas en contido informativo, como a que hoxe mesmo temos sobre a Lei do solo. O único motivo é axudar os medios de comunicación; subliminalmente, autopromoción. Non hai cartos para vacinas ou para atender os dependentes, pero si para gastar en incenso mediático.

Foron sete anos, señor Feijóo, recortando dereitos e prestacións, empobrecendo a xente, expulsando a mocidade e cronificando o paro. Hoxe non hai nin consumo, nin emprego, nin investimento, só paro, pobreza e desigualdade, máis endebedamento espectacular.

Todas as súas promesas, señor presidente, resultaron falidas. ¿Hai algo aínda que sexa fiable en vostede, señor Feijóo? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, véxoo a vostede hoxe máis feliz que de costume. (*Risos.*) Vostede está hoxe especialmente contento e satisfeito, pero imaxínome que será pola súa intervención. Non me malinterprete, señor Méndez.

En fin, como me pregunta sobre se o Goberno é eficaz ou non, vou intentar trasladar. Señoría, os gobernos, ademais de ser eficaces, teñen que buscar a eficiencia; é dicir, non só se trata de cumprir os obxectivos, senón que ademais se trata de facelo do xeito máis eficiente posible, ou sexa, cos recursos dispoñibles.

Vostede preguntame se este goberno é eficaz. Na miña opinión, señor Méndez, unha opinión sen dúbida subxectiva como todas, pero pódolle asegurar unha opinión sincera, creo que si, señoría. Eu creo que presido un Goberno eficaz, dos máis eficaces do conxunto do Estado autonómico. Tiñamos tres obxectivos cando empezamos a lexislatura, e os galegos volvéronnos dar a súa confianza. Había sesións de control tamén na anterior.

A apocalipse que vostedes referían era sen mirar á que refiren agora. Despois da apocalipse da primeira lexislatura, os galegos déronnos unha maioría absoluta

máis avultada, e imos ver o que fan os galegos nesta contenda electoral, que aínda lle anticipo que non comezou, polo menos polo que se refire ao Goberno, que segue gobernando.

A contenda electoral no Partido Socialista Obreiro Español non é que non comezara, é que aínda non acabou; levan vostedes desde o principio da lexislatura, pero ese é un problema seu. Non lle vou preguntar se vostede preside ou non preside algo eficaz, porque que o Partido Socialista presida algo eficaz é unha pregunta retórica.

Mire, señor Méndez Romeu, creo que si, hai un Goberno eficaz porque se están a conseguir os tres obxectivos fundamentais que os galegos nos encargaron:

Primeiro, lograr que os servizos públicos esenciais se mantiveran e, se fora posible, se ampliaran durante a recesión económica. Estámolo conseguindo entre todos.

Segundo obxectivo, intentar volver crear emprego, e onde había paro, agora haxa emprego; onde había baixas de afiliacións á Seguridade Social, agora se incrementen, e onde había xente en paro, agora empece a haber máis de vinte e tres mil parados menos nas listas. E tamén o estamos conseguindo.

E déronnos un terceiro encargo: garantir o autogoberno; o autogoberno, señoría, durante sete anos de dobre recesión económica, mantendo a solvencia das contas públicas. Ninguén discute que hoxe Galicia é unha das comunidades autónomas máis solventes de España.

Por iso, señoría, os obxectivos estámolos cumprindo:

¿Galicia crea emprego? Si, 19.000 ocupados máis e 23.000 parados menos.

Galicia ten mellores datos económicos que a maioría das comunidades autónomas, e, sen dúbida, temos incremento de PIB, récord de exportacións, récord de índice de produción industrial.

Señoría, ¿temos máis servizos públicos? Si. Este ano 2016, o 70 % dos galegos terán na súa área sanitaria ou un hospital novo ou un hospital reformado.

Señoría, ¿hoxe temos máis educación pública? Si, e os universitarios galegos son os que menos taxas pagan de España, temos menos abandono escolar, menos fracaso escolar, máis prazas de comedores escolares e de formación profesional.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, se vostede me pregunta se Galicia está solvente, debería de saber que Galicia é a Comunidade Autónoma que menos incrementou a débeda pública o pasado ano, e que xunto con Madrid somos as comunidades autónomas máis solventes de España.

Señor Méndez Romeu, creo que si, efectivamente, mantemos un Goberno solvente, e estamos intentando sacar Galicia da dobre recesión económica que padecemos durante estes anos.

Sobre dependencia e outras cousas, se me permite, contestareille na réplica.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Ben, das súas propias verbas, señor Feijóo, dedúcese o que non fixo, porque, míreo como o mire, sete anos despois hai máis paro e menos actividade que o día que vostede chegou. Así que pode que sexa moi eficiente nalgúns datos estatísticos, pero vostede non foi quen de resolver o primeiro problema que seguro que agardaban os cidadáns.

¿Quere dicir que o mandato dos cidadáns foi para devaluar os salarios sistematicamente?, ¿para rebentar as relacións laborais cunha reforma laboral que deixou inerte o traballo diante do capital? ¿Quere vostede dicirme que iso foi o mandato e o seu obxectivo? Porque, dende logo, ese si que foi o seu resultado.

Pregunte vostede en calquera hospital, pregunte vostede en calquera área sanitaria a valoración que teñen os cidadáns de

como están hoxe as cousas; pregunte. Vostede non ten como hábito falar cos cidadáns, vostede vén aquí cada quince días e dedícanos media hora displicentemente, se é posible para interrogar a oposición, rara vez para dar unha resposta clara.

Señor presidente, para vostede Galicia foi fundamentalmente a peaña da súa autopromoción: discursos, anuncios, promesas, produtos de consumo inmediato esquecidos ao día seguinte. Repasar os innumerables anuncios que fixo vostede de aforros orzamentarios causa perplexidade, suman centenaes de millóns de euros.

¿Pode dicirlle a esta cámara exactamente en que partida orzamentaria figuran eses pretendidos aforros? Non os vai atopar, porque eran euros virtuais, que se esgotaban no mesmo momento da súa presentación de propaganda. Non hai documentos nin trazabilidade, só imaxes. Esa é a síntese da súa presidencia: moitas fotos, algunhas inoportunas, innumerables declaracións e promesas.

Como nos xogos virtuais, no seu mundo virtual todo vai ben, hai recursos en abundancia para todo. Pero na vida real das persoas, a situación non é así. Vostede foi cruel con todas as persoas que vivían de rendas salariais, vostede foi cruel con todas as persoas que dependían do sistema de asistencia pública e vostede traballou denodadamente para os máis poderosos, impondo ou colaborando a imponer o recorte dos salarios, a expulsión da mocidade –con vostede a mocidade está emigrando de novo– e o recorte de dereitos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Por tanto, señor presidente, vostede non é fiable, vostede non cumpre as súas promesas, vostede non cumpre o que anuncia, nin sequera mellora a calidade de vida das persoas.

Realmente, ¿esas son as súas credenciais para un novo mandato? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Rolda de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, nós apoiamos vinte e dúas leis do Bipartito, vinte e

dúas. Vostedes de trinta e seis proxectos de lei que presentamos, presentaron trinta e cinco emendas á totalidade. Ese é o balance dun grupo parlamentario responsable e dunha oposición irresponsable. (*Aplausos.*)

Todo o que conseguimos, señoría, conseguímo-lo co pacto cos galegos. Desde logo, vostedes durante toda a lexislatura nada fixeron.

Pero ten vostede un interese inaudito en que finalice a lexislatura, señor Méndez Romeu; atópase vostede mellor posicionado neste momento que hai quince días. (*Risos.*) Hai quince días vostede dicía que o seu secretario xeral era un secretario xeral excelente, e agora, señor Méndez Romeu, ¿que di, salvo ese posicionamento de extraordinaria alegría que lle vexo na xornada de hoxe? (*Risos.*)

Pero, en fin, como a min o que me preocupa son os galegos, non os problemas internos crónicos do seu partido, nin a súa posición cambiante en función do trimestre e do secretario xeral de turno, pois permítame que siga falando de Galicia. Para min Galicia é moi importante, sen dúbida, señoría; lévolle dedicando moita parte da miña vida, veremos os galegos o que deciden no futuro.

O que si está claro, señoría, é que hoxe, como presidente da Xunta, podo dicir que hai menos paro que cando me presentei nas eleccións no ano 2012, menos paro que no ano 2014, que no ano 2013, que no ano 2012, que no ano 2011 e que no ano 2010. (*Aplausos.*) Iso non son estatísticas, señoría, iso son os números de Galicia.

Mire, señoría, cando vostede me fala de servizos públicos e lle dicimos que o 70 % dos galegos teñen un novo hospital ou un hospital reformado, a vostede parécelle que ese é un tema menor. Como durante o seu mandato non fixeron ningún, dálle exactamente igual.

Señoría, cando vostedes estaban no goberno e había caros dabondo pois non creaban as prazas de dependencia. Simplemente, ¿por que? Porque se dedicaban a outras cousas; por exemplo, na liorta entre o Partido Socialista e a área de Benestar do Goberno que a levaba o BNG. Señoría, nós imos crear e atender 1.100 dependentes máis este mes. Iso significa que, a pesar de que cando chegamos ao Goberno a ratio de dependencia era do 30 %, imos chegar ao 64 %

actual, máis as prazas que crearemos durante este ano 2016 (*Aplausos.*), 1.100 máis durante este mes.

Señoría, vostede fálame de leis e, claro, sobre o transporte parece ser que non quere falar. ¿Sabe por que, señoría? Cando estaban vostedes no goberno, no ano 2007 saíu a normativa europea que obrigaba a ter unha lei de transporte público, e finalizaba o prazo no ano 2009. No ano 2007 presentaron un borrador, non foron capaces de pactalo con ninguén. Despois presentaron outro, e dáballes tanta vergonza que nin sequera o tramitaron. E deixáronnos un transporte sen concesións, que mes a mes que pasaba perderíamos todas as concesións de transporte público en Galicia. ¿Que fixemos, señoría? Pactamos co sector, primeiro; segundo, o mesmo que doce comunidades autónomas restantes. Iso si, denunciounos a Comisión Nacional dirixida polo Partido Socialista, e o Tribunal Superior de Xustiza deunos a razón; agora o Tribunal Supremo analiza e volve deixar sen efecto a lei. Señoría, non se preocupe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...traeremos unha lei a esta cámara para solventar o transporte discrecional e o transporte concesional en Galicia. ¿Por que? Porque estamos para arranxar os problemas, señoría, non estamos para as liortas internas, que, como vostede pode comprobar, é...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o único que fixeron durante estes anos. Quédanlles uns meses para rectificar.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto da desviación que presenta, en relación cos obxectivos marcados, a converxencia de Galicia coa renda europea

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Jorquera.

(*Murmurios.*)

Silencio, por favor, para que poida formular a pregunta o señor Jorquera, se son tan amables. Grazas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, nos próximos días despexarase a incerteza de se vai optar de novo á reelección, aínda que a incerteza cada vez é menor, como xa apuntou o señor Méndez Romeu.

Se vostede é un político serio imaxino que fará balance do que representou o seu Goberno antes de tomar esta decisión. Permítame que lle axude a facelo. Dende que chegou á presidencia non parou de repetir que coas súas políticas Galiza ía saír da crise antes e mellor que ninguén. Incluso hai quince días tivo o atrevemento de comparar o crecemento de Galiza co de Alemaña. ¿Leu vostede as contas económicas rexionais do ano 2014 publicadas por Eurostat?

Mire, no Plan estratéxico 2010-2014 a Xunta fixaba como obxectivo que o PIB per cápita de Galiza subise cinco puntos, até representar en 2014 o 95 % do PIB per cápita da Unión Europea. ¿Sabe que di Eurostat? Que en 2014 o PIB per cápita galego retrocedeu até o 80 % da media europea; é dicir, o seu Goberno desviouse do obxectivo marcado nada máis e nada menos que en quince puntos, señor Feijóo. O obxectivo do seu Goberno era subir cinco puntos e resulta que baixamos dez.

E acontece o mesmo se facemos a comparativa con España. Entre o 2009 e o 2014 a renda per cápita española retrocedeu un 11,82 % con respecto á media europea, en Galiza un 13,70; dous puntos máis, señor Feijóo. En 2014 Galiza foi o faroliño vermello en crecemento no Estado español. En 2015 fomos os terceiros pola cola. E agora hai estudos recentes que prognostican que en 2016 e 2017 estaremos de novo á cola de crecemento. E aínda por riba hai quen pretende convencernos de que vostede é o salvador do noso país. Porque, mire, estes datos indican o fracaso total e absoluto, o fracaso rotundo das súas políticas.

A vostede tocoulle ser o presidente nunha das crises máis graves que se lembran. Pero a súa falla de proxecto de país, señor Feijóo, a súa dimisión á hora de exercer as súas responsabilidades como presidente dun Goberno autónomo

para non incomodar dese xeito un Goberno amigo e facer méritos de cara a Madrid –con escaso éxito, por certo, polo que parece; ao mellor, iso tamén é culpa do Bipartito, como o fiasco do seu Goberno no transporte– e a súa falla de liderado como presidente dun Goberno, dunha nación, dun país agravaron as consecuencias desa crise, condenaron o noso país ao devalo social, económico e demográfico.

Por iso, señor Feijóo, ¿como valora que a converxencia de Galiza coa renda europea se desviase quince puntos do obxectivo marcado polo seu Goberno?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señor presidente.

Señor Jorquera, efectivamente, eu tiven a honra –e sígoa tendo– de ser presidente da Xunta de Galicia e de xestionar as dúas crises económicas máis importantes que tivemos durante a democracia, non só unha crise económica, senón unha dobre recesión. Vostede saberá –estaba en Madrid daquela– que se albiscaban algunhas posibilidades de inicio dunha certa recuperación económica alá polo ano 2010 e, sen embargo, produciuse a segunda recesión económica durante ese ano e os anos seguintes. Proba disto, señoría –e vostede non o reflicte, parece que vostede non é español–, é que España perdeu once puntos de converxencia coa Unión Europea. E vostede pregúntame como é que Galicia perdeu nove. Efectivamente, señoría, Galicia perdeu nove, España perdeu once.

Por iso, señoría, como nós somos españois igual ca vostede, sabemos perfectamente que no verán do ano 2010-2011 tivemos que modificar a Constitución vía urxencia para incluír dentro dos principios constitucionais o compromiso do déficit público. Tivemos en xullo do ano 2012 que estar a piques de pedir o rescate da Unión Europea. Vostede iso recordara porque aquí todos somos españois ademais de galegos. E por iso, señoría, vostede sabe que no sur de Europa, por exemplo, Italia perdeu nove puntos de converxencia, Grecia perdeu vinte e dous puntos de converxencia e España perdeu once puntos de

converxencia, e en Galicia nese contexto perdemos nove puntos de converxencia. Polo tanto, señoría, España liderou a caída do PIB de Europa durante eses anos e España liderou a caída do emprego de Europa durante eses anos. E Galicia é unha parte dese Estado que estaba a piques de pedir o rescate.

Señoría, se vostede me di que Galicia perdeu nove puntos de converxencia, é verdade, pero é verdade sabendo que España perdeu dous puntos máis, once puntos. E é verdade, señoría –supoño que iso o sabe–, que Galicia é a terceira comunidade autónoma que perdeu menos converxencia coa Unión Europea, a terceira que perdeu menos converxencia; as que menos perderon son Estremadura, Castela e León e Galicia. E debería de saber vostede –que seguro que o sabe– que hai tres comunidades autónomas que no ano 2008 estaban en mellor posición que Galicia, e hoxe están igual ou peor, refírome a Asturias, a Valencia e a Canarias.

Polo tanto, señoría, non me pida vostede que me sinta satisfeito con estes datos. Pero si dicirlle que Valencia, por exemplo, tiña noventa e un puntos de PIB per cápita en relación con Europa e agora ten oitenta, os mesmos que Galicia; igual que Canarias, que ten menos que Galicia, e igual que Asturias, que está empatada con Galicia. Señoría, a conclusión é que Galicia é das comunidades autónomas que menos se viu afectada pola perda de converxencia con Europa.

Por certo, señoría, fáleme vostede de que levamos moi mal ano no 2015 e dime que estamos á cola do crecemento económico de España. Señoría, imos coñecer os datos hoxe ás once da mañá, e espero que vostede, se os datos son bos, celebre como galego que no ano 2015 Galicia está volvendo a converxer con Europa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...que no ano 2015 a economía galega é das economías que creceu máis das rexións europeas e que, en definitiva, a economía galega está polo bo camiño.

Máis nada, moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor presidente.

Señor Feijóo, vostede non leu os datos publicados por Eurostat. Algún día nesta cámara antes de que se esgote a lexislatura terá que aclararnos a todos de onde saca vostede os datos. Mire, a vostede o problema é que lle pasa o mesmo que ao señor Rajoy: rodéase de xente que non se atreve a dicir que o rei vai espido. Por iso non asume a realidade, señor Feijóo. ¿Sabe que di Eurostat? Que entre 2005 e 2008 Galiza converxeu coa Unión Europea 6,5 puntos, cinco veces máis que o Estado español. En cambio, con vostede de presidente, a renda media de Galiza está cada vez máis lonxe da española, señor Feijóo, e tamén da europea. Estamos a vinte puntos da renda europea, retrocedemos en termos de converxencia ao ano 2013, señor Feijóo. E iso é o que di Eurostat, non o departamento de propaganda do BNG. *(Aplausos.)*

¿Ou cre vostede que os galegos emigran por deporte, señor Feijóo?, ¿cre que emigran por deporte? ¿Non leu esta noticia: “*La crisis dispara al récord de medio millón los gallegos que han emigrado*”? Só en 2015 marcharon 21.000 e só se computan os que marcharon a outros estados. Esa é a realidade, señor Feijóo, por moito que vostede siga insistindo en negar a evidencia.

¿Leu esta noticia: “*La debilidad laboral eleva en 600.000 euros al día el agujero de la Seguridad Social en Galicia*”? Señor Feijóo, con vostede de presidente en Galiza só hai unha persoa con emprego por cada pensionista ou cada parado, ¿cre que é sostíbel un país, unha sociedade con esta situación?

¿Tampouco leu esta información, dado que fala de converxencia: “*A fenda salarial entre Galiza e España foi en 2015 a maior dende o inicio da crise*”? No último trimestre de 2015 os soldos en España medraron catro veces máis que en Galiza, señor Feijóo; con vostede de presidente o soldo medio dun galego é 300 euros ao mes inferior ao soldo medio dun español. Mire, mal que lle pese, para a desgraza do noso país, dende que vostede é presidente a fenda agrandouse, vai deixar vostede en herdanza un país máis inxusto e máis empobrecido. Esa é a realidade que vostede se nega a asumir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Rolda de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señor presidente.

Señor Jorquera, que un nacionalista non saiba nin sequer interpretar o Censo de residentes ausentes é de parvulario, señoría. Dicir nesta cámara vostede –supoño que ao mellor tamén o seu colega de AGE vai dicir o mesmo– que marcharon de Galicia 21.000 persoas, ¿a quen quere enganar?, ¿aos mesmos que din que Galicia perdeu converxencia con Europa máis que o resto das comunidades autónomas e que da media de España?

Di vostede que non interpreto os datos de Eurostat. Señoría, os datos de Eurostat son os datos do INE. E vólvollo reiterar: Galicia é a terceira comunidade autónoma que menos renda perdeu en converxencia con Europa das dezasete autonómicas. Estremadura perdeu sete puntos; Castela e León, oito puntos, e Galicia, nove puntos; A Rioxa, nove; Madrid, nove; Castela-A Mancha, dez; Cataluña, dez; Aragón, once; Valencia, once; Andalucía, once. ¿Quere que siga así ata os trece de Navarra, os trece de Cantabria, os trece de Asturias e os trece do País Vasco?

Señoría, dígolle que somos os terceiros que menos perdemos en converxencia coa Unión Europea. E reitérolle, señoría, que Valencia estaba por riba de nós e agora está por debaixo; Asturias tiña máis renda ca nós e agora está igualada, e outra das comunidades autónomas tiña exactamente a mesma renda ca nós por riba e agora está igualada con nós exactamente no mesmo percentil.

Polo tanto, señoría, ¿de que me está a falar? ¿Estame a falar de que se foron 21.000 galegos fóra de Galicia? Falso, de toda falsidade. E espero que teña a ocasión de rectificar porque vostede non é unha persoa que dea un dato a sabendas falso.

Mire, señoría, vólvolle reiterar: cando vostede di que durante a crise económica os datos do IGE acreditan que nós mantivemos unha baixada do PIB inferior á media española hai dicir que os galegos tivemos un comportamento mellor

en termos globais que a media do produto interior bruto español. Comprendo que a vostede falar de España lle produza algunhas veces urticaria, pero é que eu son español, señoría, porque se non non podería ser galego, e esa é a gran dificultade que hai entre vostede e mais eu. Señoría, eu son español porque creo na Constitución española, e grazas á Constitución española temos un Estatuto de autonomía de Galicia, e por ese Estatuto son presidente da Comunidade Autónoma de Galicia. *(Aplausos.)* Esa é a gran diferenza entre vostedes e mais eu. *(Aplausos.)*

Señoría, é curioso que apelen á renda europea os meses que están arriando a bandeira de Europa, pero se iso é rectificar, eu estou de acordo. Señoría, nin Castela, nin Risco, nin Filgueira, nin Piñeiro tiveron ningunha dúbida sobre o seu carácter español e europeísta; eu tampouco, señoría. E por iso síntome orgulloso de que Galicia estivera *en pé, serea, coa limpa frente erguida e envolta na brancura que cai de riba* durante a recesión e a crise económica. *(Murmurios.)* E por iso espero celebrar con vostede os datos de crecemento da economía galega do ano 2015. Señor Jorquera, alégrese porque temos un excelente dato.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as responsabilidades do Goberno galego na evolución demográfica de Galicia

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Feijóo, sabiamos que a súa principal cualidade como político é que non se pon colorado cando mente, cando manipula, pero non deixa de sorprendernos. Acaba de culpar o Bipartito do último fiasco do seu Goberno. Unha resolución asinada en 2010 por vostede, que lla anulara o Tribunal Supremo, e culpa o Bipartito. ¡Non deixa de sorprendernos! Pero, ¿que credibilidade vai ter vostede, señor Feijóo, se acaba de dicir que agora hai máis emprego que cando vostede chegou ao Goberno? Datos do IGE: ocupados en 2009, no segundo trimestre de 2009, 1.153.000; ocupados no primeiro trimestre de 2016, 1.032.000; segundo as miñas contas, son 122.000 empregos destruídos, señor Feijóo.

Vostede chegou á Presidencia da Xunta de Galicia co traxe de bo xestor fabricado á medida. Parecían querernos dicir: Feijóo non é carismático, non ten unha personalidade forte, pero Feijóo é un bo xestor. Esa era a súa baza, o seu traxe, a súa estrela. Pero o tempo pasou e, efectivamente, comprobamos que vostede non era carismático nin unha personalidade excepcional, pero, desgraciadamente, tamén comprobamos que non había nada dese gran xestor anunciado. E, claro, ao non poder sacar os grandes logros das dúas lexislaturas do seu goberno, vén aquí contestar con slogans inconexos, que moitas veces non entendo, de argumentario *low cost*, a ver se colga algún titular ou desvía a atención do seu fracaso. O brillo daquela estrela do gran xestor chamado Núñez Feijóo desapareceu para sempre dentro do buraco negro da corrupción, do paro, da ineficacia, da indolencia do Partido Popular; e pola acumulación de fracasos das súas políticas, do seu Goberno, é un país que está minguando. A falla de oportunidades que hai neste país para a xente, señor Feijóo, é un dos factores fundamentais que explica a enorme perda de poboación ocorrida nos seus anos de goberno.

Dende que vostede goberna ata o 1 de xaneiro de 2015 Galicia perdeu 64.000 habitantes. Ata 2010 Galicia incrementaba a súa poboación. Este é un síntoma de que non hai oportunidades para a xente, e volvemos ser un país netamente emigrante. Por primeira vez en moitos anos –tamén o di o IGE, señor Feijóo– o saldo migratorio deste país foi negativo; sae máis xente da que entra. As súas políticas expulsan miles de mozos e de mozas. A falla de políticas de oportunidades, derivada destas políticas, que incrementan a precariedade, a exclusión social, que crean traballadores pobres, agravan tamén o saldo vexetativo negativo. Incrementanse as diferenzas entre as defuncións e os nacementos. Señor Feijóo, ¿quen se pode plantexar ter fillos se non se atopa traballo? ¿Quen se pode plantexar ter fillos se traballa 40 días ao ano? ¿Canta xente se pode plantexar ter fillos cando o 35 % dos traballadores cobran menos de 650 euros?, ¿cando o paro xuvenil é do 50 %? ¿Quen pode pensar en ter fillos cando o salario non dá para pagar un aluguer, unha hipoteca, cando hai miles de desafuzamentos, cando teñen que escoller entre pagar a calefacción e a alimentación? ¿Pensa, acaso, que os seus fiascos no lácteo, no eólico, nas caixas, a destrución do emprego industrial, do desenvolvemento rural, etcétera, non inflúen na sangría deste país?

Este país, señor Feijóo necesita, precisa, políticas eficaces para revertir esta situación. Isto non se arranxa con publicidade. Mala noticia para vostede: mentres o país se desangra, vostede dedícase a tratar de poñerlle...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...vendas nos ollos á cidadanía, en vez de poñerlle vendas nas feridas ao país. Pero a xente xa non traga, señor Feijóo; deixe de estorbarlle ao futuro deste país. ¿Segue pensando que as súas políticas non inflúen na regresión demográfica de Galicia?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, vostede confunde unha resolución cunha lei; dálle igual. Di que aprobei unha lei, unha resolución do ano 2010, polo transporte público. Non, señoría, aprobamos unha lei no ano 2009, e as leis apróbaas o Parlamento. Por iso, que máis lle dá falar a vostede de resolución que de lei se non entende de que está a falar.

Fala vostede do líder carismático. Señoría, eu non son ningún líder carismático, eu son un demócrata que me presenteí ás eleccións cun partido político, e a ese partido político a maioría da xente nos votou, e son un traballador polos intereses xerais do meu país. Os líderes carismáticos non veñen ao Parlamento, non o precisan (*Aplausos.*), ¿para que van vir ao Parlamento os líderes carismáticos? O Parlamento é unha cámara de gas onde aquí ninguén vén falar, por suposto, señoría. Por iso eu sigo sendo do meu pobo, sigo sabendo de onde son, e non me considero líder carismático de nada. Son un traballador por Galicia, o primeiro e o último.

E por iso lle digo, señoría, que o problema demográfico o teñen vostedes estudado, e o primeiro plan demográfico tiveron a oportunidade de pertencer a ese goberno cando o presentamos na Cámara. Vostedes si fixeron unha cousa: levantáronse simplemente porque non querían falar de demografía, considerábanos algo retrógrado. Grazas, señoría, por falar

de demografía, porque é o primeiro problema estrutural de Galicia.

Se vostedes estudaran un pouco a demografía saberían que levamos con este problema dende o século pasado, dende hai máis de 30 anos, dende 1980, aproximadamente. Señorías, se vostedes souberan disto, saberían que no ano 1986 empezou a caer abruptamente o número de nacementos que rexistrabamos nos anos setenta. Pasouse de 44.000 nacementos ao ano en 1975 a 18.500 en 1988, e así seguimos, señoría, no entorno dos 21.000, fronte aos máis de 40.000 que tivemos antes da década dos oitenta. Por iso, señoría, vostede debería estudar os problemas demográficos de Galicia, porque vostede cobra un soldo de deputado no Parlamento galego.

E debería saber, señoría, que o problema é un problema de envellecemento da poboación, efectivamente. Entre o ano 2000 e 2004, entre os que falecían e nacían, tivemos unha media, un saldo negativo, de 8.800 persoas, exactamente ou similar ao de entre o ano 2005 e o ano 2008, 7.786, e moi similar á media do ano 2009 e o ano 2014, 9.070.

Señoría, cando vostede di que o problema é que se van e que non veñen, volve vostede errar. Entre os anos 2008 e 2014, marcharon de Galicia 204.000 persoas e entraron 240.000; é dicir, gañamos 36.000 habitantes entre o ano 2008 e 2014. Cando vostede fala de mozos, señoría, (*Murmurios.*) entre o ano 2008 e 2014, marcharon de Galicia 90.915 e entraron 99.856; é dicir, 9.000 máis os que entraron que os que saíron... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Como a vostede lle dan exactamente igual os números, están á súa disposición aquí...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, o problema non é dos que saen, de momento veñen máis dos que se van; o problema é que o número dos que nacen... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...é inferior ao dos que morren. Ese é o principal problema do país.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Deberían de estudalo un pouco mellor para así non sorprenderse ante os datos que estou a referir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero, señoría, cando vostede me fala diso, eu recórdolle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* que, miren, neste momento non hai ningunha comunidade autónoma cunha política máis beneficiosa que Galicia para a dedución por fillos; nin do primeiro nin do segundo nin do terceiro. Neste momento non hai ningunha comunidade autónoma que estea a traballar máis polas prazas de gardería que Galicia, un 68 % máis das que había... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...ao inicio da crise económica.

Señoría...

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Fajardo, silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...neste momento o que lle podó asegurar é que para este goberno...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...o problema do envellecemento da poboación é un problema estrutural. Para vostedes é un problema simplemente ideolóxico.

Benvidos. Espero que lle interese o asunto, se poñan a estudalo e comprobarán que o problema non é dos que saen, señoría...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...o problema é que os que morren superan aos que nacen.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Sánchez.

Déanlle voz ao escano do señor Sánchez, por favor. *(Pausa.)* A ver se é o teléfono que lle inhibe iso...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non, non.

O señor PRESIDENTE: Pode ser, aquí todo é posible. Pode ser. Estou pedindo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor Fajardo, non entre vostede nunha cuestión que é técnica, deixe o asunto para os outros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Servizos da Cámara, déanlle voz. Grazas.

Señor Sánchez, ten vostede xa conectado iso.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: É que necesitaba o móbil para ver a credibilidade que pode ter o señor Núñez Feijóo.

Entérese, estude o tema e pregunte. O que anulou o Tribunal Supremo de transporte público por estrada, señor Feijóo, é a Resolución do 27 de febreiro de 2010, que aproba o Plan de modernización de concesións de transporte público regular e permanente de persoas de uso xeral por Galicia.

Señor Feijóo, ¿que credibilidade vai ter vostede cando di isto, cando fala dunha lei de 2009? O que se anula é a resolución de 2010? ¿Que credibilidade vai ter vostede cando di que entre 2008 e 2014 Galicia non perdeu poboación? ¿Que credibilidade vai ter vostede cando se perderon dende que vostede goberna 64.000 habitantes só ata o 1 de xaneiro de 2015? E vostede tenta desviar a atención falando de envellecemento. Non, isto é un síntoma de que neste país non hai oportunidades para traballar, non hai oportunidades para vivir. E por iso, señor Feijóo, non sei de onde saca os datos. Os datos do IGE din que no 2013 e no 2014 –aínda non están os datos de 2015– se foi máis xente da que veu, porque neste país non hai oportunidades para traballar. É tan simple: 5.000 habitantes de saldo migratorio negativo, e, aínda por riba, vostede nega que a falta de oportunidades teña algo que ver con que a xente se decida ou non a ter emprego. E vostede nega que a xente non teña estabilidade no emprego e iso lle repercute á hora de planificar proxectos vitais a longo prazo.

Vostede comparábase –ou intentaba compararse– con Beiras. Señor Feijóo, hai moitas diferenzas, ademais do carisma entre vostede e o señor Beiras... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Que se tranquilicen!

O señor PRESIDENTE: Prosiga, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Hai moitas diferenzas –e podería falar moito tempo– entre vostede e o señor Beiras. El ten compromiso ético con este país... *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Só unha cuestión. Mentres o señor Beiras participaba en manifestacións coas nais dos afectados pola droga para deslexitimar e quitarlles a hexemonía social que tiñan os narcotraficantes que financiaban o Partido Popular, vostede estaba na ría de Arousa con este señor e viaxando con este señor por todo o país. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E si, señor Feijóo, nós levantámonos porque nós non participamos en paripés, *(Murmurios.)* e xa lle dixen que isto non se soluciona con publicidade e propaganda, soluciónase con políticas serias, eficaces e comprometidas co país, cousa que vostede non ten. Non ten compromiso con este país. Por iso, se queda, será porque non ten outra opción.

E si, cobro un salario de deputado, todo o mundo sabe cal é o meu salario, pero no que si que non cobro é en sobres con diñeiro negro, señor Feijóo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, o artigo 1 da Lei do 2009 o que sinala é a prórroga das concesións de transporte público. Con base nese artigo, que, como sabe, se desenvolve mediante resolucións ou decretos, mediante o desenvolvemento da lei é cando o Tribunal Supremo, como consecuencia do que acordamos no Parlamento, igual que noutras doce comunidades autónomas, e como consecuencia de que cando tomamos posesión quedaban uns meses para que foran decaendo todas e cada unha das concesións de transporte, e, en consecuencia, os galegos que non tiñan coche propio non puideran saír da casa... Tivemos que sacar esa lei; por certo, co acordo do sector e coa abstención do Partido Socialista Obrero Español.

Mire, señoría, agradézolle moito que non me compare co señor Beiras. Efectivamente, non temos nada que ver; dende o principio ata o final, nada que ver. Entre outras cousas, señoría, porque se levara perdendo tantas eleccións como o señor Beiras non formaría parte desta Cámara. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, xa sei que sempre hai unha posibilidade, que é cambiar de partido. Iso xa o sei. Eu podo levar vinte anos de portavoz do PP e despois ir a outro partido e dicir que son un líder carismático. ¡Se xa o entendo, señoría! ¡Se aquí xa nos coñecemos todos! Comprenderá vostede que xa nos imos coñecendo todos.

Mire, señoría, cando vostede di que o problema é da emigración, reitérolle que entre o ano 2008 e o ano 2014 marcharon de Galicia 204.000 persoas e entraron 240.000; saldo favorable, 36.000. Mozos de 16 a 34 anos: marcharon de Galicia 90.000 e entraron 99.000; saldo favorable, 9.000. O problema que temos non é de que saian, señoría, vólvollo reiterar, o problema que temos é un problema de nacementos versus defuncións. Cando vostede me di que o problema é a crise económica, debería saber vostede que os países máis desenvolvidos de Europa, como Alemaña, teñen un grave problema demográfico, *(Murmurios.)* e que a terceira potencia do mundo, Xapón...,

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...ten unha das sociedades máis envellecidas do mundo.

Por iso, como o problema é complexo, deberían estudar isto e plantexalo cun pouco de rigor, se realmente o que queremos é servir o país. Rigor é o que necesitamos para non volver reiterar que, de acordo co último censo, saíron de Galicia 21.000 persoas. ¡Falso, señoría! Das 21.000 persoas, a inmensa maioría nunca viviron en Galicia; tan só das 20.812 viviran 4.960 en Galicia. Polo tanto, ¿de que me está falando?, ¿de que agora tamén emigran os fillos dos galegos que nacen en Cuba, en Venezuela ou en Bos Aires? Por certo, señoría, hai 10.000 que, segundo vostedes, foron de Galicia para Arxentina, Cuba e Venezuela. ¿Vostede cre, señoría, que os galegos somos tan parvos como para ir a Venezuela? (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¿Vostede cre, señoría, que alí vostedes están...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...moi ben pero os galegos estamos moi mal? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E por iso, señoría, o que queremos de Venezuela é restaurar as liberdades do país...

O señor PRESIDENTE: Silencio. Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...e deberían vostedes convencelos para que o fixeran, señorías. (*Aplausos.*) Deberían convencelos.

Mire, señoría, normalmente o presidente da Xunta –sobre todo o actual– é culpable de todo: é culpable...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...de que os galegos nazan cos seus pais e as súas nais fóra de Galicia..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...é culpable de que haxa máis falecementos que nacementos. (*Murmurios.*) Señoría, eu espero que non me faga tamén cul-

pable... (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Fajardo, segunda chamada á orde, e iso significa que, se o volvo chamar á orde, o teño que expulsar. (*Murmurios.*) Si, si, vostede reiterou hoxe... Estaba case provocándome para que lle fixera a segunda chamada á orde. Tena, polo tanto. Ten, polo tanto, a segunda chamada á orde. (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, non me importa iso.

Prosiga, señor presidente, e remate xa, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Digo, señoría, que non me fagan vostedes culpable de que haxa xente que nunca naceu en Galicia e de que nunca viviu en Galicia, porque creo que diso non son culpable. Si son responsable, señoría, de intentar que Galicia sexa unha das comunidades autónomas máis favorables para que as mulleres... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor presidente.

Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...decidan ter fillos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e para que, señoría...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...as familias poidan ter descendencia, desde o punto de vista económico e desde o punto de vista social. E, por iso, señoría, imos persistir nas políticas demográficas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque son prioritarias para o Goberno galego.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Señoría, se quere vostede estudar os problemas da demografía galega, déixolle isto á súa disposición. Aquí está o estado da situación e as propostas e as medidas dun goberno, o goberno que neste momento ten a política demográfica máis positiva das comunidades autónomas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Máis nada e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei, coa que figura en terceiro lugar.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo no segundo trimestre da xestación polas causas médicas reflectidas na Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo en todo o ámbito do Sergas

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (Esquerda Unida-Anova), por iniciativa da súa deputada e vicevoceira Eva Solla Fernández e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadirase in fine o seguinte:

“Para isto adoptaranse as medidas organizativas e de dotación de recursos humanos e materiais necesarias. Asegurando alomenos dous centros de referencia públicos no territorio galego e reclamando ao Goberno Central a eliminación da obxección de conciencia na Sanidade Pública”.)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a revisar periodicamente o protocolo de atención as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo no segundo trimestre, para adaptalo á evidencia científica actualizada, e a corrixir calquera disfunción na aplicación do protocolo ou na asistencia prestada a ditas mulleres, se así o certificara á investigación en curso por parte dos servizos de Inspección”.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Ferreiro.

A señora FERREIRO VIDARTE: Grazas, presidente.

Bo día a todos, señoras e señores deputados.

Lamento que o señor presidente non quedara porque eu quería dicirlle que a ver se dunha vez aprenden, porque non somos as mulleres as únicas que temos fillos. Témolos os homes e as mulleres, porque falou algo de que as mulleres teñan fillos. *(Aplausos.)* A ver se unha vez máis predicamos unha cousa e facemos outra. Se axudamos as mulleres e se defendemos as mulleres, pois fagamos tamén actos en consecuencia con iso. *(Murmurios.)*

Diciamos onte que estabamos ante un problema que afecta mulleres que están embarazadas de máis de 14 semanas e de menos de 22 semanas; un serio problema que, evidentemente, o pasan en primeiro lugar as mulleres. Son embarazos desexados e son embarazos que teñen que se interromper por cuestións médicas fundamentalmente. Polo tanto, son mulleres e parellas que se encontran nunha situación moi delicada e, sen embargo, o Goberno galego o que fai é complicarlles a vida en vez de axudarlles a resolver ese problema facilitándolles a información e os medios necesarios para que o poidan facer.

Ontes dicía que lle complican a vida e que, ademais, están incumprindo unha lei, á que todas as mulleres teñen dereito e que é de obrigado cumprimento. Están facendo tamén

unha situación de desigualdade tremenda no acceso das mulleres a poder resolver este problema.

Miren, cando isto se denunciou por parte da Plataforma do dereito ao aborto da Coruña, estabamos falando dunha situación que se producía no Hospital da Coruña, porque ao centro de planificación familiar chegaban moitas mulleres que tiñan problemas psicolóxicos como consecuencia da interrupción do embarazo nese hospital. Naquel momento non pensabamos que este problema afectase máis persoas doutras provincias. Hoxe xa sabemos que si que afecta todos os hospitais de Galicia e que afecta todas as mulleres de Galicia, e quizais con máis gravidade que o que pasa na Coruña. Visto o que vin e visto o que falei coa xente, neste momento quizais o Hospital da Coruña é o que facilita máis á muller que o aborto se produza en mellores condicións. ¡Mire ao que se chega nesta cidade!

Seguimos dicindo que segue habendo desigualdade, e seguímolo dicindo, desigualdade e incumprimento da lei, porque, dende o primeiro momento, cando unha muller chega a un centro de planificación familiar demandando a interrupción do seu embarazo do segundo trimestre, o primeiro que se fai é darlle unha información por escrito que facilita a Consellería, o Sergas, e, sen embargo, esa información está tan anticuada que xa non responde nin á realidade existente. No 2010 é cando se fixo esa información, e dábaselles ás mulleres. As cousas mudaron moito e hoxe mesmo xa non ten nada que ver esa información coa realidade. Polo tanto, engánase as mulleres nese primeiro momento e incúmprese a lei.

Sen embargo, hai centros de planificación familiar que actualizaron pola súa conta aos seus traballadores esa información, e esa información é real, pero grazas aos traballadores dos centros de planificación familiar –que, por certo, xa o falaremos noutra ocasión, pero están absolutamente abandonados e deixados da man do Goberno galego–. Evidentemente, é un tema que está aí, e non nos van pechar porque, efectivamente, iso custaría unha serie de votos, pero non están facendo nada por potenciais nin por coordinais. Cada centro fai o que mellor lle parece, ninguén se mete, ninguén entra nin sae no que fan; algúns ata apoian ou fan seguimento dos embarazos.

Dicía: esa información non é a adecuada e, polo tanto, incúmprese a lei. Tampouco se dá en todos os centros. Hai

centros onde esa información se dá detidamente e hai centros que simplemente derivan a unha clínica particular ou á concertada ou ao hospital correspondente.

Tampouco hai igualdade no método que se utiliza para interromper o embarazo. Na maior parte dos casos faise unha indución ao parto; indución ao parto que ten moitas maneiras de facerse e que pode durar desde 1 día ata 3 ou 4 días. Na Coruña, por certo, ese método de aborto aplícase dunha forma moito máis rápida, porque se lles dá ás mulleres a mifepristona no centro de planificación familiar para iniciar a indución, e despois, ás 24 horas, teñen o ingreso asegurado no hospital. É verdade que despois se dan outras condicións, que non hai acompañamento, que non hai atención psicolóxica, etc., e os problemas veñen derivados de aí. Pero, en canto ao método de aborto, si é mellor que noutros sitios. Mire, hai sitios onde entre o momento que a muller pide a demanda de aborto no seu centro de planificación familiar ata que vai ao hospital poden pasar tres semanas. Vostedes imaxinen a situación desa muller e desa familia mentres non se resolve o problema que ten plantexado, a angustia que pode vivir esa muller.

Onte afirmouse por parte do portavoz do PP que se facía o mesmo que nos abortos espontáneos. Mire, isto non é un aborto espontáneo; pódese facer o mesmo despois, pero isto é unha indución a un parto, non é o mesmo que o que se produce nun aborto espontáneo. Nun aborto espontáneo non hai ningún problema, a muller aborta por si mesma, neste caso hai que inducir un parto.

Quero dicir tamén que o PP se arroga en defender que existe un protocolo e que se está cumprindo, e para iso manipula ou utiliza determinadas sociedades médicas ou de matronas para que digan que o están facendo moi ben e tapen o que está a pasar e, sen embargo, non escoita as voces das mulleres que saíron despois de que saíu a noticia, nin escoita tampouco os profesionais do Sergas, que están traballando nos centros de planificación familiar e que corroboran isto. Pois, polo menos, eu pido que non soamente se atenda ben as mulleres, senón que, ademais, se lles escoiten e se lles faciliten as cousas, que é a súa obriga tanto neste goberno coma nos gobernos anteriores. Mentres teñamos unha lei é necesario cumprila. Non olviden vostedes que son situacións de mulleres que están pasando por un mal trance, e que a súa obriga é cumprir coa lei, e, desde logo, facilitar-

lles que o aborto se produza dunha forma integral e atendendo a todas as circunstancias para que non haxa posteriores complicacións.

Iso é o que demandamos dende este grupo, e espero que o PP teña a suficiente sensibilidade para recoñecer que este é un tema que se pode arreglar e que non é tan complicado. Deixen vostedes de ser un goberno inútil e nefasto para as mulleres deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ferreiro.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Súmome tamén ás queixas da deputada do PSdeG e lamento profundamente a misoxinia que destilaba esa expresión de que “as mulleres non nos decidimos a ter fillos”. Ese é o problema da demografía. Aí é onde se ve realmente cal é o talante misóxino deste goberno e, concretamente, do señor Feijóo, que non está agora mesmo aquí.

Quedou patente onte pola tarde, no debate tamén da moción da Alternativa Galega de Esquerda sobre este mesmo tema, que ao Partido Popular non lle interesa en absoluto, xa o sabemos, porque non quixeron vir comparecer a esta Cámara. Onte non se pronunciaron sobre a maioría dos puntos da moción e presentaron unha emenda que nada tiña que ver co que se solicitaba; é dicir, nin sequera se pronunciaban sobre as interrupcións voluntarias do embarazo porque a intención da iniciativa era pronunciarse primeiro sobre os abortos euxenésicos e, segundo, sobre as interrupcións voluntarias do embarazo. Tanto é así que a emenda vale para un roto e un descosido, e hoxe volven presentala a unha iniciativa totalmente diferente —aínda que ten que ver— na proposta, como é a do Partido Socialista.

Pero, ademais, onte tampouco aclararon un punto fundamental, que é por que non está sobre a mesa ese presunto informe desa investigación que di o Partido Popular que está a facer a inspección médica. Hai unhas semanas, segundo as palabras do conselleiro, no pleno de fai 15 días, tiñamos que

ter xa ese informe sobre a mesa, e a día de hoxe non só non o temos, senón que non sabemos en que condicións se está a desenrolar. Non sabemos nada, pero podemos intuír que, nestas condicións, de pouco vai servir porque non parece que exista vontade de mellorar nada e, sobre todo, atendendo aos argumentos proporcionados.

Volveuse ir onte ao do tratamento, que podía adiantarse o expulsivo, etc. Escusas hainas para todos. Xa explicou agora mesmo a deputada do PSdeG as diferenzas que ten un aborto espontáneo dun aborto inducido. Parece que nos queren confundir, coma se aquí non tivéssemos idea absolutamente de nada. Este mes e medio escoitamos absolutamente todo tipo de escusas por parte da Administración.

E logo intentaron —xa o dixen onte— confundirnos co tratamento que se proporcionaba ou mesmo coa atención recibida, obviando, como xa dixen onte tamén, que se se oferta ir ás privadas a Madrid é por algo; é porque a atención que se proporciona non é a mesma que se pode ofrecer dentro, desgraciadamente, do Servizo Galego de Saúde. É dicir, que para que as mulleres poidan acceder á totalidade dos seus dereitos relacionados con estes abortos euxenésicos no segundo trimestre teñen que desprazarse a Madrid, e, polo tanto, non se está a proporcionar a mesma atención. Se non, ¿quen ía ir a Madrid podendo tratarse, podendo ter a indución dese aborto necesario para a súa saúde?

Non acabamos de entender como nun contexto onde é necesario —repito—, por condicións de saúde, ben porque hai unha anomalía fetal ou ben porque é necesario, por causa dun problema da saúde materna, que se poida tolerar incluso a obxección de conciencia, xa o dixemos onte. ¿Isto que é? ¡Absolutamente increíble! ¿Como se pode permitir que nun servizo público exista a posibilidade de negarlle a unha persoa unha atención sanitaria que necesita? Estamos falando de mulleres que precisan esa indución ao aborto. E gustaríame que se aclarase dende o Partido Popular, dende a Xunta de Galicia, se ese é o motivo —porque non o sabemos— para non proporcionar esta atención nas mesmas condicións polo que se envían estas mulleres ás clínicas de Madrid, ou se o problema é a falla de persoal, ou se o problema é que se recortaron gastos no mantemento dos equipos que atendían eses abortos, deses equipos profesionais, e, polo tanto, non se están a proporcionar na sanidade pública, ou se talvez é un pouco de todo.

Presentamos unha emenda que vai un pouco na liña tamén do debatido onte –aínda que non se acepte, votaremos igualmente a favor esta iniciativa–; emenda que propón que se proporcionen medios humanos e materiais e se reorganice para que exista a posibilidade de dar esta atención na sanidade pública e que alomenos se establezan dúas unidades, unha norte e outra sur, para atender este servizo.

A min gustaríame que se reflexionase se non se ve o sesgo de xénero neste problema. ¿Como pode ser que algúns non o vexan? ¿Como pode ser que un mes e medio despois aínda esteamos nestas condicións? Eu estou segura de que hai moitas mulleres nesta situación e de que, desgraciadamente, non van saír porque non van ter a forza para poder contalo.

Onte denunciabamos tamén aquí que se tivese cuestionado as propias mulleres por non poñer esa denuncia. Iso, que tamén é machismo, expresa ao final cal é a ideoloxía dominante do Partido do Goberno. Eu preguntome se, despois de falar de todo isto e despois de que se detectase un problema, o Goberno non vai facer nada. O peor que pode facer un goberno cando hai un problema evidente é mirar a outro lado. Polo tanto, ante un problema desta magnitude, sensible para moitas persoas, preguntome que vai facer o Partido Popular.

Nós, polo de pronto, imos votar a favor desta proposición non de lei. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías. Bos días, señora Ferreiro.

Eu creo que hoxe viñemos aquí debater a súa proposición non de lei e non a moción da señora Solla, pero parece que a señora Solla opina doutra maneira.

Dende o Grupo Parlamentario Popular non temos moito que engadir ao debatido na moción sobre este mesmo tema de onte. De feito, mantemos a mesma emenda que presentamos á moción.

Fai vostede na súa exposición un repaso pola lei vixente, a Lei de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, que é unha lei do Goberno Zapatero, modificada na parte correspondente ás menores polo Goberno do Partido Popular.

O Partido Popular non fai o que fan vostedes, non derroga unha lei porque sexa dun goberno distinto do seu e non bota abaixo as leis sen máis, aínda que non foi votada por nós no seu momento. O Partido Popular cumpre as leis. Vostede falou hai un pouco de cumprir as leis. Desde logo, coa LOMCE non están a ter a mesma postura.

Efectivamente, nesa lei indícase que se pode interromper o embarazo ata as 22 semanas por existencia de grave risco para a vida ou a saúde da nai ou risco de graves anomalías no feto; nese caso é no que falamos de aborto euxenésico. Estamos de acordo con vostede en que a situación psicolóxica da nai, aínda que tamén a do pai –do que hai unha tendencia a esquecerse que penso que tampouco é correcta–, pode ser moi delicada nestes casos. Pero non podemos admitir que vostedes digan que eses abortos non se practican segundo os protocolos internacionais. A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto rexistra un escrito que non se axusta en todos os seus termos aos protocolos internacionais, tantas veces citados neste hemicycle. Eu supoño que se referirán as persoas desa plataforma a tres documentos: *Aborto sin riesgos: guía técnica y de políticas para sistemas de salud*, editado pola Organización Mundial da Saúde, tamén a *Guía clínica para la atención integral del aborto en el segundo trimestre* e o *Manual de práctica clínica para un aborto seguro*, ambos editados pola organización non gubernamental Ipas, da que xa falamos no debate da moción.

Eu revisei eses documentos, e son amplos e non din o que expón a Plataforma. Unha curiosidade sobre o Manual: se vostede o quere baixar de internet, non llo permite e di que ese manual ten técnicas e actuacións que están prohibidas pola lei en España; é dicir, hai que poñer que un vive en Cuba. Se vive en Cuba, pode baixalo; se vive en España, coa lei, coa lei do Goberno Zapatero, repito, non se pode baixar ese manual. En ningún caso se fala de guías, protocolos ou manuais doutros profesionais distintos dos desa organización, o que podería sesgar a opinión sobre ese eido do aborto euxenésico. Eu creo que todos e todas temos claro que un aborto espontáneo ou do segundo trimestre non é o mesmo

que un parto; non é a mesma dilatación, non é o mesmo expulsivo, creo que o temos bastante claro.

Din vostedes que non hai acceso á anestesia epidural e non é certo. Dixo o conselleiro que, se se valoraba, se poñía anestesia epidural, aínda que onte lle recordei que ningún dos protocolos indican anestesia epidural, nin sequera no aborto cirúrxico, na dilatación e evacuación –eu teño os tres; se os quere, falámolo e discutímolo–. A pesar diso, como dicía, valórase e procédese a administrar a anestesia epidural se así se considera por parte dos facultativos especialistas.

Sobre o protocolo que se segue nos hospitais galegos da rede do Sergas xa falamos dabondo no debate da moción e na interpelación. Díxenlle que estaba avalado por sociedades científicas e asociacións de profesionais. Son os profesionais que traballan no Hospital Materno-Infantil os que contestaron as denuncias. Eu non vou negar nin vou discutir o que din os profesionais, eu non podo levarlles a contraria, terá que demostrarse coa investigación.

Eu non falei de denuncias, falei de reclamacións. Díciase onte na interpelación ao conselleiro que Galicia era o sitio onde máis se reclamaba, e casualmente non hai unha soa reclamación no hospital. Eu son partidario de que a xente que estea descontenta co sistema reclame. Facer unha reclamación é cubrir un papel ao saír, non ten máis que iso.

A Fiscalía da Coruña non apreciou delito nas actuacións sanitarias neste eido no Hospital Teresa Herrera, e estase a realizar, como xa dixen onte, unha investigación en relación coas novas aparecidas na prensa da Coruña cuxas conclusións esperamos coñecer coa maior brevidade posible. Por iso presentamos esa emenda, para incorporar a evidencia científica e o protocolo de actuación. Eu entendo que o que se poida presentar todo é discutible, e a evidencia científica cambia en moí pouco tempo. Pero exactamente igual e do mesmo xeito que se fai en calquera outro proceso e para corrixir calquera disfunción, calquera problema de calquera tipo que se puidera obxectivar como resultado da investigación aberta para estudar os casos aparecidos nos medios de comunicación e adoptar todas as medidas necesarias para corrixir esas eivas, no caso de confirmarse.

Nós esperamos, señora Ferreiro, o apoio do seu grupo á nosa emenda, pero de calquera maneira quedo á súa disposición para falar dunha posible transacción.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Hoxe vimos falar aquí dun aborto particular. Si hai que dicir que a práctica do aborto é tan antiga como a organización social dos seres humanos, e sobre todo o aborto provocado, que segue sendo o procedemento que xera máis controversia emocional e ética e tanta atención pública. Entendemos que a interrupción do embarazo é unha técnica sociosanitaria complexa que abarca varios aspectos en relación coa muller: o estritamente sanitario, o social, o psicolóxico e o íntimo, onde se debe preservar a confidencialidade.

O acontecido no Hospital Materno-Infantil da Coruña trae á actualidade un tema que a día de hoxe segue sendo, desgraciadamente, tabú: os casos de mulleres que sufriron, que se ven obrigadas a abortos terapéuticos, pasadas xa as catorce semanas, é dicir, no segundo trimestre, onde non teñen garantida a asistencia necesaria, segundo recollen os protocolos internacionais, como, por exemplo, o simple feito de ser atendidas por matronas ou xinecólogas que presten asistencia na súa profesionalidade e coñecemento a respecto das doenzas que atinxen ás mulleres por se atoparen nesta área con relación de condicións desta situación. É importante este protocolo para que non haxa problemas despois, como a necesidade de atención psicolóxica que precisaron moitas mulleres despois de vivir unha experiencia traumática.

Cando as mulleres teñen que interromper o embarazo despois deste prazo, nos supostos de perigo para a súa saúde ou malformación fetal –un aborto destas características non é como un embarazo e precisa doutras atencións xinecolóxicas–, cando se procede a esta asistencia, débense cumprir todas as garantías dentro dun servizo sanitario, que debería

estar establecido como un máis da sanidade pública, en cada área sanitaria galega e cun mínimo de varios centros hospitalarios na Galiza.

E despois deste caso, por fortuna ou desgraza, coñecemos outros casos que tamén aconteceron noutras áreas hospitalarias, como foi no CHUF de Ferrol, nun exemplo bastante semellante ao da Coruña.

Tamén mulleres que se someteron a un aborto euxeánico entre a semana 12 e 22 no HULA, no Centro de referencia da área sanitaria de Lugo, lembran un proceso moi semellante ao que describen as mulleres que pasaron por este trance en hospitais como os da Coruña e Ferrol: recíbese un medicamento que se debe introducir por vía vaxinal e a indicación de avisar o persoal de enfermería cando se produce a expulsión do feto.

A sanidade pública está optando polo método farmacolóxico –farmacolóxico ou instrumental–, onde se priva a muller de liberdade de elección. Entendemos que todas as profesionais e profesionais que interveñan directamente na práctica sanitaria deberían estar formados en todos os métodos.

A práctica sanitaria do aborto provocado debe realizarse por profesionais integrados en unidades específicas especializadas. Estes profesionais deben respaldar a intervención. Son unidades multidisciplinares, formadas por médicas, médicos, xinecólogas, enfermeiras, anestesiastas, traballadoras sociais, psicólogas, psiquiatras, avogadas e toda aquela persoa relacionada con estes profesionais.

Debido ao que permite a lei, todos os profesionais se declararon obxectores de conciencia, e na Galiza non existen clínicas con licenza para practicar abortos a partir das 14 semanas. Por iso se empezaron a facer sete tipo de abortos na sanidade pública. Entendemos que é unha situación de violencia total que é intolerábel.

O Goberno galego está obrigado a adoptar as medidas precisas para garantir o servizo e a atención de calidade de todas as pacientes que teñen que interromper o seu embarazo no segundo trimestre, como aparece nas condicións que permiten a Lei de saúde sexual e reprodutiva e o IVE no territorio galego, e debe garantir que as mulleres estean sem-

pre atendidas, aínda que houbera obxectores de persoal do servizo de xinecoloxía.

Na Plataforma Galega de Defensa do Aborto insítese nunha cuestión ideolóxica, unida aos recortes, como causa principal desta situación ao non garantir o Sergas a mesma atención para unha muller que vai parir un feto vivo que para a que sofre un aborto e ten que expulsar un feto morto.

Ante todos estes feitos, houbo unha necesidade de derivar a Madrid 71 casos, onde si tiñan garantida a asistencia médica especializada en clínicas de aborto, firmando o consentimento informado polos centros de orientación familiar, onde aceptaban certas condicións, como, por exemplo, o desprazamento a Madrid. Aquí si que se demostra outra gran desigualdade, xa que o traslado era ofrecido pola xerencia, realizábase a cargo da Administración sanitaria pública, pero a viaxe si era a cargo das propias pacientes, cando moitas veces non é conveniente –a propia viaxe– en mulleres restantes que teñen indicado o aborto euxeánico.

As derivacións a Madrid son xeneralizadas en Lugo e Ourense, pero aleatorias no resto de Galiza, e non se sabe moi ben o criterio empregado. O número de interrupcións voluntarias de embarazo levadas a cabo na Galiza no ano 2014 –que é o último ano do que se teñen os datos– foi de 3.351, das que só 260, é dicir, un 7,7 % no último ano, se refiren ao feito no sistema sanitario público. O resto, un 92 %, si que foron derivadas a clínicas privadas en Vigo...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: ...na Coruña e en Madrid.

Quero comentar que dende a Asociación de clínicas si se recomenda que debe haber profesionais con formación axeitada e especialización, xa que entenden que é unha técnica moi complexa.

Quero comentar unha pequena reivindicación, porque hai un gran problema de relevo xeracional e non hai un número suficiente de xente formada para facer fronte a estas situacións.

Imos apoiar a proposición non de lei do PSOE, e tamén me gustaría remarcar que, desgraciadamente, non só aconte-

cen problemas referentes aos abortos, senón ao que é o tratamento xinecolóxico coas mulleres, porque parece ser que as mulleres non contamos para nada no sistema público galego.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Rodríguez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Esta é a cuarta vez que tratamos en quince días este tema, o cal debemos de valoralo como positivo, como moi positivo, que se traía á Cámara por parte dos diferentes grupos da oposición un tema moi importante, como é a interrupción voluntaria do embarazo.

Ademais hoxe –se se me permite soamente un minuto de reflexión– vimos a complexidade que ten que, por unha parte, ter fillos sexa unha cuestión das mulleres, pero, por outra, que a decisión sobre a saúde sexual e reprodutiva das mulleres non sexa decisión das mulleres. Esa é sempre a ambivalencia ou a contradición na que se move a sociedade dende a súa perspectiva, imos dicir androcéntrica –para non facer un cualificativo máis forte–. As cuestións demográficas non son cuestións sociais, son cuestións das mulleres. En cambio, a decisión sobre os corpos das mulleres e a súa saúde pois non son decisións das propias mulleres, senón que se converten nunha decisión social, algo que dende a teoría feminista podemos denominar control da sexualidade dos corpos das mulleres.

Por iso volvemos con esa iniciativa, e dende o BNG imos apoiala. Ademais, con todos os respectos de mínimos, espero que o Partido Popular a apoie, porque quere dicir que se cumpra a lei, que as interrupcións voluntarias do embarazo no segundo trimestre sexan seguras, sexan na sanidade pública e sexan, ademais, entendidas como todo un proceso, porque non soamente é unha cuestión sanitaria –e foi explicado aquí perfectamente pola ponente–, senón que é unha cuestión que necesita un acompañamento antes, durante ese

proceso de forma sanitaria e posiblemente despois tamén. E eu, con todos os respectos para os señores pais– para os que reclamamos, dende logo, a conciliación e a corresponsabilidade–, creo que non é equiparable introducilos neste debate; nin é o seu corpo nin é a súa decisión completamente. Eu creo que estamos falando, neste caso, da interrupción voluntaria do embarazo en situacións moi difíciles para as mulleres, e, ademais, en total e absoluta soidade por parte do sistema público sanitario.

Eu non vou valorar, que tamén o será, pero non é esa a cuestión. A cuestión é: esta muller, as mulleres en Galiza, teñen que desprazarse a clínicas privadas a Madrid, ou facelo soas no sistema público de saúde, porque non hai un verdadeiro acompañamento, e están aí os propios testemuños das mulleres. E vostedes –o Partido Popular– din que non hai reclamacións. ¡Pero se a interrupción voluntaria do embarazo está estigmatizada, ¿como van ir despois reclamar?! É que é case unha obviedade que non haxa reclamacións. É unha obviedade porque, por moi mal que o pasen, non van ir reclamar ao Servizo Galego de Saúde, porque esa foi unha decisión terrible. Ademais, moitas delas, polo coñecemento que temos, teñen pouca información ao respecto, e pensan que esa era a única técnica que podía existir. E despois van ir poñer en coñecemento e perder igual..., que é algo que seguramente queren que sexa confidencial polo que implica tamén de penalización social, aínda que sexa por cuestións estritamente sanitarias.

Creo que é comprensible, absolutamente comprensible, que non haxa reclamacións; en todo caso, se hai unha plataforma que presenta unha reclamación colectiva, verdadeiramente a Consellería de Sanidade podería ter tido non sei se a sensibilidade, pero dende logo a altura de miras política para ter unha entrevista coas persoas asinantes ou coa plataforma, con quen considerara, para analizar cal é a situación que está ocorrendo, non soamente na área sanitaria da Coruña, senón en toda Galiza, porque, aínda con escaseza de datos, estamos vendo que isto é algo, ademais, que se repite en Galiza da forma máis desorganizada, porque non só hai que ver como se dá en cada área sanitaria, ten que haber persoas sanitarias que teñan contactos e que che dean esa información ou que se poñan en contacto cos grupos parlamentarios.

Debería ser xa o Goberno o primeiro interesado en que se cumpra a Lei de saúde sexual e reprodutiva e en ter e ofre-

cer un bo servizo público de interrupción voluntaria do embarazo, polo menos no segundo trimestre; do outro xa falaremos noutras ocasións. Ademais, xa o fixemos cando o señor Gallardón intentou modificar esa lei, que, ao final, soamente foi a modificación para as adolescentes, outro tema no que tampouco podemos entrar agora, nesa derivada.

Eu, a verdade, reitírome: é positivo que se traia este tema á Cámara, pero máis positivo será que hoxe se aprrobe esa iniciativa e que o Goberno se comprometa de verdade a ter unha planificación pública e segura das interrupcións voluntarias do embarazo no segundo trimestre.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Ferreiro.

A señora FERREIRO VIDARTE: Bo día de novo.

Aceptamos a emenda de AGE, e agradecemos o apoio do Grupo Mixto e do BNG a esta PNL.

Aceptamos tamén a transacción, señor Núñez Centeno. Imos intentar chegar a algún acordo; agora, evidentemente, non pode ser supeditándonos ao resultado dese informe, porque ese informe xa o sabemos. Ou sexa, a auditoría está indo aos servizos de xinecoloxía dos hospitais, e os servizos de xinecoloxía dos hospitais non lle van dicir que o están facendo nin ben nin mal, e sobre todo mal; quero dicir que lle dirán que o fan perfectamente, e, polo tanto, o resultado dese informe xa o coñecemos. Polo tanto, se vostedes prescinden desa condición, pois, evidentemente, podemos transaccionar.

Eu creo que hai, como dicía Carmen Adán, un tema de mínimos. Creo que deste Parlamento debe saír un mínimo acordo para corrixir a situación que se está producindo. Non é tan complicado, e realmente pódese facer. A min gustaríame que o PP, en vez de argumentar en contra, dicir que o están facendo ben e insistir en todas estas historias, recoñecera que realmente hai cousas que se están facendo mal, e sobre todo propuxera algo positivo para melloralo. Se imos por aí, chegaremos a un acordo. Se non, evidentemente non.

Mire, os apoios da Sociedade de Xinecoloxía, da Sociedade de Matronas e demais, deberan de ser tan válidos como a información que teñen os profesionais dos centros de planificación familiar, que tamén pertencen ao Servizo de Xinecoloxía, están traballando todos os días coas mulleres e están dicindo que non se está cumprindo con ese protocolo. Sábeno perfectamente.

Dende logo, se ese protocolo existe, que o dubido, ningún nolo ensinou, e os profesionais que están traballando non o coñecen. Dende logo que se existe non se está cumprindo. Entón, paréceme que é o mínimo que debemos recoñecer e do que deberíamos partir.

Quero insistir no tema das denuncias, no que xa dixeron os outros grupos. Creo que non se lles pode pedir ás mulleres... Bastante fixeron con que unha vez que sae esta noticia, saír á palestra, falar cuns e con outros –e vostede ten esa experiencia–, e dicir a min tamén me pasou. Creo que iso debería de valer, por suposto, para entendela como unha denuncia e como un recoñecemento do que está a pasar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ferreiro.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e D. Gonzalo Trenor López, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia e o Concello da Coruña da apertura do túnel do Parrote

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (EU-Anova), por iniciativa do seu deputado e portavoz suplente Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Concello e Autoridade Portuaria da Coru-

ña a apertura do túnel do Parrote para mellorar o tráfico e a mobilidade da zona e evitar posibles prexuízos aos cidadáns, así como ao sector do comercio e da hostalería, unha vez se solucionen debidamente pola Autoridade Portuaria as cuestións técnicas e xurídicas precisas e necesarias para a súa posterior recepción polo Concello e posta en servizo para uso público”.)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz José Luis Méndez Romeu, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición dun novo punto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reorientar o funcionamento da Autoridade Portuaria da Coruña, dende a actual confrontación partidista e contraria ós intereses da cidade a unha política de cooperación baseada no mutuo respecto das competencias e nunha visión de desenvolvemento económico da cidade e da súa contorna.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, eu fago miñas as verbas da señora Ferreiro, e pido tamén a Alternativa Galega de Esquerda e ao PSOE que recoñezan que tamén ás veces se equivocan. Non pasa nada, poden dicilo, que non sempre teñen a razón, e que ás veces teñen erros que lles custan moito aos cidadáns.

Pero hoxe podemos felicitarnos, señorías. Nunca un mandato deste Parlamento se cumprira con tanta celeridade; podemos falar incluso dun cumprimento preventivo. Onte, cando xa se iniciara este pleno, o alcalde anunciou que o túnel do Parrote abrirá previsiblemente esta semana. Basta saber que toda Galicia vai coñecer o sensentido que está a ocorrer na Coruña para que o alcalde rectifique, pero por agora, señorías, só é un anuncio.

O Partido Popular puxo fin ao buraco do Parrote que deixaron anteriores gobernos municipais cun proxecto que inclúe un bulevar de 55.000 metros cadrados entre A Mariña

e O Parrote, un *parking* e un vial subterráneo, que é a solución á mobilidade no centro da cidade, á vez que se devolve a soberanía aos peóns e se recupera o patrimonio. Un proxecto que foi froito do esforzo e dedicación do anterior Goberno municipal e do espírito de diálogo e de cooperación co resto das administracións implicadas, onde se pasou dun buraco do que nos avergoñabamos todos os coruñeses.

Unha das claves deste proxecto é que permite que o peón poida desprazarse sen obstáculos desde as galerías da Mariña ata o mar, o que é unha renovación urbana sen precedentes no corazón da cidade; a eliminación de máis de 30.000 vehículos diarios de superficie na fachada da Mariña, dando continuidade á obra que estaba paralizada no Parrote.

Supón recuperar para os cidadáns 55.000 metros cadrados a pé de mar, nun ámbito declarado ben de interese cultural. Esta actuación permite dar todo o protagonismo ao peón, proxectando un espazo público de calidade, pensado para os cidadáns, incrementando o espazo destinado aos xogos infantís, favorecendo a visibilidade das galerías, protexendo os vestixios existentes en Porta Real, incrementando as zonas verdes e, sobre todo, facendo que sexan útiles e estean integradas no espazo destinado para o desfrute dos veciños.

Chama a atención que a maioría das cidades españolas e europeas abordaran hai máis de vinte anos proxectos de mobilidade sostible no corazón das súas urbes e que os que clamaban por restrinxir o tráfico rodado no centro das cidades e pola insistencia de dar protagonismo aos peóns sexan os que agora protestan.

O Bloque Nacionalista, o Partido Socialista e a Marea non poden soprar e sorber á vez, reclamar en todas as cidades que desaparezan os coches para dar protagonismo aos peóns, menos na Coruña. Sería bo que se aclarasen: ou apostan polos coches ou apostan polas persoas.

Os anteriores responsables políticos deixaron as obras nun calexón sen saída, cunha licenza ilegal concedida na etapa do Partido Socialista, sen contar co informe previo de Patrimonio. Esa foi a herdanza que deixaron: unha focha que leva case cinco anos en pleno centro da cidade. Isto foi así, porque outorgaron unha licenza directa de construción dun aparcamento sen informe de Patrimonio da Xunta de Galicia. E o colmo da desvergoña é que os que causaron o pro-

blema pretenderon ademais paralizar a maior obra de transformación urbana con argumentos demagóxicos; dobremente demagóxicos, porque ademais o Partido Socialista levaba isto mesmo na súa campaña electoral de 2011.

Pero o esforzo e a implicación de todas as institucións impuxéronse a unha oposición que elixiu o camiño do non, co único obxectivo de atrasar a obra.

A colaboración entre as administracións e a busca do interese xeral do anterior Goberno municipal contrastan coa busca da confrontación e do sectarismo do Goberno da Marea. Dende o primeiro día buscaron boicotear este proxecto, intoxicando, enganando e mentindo. Fixeron manifestacións, é verdade que con ben pouco éxito: 47 persoas acudiron á primeira, 40 á segunda e 30 á última que fixeron. Trouxeron o bloqueo a este Parlamento, pero a maioría dos galegos déronlle as costas, e rexeitaron os seus bloqueos.

E o maior bloqueo estano a facer agora dende o Goberno municipal, a pesar de non ter gañado as eleccións. Dende o primeiro día, en vez de traballar polo ben da cidade e dos coruñeses, volcaron vostedes toda a súa inquina nas outras administracións. Só cinco días despois da toma de posesión o concelleiro do ramo anuncia que quere “naturalizar” o espazo, señores; mostra da neolingua, chamar naturalizar cando queren dicir paralizar.

Vinte días despois o alcalde anuncia que quere modificar o sistema de financiamento de forma unilateral e o concelleiro denuncia inundacións gravísimas consecuencia das présas e da urxencia na execución da obra. E ten que saír o seu propio alcalde desmentilo; iso si, vinte días despois de declaracións cruzadas entre o Concello e a Autoridade Portuaria. Supoño que coa rabieta de ser corrixido polo seu propio alcalde, o mesmo concelleiro ameaza con paralizar as obras da Mariña agarrándose esta vez a non sei que problemas coa licenza municipal de obra. Todo falso. E agora o alcalde polo menos é máis rápido e só tarda tres días en corrixir o seu concelleiro e en anunciar que vai permitir que se abra A Mariña.

Despexadas as dúbidas dos problemas técnicos, as dúbidas de seguridade de licenzas, o 1 de setembro a Marea volve á carga e agora condiciónao á cesión duns terreos, condiciónao a apertura do Parrote a que se lle cedan uns terreos. Á vez

que piden as cesións, o Concello rexeita a apertura dos locais de hostalería da Mariña previstos no proxecto; locais que lles recordo, señores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista, que no seu proxecto paralizado por Patrimonio eran de 3.000 metros cadrados e que houbo que reducilos a 1.100.

Pero a campaña de fustigamento alcanza tintes dramáticos cando o Goberno municipal máis que duplica os impostos, non só á Autoridade Portuaria senón tamén ás empresas que usan o porto; ata llelos soben ás empresas pesqueiras, unha subida de 942.000 euros ao ano. Pero non acaba aí a campaña de fustigamento e en Madrid –capital do país–, no hotel máis luxoso, no Ritz, o alcalde compara o investimento realizado no porto exterior co investimento realizado no aeroporto de Castellón. ¡Valente patriota!

Señores socialistas, en referencia á súa emenda, lamento que a iso sexa ao que quede reducido o papel do Partido Socialista, a mero matón das Mareas. Podíamos pensar no custo que aceptou pagar Sánchez noutro hotel da Coruña –tamén de cinco estrelas–. Despois o señor candidato láíase da dependencia absoluta de Ferraz e da falta de autonomía da súa franquía en Galicia. Pero vostedes son cómplices da Marea, vostedes elixiron cos seus votos este alcalde, e tamén son covardes porque non quixeron estar neste goberno sabendo que ía ser nefasto o seu goberno.

A Autoridade Portuaria recepciona as obras do túnel do Parrote coa conformidade dos técnicos do Ministerio de Fomento. Desde ese momento o túnel está en condicións de entrar en funcionamento, pero o Concello non amosou disposición a recibilo. E dende ese momento xa pasaron máis de cen días nos que circularon máis de 1,5 millóns de vehículos por esa superficie. Polo tanto, señorías, a apertura só depende do Concello; salvo, claro, que o Goberno local –como todo parece indicar– non fixera a planificación das medidas de tráfico e mobilidade que afectan toda a zona. Non hai ata a data ningunha planificación das solucións de xestión de mobilidade para a restrición da circulación na superficie da Mariña, tampouco ningún avance para concluír a peatonalización da Cidade Vella, tampouco sabemos nada aínda da adxudicación do mantemento dos túneles e tampouco da retirada das vallas; vallas que custan 5.000 euros polo seu alugueiro.

Señorías, como poden ver, pouco diálogo e moita confrontación. Fixeron da confrontación a súa forma de rela-

cionarse co resto da Administración, non só co porto. Enfrontáronse ao Ministerio de Fomento coa que ía ser a gran obra para este ano, a ampliación e mellora de Alfonso Molina, orzada en 10 millóns de euros, unha mellora que se levaba pedindo trinta anos. Tamén se enfrontaron á Xunta de Galicia pola estación intermodal, poñendo trabas á nova terminal de autobuses, en vez de priorizar o interese da cidadanía e cumprir cos acordos. Pero estamos de noraboa: o alcalde, sabendo que esta iniciativa ía ser apoiada maioritariamente por este Parlamento, fai o anuncio da súa apertura. ¿Pero é crible? ¿É crible o Goberno da Marea? ¿É crible o Goberno que fixo da mentira toda unha arte? Mentiron cando falaban da débeda da cidade e do seu custo, mentiron cando dixeron que aprobaron trinta licenzas en cada xunta, mentiron coa renda social, cos desafuzamentos –mentres que baixan en Galicia están a incrementarse na miña cidade, están a incrementarse na Coruña; iso si, o que non hai agora na Coruña son pancartas– e mentiron cando dixeron que non farían contratos menores e o 95 % dos contratos do Goberno da Marea son menores.

En todo caso, e a pesar dos precedentes enumerados, se lle deramos credibilidade, estaríamos nunha forma de facer política terrible. Paralizamos, bloqueamos, confrontamos, mareamos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...para despois rectificar. Este goberno do cambio só acerta cando rectifica, señorías. Non é a primeira vez, máis ben é o seu *modus operandi*. Pasou co IBI. Quixeron xuntar o prazo de cobro do IBI co pago do imposto de circulación, anunciándoo cando xa finalizara o período de pago aprazado, prexudicando a todos os coruñeses, que terían que desembolsar unha media de 500 euros no mesmo mes, e tiveron que rectificar, pero só despois de que o Partido Popular pedira un pleno de urxencia para tratar este asunto, da mesma forma que agora rectifican só cando se vai aprobar a iniciativa que hoxe defendo.

E, xa para rematar, señorías, o Goberno local da Coruña debe deixar de poñer excusas que non cre ninguén e poñerse a traballar no plan de xardíns, na urbanización, en como restringir o tráfico en superficie...,

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...na segunda fase de peatonalización definitiva da Cidade Vella, na reforma da rotonda das Ánimas. Ese, señorías, é o auténtico motivo do retraso da apertura; o motivo é que a Marea non fixo o seu traballo. Deixen de prexudicar os cidadáns, deixen de prexudicar o comercio e a hostalería e abran o túnel do Parrote xa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Trenor.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Señor Sánchez García, ten vostede a palabra.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Non nos enteramos moi ben do sentido que ten esta iniciativa, de cando se vai abrir o túnel; agora ben, do que si nos enteramos é de ao que lle ten medo o Partido Popular. Ten que vir aquí ao Parlamento o grupo maioritario, con 41 deputados e deputadas, que non é capaz de sacar adiante o sector eólico, que non é capaz de sacar adiante o transporte público por estrada, que destrúe emprego, etc., facerlle oposición á Marea Atlántica e oposición ás Mareas. É normal que vostedes lles teñan medo, pero, señor Trenor, o inimigo verdadeiro non son as Mareas, o inimigo verdadeiro é o que fixeron vostedes nos anos anteriores sobre todo; a xente deuse conta e por iso os botaron de María Pita.

Falaba vostede de credibilidade da Marea Atlántica. A credibilidade era a que tiñan o señor Negreira e o señor Julio Flores coa operación Pikachu, ¿verdade? Estaban vostedes moi tranquilos enchufando os amigos, utilizando o Concello da Coruña como se fora o seu chiringuito, ¿verdade? Pero a xente díxolle basta á corrupción, señor Trenor, e por iso as Mareas si que teñen credibilidade. Decía vostede, ben pouco éxito coas reivindicacións, e botáronos de María Pita.

E notábaselle con rabia porque vostedes pensan que o poder lles pertence por graza divina, e sempre que democraticamente os desaloxan do poder vostedes reaccionan anti-

democraticamente. E si que atacan por terra, mar e aire e boicotean desde as institucións, onde deberían de buscar o interese xeral, os gobernos que non son amigos. Niso vostedes son expertos. Mire, as Mareas municipais practican un xeito de entender a política que ennobrece a palabra, despois de que a corrupción estrutural do seu partido a deixase feita un noxo; de aí precisamente o seu éxito electoral. Pero, ademais de facer da política algo digno, tamén converten en algo digno a xestión; claro que é probable que a vostede o xeito de xestionar das Mareas –vostede, que ten como referente de xestión municipal a Rita Barberá– lle resulte incomprendible. Pero o importante non é o que lles pareza a vostedes –que non teñen credibilidade xa–, o importante é o que lles parece aos cidadáns e ás cidadás galegas. *(Murmurios.)* E estou seguro... *(Murmurios.)* Eu sei que as verdades escocen, pero, por favor, déixenme rematar... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Estou seguro de que eses cidadáns e cidadás galegas non consideran a Rita Barberá un modelo de xestión eficiente, como tampouco consideran un modelo de xestión eficiente a Julio Flores e a Negreira. Os gobernos municipais xestionan ben... *(Murmurios.)* –non teñan medo, que a vostedes os van botar os votos da xente; xa os están botando, vostedes son pasado–, pero tocoulles xestionar a miseria que deixaron os xestores irresponsables dos anos do despilfarro, vostedes.

Os gobernos municipais xestionan, pero ademais fan política no máis nobre sentido da palabra para buscar novos camiños que permitan que a nosa xente non pague as falcatrúadas cometidas por vostedes. Os gobernos das Mareas farano peor ou mellor no seu día a día, pero a xente, esa xente que ten que decidir democraticamente, cando compara estes gobernos cos gobernos seus, din: os gobernos das Mareas non rouban –iso é o que di a xente–; *(Murmurios.)* os alcaldes das Mareas non flirtean cos narcotraficantes; nas Mareas non hai alcaldesas como Rita Barberá *(Murmurios.)* –unha gran experta na xestión da senvergoncería–; un alcalde das Mareas non promete sexo a cambio de traballo, como o presidente da Deputación de Ourense. *(Aplausos.)*

E xa temos debatido do que son as obras do túnel do Parrote. Xa dixemos aquí o que nos parecían esas obras, para

maior beneficio e gloria de empresas amigas: conversión de orzamentos públicos en negocio privado, privatización de facto de terreos públicos, supresión de aparcamentos na superficie, desafectación e enaxenación de terreos portuarios, etc; o paradigma da continuidade da política neoliberal máis burda e ramplona.

Pero as obras están feitas e cómpre solucionar a situación dun xeito eficaz e responsable, e iso é o que está facendo o Goberno da Marea Atlántica, mal que lles pese. Un proxecto, iso si, que transformou o Parrote, o berce da cidade da Coruña, nun aparcamento soterrado privado para negocio desta empresa, que acabou con edificios centenarios, como o antigo edificio de Sanidade, obra feita con présas electoralistas –como pagan os cidadáns, e vostedes non pagan, que cobran, pois non lles importaba–... O túnel da Mariña, aberto en obras o ano pasado con numerosas filtracións, o túnel do Parrote...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...coa documentación técnica aportada pola Autoridade Portuaria o 15 de marzo, señor Trenor, porque o Concello exixiu para recepcionar unha obra que cumprise con todos os requisitos para non prexudicar máis a cidadanía. Iso é o que fai un goberno responsable e comprometido coa cidadanía. ¡O 15 de marzo! ¿O 15 de marzo sabía o alcalde da Coruña e a Marea Atlántica acaso que vostede ía debater hoxe esta iniciativa?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Ten que rematar.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Polo tanto, señor Trenor, o único que acaba de demostrar aquí vostede é que lles teñen pánico ás Mareas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señora presidenta, señorías.

Señor Trenor, teño que comezar rendéndolle tributo de admiración porque o seu discurso hoxe me deixou impresionado pola súa forza argumental. Pero o problema non é que este deputado –a quen hoxe o propio presidente da Xunta tildaba de alegre, coma se iso fora unha vergoña e non unha virtude positiva dende a filosofía máis remota–... O que me deixa máis sorprendido é que nada máis rexistrar vostede a iniciativa entrou o pánico no vello e nobre edificio do Concello da Coruña e inmediatamente o que levaba anos paralizado vai ficar desbloqueado a partir do día de mañá. Señor Trenor, o de vostede é como o do Cid: basta ensinar as armas para que os inimigos fuxan en retirada. *(Risos.) (Aplausos.)* É certo que o episodio do Cid, tan dramático, tan épico, ten dubidosa historicidade, pero, bueno, a épica non necesariamente está relacionada coa realidade.

Señor Trenor, o que ocorre é que, dito todo isto, vostede debería de retirar a iniciativa porque xa cumpríu o obxectivo, e non hai por que adicar media hora a un debate que está máis que resolto pola vía dos feitos. Agora ben, se vostede o que quere é falar contra o alcalde da Coruña, non serei eu quen neste momento poña obstáculos en contra. É certo que –estámolo comprobando, a verdade, con preocupación– os que viñan envoltos na idea, no discurso, na ropaxe da nova política, pois parece ser que toda a nova política consiste en non xestionar, en discursar e, se é posible, en pasar desapercibidos. Ben, non compartimos, evidentemente, ese xeito de abordar as cousas. Pero, en todo caso, señor Trenor, se algo queda por discutir, é precisamente a emenda que este grupo propón, porque vostede falou dalgúns feitos históricos, non faltou á verdade, pero faltou información na súa exposición. Faltou, por exemplo –e permítame que sen alegría pero con responsabilidade o explique agora á Cámara– explicar o que ten acontecido dende o ano 2009, dende que chega precisamente o goberno do señor Feijóo. Primeira decisión: nomear un presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, nomear un presidente que non tiña como misión desempeñarse á fronte dunha institución tan relevante economicamente senón actuar como ariete partidista ao servizo dos intereses máis espurios do Partido Popular. E así foron as cousas. De 2009 a 2011, cando foron as eleccións municipais, gobernaba o Partido Socialista a cidade da Coruña, co hostigamiento continuado dende a Autoridade Portuaria e o boicot sistemático a todas as iniciativas da cidade. ¿Como é posible que unha empresa pública que ten un status definido pola lei e que se debe fundamentalmente ao desenvolvemento

do porto e da súa zona económica estea inmerso día tras día nunha batalla política? Pero, ¡oh, sorpresa!, cambian as eleccións municipais no ano 2011, entra a gobernar o alcalde do Partido Popular, e naturalmente o presidente da Autoridade Portuaria fica silencioso. Silencioso, que non eficaz. Porque, como vostede agora mesmo vén de recoñecer, dende 2009 arrástranse obras que non houbo vontade de rematar nin por parte da Autoridade Portuaria nin por parte do alcalde popular que rexeu a cidade de 2011 a 2015, e, de feito, aí está o resultado electoral que colleitaron.

Pero non acaba aquí a historia. Maio de 2015: de novo hai un cambio no goberno da cidade e comeza a gobernar a Marea. Inmediatamente se pon de novo en acción a Autoridade Portuaria boicoteando todas e cada unha das decisións nas que pode intervir.

Señor Trenor, hai que ter a estas alturas un mínimo de decencia diante dos cidadáns, hai que facer polo menos o acto de conciencia que se fixo na cidade de Vigo e substituír un presidente de autoridade portuaria *hooligan* e ineficaz por unha persoa que polo menos non cree problemas. Porque o porto, como calquera institución local, no que afecta á cidade ten que estar subordinado á política que marca o goberno da cidade. Esa é a natural repartición de competencias deste país, isto é o que vostede non lle conta hoxe a esta Cámara.

Por tanto, pídlle, señor Trenor –sabendo que nós compartimos que ese túnel, evidentemente, hai que abrilo, e que xa está anunciada a data de apertura–, que acepte –se mantén a iniciativa– a nosa emenda como unha adición na confianza de que lle estamos brindando ao grupo maioritario a oportunidade de corrixir o que sen dúbida foi un erro durante os últimos sete anos, cesar o actual presidente da Autoridade Portuaria e colocar un funcionario que faga o que debe, que é desenvolver o porto e a cidade.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Méndez Romeu.

Grupo Parlamentario Mixto.

Ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

O túnel do Parrote, do que estamos hoxe falando –e que, pola última información, está a piques de abrir–, forma parte, xunto coa Marina, da obra estrela do goberno local anterior da cidade da Coruña.

Entendemos que nesta obra a gran beneficiaria foi a Autoridade Portuaria, por ser construída na propiedade do porto; obras executadas por unha empresa, para agasallar a empresa Copasa, que foron dadas a dedo, para construír a estrutura do aparcadoiro por conta do erario público; interese para o porto beneficiario e para a adxudicataria.

Esta obra si reflicte un clásico na Galiza, que son os destrozos urbanísticos e obras carentes de rendibilidade económica. Estámolo a ver, ¿non? Cifrouse o investimento total en máis de 50 millóns, e a obra en concreto da que estamos a falar hoxe subiu de 14 millóns. Entendemos que é unha auténtica propaganda política, e é escandaloso este gasto, sobre todo nunha época onde se debe investir dun xeito máis racional.

Entendemos que esta obra vai converter o Parrote, que é un barrio elitista e un barrio onde parece ser que viven ricas herdeiras, nun barrio que vai destacar sobre os demais. Porque entendemos que o goberno local anterior fomentaba o principio clasista polo que hai barrios onde viven veciñas e veciños que parece ser que teñen máis dereitos e merecen máis consideración que outros.

Falamos dunha obra de algo máis de medio quilómetro, entre Porta Real e o Castelo de San Antón, que soterra o tráfico eliminando a práctica totalidade da circulación en superficie e favorecendo a expansión dos espazos peonís. Dende a Xunta presumiuse de que se ía contar con 55.000 metros cadrados, pero disque non son tales. Vendéronos o aumento da zona peonil a custa de comerlle terreo ao mar. ¿Entendemos que isto é un modelo de cidade sostible? Creo que non.

Esta zona da cidade si é certo que ten a maior parte das zonas peonís e restrinxidas ao tráfico da cidade da Coruña. Entendemos que a nivel estético é un mar de cemento, unha zona de acceso turístico. Entendemos que a peonalización se logra cerrando catro carrís ao tráfico, se non, habilitando

medidas que permitan reducir progresivamente o número de vehículos que entran na cidade. Nese descenso é importante a implantación dun tren de cercanías tamén, e aproveitar a rede existente do transporte público interurbano.

Non sabemos se o túnel do Parrote vai solucionar os problemas de tráfico que disque ten esa zona da Coruña. Falábase dun tráfico diario de 30.000 vehículos, aínda que parece ser que polas obras da Marina non pasan máis de 14.000 coches diarios. Mentres, decenas de miles de automobilistas –sobre todo a xente que vai traballar– sofre grandes atascos noutros puntos da cidade. Por exemplo, a intersección da Avenida de Arteixo coa Ronda de Outeiro multiplica por 20, como mínimo, o do Parrote. Entendemos que a obra, que está a piques de abrir e que si que vai facer un servizo, segue sendo un luxo e un investimento interesado, sobre todo para revalorizar os bens patrimoniais da zona do Parrote.

Non sabemos tampouco se se fixo un estudo ou non da media de vehículos que circulan polo tramo do paseo marítimo que media entre o Instituto Oceanográfico e a rotonda do barrio de Durmideiras. O que si é moi importante, e non custa tanto e é moi preciso cando se fala dunha cidade moderna e sostíbel, é garantir a mobilidade de todos os colectivos, tendo en conta as características desta cidade, e en concreto da parte vella. Seguramente non serán tan vistosas nin se lles dará tanta publicidade, pero seguramente si mellorarán a vida de moita xente.

Entendemos –e de feito demostrouse– que lles deu igual cargarse bens inmobles catalogados, como era o edificio de Sanidade Exterior, nos xardíns da antiga rada pesqueira, xa que parece ser que molestaba. Sabemos que o túnel si se abrirá cando o Concello constate que se atopa nunhas condicións óptimas, unha situación que, como xa falamos todos, está a piques de producirse. É certo que os traballos remataron a finais de 2015, e que se entregou naquel momento, pero rexeitouse porque había unha serie de deficiencias. Entendemos que a apertura deste túnel ten que rachar co mal hábito que é abrir ás prásas e despois, en moitos casos, pechar para solucionar problemas a custa dos cartos de todas e todos, e non da empresa construtora.

Hai que acreditar as correctas condicións da infraestrutura e a validez dos seus permisos para autorizar a súa posta en

servizo. Sabemos que no momento da súa apertura se vai modificar e reorganizar o que é o tráfico na superficie, permitindo só a circulación a aqueles veciños...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: ...e veciñas da zona do Parrote, ao transporte público e aos vehículos de carga e descarga.

Entón, entendemos que, creo que xa é evidente, a obra vai abrir, pero non nas condicións que tiñan que ser as máis axeitadas posibles.

Grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Deputados e deputadas.

Señor Trenor, menos mal que vostede está en contra da confrontación, despois de escoitar a súa ardorosa intervención. Mire, señor Trenor, recoñezo que ser deputado do grupo que dá soporte ao Goberno debe de ser moi aburrido. As máis das veces o labor do deputado redúcese a votar co Goberno, a aplaudir o que di o conselleiro de turno ou ler os argumentarios que proporciona a consellería. Quizá para matar o aburrimiento, ou quizá porque saben xa que teñen perdida a maioría, o Grupo Popular estase reubicando neste Parlamento para actuar como un grupo de oposición; neste caso como un grupo de oposición aos concellos nos que non goberna.

Pero, mire, brincadeiras á parte, parécenos un xeito ruín de facer política utilizar o Parlamento galego como plataforma para batallitas políticas locais. Porque a cuestión que hoxe traen aquí é unha cuestión de índole estritamente local, e é nese ámbito onde se debe dirimir se actuamos en política cun mínimo de rigor e seriedade.

Pero mire, entrando en materia, o BNG está a favor de que, unha vez feito, se proceda o antes posíbel á apertura do túnel do Parrote. Digo “unha vez feito” porque non consideramos que nunha cidade con 20.000 parados a construción dos túneles da Mariña e do Parrote fosen no seu momento unha actuación precisamente prioritaria. Máxime cando o Concello tivo que pedir un préstamo de 12 millóns de euros para costear a súa construción, case o 5 % do seu orzamento anual. Como tampouco consideramos lóxico que o Concello e a Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, tivesen que asumir grande parte do custo duns túneles feitos en terreos da Autoridade Portuaria.

Mire, polo que respecta ao túnel do Parrote, descoñecemos cales son as razóns exactas polas que non se procedeu aínda á apertura. O Concello anunciou que a apertura sería inminente. Estes días o alcalde anunciou que sería incluso esta mesma semana. O Concello alega razóns xurídicas e técnicas para xustificar o retraso acumulado, como a necesidade de resolver algúns problemas de seguridade vencellados á xestión do túnel. Pero sexan ou non xustificadas as razóns que alega o Concello, cremos que a Xunta de Galiza ten moitas outras cousas das que ocuparse, sobre todo cando as súas políticas teñen feito que este país estea feito uns auténticos zorros. Polo tanto –insisto– consideramos que é un tema que debe dirimirse no ámbito local.

Mire, señor Trenor, postos a traer cuestións de ámbito local, en vez de utilizar o Parlamento como plataforma para facer unha publirreportaxe do Goberno Negreira, como fixo vostede, suxerímoslle traer outras cuestións, dado que vostede presume tanto de defender os intereses da Coruña. Suxerímoslle, por exemplo, demandar que o Ministerio de Defensa devolva de xeito gratuito ao Concello da Coruña e para uso público os terreos do Campo da Estrada na Maestranza, porque son espazos comunais, bens propios da cidade, que pertencen á cidade dende a súa fundación. Son, ademais, terreos que están situados no ámbito de protección do sistema defensivo da cidade, declarado ben de interese cultural. E o Ministerio de Defensa, como vostede ben sabe, o que pretende é subastar ao mellor postor estes terreos para dar un auténtico pelotazo urbanístico, o ministerio de defensa dun goberno en funcións actuando como unha auténtica inmobiliaria ao servizo da especulación urbanística.

Polo tanto, adiántolle que iniciativas coma estas, que si realmente teñen que ver coa defensa do noso patrimonio e dos intereses de todos os coruñeses, o BNG as vai traer a esta Cámara. E, polo tanto, esperemos que esa defensa dos intereses da Coruña da que vostede presume teña o seu correlato en pronunciarse a favor desta demanda.

Insisto, deixe de utilizar o Parlamento como plataforma política para batallitas locais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Jorquera.

Grupo autor da proposición non de lei.

Señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ¡Que vehemencia, señores portavoces!, isto de ser cómplices necesarios fan que non estean nada de bo humor. Pero, señor Jorquera, que veña vostede falar aquí de iniciativas de carácter local... Non teño dedos na man para enumerar todas as que vostedes traen, todas as que vostedes traen. Empezando –é a última–, por Ence, señoría. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Méndez Romeu, vexo que está vostede feliz, e, á parte de feliz, incluso estivo bastante gracioso, non sei se o estivo tamén Xulio César e Bruto. Pero mire, admíroo eu moitísimo máis a vostede, moitísimo máis a vostede.

De ser fervoroso discípulo de Paco Vázquez deu un xiro copernicano e agora é defensor do populismo das Mareas. Non vou aceptar a súa emenda, non imos aceptala, porque nós non entramos en vendetas persoais.

Señorías, ¿imos recibir da oposición leccións de resultados electorais? ¿Pensan vostedes, señores do PSOE, que están en condicións de dar leccións de resultados electorais? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Pénsano sinceramente?

Señor Jorquera, máis lle vale a vostede (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) confluír co populismo centralista, que, se non, penso que lles queda pouco percorrido nesta cámara.

E, señor Sánchez, non gañaron vostedes ningunha das eleccións. Non gañaron na Coruña, non gañaron, non minta, non engane, xa que sacaron menos votos que o Partido Popular. Gobernan porque o Partido Socialista deulles os seus votos. É verdade que lles deu os seus votos, pero non confiaban en vostedes e non quixeron entrar a formar parte do seu goberno.

Hai dez meses dende a súa chegada ao goberno dalgunhas cidades, levan consumido o 20 % do seu mandato, e fixeron da confrontación con outras administracións, da incapacidade para xestionar o día a día e do incumprimento do seu programa a tónica dominante da súa xestión.

¿Medo, señoría? Ningún medo. Quizais o único medo que lles temos a vostedes é do sectarios que son, señorías.

Na Coruña bloquearon os proxectos que estaban en marcha e incluso con orzamentos, son incapaces de aprobar vostedes os orzamentos deste ano, non hai un só proxecto novo, teñen paralizados convenios coas entidades sociais, tramitan a metade das licenzas que hai un ano, e esta parálise ten as súas consecuencias; claro que si, señor Sánchez, consecuencias en emprego, destruíronse 800 postos de emprego, e A Coruña deixou de ser a cidade de Galicia con menos paro.

Ferrol, unha cidade co 28 % do desemprego e a preocupación do seu concello son as procesións da Semana Santa, é o plebiscito á monarquía ou andar retirando os bustos, señorías. (*Aplausos.*) Unha cidade sen orzamentos, sen directrices urbanísticas, sen medidas de promoción económica, sen propostas para reducir o paro, e teñen un 28 % de desemprego, señorías.

En Santiago, ¿que imos dicir, se non son capaces nin sequera...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...de xestionar os comedores escolares?

Son vostedes os gobernos dos contratos menores; son vostedes os gobernos que non teñen transparencia, que non renden contas a ningún; o que facían os funcionarios

fano agora os seus amigos por 17.000 euros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* O 95 %...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Ten que ir rematando, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...dos contratos son menores. Queren duplicar o gasto en propaganda e publicidade, queren duplicar o gasto en asistencias técnicas. Cero en transparencia, señorías.

Prometeron superar...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): ¡Remate, por favor!

O señor TRENOR LÓPEZ: ...a vida política, e sobre a nova política pesa e sobra o enchufismo: parellas, irmáns, familiares, compañeiros de partido, maridos e esposas. *(Murmurios.)* Señorías, actúan movidos por preferencias persoais, por caprichos, sen ter en conta que dende xuño representan a todos os veciños e non aos que pensan só como vostedes.

Son vostedes os gobernos das comedias...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Trenor, ¡remate, por favor!

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e da prepotencia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Hai precipitación...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e cambio de decisión sen motivos, sen consultar e sen... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Trenor, acabou o seu tempo.

(Murmurios.) (O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Trenor, ¡señor Trenor! Chámoo á orde por primeira vez.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Señor Trenor, ¿sobre a emenda de AGE? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a expansión das plantacións de eucaliptos e garantir a biodiversidade e a persistencia do medio rural

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta iniciativa non se lle presentaron emendas.

Señora Paz, ten vostede a palabra.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

Tendo en conta que o señor Trenor acabou falando de caciquismo e de nepotismo, podemos rebautizar a ponte como ponte internacional do Parrote, que igual pasa por Ferrol que chega a Ourense.

Señor Trenor, permítame que siga falando con vostede. Eu, primeiro, espero que a ver se o Grupo Popular fai unha paréntese na campaña electoral que se iniciou esta mañá e podemos debater en serio dos asuntos que hoxe veñen a este Parlamento. O señor Trenor dicía anteriormente que a cuestión de Ence era un tema local, e eu estou un pouco abraída, porque eu creo que esta iniciativa que hoxe traemos aquí sobre o fenómeno de eucaliptización do noso país e as consecuencias que ten para o noso modelo forestal e para a nosa economía demostra que vai moito máis alá a problemática que xera Ence.

Poderíamos dicir que esta iniciativa que hoxe traemos aquí, que non é do Bloque Nacionalista Galego, é unha iniciativa que literalmente reproduce unha proposta que nos trasladaron diferentes colectivos e asociacións ambientalistas.

tas, de defensa do medio rural, de defensa, en definitiva, do dereito a vivir neste país, que asinaron un manifesto que se chama “Stop eucalipto... Avante carballo!”. Decía que esta iniciativa, que é moi concreta, moi modesta, se cingue a cinco aspectos na súa parte resolutiva, que na maioría dos casos simplemente teñen que ver con que se cumpra co marco normativo e legal que temos actualmente.

Sen embargo, e insistindo en que non é do Bloque Nacionalista Galego –e por iso me atrevo a facer esta aseveración tan tremenda que vou facer–, vai á cerna da política forestal do noso país, vai á cerna de por que temos un modelo forestal falido en Galiza. E ademais está empiricamente contrastado que é un modelo forestal falido por diversas razóns: os incendios forestais son un síntoma de que é un modelo falido; a falta de valor engadido dos nosos produtos forestais é unha evidencia de que é un modelo falido; que non teñamos segunda transformación da madeira evidencia que é un modelo falido; que teñamos o territorio como o temos evidencia que é un modelo falido; que cortemos en Galiza o 50 %, máis do 50 % da madeira que se corta en todo o Estado, que só vale para destinar á trituración e pasta de papel, e que simultaneamente teñamos que importar madeira para calquera tipo de transformación evidencian que é un modelo falido.

É un modelo falido porque desde hai case trinta anos, desde que se puxo en marcha o Plan forestal actualmente vixente –por chamarlle dalgunha forma, porque non sabemos se chegou a estar vixente nalgún momento, porque nin se realizaron os investimentos que estaban previstos nese plan, nin se cumpriron, nin se tomaron as medidas para cumprir ningún dos seus obxectivos–, podemos dicir que ese modelo forestal, baseado nun aproveitamento exclusivamente forestalista, baseado na desorde que temos no noso territorio e no noso monte, baseado na forestación sen control, incluso de terras claramente agrícolas, incluso de terras recentemente concentradas, para o cal os galegos e as galegas gastamos miles de millóns de euros neses procesos, pois é un modelo que non xera riqueza para os que deberían ser os destinatarios desas riquezas, para as persoas que viven no medio rural.

En definitiva, poderíamos dicir que é un modelo que só beneficia os madeiros. Pero vou ir máis alá: case nin os madeiros, a quen beneficia case poderíamos dicir que en

exclusiva este modelo forestal é os intereses de Ence. Un modelo forestal orientado até agora a producir madeira para pasta de papel, e agora coas novas orientacións e coa nova política deste Goberno da Xunta de Galiza tamén a producir cultivos enerxéticos, para que Ence tamén se meta no negocio de producir enerxía con base na biomasa.

Decía que non se cumpriu o Plan forestal aprobado no ano 1992. Iso, señoras e señores do Partido Popular, dixérono incluso os ex conselleiros do Partido Popular na Comisión de estudos do ano 2006. Todos os conselleiros do Partido Popular que pasaron por aquí dixeron que non se cumprira o Plan forestal, que o Partido Popular e a Xunta nunca se comprometeran cos investimentos que eran necesarios para o seu cumprimento.

Pero tampouco vai só ser dicir aquí cousas malas do Partido Popular e do Goberno da Xunta de Galiza. Eu vou romper unha lanza a favor do Partido Popular e teño que recoñecerlles que son fundamentalmente unha organización política que demostra coa súa práctica a súa coherencia. Vostedes, coherentemente, acaban de darlle unha ampliación a Ence de sesenta anos na súa concesión para permanecer na ría de Pontevedra, e en coherencia con iso están elaborando un novo Plan forestal que vai blindar esta política a favor única e exclusivamente dos intereses de Ence, polo menos, durante outros trinta ou corenta anos neste país. En definitiva, están vostedes elaborando un Plan forestal e todo un corpo de decretos e desenvolvemento regulamentario da Lei de montes que van redundar cada vez máis nesa eucaliptización tremenda deste país.

Para os que non teñan os datos, eu só vou dar tres datos a respecto da eucaliptización: un, que no ano 1972 en Galiza había 131.000 hectáreas de eucaliptos. No ano 1997-98, cando se fixo o segundo Inventario forestal había 396.344 hectáreas; é dicir, un 28 % daquela da superficie arborada no noso país. No 2015 calcúlase que hai medio millón de hectáreas de plantacións de eucaliptos; moitas delas o que se poderían chamar espontáneas ou ventureiras, que nacen espontaneamente despois dos incendios forestais, porque, como todos e todas vostedes saben, trátase dunha especie pirófito que se aproveita para a súa proliferación precisamente, entre outras cousas, dos incendios forestais. De aí que se explique a situación e a problemática, entre outras, por esta razón que temos no noso país.

Hai un dato que eu non sabía e que me enterei grazas a esta iniciativa destas organizacións, e é que en Galiza temos máis do 52 % dos eucaliptos que hai en toda a Península, non España, Península. Pero é que a Península ten o 53 % dos eucaliptos do mundo. ¡Temos máis eucaliptos aquí que en Australia!, máis eucaliptos aquí que en Australia, o cal non deixa de ser realmente pintoresco.

Por iso nós con esta iniciativa –insisto, non nós, senón as organizacións que promoven este manifesto– o que pretendemos someter hoxe a votación son cinco cuestións moi sinxelas e que deberían, cando menos, ser aprobadas. É máis, como nalgunhas o único que se pide é o cumprimento estrito da lexislación, nós incluso estamos dispostos e dispostas a votalas por puntos, porque supoño que ningún grupo parlamentario estará en contra de que se cumpra a lexislación.

O primeiro punto o que di é que a Administración autonómica galega ten que darlles instrucións a todos os empregados públicos de que se faga cumprir a normativa, tanto a Lei de montes como a Lei de conservación da natureza e a Lei de costas, para evitar que se fagan plantacións de eucaliptos onde non se poden facer, e estanse facendo. Poderíamos traer aquí cincuenta mil fotografías de canles de ríos, de que non se cumpren os 15 metros que marca a Lei de montes, poderíamos traer terras agrarias, poderíamos traer terras de concentración parcelaria, poderíamos traer enclaves en carballeiras, poderíamos traer enclaves en piñerais, onde segundo a lei está prohibido e que se están plantando eucaliptos. Polo tanto, que se cumpran as leis.

O segundo punto –supoño que estarán a favor os señores e señoras do Partido Popular–: realizar unhas modificacións normativas necesarias para evitar que se sigan repoboando os espazos naturais protexidos con eucaliptos. Supoño que todos entenderemos que se por algo protexemos uns espazos naturais, porque teñen determinados valores ecolóxicos, ambientais, de fauna, etc., habrá que preservar eses valores, e, polo tanto, non se poden plantar eucaliptos.

Terceiro: realizar actuacións para a eliminación dos eucaliptos ventureiros. Existe unha disposición na Lei 42/2007, de patrimonio natural e de biodiversidade, que establece que se deben eliminar as plantacións ventureiras...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...ou sexa, a proliferación espontánea das especies foráneas, como é o caso do eucalipto.

Remato, un segundo, señora presidenta.

Cuarto: regular a creación en Galiza tamén dun Catálogo de especies exóticas e invasoras, que non existe, e que, desde logo, non son o mesmo as especies exóticas en Murcia que en Galiza.

E quinto: promover a urxente aprobación de medidas para protexer, amparar e favorecer a existencia de bosques autóctonos, ao tempo que prohibir a plantación de *Eucalyptus nitens* ao abeiro dunha sentenza da Audiencia Nacional, que concorda con que se poden prohibir, toda vez que hai un informe do Comité Científico do Ministerio de Agricultura que o declara claramente grave...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate.

A señora PAZ FRANCO: ...para a biodiversidade, invasora e que ten graves consecuencias para o medio natural.

Nós cremos que son cuestións –como dicía– de mínimos, pero que son importantes, non para cambiar o modelo forestal...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...pero si para frear que sigamos avanzando nun modelo forestal fracasado, nun modelo forestal en contra dos intereses económicos do país e nun modelo forestal que é unha auténtica aberración desde o punto de vista ambiental.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Estamos demonizando a árbore do eucalipto, pero o que non se lle pode atribuír a esta árbore é unha conflitividade que ten que ver coas técnicas de planificación, de repoboación, de silvicultura e de explotación, é dicir, coa propia actividade humana.

Como ben dixo a compañeira do BNG, no terceiro Inventario forestal nacional efectuado en Galicia no anos 1997 e 98 o eucalipto en masas puras ocupaba unha superficie total de 174.210 hectáreas na nosa terra. Mais este dato non é concreto de todo, xa que non se contemplaba aquela superficie na que aparecía mesturado co piñeiro marítimo e con outras especies, e que tende a evolucionar cara a masas dominadas polo eucalipto. Hoxe esta cifra si que é certo que anda arredor das cincocentas mil hectáreas.

As grandes plantacións de eucaliptos son auténticos desertos onde só sobrevive esta árbore, porque a biodiversidade existente no lugar non pode adaptarse a este especie invasora e tende a desaparecer. O solo perde a súa riqueza e os animais non son quen de adaptarse ao novo medio, polo que desaparecen do lugar.

O problema agudízase coa introdución do *Eucalyptus nitens*, que lle está comendo o terreo ao *Eucalyptus globulus*, pois o primeiro presenta unha condición favorábel de que é moito máis resistente á praga do gurgullo que está estragando o *globulus* e tamén aguanta unha situación a unha altura superior a unha cota de 400 metros, polo que está expandido dun xeito vertixinoso no interior deste país, que estaba libre desta árbore e vén substituír as plantacións de piñeiro. É unha especie exótica e naturalizada e en expansión, con alto risco de invasión e moi perigosa para o mantemento da biodiversidade e da funcionalidade dos ecosistemas, pola súa capacidade de proliferar en condicións térmicas estritas, incluso aparece dentro da propia Rede Natura.

A organización galega de comunidades de montes suxeiriou a prohibición total das plantacións de *Eucalyptus nitens* na Galiza. Criticase que dende o propio Consello Forestal que o novo Plan forestal de Galiza se ten feito seguindo as directrices das empresas da madeira e de Ence, fundamentalmente, e sen ter en conta as especificidades propias dos montes galegos. Este Plan forestal de Galiza está vixente dende o ano 1992 e pode dicirse que desta norma se incum-

priron sistematicamente as súas propias directrices, agás a da creación dos distritos forestais.

Respecto do determinado no Plan forestal do ano 1992, a superficie de *Eucalyptus globulus* superouse amplamente e creáronse superficies novas dedicadas a *Eucalyptus nitens*. Para a revisión deste Plan forestal creouse un grupo de traballo no Consello Forestal, que se reuniu o ano pasado. Mais hai que comentar que a maioría dos membros do Consello Forestal estaban representando o sector da madeira e que se incumpriu a promesa de incorporar ao documento os resultados das consultas aos colectivos externos. Tamén se criticou a metodoloxía empregada polo Goberno galego á hora de elaborar e debater o plan, onde as directrices que estaban inicialmente aprobadas non son nin representativas do sector, nin democráticas, nin produto dun consenso entre todos os sectores relacionados co monte e co medio rural.

O novo Plan forestal é a privatización da xestión do monte, aposta pola produción de madeira de baixo valor engadido e a preferencia da produción forestalista, baseada na plantación indiscriminada e mesmo favorecendo a degradación ambiental; é dicir, un aproveitamento do monte de tipo colonial, esquilmando recursos onde se dan, non xera plusvalías para as persoas que viven no lugar, é facer negocio nos centros de decisión política. É intensificación da produción con monocultivos de especies alóctonas, aproveitamento dos bosques de ribeira ou uso masivo de agrotóxicos, esquecendo o obxectivo de conservar os solos e mitigar os impactos do cambio climático. É un ataque aos montes veciñais, degradación da terra ou perda de solos, abandono da mesma polas persoas e a persistencia dos incendios forestais.

É certo que se aposta pola biomasa forestal, que advirten isto, e polos cultivos enerxéticos para producir electricidade, que é outro dos negocios de Ence. Hipotecar o futuro dos montes galegos.

Non hai iniciativas para recuperar a superficie agrícola usurpada. O mantemento das subvencións pública ao eucalipto, consolidando o *Eucalyptus globulus* e permitindo que o *Eucalyptus nitens* substitúa o primeiro.

Debemos potenciar un monte funcional e sustentábel axustado ás demandas das titulares e dos titulares e ás demandas da sociedade no seu conxunto. As plantacións de

árbores non son bosques, non posúen nin unha parte da grandísima biodiversidade que posúen os bosques e non ofrecen nada ao pobo.

Si quería tamén remarcar unha das consecuencias da propia industria madeireira do eucalipto, que é polo tipo de labor, de roza do bosque, que fai tamén auténticos atentados contra o patrimonio cultural, que non son feitos illados, arrasando con castros e con mámoas, e parece ser que contan con total complicidade das autoridades. Si que é importante como unha medida moi urxente, polo menos, aplicar a lei vixente, que non se está a cumprir.

E estamos de acordo en que se debería exixir a creación do Catálogo galego de especies exóticas invasoras e tamén en instar o Goberno do Estado a modificar o Catálogo español de especies exóticas invasoras, para incluír o propio *Eucalyptus nitens* como especie invasora no catálogo aprobado no Real decreto 1628/2011.

Entendemos que hai que tomar medidas urxentes para a protección do bosque autóctono. E unha medida moi importante sería unha aplicación dunha información didáctica forestal cara ás propietarias e propietarios sobre plantacións de eucaliptos *nitens*.

Dende o Grupo Mixto si imos aprobar esta proposición non de lei porque consideramos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: ...que está en xogo a riqueza natural de Galiza.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez, ten vostede a palabra.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: É evidente que o problema nunca é unha especie vexetal, o problema non é o eucalipto, o problema son as políticas e o problema é a escolla de

modelo, a ausencia de ordenación, a ausencia de planificación e a busca duns obxectivos diferentes dos que nós cremos que son máis convenientes para o país. Se se planifica a política forestal simplemente enfocada para a venda de pasta de papel, é evidente que nos sairá un modelo de monte diferente a que se os nosos obxectivos son a creación dun monte diversificado, complementario coas actividades agraria e turística, cun monte multifuncional creador de emprego e de valor engadido. É moi diferente a un modelo que nós temos desenvolvido en Galicia.

Por certo, Isabel Tocino e Carlos del Álamo, membros do Consello de Administración de Ence, no seu momento, nos anos noventa, tiveron capacidade de decisión para planificar as plantacións de eucalipto no ámbito galego e no español, pois eran ministra e conselleiro de Medio Ambiente. Cando se definían as políticas forestais, cando se daban subvencións para reforestar as terras agrarias, estaban eles decidindo, e hoxe están no Consello de Administración de Ence.

Polo tanto, o obxectivo do Partido Popular para Galicia foi precisamente o que temos hoxe: un modelo enfocado cara á venda de pasta de papel, un modelo baseado na cantidade e non na calidade, un modelo que crea pouco emprego e un modelo desordenado e sen planificación.

De feito, denunciabamos durante a planificación da Lei do solo que moitas masas forestais de caducifolias e frondosas quedan desprotexidas, porque define tanto os espazos especialmente protexidos forestais como aqueles de montes veciñais en mancomún e un mapa de solos, un catálogo de solos de interese forestal; catálogo e mapa que nin sequera existen. Despois de tanto anos, non temos nin sequera mapa de solos para ordenar e planificar onde si poden estar estas especies e onde é contraproducente por interese xeral que estean estas especies. Non fixeron nin o mínimo.

E así temos un modelo que en cifras demostra o que é, é dicir, temos o 68 % da superficie, temos o 50 % das cortas do Estado e creamos só o 13 % do emprego forestal do Estado. Esa é a definición perfecta e a demostración perfecta de que este non é un modelo que nos interesa a nós. A nós intéranos un modelo para Galicia que cree moito máis emprego, que fixe poboación no rural, que cree valor engadido, que cree unha industria transformadora ao seu redor. E por iso denunciemos unha vez máis que o Partido Popular, a

pesar de que poida dicir aquí bonitas palabras ao respecto, está deseñando un Plan forestal de Galicia sen esa visión multifuncional, sen esa visión diversificada do monte.

Dos vinte e cinco axentes que están a traballar no Plan forestal vinte son do sector forestal. Deben estar eses axentes do sector forestal, pero nós cremos que debería estar representado un abano moito máis grande de colectivos e persoas que puidesen estar pensando no modelo turístico, no modelo agrario, que puidesen estar pensando tamén na biodiversidade, na conservación da biodiversidade como riqueza para este país, e que estivesen tamén pensando no ciclo hídrico, por exemplo, e nos efectos que causa a proliferación descontrolada de plantacións de eucaliptos.

Unha vez máis empezamos a facer o enfoque dun xeito erróneo. Dun xeito erróneo dicimos nós, porque aínda pensamos que o Partido Popular ten intención de converter este país en algo diferente do que é hoxe en día, cando –como dicíamos antes– a xente ten que ir buscándose as oportunidades fóra e, sobre todo, tense que ir do rural, precisamente, porque os modelos que se están desenvolvendo tanto no lácteo como no forestal expulsan a xente do rural.

Por iso nós apoiamos esta iniciativa porque vai nese sentido. O problema non é o eucalipto, o problema son as políticas do Partido Popular.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Temos unha iniciativa aquí que pon unha vez máis enriba da mesa a preocupación dun vello problema, non por vello menos importante, que é ou ten sido motivo de controversia e discusión durante moito tempo e que como país ata agora non fomos capaces de resolver.

Eu creo que, sen dúbida, e é o primeiro dos elementos, é unha problemática que precisa de medidas a longo prazo e,

sobre todo, dunha planificación, dunha política activa e sustentada no tempo. Polo tanto, cos gobernos do Partido Popular falar de política activa, de sustentada no tempo e de planificación pois é contraproducente.

Efectivamente, hoxe en día temos en Galicia aproximadamente quíntas mil hectáreas ocupadas por eucalipto, o que supón máis da metade dos existentes en todo o Estado. Isto de por si non sería o máis grave, sendo grave o problema. O problema principal para nós radica en que temos esa cantidade de hectáreas sen saber moi ben nin para que, nin por que, nin por que o temos planificado así. É máis: o propio presidente da Xunta dixo hai pouco aquí en sede parlamentaria que teríamos árbores suficientes para dúas pasteiras máis; é dicir, non existe, polo tanto, ningunha planificación, nin sabemos moi ben por que os temos nin para que os temos.

Non fai falta un estudo moi rigoroso para chegar á conclusión de que, efectivamente, houbo unha estratexia empresarial clara, baseada en incrementar desmesuradamente a oferta, para que caera o prezo, e contando coa inoperancia e, polo tanto, coa complicidade do Goberno do Partido Popular, historicamente e de forma acentuada co señor Feijóo nos últimos oito anos, e desa falta de política, polo tanto, campase ás súas anchas a política de Ence.

Parece, polo tanto, claro, e non só por un problema ecolóxico, non só por un tema de paisaxe de monocultivo, non só porque en determinadas zonas parece claro que non é a mellor maneira de facer prevención de incendios, senón tamén por un tema puramente económico. Estamos sobrepasados claramente na oferta desta especie, o que fai que incluso se poña en risco a súa viabilidade económica.

Pero non podemos esquecer que se son relevantes esas 500.000 hectáreas, para nós son aínda, se cabe, máis relevantes tamén, ou tan relevantes, as 600.000 hectáreas que temos improdutivas. Polo tanto, sendo importantes esas 500.000 hectáreas, o grave problema é que temos 600.000 hectáreas de monte improdutivas totalmente.

Se dunha vez por todas resolvésemos ese problema endémico e saímos dese eterno bucle que fai que, efectivamente, como se dixo aquí antes, a pesar de ter a maior superficie forestal do Estado, con moita diferenza, a pesar de talar a

metade das árbores, efectivamente, non temos unha industria de segunda transformación, e os ingresos e os beneficios que deixa a industria forestal están moi lonxe de ter unha equiparación á cantidade que temos; se saímos dese bucle, como dicía antes, de que non hai industriais especializadas para outro tipo de madeira porque non hai plantacións, ou non hai plantacións doutro tipo de madeiras porque non hai industrias especializadas que as favorezan e que as implanten.

Coincidimos, polo tanto, con esta iniciativa, e efectivamente, como dicía a señora Paz, fundamentalmente porque vén incidir en moitas das iniciativas que traemos aquí, que se resumen en que se cumpra a lexislación. Polo tanto, si que existe unha lexislación, aínda que mellorable, si que existe unha lexislación que debería de limitar e debería de prohibir que se plantasen eucaliptos en determinadas zonas, pero unha lexislación que a todas luces non se cumpre, e que obviamente a Administración non fai nada por cumprila.

Pero, tal como manifestamos na Comisión e queremos tamén deixar aquí claro, pediremos a votación por puntos, porque efectivamente nós non coincidimos exactamente nese diagnóstico na discusión de *nitens* ou *globulus*, e polo tanto pediremos que se vote por puntos. Ese punto non o apoiaremos.

Non coincidimos exactamente no diagnóstico porque, primeiro, nas plantacións novas dos últimos cinco ou dez anos, o 75 % do que se plantou foi *nitens*, e polo tanto parécenos un tanto irrealizable plantexarse erradicalas e prohibilas. E é unha cuestión opinable, pero para nós esta especie non é máis exótica nin máis invasora que outro tipo de eucaliptos, a non ser que entendamos, como xa dixen na Comisión, que é máis invasora porque se adapta mellor a determinadas zonas e resiste a determinadas pragas.

Pero se iso o solucionamos pola vía da ordenación e da prohibición, e de facer cumprir a lexislación, teríamos salvado perfectamente esa suposta invasión, ou esa maior invasión que ten esta especie *nitens* sobre o *globulus*. Polo tanto, aí é onde nós cremos que temos que incidir. Non imos ser nós –e que se entenda así– os defensores da especie *nitens*. Non ten sentido, ademais, porque é menos rendible.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: Polo tanto, non estamos falando dunha especie que sexa máis rendible para os produtores. É menos rendible tamén para as pasteiras, e é menos eficiente, en termos de madeira, para aserradoiros, moito menos ca o pino. Polo tanto, non ten absolutamente ningún beneficio económico, senón máis ben todo o contrario, e polo tanto o que teremos é que tratar de que se cumpra a lexislación, de mellorar esa lexislación, porque hai que melloralala en moitos aspectos, para evitar que se sigan plantando eucaliptos e que se prohiba de forma efectiva plantar eucaliptos en determinadas zonas, sen entrar na discusión, que, baixo o noso punto de vista, non coincidimos con ese pequeno matiz, de se é *nitens* ou *globulus*.

Polo tanto, pediremos a votación por puntos, e esperamos que o grupo nola conceda, porque no resto coincidimos plenamente con esta iniciativa.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor García, por favor, mire o tempo.

O señor GARCÍA GARCÍA: Creo que non son eu o maior exponente en sobrepasarme no tempo no pleno, hai exemplos aquí bastante máis esaxerados ca o meu, señor presidente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

Mire o seu tempo, mire o reloj, mire o reloj

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Señora Paz, o Goberno de Galicia e o grupo parlamentario maioritario desta Cámara –o Grupo Popular– entendemos que a solución dos problemas do monte galego non pasa polas prohibicións indiscriminadas que vostedes queren facer, senón pola xestión racional dos recursos, sustentados por instrumentos de ordenación ou xestión forestal, nos que tanto o grupo maioritario da Cámara, o Grupo Popular, como o Goberno de Galicia xa veñen traballando, e así llo demostrarei ao longo desta intervención.

E se vostede atendera ás intervencións que realizaron na Comisión 7ª, de Agricultura e Montes, os distintos representantes do Goberno de Galicia, e se fixera un seguimento das últimas novidades no ámbito lexislativo que publica periodicamente o *Diario Oficial de Galicia*, tería meridianamente clara a preocupación da Xunta pola ordenación e fomento do noso monte como mellor garantía e tamén como futuro.

Son múltiples as iniciativas do Goberno galego, citareille algunha delas, para apostar por un monte máis ordenado e máis sustentable, fomentando o uso e o aproveitamento de especies madeireiras que nos son propias.

Para empezar, teño que dicirlle, señora Paz, que non é certo –e repito, non é certo– que se poidan plantar eucaliptos en calquera terreo. De feito o artigo 67 da Lei de montes de Galicia, cando fala das condicións que deben cumprir as repoboacións forestais, prohíbe as repoboacións forestais en solo urbano de núcleo rural, en solo urbanizable delimitado e no rústico de especial protección agropecuaria. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E tamén o prohíbe naquelas superficies poboadas con frondosas, mesmo con posterioridade ao seu aproveitamento ou á súa afectación por un incendio forestal.

Pero é que, ademais, como somos conscientes no Grupo Popular e no Goberno de Galicia tamén de que en amplas zonas do territorio galego non resultan nin viables nin resultan tampouco desexables as plantacións de eucaliptos, a Consellería impulsou xa dende o ano 2014 modelos silvícolas para este xénero en sete dos distritos forestais nos que se divide Galicia, e en parte tamén do distrito 9.

E estase a traballar, estase a traballar, nun proxecto de decreto que regula as plantacións co xénero *eucalyptus*, en toda a comunidade autónoma. E deste proxecto e deste decreto xa tivo coñecemento o Consello Forestal na súa reunión do mes de decembro. E, a maiores, incluso a xestión racional das masas de eucaliptal tamén se está a tratar nos traballos de previsión do Plan forestal de Galicia, que deron comezo coa constitución dun grupo de traballo que, de maneira consensuada, propuxo unhas directrices que servirán de referencia para a revisión do plan e serán incluídas no próximo Consello Forestal.

E o que non ten sentido é que vostede xogue a criminalizar determinadas especies forestais, porque eu, que son da

Mariña de Lugo, dígolle que vaia vostede ao concello de Trabada –bueno vostedes alí non teñen representación, polo cal non pode mandar aviso, ten que ir vostede, tamén ao mellor é por iso–, e fálelles vostede dos eucaliptos como fala vostede aquí. Vaia vostede ao concello de Barreiros e fálelles vostede dos eucaliptos igual que fala aquí. Vaian vostedes a un concello que vostedes gobernan con maioría absoluta, dos poucos que gobernan en Galicia, e dos poucos que gobernan en Lugo, que é o concello de Ribadeo, e dígalle ao alcalde de Ribadeo que fale dos eucaliptos igual que fala vostede aquí. Xa verá como o alcalde de Ribadeo non fala dos eucaliptos igual que fala vostede aquí. ¿Sabe por que? Porque o monte, que é o monte mellor ordenado de Galicia, un dos montes máis produtivos de Galicia, que está na Mariña de Lugo, precisamente foi unha fonte de riqueza, e segue a ser unha fonte de riqueza, que nos momentos de crise sustentou a moitas familias da Mariña de Lugo. E foi a base dos eucaliptos.

E non podo, para nada, estar de acordo con vostedes –xa llo dixen algunha vez máis– con que os eucaliptos é un problema de Ence. Non, os eucaliptos é un problema de riqueza de moitos galegos e galegas. E é máis, vaia vostede tamén ao Concello de Trabada, e verá alí unha fábrica...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...unha fábrica que é punteira, que todo canto traballa –e todo o manda para fóra de Galicia e para fóra de España– é con madeira de eucalipto, que é Madeiras Villapol. É bo que vostede pase por alí e que dea unha vista a todo isto, e vaia vostede porque alí non teñen representación. Pero onde teñen representación, dígalle ao alcalde de Ribadeo que defenda o que vostede defende no Parlamento de Galicia, que alí gobernan con maioría absoluta, e xa verá como o alcalde de Ribadeo non está de acordo con iso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Sempre é unha sorte ter ao catedrático Balseiro para que a unha lle lea o DOG, xa que parece que os demais non lemos o DOG.

Eu quixera empezar por dicir, primeiro, que este non é un debate sobre especies, non é un debate sobre especies vexetais, senón, efectivamente, sobre modelos forestais. E se nós propoñemos nesta iniciativa, como xa propuxemos noutras, que había que prohibir en Galiza a plantación de eucaliptos *nitens*, é porque ese comité de expertos establece que é invasora porque ten capacidade de transformar o medio, e porque bloquea os ecosistemas. Polo tanto, consideramos que é gravemente atentatorio contra a nosa riqueza natural, económica, etc.

E por outra razón, porque o señor Balseiro nalgún sitio da miña iniciativa debeu ler que nós propoñiamos que había que arrancar todos os eucaliptos da Mariña. Polo tanto, eu non teño ningún problema, se vostede me invita a ir a Trabada –que vostedes seguro que teñen representación, e entón da súa man non terei problema en ir alí–. Eu o mesmo que conto aquí sobre os eucaliptos cóntollelo alí sen ningún problema, e en Ribadeo e en calquera outro lugar do territorio deste país, non teño ningún problema.

Porque nós aquí nunca dixemos que había que arrancar os eucaliptos naqueles lugares onde están ben ordenados. O que dicimos é que este país non pode seguir tendo un modelo forestal unicamente para favorecer a Ence. Porque aquí, onde producimos o 52 % dos eucaliptos do Estado, temos o 52 % da superficie, resulta que se calquera de vostedes quere na súa casa poñer un piso de friso de eucalipto, non hai ningún eucalipto en Galiza que valla para iso, e témolo que importar.

Polo tanto, é un modelo forestal fallido, fallido porque non permite a transformación, e porque só está concibido para subministrarlle pasta de papel, e polo tanto riqueza, a Ence.

¿E por que cremos que hai que prohibir o *nitens*? Porque precisamente esa ilustración que me fixo o señor Balseiro da Orde, do 19 de maio de 2014, pola que se ordenan os cultivos, os modelos silvícolas, establece que en todos os distritos de Galiza, menos nun par de concellos do centro da montaña de Lugo, e agás os de Ourense, en calquera lugar do territorio, se pode plantar eucaliptos e se pode plantar *nitens*. E se se segue permitindo o *nitens*, acabaremos tendo *nitens* até na alta montaña, onde até agora non podía haber euca-

liptos porque o *globulus* non se adapta. E esa é a razón pola que nós queremos, entre outras razóns, que se prohiba.

Eu lamento que o Partido Popular non estea de acordo, porque di que non coñecemos a lei. Bueno, vese que non coñecemos a Lei de montes, por iso no punto 1 da iniciativa o que pon é: “Exixirlle á Xunta que lles diga a todos os seus empregados públicos que hai que ser dilixentes iniciando expedientes e establecendo as sancións que se establecen na Lei de montes, na Lei de costas e na Lei de conservación da natureza, para que naqueles lugares onde xa está prohibido facer reforestacións con eucaliptos do tipo que sexa e con outras especies –pero aquí estabamos falando de eucalipto– se cumpra.” Porque non é que se poidan poñer en todas partes, señor Balseiro...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...senón que vostedes a Lei de montes –como case todas– cúmprenas só cando lles dá a gana, o resto do tempo son obxectores.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados/as máis, sobre o establecemento por parte do Goberno galego do mecanismo normativo preciso para evitar a realización e distribución de imaxes fotográficas de menores durante os actos institucionais e políticos realizados nos centros de ensino

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Vicente Docasar Docasar, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 1.3 bis), que terá o seguinte contido:

“1.3 bis). *Elaborar consensuadamente co conxunto da comunidade educativa galega un novo regulamento orgánico de centros (ROC), que contemple as necesidades e as demandas da sociedade de hoxe.*”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Ben, bo día.

Moitas grazas, señor presidente.

A mediados do mes de febreiro a Alternativa Galega de Esquerda recibía o aviso dos servizos xurídicos da Cámara –desta Cámara– sobre a necesidade de reformular a iniciativa que hoxe debatemos. Os letrados consideraban –e dende o noso punto de vista considerábano acertadamente– que era necesario reformular a iniciativa, pois contiña a imaxe de nenos menores de idade e, polo tanto, conculcaba o marco normativo en relación coas leis de protección de datos de carácter confidencial, en xeral, pero tamén, por suposto, dos menores. Reformulamos a iniciativa e esta é a que figura coas caras pinceladas –fixémolo nós– na documentación parlamentaria plenaria que se repartiu a todos os grupos, e que seguramente así as señorías tiveron tempo para comprobar.

A iniciativa, polo tanto, contén imaxes que foron publicadas na páxina web da Xunta de Galicia, contén imaxes que foron publicadas nos xornais de Galicia, en actos institucionais do Goberno e en diversas visitas a centros de ensino de Galicia; polo tanto, son imaxes públicas. Na primeira, que está na iniciativa, pódese observar o presidente do Goberno e o conselleiro de Educación sentados de xeito –dende o meu punto de vista– ridículo en dous pupitres tres tallas máis pequenos, atentos, aparentemente, a unha clase, iso si, coas caras claramente visibles dos alumnos menores de idade e tamén, iso si, con ordenadores lustrosos abertos nos pupitres. Nesa visita institucional non se fixo ningún tipo de anuncio de contido pedagóxico, por outra parte, nin se presentou ningún tipo de iniciativa, simplemente o presidente e o conselleiro foron facer iso que se dá en chamar “facerse a foto”.

Na segunda imaxe, esta xa máis coñecida, coñecida como a foto de Palomares do conselleiro, en plena crise dos *caterings* dos comedores escolares e en plena precampaña electoral, o conselleiro asistiu a un comedor escolar a comer

e a mostrar as bondades da comida dos *caterings*. Iso si, tamén nunha foto na que aparecen, de xeito claramente visible e identificable, nenos menores de idade durante o seu xantar.

Na terceira imaxe temos a oportunidade de ver o conselleiro de Educación acollendo a un asustadizo neno que é levado aos seus brazos, no que tamén se poden apreciar no fondo as imaxes identificables dos seus compañeiros de clase.

Son só unha mostra dos centos de fotos que cada ano os membros do Goberno realizan en centros educativos de Galicia, pero non só en centros educativos –aínda que esta iniciativa se circunscribe a esta cuestión–, senón tamén en centros de educación especial e centros de atención á dependencia, vulnerando, dende o noso punto de vista, de xeito moi grave o dereito á intimidade e a privacidade dos nenos e dos adultos.

Insisto, son só unha mostra, nós evidentemente non temos nada en contra de que o conselleiro de Educación ou de que o presidente de Galicia vaian e visiten un centro educativo. É máis, nós consideramos que esa é á súa obriga, realizar traballo de campo, visitar os centros, facer política, como se di, a pé de obra. Pero iso non ten por que ser recollido polos medios gráficos, nin ten que verse necesariamente acompañado por comparecencias públicas rodeados de menores ou de nenos e de nenas. Nós cremos que iso sobrepasa claramente unha acción política minimamente ben intencionada.

Nós mesmos tamén facemos visitas a centros educativos todas as semanas e non atoparán as súas señorías unha foto na que un deputado ou deputada da Alternativa Galega de Esquerda recolla unha imaxe rodeado de nenos ou de nenas menores de idade. É máis, os directores dos centros de ensino público dinnos, reiteradamente, e insístennos, que, por favor, se facemos algunha imaxe non estea diante ningún neno nin ningunha nena. ¡Que é curioso!, non lle deben de facer a mesma recomendación ao presidente, ou quizais o presidente ten capacidade para sobresaltar esa recomendación.

A Lei de protección de datos de carácter persoal consagra a protección de menores prohibindo a difusión pública de calquera información numérica, alfabética, gráfica, foto-

gráfica, acústica ou de calquera outro tipo concernente a persoas identificadas ou identificables. Polo tanto, as fotos que veño de amosarlles conculcan a lei de xeito clarísimo.

O Real decreto 1720 establece que para proceder ao tratamento de datos de carácter persoal dos menores de 14 anos se requirirá o consentimento dos seus pais ou dos seus tutores. De feito, para dar cumprimento a este real decreto os centros educativos remiten ás familias unha solicitude de autorización para publicar e empregar a imaxe dos menores nos materiais pedagóxicos do centro, e con carácter e con finalidade exclusivamente educativa, como pode ser, por exemplo, a revista escolar, a ilustración de unidades didácticas, a web do propio centro; como é habitual nos centros educativos.

E semella evidente que os actos políticos do Goberno quedan fóra desta autorización, é dicir, cando un pai ou unha nai autoriza que se lle saque unha foto ao seu fillo nun centro educativo non o fai para que sexa empregada nun acto institucional ou político dos membros do Goberno galego, isto semella evidente. Polo tanto, o emprego de imaxes de menores cunha intencionalidade política por parte do Goberno, dende o noso punto de vista, é absolutamente inmoral, non soamente ilegal.

Temos falado —e facémolo de cotío nesta Cámara— da necesidade de levar a cabo unha rexeneración democrática, e tamén temos falado de xeito reiterado dunha evidente falla de confianza nas institucións públicas e dos seus representantes por parte da cidadanía. Pero dende o meu punto de vista esquécese con frecuencia que todo acto político debe estar presidido por algo que é —á vez moi etéreo pero tamén moi sólido— a ética. E por moitos códigos, por moitas normas, por moitas leis que aprobemos, nunca poderemos avanzar se deixamos de lado a ética.

Coincidirán as súas señorías en que as fotos que veño de amosar nesta Cámara se afastan moitísimo do que é a ética política. O emprego de menores con fins partidarios é ademais de ilegal, ademais de inmoral, dende o noso punto de vista é absolutamente indecente; e, polo tanto, resulta contrario aos máis elementais valores éticos que debe de ter un cargo público.

Pero ademais desta cuestión, ademais de tratarse dun feito claramente censurable desde este punto de vista, o

emprego de fotos con nenos e con nenas por parte de cargos públicos é algo xa detestado pola cidadanía. Xa non coa, a xente xa non asume esas amables fotos dun cargo público abrazando ou collendo un neno no colo, e non entende que iso teña que ser, dende logo, parte da súa actuación política; xa non coa, a xente está cansa. E, polo tanto, nós consideramos que esta Cámara ten a obriga de preservar a imaxe e os dereitos dos menores, ten a obriga ademais de velar polo cumprimento da normativa a este respecto, que é moi clara e moi concreta.

E por todo iso cremos que aínda que non sexamos capaces de chegar a eses grandes acordos que tantas veces se solicitan nesta Cámara, aínda que non sexamos capaces de poñernos de acordo en cousas demasiado importantes, polo menos, tan sequera nesta cuestión deberíamos de ser capaces de poñernos de acordo. Temos que ser capaces de defender o dereito de protección, o dereito á protección da imaxe dos menores.

E por iso consideramos un compromiso ético por parte desta Cámara instar o Goberno galego a establecer os mecanismos normativos necesarios para evitar, dunha vez por todas, a realización de fotos de menores durante os actos institucionais e políticos nos centros de ensino. E tamén a establecer os mecanismos normativos necesarios para evitar as comparecencias públicas diante dos medios de comunicación por parte de responsables institucionais ou políticos nos centros públicos de ensino coa presenza de alumnado menor de idade. Creemos que esta é unha petición razoada, cremos que é unha petición razoable e que, polo tanto, debe de ser acollida, neste caso, polo grupo maioritario.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Moitas grazas, presidente.

Señorías, señor presidente, bos días a todos e a todas.

Señor Vázquez, o Grupo Socialista votará favorablemente esta iniciativa por legalidade, si, porque existe unha lei que, dalgún modo, reconece este tipo de cousas dende 1999.

E non é menos importante, tamén, que o faremos por ética e por estética.

Imos ir por partes, e quero facelo empezando pola legalidade. Quero dicirlles a todos vostedes, señorías, que son cada vez máis os pais e nais de alumnos menores de idade que solicitan un uso restritivo das imaxes dos seus fillos e fillas nos centros educativos galegos. Situación que ten obrigado nos últimos anos aos equipos directivos de colexios e institutos a ter en conta esta cuestión nos documentos de matrícula, e a solicitar, mesmo por escrito, a utilización das imaxes dos alumnos e alumnas menores nas webs dos centros ou mesmo nas actividades que realizan de tipo extraescolar ou complementario.

Por tanto, entende o Grupo Socialista que esta situación –que non sempre tivo este algo grao de existencia na sociedade– debe ser arranxada para evitar problemas nas comunidades educativas. E a solución debería pasar necesariamente pola elaboración dun novo regulamento orgánico de centros educativos máis adaptado ás necesidades e demandas da sociedade de hoxe, que non son obviamente as mesmas que as da sociedade de finais do século XX; en concreto, as demandas que contemplaba o ROC, que era de 1997. E de aí deriva, precisamente, señor Vázquez, a nosa emenda a esta iniciativa, que entendemos que é unha emenda de engádegas e que pode complementar o que vostede presenta.

Pero tampouco queremos deixar pasar esta oportunidade, señorías, para falar no día de hoxe un pouco da ética e da estética nun asunto coma este. Non serei eu, en representación do Grupo Socialista, quen diga en sede parlamentaria que o señor presidente da Xunta e o señor conselleiro de Educación non teñen toda a lexitimidade do mundo para facer as visitas que consideren oportunas aos centros educativos galegos, pero si para dicirlles que esas visitas deben ser feitas respectando a legalidade e observando un comportamento ético e estético acorde coas demandas da sociedade de hoxe.

Unha sociedade que utiliza compulsivamente as imaxes de menores nas redes sociais e que ten, polo contrario, unha vara de medir moi distinta se iso acontece na vida escolar. Da legalidade, por tanto, xa temos falado e tamén de como solucionar, cun novo regulamento orgánico de centros. En canto á ética e á estética, quero dicirlles, señorías, que unha cousa

é visitar un centro educativo para atender as súas carencias e coñecer *in situ* as súas necesidades, e outra moi distinta aproveitar esas visitas para facer propaganda política.

Cinco deputados e deputadas que estamos hoxe aquí nesta Cámara visitamos hai uns días xuntos un centro educativo en Lugo, na hora do recreo, e non fixemos ningunha foto con nenos e nenas do centro, precisamente a petición da directora do centro e tamén da propia ANPA. Fixemos o noso traballo sen necesidade de utilizar os menores. Polo tanto, as cousas pódense facer se se comporta un con ética e con estética.

Entendemos, pois, no Grupo Socialista, señorías, que ten chegado o momento de abordar os cambios necesarios no ROC para adaptalo ás circunstancias actuais. É necesario abordar novas situacións: acoso nas redes; a xestión de actividades extraescolares e complementarias; uso de aparatos electrónicos de telefonía móbil ou de gravación; a xestión das folgas dos estudantes; a instalación de cámaras no interior dos edificios e nos patios; a atención á diversidade cultural, racial ou relixiosa do alumnado e das súas familias; a sobrecarga do profesorado con certas tarefas que entenden que non lles competen; a xestión dos tempos de lecer, e tamén, ¿como non?, a propia xestión que hoxe nos ocupa do uso das imaxes dos nenos menores.

Señorías, poderíamos seguir enumerando diferentes casuísticas que están a xerar dificultades nos nosos colexios e institutos, pero entendo que son suficientes os exemplos dados para que o tema quede clarificado. Insisto, temos en vigor un ROC que data do ano 1997 e que era válido para aquel momento, pero as causas teñen cambiado de maneira importante nos últimos dezanove anos. Os directores e directoras dos centros educativos galegos teñen pedido insistentemente eses cambios no ROC para adaptalo ás necesidades de hoxe.

O Grupo Socialista considera, pois, que ten chegado o momento de afrontar ese cambio e de facelo cun amplo consenso co conxunto da comunidade educativa. Temos que ser quen de facer un novo ROC, adaptado aos tempos e ás necesidades de hoxe, un ROC que recolla, en suma, o sentir do conxunto da nosa comunidade educativa e que garanta, en serio, a tan manida e cacarexada autonomía de xestión dos centros.

Cousa distinta é a ética e a estética da propia política e das persoas que nun tempo puntual nos dedicamos a este importante servizo público. Esas, a ética e a estética, non fai falta regulalas, señorías, basta simplemente con practicalas no día a día se queremos de verdade recuperar o prestixio da política e dos políticos.

Polo tanto, señor Vázquez, contará vostede co apoio do Grupo Parlamentario Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Docasar.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día a todas, señorías.

Moitas grazas, presidente.

Preparando o Pleno, cando cheguei a esta iniciativa, o domingo 27 sorprendeume ler neste xornal esta noticia: *“Educación realiza un protocolo para aclarar cómo tratar imágenes y datos de escolares. La Consellería de Educación presentó en el Consello Gallego de la Convivencia un protocolo de protección de datos personales; una guía de referencia con la que pretende aclarar las dudas que surgen entre los equipos directivos y los docentes de colegios e institutos sobre el uso de imágenes, la gestión de datos personales en el caso de progenitores que non están casados, el uso de cámaras de videovigilancia o la cesión de datos.*

El documento, que aún recogerá las aportaciones de los miembros del consello, define pautas concretas para la comunidad educativa, para que estos tengan más seguridad jurídica en la gestión y tratamiento de los datos personales. Por ejemplo, especifica que a través del menor no pueden obtenerse datos del progenitor, y está expresamente prohibido recabar los de la situación laboral”.

Ben, isto apareceu despois de ter esta iniciativa presentada o Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, e penso eu que isto o fixo o Partido Popular para si mesmo, porque a privacidade dos menores nos centros educativos está contemplada por lei desde hai moito tempo, e ademais é respectada de xeito rigoroso nos mesmos, como ben di o texto

expositivo desta PNL, en canto ao uso de imaxes do alumnado en actividades escolares de carácter lúdico-educativo e a súa publicación nas páxinas webs dos centros, nos taboleiros e nos xornais escolares. Isto é para curarse en salud. Digo eu que será para iso.

É que, de verdade, o uso partidista das nenas e dos nenos, sobre todo cando se fai nos colexios, aproveitando que están obrigados estes menores e estas menores a asistir e a respectar as iniciativas da dirección do centro, sen coñecemento nin autorización das nais e pais, é unha fraude e unha deslealdade á confianza que a sociedade deposita nos responsables políticos e públicos; unha falta de respecto á pluralidade e ao dereito a pensar diferente nun momento dado. E non é opinión desta deputada, son as declaracións dunha militante do Partido Popular en Cataluña antes do referendo polo dereito a decidir. Se queren, repítolle as palabras desta deputada do Partido Popular: O uso partidista de nenas e nenos nos colexios, aproveitando que están obrigadas a asistir e respectar as iniciativas da dirección, etc. é unha fraude e unha deslealdade. Deputada do Partido Popular en Cataluña.

Non cabe a menor dúbida, ademais, de que a intención é propagandística, a intención destas imaxes e outras similares que pretenden –pretenden, non o logran, pero pretenden– transmitir o suposto posicionamento favorable ás políticas educativas do Partido Popular por parte das familias e dos centros educativos.

Son estratexias propias do máis rancio e bananero populismo, que dan vergoña allea a quen as contempla e que deberían avergoñar tamén aos que as protagonizan. Espero que non sexan partícipes deste tipo de propaganda, deste tipo de campañas.

¿Vostedes lembran aquelas imaxes de Bush nun colexio cando foi o atentado, facendo tamén campaña populista, lendo un conto do revés nun colexio e non enterándose dos atentados? ¡E que son as mesmas imaxes! A cara do conselleiro e a cara do presidente do Goberno de Galicia prestándose a ese tipo de campaña publicitaria, de verdade que a min, como galega e como representada, avergónname. Se queren asistir aos centros escolares, pérceme moi ben. Pero asistan e atendan as demandas das ANPA, e non se aproveiten de que eses nenos aí non poden decidir se saen ou non. Non sei quen foi o responsable, se o xornal ou o Partido

Popular. Pero, desde logo, o Partido Popular non se debería prestar a este tipo de campañas. De verdade, non me miren así. Vostedes teñen que compartir esta opinión. Estou convencida de que comparten esta opinión.

Bueno, o Grupo Mixto vai apoiar a iniciativa, por suposto.

Grazas. Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Moi bo día, señoras e señores deputados.

Señor Vázquez, comezarei dicindo que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten moitas coincidencias coa proposición non de lei que vostede acaba de defender aquí dende o estrado. Coincidimos con vostede en que a protección dos menores é, sen dúbida, unha das principais obrigas dos poderes públicos, nomeadamente da Administración educativa galega.

Coincidimos tamén na necesidade de preservar a súa imaxe, tanto a gráfica como a fotográfica, como xeito de protexer a intimidade dos menores e os seus datos de carácter persoal.

Coincidimos en que por veces se utilizan imaxes de menores dos nosos centros de ensino –imaxes que despois inundan os xornais e as televisións de Galiza– para actos moitas veces propagandísticos e de baleiro contido pedagóxico ou educativo.

Coincidimos, en fin, en que por veces, de forma recorrente, fanse comparecencias públicas, con presenza de nenos e nenas menores de idade, para publicitar ante os medios de comunicación anuncios con claros fins de publicidade e propaganda, mesmo por parte da Administración pública galega.

Dende logo, o Grupo Parlamentario do BNG rexeita con rotundidade o uso da imaxe de nenas e nenos con fins publicitarios ou propagandísticos. Usos que, ao noso entender,

van en contra do dereito á preservación da súa propia imaxe. Rexeitámolo, desde logo, fágao quen o faga. Tanto nos ten que sexa un concelleiro, aínda que sexa de Educación, como o conselleiro de Educación. Tanto nos ten que sexa un deputado ou deputada desta Cámara como un deputado ou deputada do Congreso dos Deputados. Tanto nos ten que sexa o alcalde presidente dun concello como o propio presidente da Xunta de Galicia. O Grupo Parlamentario do BNG, dende logo, entende que todos os cargos públicos debemos garantir e protexer o tratamento dos datos persoais, nos que se inclúen fotos e imaxes, e a intimidade persoal dos menores.

Debemos, desde logo, rexeitar o uso das imaxes de nenas e nenos con fins –ao noso entender– ilexítimos. Por esa razón, xa lle adianto o noso apoio para que o Parlamento galego inste o Goberno galego a establecer o mecanismo normativo preciso para evitar o uso e abuso das imaxes de menores con fins publicitarios, propagandísticos, partidistas e ilexítimos. Facémolo polo respecto que nos merece a protección dos menores e das menores, así como o dereito a preservar a súa intimidade. Respecto, por certo, que xa existía hai máis de noventa anos, cando, a través da declaración coñecida comunmente como Declaración de Xenebra, homes e mulleres de todas as nacións, recoñecendo que os nenos son o mellor que a humanidade ten, declara e acepta como o seu deber, máis alá de toda consideración de raza, nacionalidade ou credo, que ao neno se lle deben dar os medios necesarios para o seu desenvolvemento normal. O neno debe ter sustento e ser protexido contra todo tipo de explotación. Eran outros tempos, pero houbo acordos da ONU e hai acordos da Lei de protección de datos vixente neste país, e un real decreto que a desenvolve.

O Grupo Parlamentario do BNG, desde logo, reclama o respecto de todos os representantes deste Parlamento a este tema. Respecto que entendemos que é compatíbel con que a consellería e mesmo o presidente do Goberno visiten os centros de ensino públicos para coñecer a realidade educativa do noso país, para coñecer as dificultades, para escoitar as demandas da comunidade educativa, para resolver as moitas dificultades e necesidades polas que atravesamos o ensino público e mesmo para poñer en valor a calidade do noso ensino público. Mais tamén entendemos que o respecto, para nós, non é compatíbel co uso propagandístico publicitario.

Por exemplo –vostede dicíao na súa exposición–, para arranxar o problema dos cáterings dos comedores con comi-

da en mal estado, nós consideramos moito máis acaído recuperar a xestión pública directa destes comedores para ofertar produtos de proximidade e de calidade, para garantir unha comida cociñada en proximidade, que unha foto do conselleiro comendo, ou facendo que come, unha sopa cos alumnos rodeándoo. Non sei se o conselleiro se guiou por aquel dito de máis vale unha foto que mil palabras. Mais eu, señor Vázquez –e remato–, dígolle que no tema das imaxes, en lugar dese dito, eu penso que o conselleiro debera pensar en que non hai mellor palabra que a que está por dicir.

Apoiamos –e remato– a proposición non de lei que vostede acaba de defender aquí. Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Traemos hoxe aquí a este debate un acto que conta con todos os parabéns da comunidade educativa, que se cinxe estritamente á lexislación vixente, e que quede ben claro que, se vostede tivo que reformular a súa iniciativa, foi porque vostede non contaba cos permisos necesarios para poder distribuír fotos de menores de idade sen autorización, cousa que non sucedeu, precisamente, nin neste nin en ningún dos actos que celebrou ningún membro do Goberno do Partido Popular. Absolutamente ningún.

O Goberno respecta os menores. Vixía, ademais, e vela por que se cumpra a legalidade en canto á imaxe publicitada publicamente dos menores, da súa intimidade, dos seus dereitos, dos seus datos, absolutamente todos. Non hai absolutamente ningún no que vostede poida atribuír ningunha das palabras nin das acusacións que verqueu gratuitamente aquí hoxe.

Entre outras cousas, poden vostedes poñer en dúbida se esa protección é certa ou non, pero acaba de demostrala o Goberno galego noutra acción recente, remitindo ao Consello Galego de Convivencia o proxecto de protocolo para que aporten e fagan as súas achegas, desde o seu punto de vista e cinguíndose a unha lei que temos aquí tamén en Galicia para protexer a imaxe dos menores.

Ese protocolo, por certo, nace dunha iniciativa que presentou o Grupo Parlamentario Popular nesta Cámara. Tamén un mandato parlamentario que volve cumprir a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Pero esa iniciativa non contou co voto favorable de ningún dos membros de ningún dos grupos dos partidos representados na oposición. Saíu adiante só cos votos do Partido Popular, do Grupo Parlamentario Popular.

Daquela, vostedes non estaban preocupados pola imaxe pública dos nenos. Hoxe veñen aquí cunha crítica rancia, aproveitando a exaxeración dun dato concreto para facer crítica xeral de actos que para nada teñen que ver co que vostedes dixeron aquí. Non aportaron nada, absolutamente, en positivo, absolutamente nada, máis que algunha ironía, con maior ou menor acerto, e o recurso de Palomares, que está moi ben, pero iso define a neuropsicoloxía, señor Vázquez. Vostede, como aquel refresco de verán, veuse arriba e gustouse a si mesmo, como gusta a música, que soa conmovedora, fantástica, ¿verdade? O que pasa é que despois choca coas nosas expectativas e a realidade. É a realidade a vostede desbordouno.

Si sae vostede en imaxes. Vostede, que dixo que non había ningunha. Si, si, manifestacións portando nenos pequenos... –aquí a ten–, portando nenos pequenos a pancarta. *(Interrupcións.)* Non vin nin unha soa protesta, ningunha iniciativa nesta Cámara. Debe ser o exemplo entre a nova política e a vella política. A vella política que nunca se tirou dos pelos por isto, porque aquí aparecen todos, desde o señor Quintana á señora Adán, cuns nenos. Probablemente fora iniciativa dos nenos, que andaban en campaña electoral, seguramente. *(Interrupcións.) (Aplausos.)* Aquí temos o presidente Touriño acompañado de ilustres membros desta Cámara, ex alcalde de Santiago ou ex conselleira, nun comedor escolar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Seguramente, non sei se de balde, señor Fajardo.

Temos aquí outro exemplo da vella política. Pantallazo dun vídeo, ¡espléndido vídeo!, no que uns nenos dunha escola de infantil contrataron un artista para que os viñera entreter. Non foi iniciativa política, foi iniciativa dos nenos, que contrataron un artista que lles viñera cantar, curiosamente, unha canción moi apropiada: “*Con dinero y sin dinero hago siempre lo que quiero y mi palabra es la ley*”. Aquí o temos, o señor alcalde de Vigo, pero non está facendo utilización, é ao revés.

E despois atopamos a nova política, un señor de gorra posando aquí co resto dos escolares, nun colexio de Santiago, isto non é utilización na nova política. Ou outros nenos que, aproveitando que estaban nun *happy birthday*, contrataron un animador sociocultural que curiosamente era o alcalde da Coruña, ¡que lle imos facer! (*Murmurios.*) (*Risos.*) Están aquí todos, pásano ben e entretéñense, e reparten.

Pero, señorías, non se trata de establecer exemplos, trátase de ser exemplar, e vostedes non son exemplares para nada. Veñen aquí a dar unha sensación distinta, a culpar a un goberno que cumpre escrupulosamente con todas e cada unha das estipulacións legais que veñen recollidas a día de hoxe e que están vixentes. Recordan vostedes neste aspecto –e remato, señor presidente– o dito aquel de Abraham Maslow: cando un dispón como ferramenta só dun martelo, os problemas todos parécense ás puntas. Vostedes foi o único que expuxeron aquí, que teñen problemas que non son capaces de espetar e, entre tanto, tratan...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...de esnaquizar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) todo o que hai ao redor.

Remato, señor Ron, remato.

Pero a intervención que van ter vostedes aquí despois para nada vai desacreditar nada do que fixo o Goberno galego nin o que dixo este portavoz do Grupo Parlamentario Popular, porque todo está perfectamente recollido e contemplado na lei. E respéctase profundamente a imaxe dos menores e os seus dereitos, cousa que vostedes non fixeron e tiveron que rectificar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fariñas.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Unha mostra indubidada da decrepitude moral deste Goberno (*Murmurios.*), e neste caso do Partido Popular, é o

que acaba de facer o señor Fariñas. Por un lado, poñer exemplos de cuestións que vostede mesmo considera censurables (*Murmurios.*)... –imaxino, sacounas aquí ensinándoas, miren, miren, miren...–, para despois non apoiar a iniciativa.

Mire, a iniciativa que nós traemos afecta non só aos cargos políticos deste goberno, senón a calquera cargo público e político, sexa do partido que sexa, non é partidista. Polo tanto, se vostedes están de acordo, evitarán que calquera concelleiro ou que calquera cargo público de calquera partido poida facer un uso panfletario da imaxe dos menores. Isto é unha vergonza para vostedes e para as familias. É unha vergonza, e vostede sábeo.

A segunda mostra de decrepitude moral é que moitos dos seus votantes, e moitos dos que están sentados aí, saben que isto é unha vergonza e considéranlo inaceptable, pero, non o poden asumir en público, dándolle a razón a AGE. A proba de que é unha vergonza é que vostedes, catro días antes de debater esta iniciativa, presentan un protocolo ao Consello Galego da Convivencia. Iso si que é unha mostra de decrepitude moral, para cubrirse as espaldas e non votar a favor dunha iniciativa tan razoada e tan razoable coma esta. E presentan un protocolo que máis que un protocolo é un *protocuelo*, porque vostedes están intentando colarlla diariamente á cidadanía e xa non lles cola, señor Fariñas. Son un Goberno protocolario, e a xente está cansa dos seus protocolos, das súas fotos utilizando nenos e utilizando nenas para manterse no poder. ¡Xa non lles cola, é así de evidente!

Vostedes non só utilizan o Parlamento como un plató publicitario, utilizan mesmo as escolas. Porque a foto na que aparece o conselleiro e o señor presidente non é acompañando unhas familias nunha reivindicación, como a que vostede ensinou de min. Non (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), non, é unha foto dentro dunha aula...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...en horario escolar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Polo tanto, vostede non confunda...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio, por favor!

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: E calquera outra foto de calquera outro cargo público semellante a esta vai ser censurada por este deputado, incluída esa. Polo tanto, aproben a iniciativa e nin esta nin esa van poder volver ocorrer.

De verdade sexan coherentes e, dende logo, non sigan exercendo a demagoxia, pero moito menos á conta da imaxe dos nenos e das nenas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) menores de idade, que é o que vostedes fan.

Agradezo, por suposto, o apoio dos outros grupos. En canto á emenda do Grupo Socialista, vouna asumir, aínda entendendo que é global e afectaría a moitísimos outros ámbitos, pero tendo en conta a falta de vontade política do Partido Popular, non vai haber ningún problema en asumila, tendo en conta a súa importancia e a súa adecuación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para o rescate da concesión do novo Hospital de Vigo, a súa recuperación como hospital estratéxico para a área sur de Galicia, así como a creación dunha comisión integrada por todos os sectores implicados para avaliar os seus problemas e deficiencias

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (Esquerda Unida-Anova), por iniciativa da súa deputada e vicevoceira Eva Solla Fernández, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei (doc. núm. 48089).

Emenda de adición.

Engadirase un novo punto co seguinte texto:

“6. O rescate do Novo Hospital de Vigo ‘Álvaro Cunqueiro’ farase pola seguinte vía:

6.1. Adquirir por medio de calquera dos seus organismos ou empresas públicas (IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc.) a totalidade do capital social da SCNHVSA no importe de 31.523.000 €.

6.2. Adquirir por medio de calquera dos seus organismos ou empresas públicas (IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc.) a totalidade das achegas complementarias por vía de crédito que realizaron os socios á SCNHVSA no importe de 38.004.303,87€.

6.3. Liberar de calquer aval, fianza ou responsabilidade prestada á SCNHVSA polos socios saíntes, subrogándose naquelas calquera dos organismos ou empresas públicas (IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc.)

6.4 Incrementar os importes indicados nos apartados 6.1. e 6.2. anteriores satisfacendo un interese de mercado polo tempo que mediou desde o seu investimento polos socios até o seu reembolso pola Xunta de Galicia. Para ese efecto podería constituír ‘interese de mercado’ o tipo de interese fixado no contrato concesional no 2,5%.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, eu tamén, igual que o conselleiro onte, veño falar dun libro. Neste caso non é meu; é meu porque o merquei nunha librería pero non son o autor.

A verdade é que a vantaxe de intervir neste Parlamento os mércores despois do presidente da Xunta é que, como digo sempre, abre novos horizontes no coñecemento científico. Hoxe díxonos que estaba moi contento porque ían saír uns datos absolutamente deslumbrantes da economía galega ás 11.30. Efectivamente, o Instituto Nacional de Estatística sacou unha nota de prensa –dígoo por se non tiveron ocasión de vela–, e eu quero avanzar algún deles: medramos catro décimas de PIB menos que a media española... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, perdón pero si, perdón pero si, 3,8 % España, 3,4 %... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Yo les agradecería que antes de decir no es verdad, leyesen los papeles, ilustres catedráticos.

Taxa de variación interanual, total nacional (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –no, yo no soy cate-drático–, 3,8 %, Galicia, 3,4 %; o sea, que si que es verdad. No sé cuál es la alegría. Seguimos los sextos por la cola (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*). O sea, hay 5 por detrás y 11 por delante. Estamos estupendamente.

En canto á media co conxunto de España, estamos no 87,7 % do PIB, que tamén... Dáme a sensación de que o concepto de regra de tres o señor Feijóo non o ten demasiado axeitado. Se España perde posicións fronte á media europea e Galiza perde posicións fronte á media española, é bastante fácil entender que perdemos posicións en Europa. É cuestión de primeiro multiplicar...

O señor PRESIDENTE: Imos co Álvaro Cunqueiro, se lle parece.

O señor LOSADA ÁLVAREZ:e logo dividir. Teño unha vocación docente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...

O señor PRESIDENTE: Pero imos ao Álvaro Cunqueiro.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Isto ten moito que ver co crecemento da economía...

O señor PRESIDENTE: Non... ¡Home!, pois lígueo, lígueo. Váiao ligando co Álvaro Cunqueiro.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Xa o ía ligar, presidente.

O señor PRESIDENTE: Pois lígueo, lígueo, lígueo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Paréceme moi ben a súa ansiedade intelectual, pero decido eu cando o ligo, se pode ser.

O señor PRESIDENTE: Bueno, se pode ser, pero lígueo, lígueo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: O crecemento da economía permite a recadación fiscal que permite servizos públicos de calidade, ¡a ver se o entenden! (*Aplausos.*) ¡A ver se o entenden! Se non o entenden ou non o queren entender, é un problema seu. Pero insisto, ¡a ver se o entenden!

E agora vou un pouco ao libro, que non é meu, é de Owen Jones, un politólogo inglés, que fala do Sistema Nacional de Saúde Británico. Vou ler breves apuntes: “A burocracia e os custos da Administración do National Health System” –do Sistema Nacional de Saúde británico– “duplicáronse” –está falando do PFI– “a través do sistema PFI, unha estafa de contabilidade deseñada polo Goberno conservador de John Mayor. O PFI resultou moito máis caro porque as empresas privadas teñen que pagar tipos de intereses máis altos polos créditos co Estado. Como vén sendo costume na Gran Bretaña moderna, tocoulle ao contribuínte correr co risco”. Por certo, e aquí vou dicir as cifras de Inglaterra, que cando falamos a oposición do Hospital de Vigo e dicimos que de 350 millóns de euros pasouse a 1.400 millóns de euros, os ilustres catedráticos do Partido Popular poñen cara de perplexidade. No caso do PFI aplicado ao Sistema Nacional de Saúde británico, uns gastos de 54.700 millóns de libras acabaron sendo 310.000 millóns de libras. Entón, eu reto aos ilustres catedráticos a que o desmintan ou a que dean cifras alternativas.

Polo tanto, como falo de economía, de PFI e de servizos públicos, señor presidente, e despois da ilustrativa intervención do señor Feijóo, efectivamente, vou falar do hospital privado de Vigo. E digo privado porque vou falar do informe do Rexistro Mercantil da cidade de Vigo.

Que eu saiba, nin as universidades nin as instalacións escolares nin o resto dos hospitais galegos nin os centros de saúde nin este Parlamento están no Rexistro Mercantil de Galicia, en ningún deles. Ao mellor si. Eu estou moi habituado a escoitalle ao portavoz do Partido Popular –eu e algunha outra compañeira deste Parlamento– repetir o hospital público. Dígoo por se o queren buscar e non se fían da miña palabra.

Ten CIF. Bueno, primeiro chámase Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo, S.A. S.A. significa sociedad anónima, significa unha sociedad por accións en la que los aportantes de capital reciben un beneficio correspondiente a la inversión inicial. Creo que está en Dereito Mercantil, capítulo I, é unha cousa sinxela; non fai falta nin sequera unha regra de tres. O CIF –como é un dato público eu creo que o podo dicir aquí– é A-27752120.

O reparto do capital desa sociedade anónima por accións... Entre unha lista grande de empresas quero ler as

máis relevantes. Unha delas –o presidente comeu este verán co señor Feijóo na costa norte da provincia da Coruña– é Acciona Concesiones; Ernest & Young; Altair, Ingeniería y Aplicaciones; Dalkia, Energía y Servicios; Puentes y Calzadas. Insisto, accionistas.

Productos, marcas y nombres comerciales. Oficina de la Propiedad Industrial de la Oficina Española de Patentes y Marcas. Insisto, que eu saiba, ningunha instalación pública o ten. Tamén ten unha referencia N-302838. E continuamos. Presidente do Consello de Administración –que eu saiba, o resto dos hospitais tampouco o teñen, pero ao mellor estou equivocado–, e por suposto todos os nomeamentos e ceses correspondentes aos cargos directivos dese Consello de Administración.

Bueno, pois disto é, efectivamente, do que falamos, dun hospital privado. Polo tanto, o Partido Socialista apoia o rescate desa concesión. E apoia o rescate porque entende que se incumpriron marcos legislativos absolutamente relevantes en contra do interese público da Comunidade Autónoma de Galicia.

O primeiro, incumpríuse a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, porque, indubidablemente, no documento previo de valoración non hai nese momento ningunha xustificación de que o sistema sexa a través da financiación pública ou privada. Había un acordo do Consello da Xunta, do Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, que dicía que a sociedade pública de investimentos, pública de investimentos, tiña capacidade para endebedarse. Que por certo, é exactamente o que acabou facendo a sociedade privada de investimentos. Iso si, endebedouse mais os beneficios do señor Florentino Pérez, Puentes y Calzadas, Altair, Ernst & Young y Dalkia Energía. Se alguén pode rebatir isto, eu agradecería tamén que se me rebatise.

Esta fórmula ten un custo moito maior que o financiamento público, é un feito contrastado empiricamente. E, polo tanto, incumpre claramente que a programación do gasto público responda a criterios de eficiencia económica. Iso está na lei, e, polo tanto, estase incumprindo.

Resulta, ademais, que vai en contra da propia Lei 2/2010, de disciplina orzamentaria de Galicia. Porque, volvo repetir, entre dúas alternativas, acéptase a máis custosa. E non é ver-

dade, primeiro, que non houbera capacidade financeira para facelo polo sistema público, senón que, aínda encima, as circunstancias –que é verdade que no ano 2010 non se coñecían– do mercado de capitais, dos tipos de interese e do nivel de endebedamento desta comunidade autónoma permitían perfectamente un endebedamento maior. E, se non, que llelo pregunten ás comunidades autónomas que están máis endebedadas.

Tamén se incumpriu na Lei 8/2008, de saúde de Galicia, dar dereito á cidadanía á participación neste mecanismo, que non existiu, que nós saibamos. Ao mellor houbo algunha reunión de carácter privado. Por suposto, non hai ningunha asunción de riscos –demanda cautiva– por parte da empresa concesionaria. En Vigo tiñamos xa a demanda cativa ao señor Silveira, que era unha empresa privada e xa todos o sabíamos, Povisa, e agora temos dúas empresas con demanda cativa: a sociedade concesionaria do Hospital de Vigo e Povisa. Polo tanto, insisto, é incumprimento.

Seguinte incumprimento, a concesionaria inicial xa non existe como tal, porque entre elas había empresas que dependían de caixas de aforro que desapareceron e que neste momento son propiedade eses fondos dun fondo de risco norteamericano, que é *Hill International*, é dicir, que tampouco se cumpre esa condición inicial.

E, por outra parte, tamén se di que na PFI ten que ser a empresa concesionaria a que asuma os custos e o financiamento. Estivo parado practicamente ano e medio ese hospital, porque a empresa concesionaria non era capaz de conseguir ese financiamento. E tivemos que asistir ao feito, absolutamente bochornoso, de que mentres o Goberno galego estaba absolutamente de brazos cruzados ante as dificultades de financiamento do tecido produtivo deste país, foi quen de avalar un crédito de 180 millóns de euros ante o Banco Europeo de Inversións para que esa empresa puidera facer negocio coa saúde dos vigueses e das viguesas.

Polo tanto, hai un incumprimento sistemático no procedemento e hai un incumprimento sistemático na resolución, porque o hospital, aínda que cando a miña compañeira Carmen Acuña o di é, por suposto, privado, máis pequeno, por moito que lles moleste, por moito que casualmente coincida co PP...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...pero é privado e pequeno, 843 camas nun proxecto de 1.453 camas, e non me vale que as habitacións son dobres, e que caben dúas camas, porque nos hospitais de campaña tamén hai camas nos pasillos, pero son hospitais de campaña, non son outra cousa.

Dino os traballadores, todos, que é máis pequeno, que non é o proxecto que apoiaron e que discutiron, e que negan vostedes a evidencia, ¡negan a evidencia!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

E, polo tanto, esta é a razón pola que pedimos ese rescate, desde logo co menor custo para as arcas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. E non somos só nin os socialistas e o conxunto da esquerda, son, entre outros, case a metade dos profesionais do hospital de Vigo, case a metade dos profesionais do hospital de Vigo, do Hospital Álvaro Cunqueiro, os que din que o proxecto é un proxecto fallido, que só serve para enriquecer...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...a algunhas empresas.

Eu, aínda arriscando a que teña que retiralo, chámolle pelotazo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pois eu pregaríalle que o retirara.

¿Retírao? Grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

(Interrupcións.) (Murmurios.)

Acordo entre o presidente e o deputado. Nada que dicir.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Deica pouco imos ter que contratar un censor.

Grazas, presidente.

3 de setembro, 200.000 persoas na rúa de Vigo poñéndolle precisamente cara á dignidade, esa da que carecen aqueles que lles dá igual o que está a suceder no hospital de Vigo: a dignidade das persoas doentes, a dignidade dos profesionais e das profesionais e de todos os galegos e galegas que pagamos, á custa da falta de investimento noutras áreas da sanidade, un hospital privado capricho do señor Feijóo, un capricho caro, unha PFI, a xoia da coroa do Goberno Feijóo, que é un fracaso.

Unha mobilización que culminaba unha xeira de protestas durante moitos anos contra a indecencia dun goberno que non só privatizou un hospital que era obviamente necesario, senón que pauperizaba a atención obrigando os profesionais a traballar nunhas condicións indignas. Unha mobilización que conseguiu dar cos osos da señora Mosquera na rúa e, con todo, dende entón mudanzas cosméticas. Non fixeron absolutamente nada dende a entrada do novo conselleiro, non lles importaron as denuncias dos servizos como na UCI, en urxencias; vítimas dun traslado fallido sen planificar e da ausencia de medios suficientes; da psiquiatría, onde tampouco hai profesionais suficientes para proporcionar atención adecuada; das matronas, cada matrona debe atender dous partos, hai persoal insuficiente; dos celadores e celadoras, que foron no seu momento privatizados para devolverlles as súas atribucións despois dunha loita nada doada; dos laboratorios e da propia farmacia.

Dixemos, e así llo comuniquéi ao xerente na nosa visita ao centro, que se están a atrasar os tratamentos de quimioterapia, isto é unha cousa moi grave.

Dálles igual absolutamente todo, incluso a situación das mostras, como estaban as mostras de anatomía patolóxica nun cuartucho escuro nun baixo, ou que vai suceder, por exemplo, co arquivo de material xenético que estaba situado no hospital xeral. Impórtalles ben pouco a investigación e a intelixencia; van non sabemos se desfacerse delas ou están sobre risco de perderse as mostras xenéticas, que son necesarias para estudos científicos.

Pasan enriba de todo como pasaron por enriba das leis e coa normativa en canto á adxudicación e á construción. Nada pareceu servir que advertísemos dende o inicio dos

prexuízos que ía ter un hospital privado, cunha xerencia privada tamén, como se explicou aquí, cunha directiva completa privada e que ía supoñer un endebedamento que comprometería os orzamentos sanitarios durante anos; advertímolos antes de estar aquí e advertímolos dende que entramos neste Parlamento.

Un endebedamento, pois, que xa o Consello de Contas, como se trasladou no pasado debate do pasado Pleno, advertiu que comprometía a sostibilidade da sanidade pública. ¡Pero que máis dá!, o Partido Popular seguiu cara a adiante, que máis dá se se incumpren ou se incumprían os prazos de execución, non pasa nada. Advertímolos no seu momento, deulles absolutamente igual.

Que o concesionario modifica ou recorta un 32 % das camas de 1.239 a 845, ¿que importa, seguimos adiante? Que ao final o hospital non ten laboratorio central, dá igual, ¿que importa? Que se recorte o 25 % das camas de UCI, ¡tanto lles ten! E que coa reordenación do Nicolás Peña e do Meixoeiro –ese que segundo o Partido Popular está tan ben e non ten goteiras– nos quedemos cun 29 % menos de camas previstas nas áreas, pois tanto lles ten, así tamén Povisa fai negocio, por suposto, á custa dos seus traballadores e das súas traballadoras, que hoxe volven denunciar, unha vez máis, as condicións nas que teñen que traballar.

¿E que lles importa que tivese que ser a Xunta de Galicia a que acadise a resolver a falla de financiamento? Todo isto dálles absolutamente igual, e temos denunciado neste Parlamento, en múltiples ocasións, os incumprimentos; levamos, pois, moito tempo relacionando a situación actual cos incumprimentos en materia financeira, en materia dos resultados xerais do propio centro e en materia pois tamén do deseño desa PFI.

E, polo tanto, concordando con esta iniciativa de hoxe do PSdeG, o que pedimos coa emenda que presentamos é concretar, pois, precisamente como se vai facer ese rescate, iso mesmo que xa plantexamos no Pleno anterior, e entendemos que non haberá problema en votar a favor, porque así se votou a favor no Pleno anterior polo resto de grupos da oposición.

Unha emenda que concreta o método de recuperación do hospital e que permite negociar coa sociedade concesionaria

para adquirir tanto o valor investido pola mesma, o capital social, o crédito aportado e mesmo o interese de mercado, como xa explicou o compañeiro Xosé Manuel Beiras na anterior intervención no pasado Pleno.

Pero o que temos defendido durante anos dende este grupo parlamentario é ese rescate. Permittedo, polo tanto, devolver ao público algo que nunca debiera ter saído do público, e se o 3 de setembro houbo 200.000 persoas na rúa, pedíndolle, poñéndolle cara a esa dignidade, agora parece que o 12 de maio volverán poñerlle cara a esa dignidade no albor do que será, xa por fin, un hospital público para Vigo, porque o imos recuperar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Rescatar un hospital é o que demanda esta PNL que o Grupo Mixto vai apoiar co seu voto, rescatar o Hospital Álvaro Cunqueiro do afán de lucro da concesionaria, pero tamén dunha xestión política supostamente fraudulenta. O trámite de concesión á empresa privada está denunciado pola Asociación Galega de Defensa da Sanidade Pública e admitido a trámite polas autoridades europeas. Un despropósito dende que o señor Feijóo, convencido e experto privatizador, asumiu a Presidencia da Xunta de Galiza.

Imitando o guión da señora Esperanza Aguirre –esa líder tan valorada no Partido Popular– en Madrid, o señor Feijóo dá o primeiro paso, a construción do hospital baixo o modelo de xestión mixta, e fáino sen concurso e sen consenso, a dedo, como vulgarmente se diría. Este paso supuxo o incremento do presuposto inicial, primeira consecuencia, máis ou menos no triplo do que tiña presupostado o Goberno bipartito. E o resultado fixo correr ríos de tinta e encheu as rúas da cidade de Vigo nunha das máis grandes manifas que se teñen contemplado na democracia. Son abreviaturas moi coloquiais.

Inaugurado despois dun longo proceso de irregularidades e en pleno período electoral, as deficiencias atopadas

foron de tal magnitude que provocaron o cese da anterior conselleira.

A xestión privada na construción do edificio, cuxo fin é o de aumentar o beneficio para a empresa e non a saúde e a seguridade de usuarias e profesionais dunha sanidade pública de calidade, traducíuse na redución de servizos, na dimensión do edificio, na calidade dos materiais empregados e nos equipamentos, en calidade e en cantidade.

Concretamente atopáronse deficiencias nos accesos, nos equipamentos, presenza de roedores, caídas de teitos, traslado precipitado de pacientes con consecuencias por todas coñecidas, paredes de papel que impiden situar equipamentos, verquidos de augas fecais, inundacións, ausencia de lavabos en quirófanos, goteiras, diminución do espazo de urxencias. Semella esaxerado, escoitado así, e estouno lendo e paréceme esaxerado, pero é unha triste e esperpéntica realidade.

O segundo paso do modelo Aguirre é a externalización de certos servizos: limpeza, mantemento, lavandería, *catering*, dietética, etc. Seguindo o guión, o resultado no Álvaro Cunqueiro é: comida insuficiente e de mala calidade, os pacientes non dispuñan nun principio de auga mineral, as bolsas de lixo e roupa usada amontoadas, desconches, avarías que non se arranxan...

Terceiro paso, na estratexia neoliberal de Aguirre e do seu discípulo Feijóo, sería a privatización total do sistema público sanitario. Aguirre non o logrou, esperemos que o señor Feijóo tampouco o acade aquí na Galiza.

Esta PNL trata de reparar a legalidade e de iniciar o procedemento de rescate deste hospital para a xestión pública e evitar que a cidadanía galega quede pendente, quede hipotecada para o futuro en sanidade cunha débeda impresionante. Son 80 millóns de euros o que aportou a empresa concesionaria, que deben ser devoltos sen indemnización nin pago de lucro cesante, asumindo a empresa no proceso de rescate a reparación que precise o centro, derivada do aforro e do afán de lucro da empresa, e que mesmo pon en risco a saúde e a seguridade de usuarias e profesionais da sanidade pública.

Recuperar tamén os recortes introducidos no contrato entre o Sergas e a concesionaria para abaratar custos, camas, quirófanos, módulos de investigación e docencia, etc., etc., e

recuperar tamén o risco de financiamento que, por contrato, corría a cargo da concesionaria, pero a través dun cambalache burocrático foi cuberto en grande parte pola Xunta de Galicia, nese louco afán do Partido do Goberno de protexer o sector privado.

Por suposto, señor Abel Losada, o Grupo Mixto vai apoiar a iniciativa.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día. Efectivamente, volvemos hoxe falar neste Parlamento do novo hospital de Vigo. É evidente que que un tema como este veña tantas veces a este Parlamento é mostra da importancia que isto ten e é mostra pois da enorme preocupación que a construción deste hospital e a posta en funcionamento e as múltiples deficiencias e o sistema empregado pois causan en xeral entre a poboación, entre os profesionais e demais, ¿non?

E, efectivamente –diciao o señor Losada, pero xa o dixemos máis veces–, é obvio que a decisión de construír o novo hospital de Vigo polo modelo PFI está máis que contrastado que é máis caro, que é máis caro ás arcas públicas, que é un modelo para beneficiar as empresas, que custa pois moitísimo máis que a xestión pública. Hai estudos máis que abondosos, testados, de sitios onde xa o fixeron, e onde as probas están aí á vista, ¿non?

Tamén están testados os resultados que este modelo ten logo para a sanidade das persoas, para a calidade da sanidade que se presta, que se traduce en sufrimento e en morte.

E hai estudos xa feitos do que este modelo no Reino Unido ten significado para a calidade sanitaria. Hai estudos xa feitos, abondosos, que demostran o aumento da mortalidade na poboación como consecuencia de entregarlles como nicho de mercado a sanidade pública a empresas privadas, estudos aos que calquera pode acceder, están desde publicados en escrito ou a través das redes sociais, feitos pois por

especialistas de diferente índole, desde economistas ata sociólogos e estudosos do tema.

É dicir, creo que non se atreverá aquí o Partido Popular a desmentir esa relación causa-efecto entre a privatización, unha peor calidade asistencial e as consecuencias na morbilidade e mortalidade da poboación. Está xa máis que demostrado.

E está máis que demostrado que o hospital de Vigo é un hospital privado. Eu, no anterior pleno, cando abordamos este tema, xa o dixen, pero, vamos, non era ningunha novidade, era de todos e todas coñecido, que é un hospital privado, porque está no balance da contabilidade da UTE que fixo o hospital. É que é así de sinxelo, non está como un ben do Goberno galego, dos galegos e das galegas, está computado pois no balance da empresa concesionaria. É así, que é un hospital privado a quen o Sergas lle ten alugado as instalacións para prestar alí a asistencia sanitaria. É así o mecanismo.

Vostedes foron a un modelo que significa construción dun hospital por parte dunha empresa privada, e dona ata que pasen ese vinte anos de canon, e o que fai o Sergas é arrendar esa instalación a cambio pois duns médicos case 70 millóns de euros ao ano. Negocio redondo, negocio redondo para a empresa, esa empresa que estaba en quebra, esa UTE que estaba en quebra, que o Goberno galego, que non busca financiamento para si mesmo, porque resulta que non se podía, búscallo para a empresa.

Toda esa relación de despropósitos, que levaron a que a área sanitaria de Vigo non estea mellor atendida, non teña mellores recursos, non teña máis camas, non teña un hospital para satisfacer as necesidades sanitarias de toda unha área, que teña un hospital que non ten laboratorio central, que non ten neste momento unha esterilización que permita que se estea funcionando como tiña que ser, que se estean suspendendo quirófanos a pesar de que, efectivamente, onte o conselleiro anunciou aquí pois que ía ser a central de esterilización mellor de Europa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, xa veremos, de momento é un caos, de momento é un caos.

Entón, pois no BNG volvemos dicir o mesmo: foi unha decisión política ir a este modelo, foi unha decisión política construír un hospital público pagando moito máis as arcas públicas. E o que hai que facer é tomar a decisión política de

reverter esa decisión e ir á contraria, de rescatar ese hospital para o servizo público, rescatar ese hospital para que sexa a xestión, o control e as decisións desde o público, porque neste momento –pódeno vostedes negar, pero as probas están aí, os profesionais asisten todos os días– quen manda no hospital, nas decisións fundamentais, é a concesionaria, é o persoal directivo que está alí; son os que tomas as decisións gordas, efectivamente, son os que tomas as decisións gordas.

Co cal, decisión política para privatizalo, decisión política para rescatalo. Por iso, nós, no anterior pleno, dixemos que nos vale calquera itinerario que leve ao obxectivo final, obxectivo final de que o hospital de Vigo sexa público, e que, despois de facelo público, se lle instalen todos os recursos e todos os servizos que non ten, para que sexa o hospital de referencia que a área sanitaria de Vigo necesita...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...que neste momento, dende logo, a área sanitaria de Vigo é das máis maltratadas do noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Dorado.

O señor DORADO SOTO: Grazas, presidente.

Moi bos días a todos.

Señor Losada, non son catedrático, é verdade, pero sei o que é unha SA e sei o que é o PSOE: mentiras, paro e crise. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

E digo isto polo seguinte. Eu non son catedrático e vostede tampouco, pero vostede non soubo ler as estatísticas que hoxe o Instituto Nacional de Estatística sacou con respecto ao crecemento do PIB do ano 2015, disgregado por comunidades autónomas. Aquí verá, señor Losada, que Galicia creceu exactamente o mesmo que España, o 3,2 (*Pronúncianse palabras que non se perciben*), en termos de volume, señor Losada, o 3,2. Se me deixa intervir, que vostede tivo dez minutos e eu teño cinco.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor DORADO SOTO: Pois ben, creceu exactamente o mesmo que España, que vén sendo 1,4 máis que a media da Unión Europea.

¿Sabe vostedes o que dicían, señor Losada, cando se debatía nesta Cámara o proxecto de orzamentos do ano 2015? Que a previsión da Xunta de Galicia era exaxerada; prevía un 2,8 % de crecemento e crecemos un 3,2 %. *(Aplausos.)* Vostede dicía: ¿como é posible iso de que Galicia poida crecer o dobre que Alemaña, non o cren nin vostedes? Pois ben, superamos as previsións que tiñamos nós para o ano 2015.

Ben, entrando xa na cuestión do Álvaro Cunqueiro, gustárame ler un tuit, un tuit que di o seguinte: *–(Pronúncianse palabras que non se perciben) Grazas.– “Cuando te atienden en un hospital público, te sientes orgulloso de tu país. Ya de alta, gracias a unos maravillosos profesionales sanitarios.”* É o paciente Iglesias, o paciente Pablo Iglesias, que hai apenas uns días tivo un cólico –desexámoslle unha pronta recuperación– e asistiu ao hospital de Arganda do Rei, unha localidade ao sur da capital, de Madrid, que foi construído baixo o mesmo sistema de financiamento e de colaboración público-privada, *(Murmurios.)* cunha diferenza: que a concesión deste hospital é de trinta anos, e a do Álvaro Cunqueiro é de vinte. ¿Como di que é este hospital o señor Iglesias? Un hospital público, como é efectivamente o de Arganda do Rei, e como por suposto é o Álvaro Cunqueiro. *(Aplausos.)*

Pois ben, por medo a que parte desta Cámara, concretamente os socialistas, non se vexan representados no señor Iglesias, voulle falar dun referente socialista, neste caso o señor Antich, que foi presidente das Illas Baleares. Este presidente, o señor Antich, cando chegou ao Goberno de Baleares, o que fixo foi parar as obras do hospital de Son Espases. Pero aos dous meses o que fixo foi reanudarlas cun sistema de financiamento público-privado, exactamente o mesmo que o Álvaro Cunqueiro, facendo unha modificación e ampliando a concesión dese hospital. *(Murmurios.)*

O mesmo fai o Partido Socialista noutras comunidades autónomas. *(Murmurios.)*

Como este debate xa é reiterativo, e xa levamos falando deste debate moitas veces neste pleno, a min gustárame contar que mentres a oposición desta Cámara leva facendo exactamente a mesma iniciativa dende hai catro anos, o hospital Álvaro Cunqueiro, o hospital público Álvaro Cunqueiro e o Chuvi van evolucionando.

As novidades son evidentes. Estase a instalar un cuarto acelerador no Meixoeiro. *“El Chuvi se dota de un equipo diagnóstico de patologías de mama que supone un gran avance cualitativo y cuantitativo.” “El laboratorio de neumatología del Cunqueiro suma dos máquinas más que evitan desvíos.” “El Chuvi realiza un estudio pionero en el mundo para ver los beneficios de la rehabilitación en operaciones de cáncer de páncreas.” “El Sergas firma un convenio con el Concello de Salceda de Caselas para construir un nuevo centro de salud.”* *(Murmurios.)*

É dicir, mentes vostedes seguen ancorados na mesma teoría, o Sergas e a sanidade pública de Galicia segue evolucionando e concretamente na área sanitaria de Vigo. *(Murmurios.)*

Hai uns días, vimos esta imaxe, esta imaxe na cal aparecen catro cargos públicos –esta señora non sei quen é–, catro cargos públicos. Ao da dereita seguramente xa non o recoñezan, pero era subsecretario xeral ata hai uns días. Tres dos catro teñen en común varias cuestións. A primeira, que están imputados por corrupción, e a segunda é que non deixaron de poñer trabas no camiño para que isto que teñen detrás, que é o hospital público Álvaro Cunqueiro, se construíra. Nunca puxeron nada pola súa banda para que este hospital fose unha realidade, pero hoxe é unha realidade, hoxe é unha realidade a pesar das moitas trabas que puxeron no camiño.

Mentres vostedes seguen pedindo o mesmo que hai catro anos e seguen tratando de desbaratar este gran hospital, neste hospital xa se fixeron 5.250 operacións cirúrxicas, 8.000 hospitalizacións, 233.000 consultas e 85.000 urxencias atendidas, señor Losada. Xa é hora, xa é hora de que cambien de actitude.

Remato, e remato cun comentario, un comentario das redes sociais dunha señora da Guarda, que di o seguinte: *“Hai poucas cousas que me descentran. Tocoume ter familia ingresada e botei máis de tres meses no Cunqueiro, cunhas profesionais maravillosas ás que lles estarei sempre agrade-*

cida. Eu estiven en Alemaña moitos anos, e bastantes veces ingresada, e xa quixeran os alemáns ter un hospital como o Álvaro Cunqueiro. Non valoramos o que temos (*Murmurios.*). Que teñan fallos non o dubido, como en todo. En corrixir os fallos estou de acordo, pero sacar as cousas de quicio non o comparto. Non destrúamos, mellor constrúamos polo ben de todos.” (*Murmurios.*)

Por favor, señor Losada, constrúan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Dorado.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Losada.

(*Murmurios.*)

Silencio, silencio, por favor. ¡Silencio, por favor!, para que poida concluír o señor Losada. Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non, espere, espere, aínda non. ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Señor Dorado, mire, ten que mellorar a pasantía. Eu desde logo non falo en termos de volume, falo en termos da folla web do Instituto Nacional de Estadística, de hoxe mesmo: “*PIB a precios de mercado. Precios corrientes. Unidad miles de euros: Galicia 3,4; total nacional, 3,8.*” (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, si, está moi ben, esa tamén a coñezo; entón, tedes algún problema de axuste. Ben, ben, ben.

Desde logo, eu sei que o sistema xudicial español ten algún problema, agradezo moito a clase do señor Puy, ¡coma sempre!, (*Risos.*) pero gustaríame que me deixara falar, porque non está no debate, señora presidenta, ¡que eu saiba!, ¡que eu saiba non está no debate! (*Aplausos.*) E se está, gustaríame que se me dixera; se está no debate, gustaríame que se me dixera.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Sabe vostede que non está. Continúe. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Entón, estaría ben que llo dixera vostede a el.

Mire, eu sei que o sistema xudicial español ten algunhas lagoas, é unha lástima que sexa o señor Antich quen pon en marcha o sistema PFI do Hospital Son Espases e quen está declarando por *poner el caso* a OHL sexa o señor Matas por ese mesmo hospital. ¡Está moi ben! (*Aplausos.*)

Mire, ¿sabe de que estamos falando, señor Dorado? Estamos falando de dous vectores fundamentais. O primeiro, e non vou dicir *pelotazo*, vou dicir ideoloxía e negocio, negocio da empresa que ten o CIF A27752120. E, por suposto, con todos os meus respectos aos pacientes que están alí, que poden sentirse magnificamente tratados, eu non falei en ningún momento dos profesionais do Sergas, ¡eh! Ou sexa, non me intente vostede mesturar intencionadamente o que eu non dixen.

Eu non falei dos profesionais do Sergas. É máis, asistín a un feito inaudito: a como profesionais do Sergas reclamaban melloras para o seu centro de traballo sen falar do seu salario, e a conselleira, nun acto de miseria política, por non dicir outra cousa, dixo que en realidade se queixaban porque querían despachos mellores. ¿Non se acorda vostede? ¿Non estaba nese momento cando o dixo aquí a conselleira? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu, si, ¡eh!, eu estaba, eu estaba aquí.

Polo tanto, con todos os meus respectos aos pacientes, os beneficios empresariais teñen un CIF, e non é Galicia, é Acciona, gústelles ou non, gústelles ou non. E veñan aquí contarnos as historias que vostedes queiran.

E, por certo, dicíalle: ideoloxía e negocio. ¿E sabe cal é o outro factor? O outro factor é unha campaña publicitaria sen precedentes para mostrar a Feijóo como un bo xestor. Un axuste brutal do déficit, que, efectivamente, pois acabou rachando cos servizos públicos esenciais neste país, por moito que vostedes intenten disfrazalo e aquí nos vendan miles e miles de prazas en todo tipo de servizos públicos, e desde logo, desde logo, o que acontece, sen ningunha dúbida, é que Galicia estaría...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ:... en condicións de rescatar ese hospital.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Porque cando din os titulares e cando di o Ministerio de Economía: “*El Gobierno financiará este año otros 1.700 millones de euros a interés cero para Galicia*” –porque a xestión de Feijóo, polo visto, foi moi boa–, ¿para que os van utilizar?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non sei para que os van utilizar, pero seguro que non para limitar os beneficios desa empresa con NIF señor Dorado. Digan iso aquí. (*Murmurios.*) Digan iso aquí.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non, non, non necesito ver fotos. Digan iso aquí, digan que non lles importan os beneficios de Acciona e que o que lles importa de verdade é a saúde dos galegos. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Losada, ¿a emenda? ¿Acepta a emenda?

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Agradezo a comprensión da presidencia, señora presidenta. Si, non, non imos aceptar a emenda da Alternativa Galega de Esquerda.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vale. Moitas grazas, señor Losada.

Pasamos entón á seguinte proposición non de lei, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha oferta pública de emprego que

cupra a totalidade das prazas vacantes desde o ano 2009 na sanidade pública.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha oferta pública de emprego que cubra a totalidade das prazas vacantes desde o ano 2009 na sanidade pública, así como o acordo cos sindicatos dunha orde para vincular os contratos do Sergas á súa motivación

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta iniciativa presentóuselle unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 48186.

Emenda de adición.

Engadir ao final do primeiro punto: “...en todas as categorías profesionais.”

Emenda de adición.

Engadir un novo punto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que convoque todas as prazas estruturais ocupadas por persoal eventual con duración superior a un ano.”)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para a defensa da iniciativa ten a palabra a señora Solla.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidenta.

Hoxe traemos unha iniciativa de xustiza, primeiro, cos profesionais e coas profesionais da sanidade pública, e, en segundo lugar, cos galegos e coas galegas que acudimos a esa sanidade pública, en tempos onde era preciso e estaba previsto o incremento de prazas nalgúns servizos –porque así se estudara que era necesario, sobre todo na atención primaria pero tamén noutros servizos–. A creación de novas

prazas era viable, pero o Partido Popular decidiu non só freala, senón iniciar unha agresiva redución da plantilla sanitaria, dos sanitarios e das sanitarias, que hoxe levou á precariedade actual. Fixérono en nome do sacrosanto sostén do déficit, un sostén que non era real, porque sabemos hoxe que eses recortes en nome da crise non só sobreviviron ou non só se crearon en base ao empobrecemento da poboación galega senón tamén baixo esa suposta... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...falta de financiamento –dicían que non había cartos e seguiron dicindo ata hai nada–. Xustificaron un recorte pois de ao redor dun 7 % dos orzamentos sanitarios e 2.600 millóns de euros no global da Xunta. Pero, mentres iso sucedía, o señor Feijóo endebedábanos ata chegar á débeda actual, que sobrepasa os 10.000 millóns de euros. É dicir, brutais recortes sociais que, en troques de reducir a débeda e mellorar a economía do país real, a incrementaron, e ampliaron tamén os xuros, o que lles pagamos aos bancos, os fluxos de pago multimillonarios que temos ata 2040 por mor das colaboracións público-privadas como a que acabamos de debater agora mesmo en relación co novo hospital de Vigo.

Polo tanto, os recortes só serviron para engrosar o beneficio dos de sempre, e os recortes no número de profesionais sanitarios son ao noso parecer –e, polo tanto, un roubo– unha descapitalización que non serviu máis que para empeorar a sanidade pública e a situación de milleiros de profesionais que hoxe teñen que asumir, ademais de todo isto, o incremento das cargas de traballo que supón pois esa eliminación de milleiros de prazas de sanitarios e sanitarias.

Dende o ano 2010 –como saben as súas señorías e temos debatido aquí ata a saciedade– aplicouse sobre o influxo deses topes de gasto esa taxa de reposición do 10 %, que limitou, polo tanto, o número de profesionais, non só na sanidade –na educación e poderíamos falar de moitos outros servizos públicos–. É dicir, que –como xa explicamos– do 100 % das prazas vacantes un 90% eran destruídas. Esa mesma taxa de reposición que en 2015 se elevou ata o 50 % pero en ningún caso suplindo o cento por cento das prazas tal e como se lles reclamaba.

De aquí saen dous problemas. Un primeiro, que durante estes anos nin tan sequera se convocaron... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...ese descenso das prazas, e eu no particular, no que se refire á miña categoría, tiven que agardar seis anos para poder volver presentarme a unha oferta pública de emprego, e outras categorías nin sequera tiveron –entre comiñas– esa “sorte” –porque non é unha sorte– de poder presentarse. E, en segundo lugar, o anuncio da recuperación da posibilidade desa taxa de reposición non leva parello ou non supuxo obviamente suplir todas as prazas que se eliminaron durante todos estes anos. O que non podemos entender é como, se o Partido Popular sostén que existe recuperación económica, non existe para recuperar precisamente a totalidade desas prazas.

O que sucede –como acabo de explicar– é que non só se amortizaron prazas, senón que as que quedaron vacantes non saíron en oferta pública de emprego –seis anos agardei eu, outras categorías nin sequera iso–. E, polo tanto, todas esas prazas o que está a suceder é que se cobren con traballo precario, con contratos que deberían estar cubertos pois con contratos de longa duración, e con estabilidade e con prazas que se adxudicaran mediante oferta pública de emprego; en 2014 –os últimos datos que temos, como referimos na iniciativa– máis de 100.000 contratos por días, aos que hai que sumar eses acúmulos de tarefas.

Como xa temos denunciado aquí e están cansos e cansas de denunciado os profesionais sanitarios eventuais, hai unha utilización perversa do que antes era un contrato –digamos, entre comiñas– de “máis calidade” que eran os acúmulos de tarefas. Agora mesmo, dende xa hai uns anos, asínanse eses contratos cada quince días e aínda por enriba se utilizan para cubrir días soltos de necesidade en diferentes servizos. De tal maneira que, a pesar de ter un contrato de quince días –antes considerábanse de seis meses os acúmulos e asinábanse pois creo recordar que cada tres meses–, pois a pesar diso, cada día poden destinar ese profesional a un servizo diferente. Unha precariedade que é indecente e que non merecen persoas que levan toda a súa vida traballando para a sanidade pública.

Eu non sei se é experiencia persoal, pero cando eu rematei a carreira, hai unha década, pois estimábase ao redor

dunha década, doce anos, catorce ao sumo, que as persoas pois dunha promoción soían acadar, se traballaban máis ou menos continuamente, a praza pública presentándose a esas oposicións. A día de hoxe non só a xente da miña promoción, senón algunha máis antiga –dalgúns anos máis antigos–, seguen coa mesma precariedade que tiñamos cando comezamos a traballar, ou probablemente peor, porque ese abuso de contratos de días e de horas o que fai é que a situación pois se cronifique e non exista maneira ningunha de que as persoas poidan planificar a súa vida. Outros e outras –en contra do que se dixo nalgunha comisión parlamentaria– nin sequera chegan nunca a poder acceder ao seu primeiro traballo, rematan as promocións no meu caso –tamén noutras categorías– ou rematan os ciclos formativos e nunca poden incorporarse porque non hai traballo dabondo.

E iso non é só un problema laboral, é un problema obvio da calidade dos servizos sanitarios. É imposible proporcionar o mesmo servizo cando temos pois preto de 2.000 profesionais menos, un pouco menos de 2.000. Cando temos unha baixada de tantos profesionais, é imposible que se poida proporcionar o mesmo servizo, ¿non?

E, polo tanto, o que estamos pedindo aquí, e que consideramos que é de xustiza, é unha iniciativa básica, en contra do que poida parecer. Non estamos pedindo que se xeren novos servizos, novas prazas, que se melloren servizos, que poderíamos entender que é así, ¿non?, porque cremos que na atención primaria, por exemplo, habería que crear moitas prazas e que, de feito, así estaban planificadas.

O que estamos pedindo é que se cubran todas as vacantes que quedaron dende o ano 2009 e que se estableza unha orde de vínculos que obrigue o Sergas a contratar polas causas que motivan esa contratación. Non se pode estar utilizando os contratos para precarizar aínda máis os traballadores e traballadoras da sanidade, utilizando un contrato para cubri-lo absolutamente todo e enviándoos pois cada día a un servizo diferente ou mesmo a distintos servizos: sube aquí, baixa a outra planta, vai a outro servizo... Unha situación totalmente rocambolesca que nós entendemos que conculca todo tipo de dereitos laborais.

Dende logo –e vou rematando xa–, 816 prazas que se sacaron, porque é ano electoral e tocaba –claro, hai eleccións autonómicas e é o que toca–, non suplen toda a destrución

realizada durante estes anos. Nada vai devolver á sanidade pública todo o que aportaron os profesionais asumindo toda esa carga de traballo estes anos, pero, polo menos, o que se debe facer é corrixir esta situación.

Entendemos que hoxe o Partido Popular, en aras desa recuperación económica, deba apoiar esta iniciativa que hoxe presentamos.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Bueno, pois hoxe volvemos falar da necesidade de que a sanidade pública de Galiza teña persoal en cantidade suficiente. O BNG vai apoiar esta iniciativa, señora Solla, mais –laméntoo– temo que o Partido Popular vai facer o mesmo que fixo na anterior Comisión 5ª, onde o BNG levou esta petición e votaron en contra. Consideran que non é necesario, pois noutros sitios están peor; entón, ¿para que imos nós estar ben? Imos igualarnos por abaixo, ¡por favor! Ou igual corre o mesmo risco pois que a iniciativa do BNG de onte, que tamén votaron en contra de que o Sergas teña o persoal necesario para dar o servizo. Igual pois caeron hoxe da cama ou pegaron un golpe e resulta que reaccionan e fan o correcto e apoian pois que o Servizo Galego de Saúde pois teña o persoal preciso, ¿non?

Porque mire, un dos temas importantes do sistema sanitario é o persoal. Sen un persoal formado, en cantidade suficiente e cunhas condicións laborais dignas, non hai sanidade posible, non hai unha sanidade de calidade posible. Para ter uns servizos públicos de calidade, precísase persoal cualificado e suficiente. E o Goberno do Partido Popular, sustentado polo grupo maioritario desta Cámara, o Partido Popular, pois sistematicamente o que fixeron foi reducir ese enorme capital humano. O que están a facer é descapitalizar de recursos humanos a sanidade pública. Podemos ir aos datos e vemos que a medida que se descapitaliza a pública se capitaliza a privada. Podemos volver ao debate do anterior punto, ¿non? É algo así ben sinxelo.

Mire, entre o ano 2010 e 2014 xubiláronse máis de 3.000 persoas, 3.000 profesionais no Sergas. Se contabilizamos as prazas que foron ofertando desde esta segunda era feijooniana de persoal, temos que no 2012 foron 176 prazas de facultativos; entre o 13 e o 14, 205 de enfermería e 82 de facultativos; no 14-15, 104 para o resto de colectivos e 314; e este ano, 818; dan 1.700. É dicir, que con esta convocatoria de 814 prazas que, de tanto anunciálas, parece que cada vez que a anuncian son 800 máis e que fan a multiplicación dos pans e dos peixes, resulta que con esta convocatoria é que nin sequera non chega practicamente á metade das que se perderon. Co cal, evidentemente, estamos a falar dun ERE no Sergas de máis de 1.500 persoas, cando se remate e cando sexan efectivas estas 800 e algo de prazas, porque ¡ao ritmo que van!; están convocadas, non sabemos cando van resolvelas, cando van tomar posesión, porque aquí todo pode esperar, ¿non?

Porque están xogando á trampa da taxa de reposición. Din que xa convocan a totalidade das prazas; a totalidade das prazas do ano 2015, pero non de todas as que se perderon nos anos anteriores, claro, non de todas as 1.500 que se perderon nos anos anteriores. Co cal estamos nun balance negativo.

Imos apoiar esta iniciativa e presentámoslle unha emenda de dúas matizacións. Unha é que onde a iniciativa solicita que se convoque unha oferta pública de emprego que cubra o cen por cen das prazas vacantes desde o 2009, o que pedimos desde o BNG é que sexa en todas as categorías, porque con esa coletilla que meten na Lei de acompañamento dos orzamentos de que poden acumular as prazas nas categorías que consideren oportuno, resulta que o que están facendo é convocar prazas pero en moitas non as están convocando. Co cal nós cremos que son necesarias todas esas prazas: esas prazas de mantemento e todos eses servizos que levan anos, desde o 2009, sen convocar ningunha praza. Entón, agardamos que sexa aceptada que sexa de todas as categorías.

E logo un novo punto no que o que pedimos é que se convoquen todas as prazas estruturais ocupadas por persoal eventual. Porque as prazas ás que estou facendo referencia son as consideradas estruturais, pero hai outras moitas vacantes –que tamén existen, pero que non están consideradas estruturais– que están aí nunha especie de limbo. Tráta-

se de prazas nas que o persoal está contratado en precario, e no BNG consideramos que tamén hai que computar, que se deben computar todas as prazas, que deben saír a concurso todas esas prazas.

Está máis que discutido, unha sanidade en condicións necesita...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...persoal suficiente en condicións; precisa eliminar esa contratación en precario, onde neste momento a maioría dos contratos que fai o Sergas son contratos por días. Estamos nesa situación de que, por exemplo, en consultas de sábado a domingo non fai falta persoal, e chegarán a este ritmo a que contraten de luns a venres...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...para non contratar en fin de semana, contratar nas horas nas que hai máis asistencia. Bueno, unha precarización acorde coa súa reforma laboral.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez García, ten vostede a palabra.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Comentabamos onte que levamos un par de plenos falando moito de sanidade, o cal demostra que é algo que preocupa aos galegos e ás galegas e algo que non está funcionando ben, porque, se estivera funcionando ben, non sería un tema insistente neste Parlamento.

Eu pediríalle ao Partido Popular que, en vez de estar á defensiva, reflexione nas necesidades que se están reclamando, porque nada máis estamos trasladando o que se está dando na sociedade; un problema e unha preocupación da cidadanía que vostedes non teñen en conta.

Por exemplo, o informe de 2015 da Asociación del Defensor del Paciente, do Estado, di que o colapso en urxencias é unha constante en todo o Estado por falta de persoal, pero que a situación máis nefasta se dá, por esta orde, en Canarias, seguida de Galiza, Andalucía e Cataluña. Polo tanto, somos o segundos que teñen peores servizos de urxencias, máis colapsados e por falta de persoal.

No listado de hospitais máis denunciados por negligencias, o primeiro que aparece de Galiza é o CHUAC, que aparece en sétimo lugar. Pero o chamativo é que o Álvaro Cunqueiro de Vigo aparece no noveno lugar, cando só levaba apenas uns meses, menos de seis meses de vida, e xa aparece no noveno lugar como o hospital máis denunciado do Estado, o cal debería facer reflexionar ao Partido Popular.

En canto ás negligencias médicas, das 14.430 presentadas no Estado ante o defensor do paciente, en Galicia presentáronse 797, o que é unha proporción moi elevada en relación coa poboación que ten Galiza con referencia ao Estado. Polo tanto, proporcionalmente temos un elevadísimo número de denuncias por negligencias.

Hai que destacar tamén que as negligencias cometidas en Povisa con pacientes Sergas se atribúen ao CHUVI, polo tanto, aí tamén van incluídas esas denuncias de Povisa. E falando de Povisa, eu quero comentarlle ao Partido Popular que non tomen a mesma medida, porque copian moitas cousas de Povisa. Povisa acaba de abrir un expediente a todo o comité de empresa por denunciar que a precariedade laboral está afectando á calidade asistencial. Esa é a vía pola que vostedes, e este hospital consentido por vostedes, solucionan as cousas. Se alguén denuncia a precariedade e a falta de calidade, a perda de calidade na prestación dos servizos, inmediatamente é ameazado cun expediente a todo o comité, algo polo que eu creo que a Xunta e o Sergas, que é quen firmou ese concerto, debería tomar cartas no asunto, porque defender os intereses dos pacientes e defender os intereses dos traballadores e das traballadoras non é un delito, e moito menos cando só é unha declaración á prensa. Inaudito.

Pero tamén podíamos falar das listas de espera, que aínda que este informe do Valedor do Paciente do Estado fala de que se recoñece que hai unha redución de listas de espera en Galiza, di que esta redución se debe tamén a certas irregularidades, como a opacidade na actualización dos datos e, polo

tanto, un acicalamento das cifras, a reactivación de concertos coa sanidade privada durante gran parte do ano, a xestión encamiñada a privatización e plans de choque controvertidos. Polo tanto, o propio defensor do paciente do Estado pon en dúbida que a redución das listas de espera en Galicia sexan reais. E ademais o propio valedor di que hai opacidade para acicalar as cifras.

Tamén podemos falar da cantidade de recortes que houbo na sanidade e de como isto influíu na alta precariedade. Falouse xa das contratacións por días, onte eu falaba do sofreesforzo do persoal e das quendas estresantes, e iso influíu na calidade asistencial. Non hai que ser doutor en nada, non hai que ser licenciado en nada, hai que saber que se unha enfermeira atende 10 pacientes está máis estresada, e os pode atender peor, que se ten que atender a 5. É lóxico, é así de lóxico. Como non é o mesmo o servizo que presta unha persoa que descansa un día á semana que o servizo que presta unha persoa que descansa dous días á semana. Non é o mesmo a prestación dunha persoa que ten unha rotación estable, que a dunha persoa que ten unha rotación inestable, e hoxe está de mañá, mañá de noite, e pasado de tarde.

Eu non sei se vostedes saben o que é traballar a turnos. Eu traballei moitísimos anos a quendas e é un descoloque total e influíu. Polo tanto, toda esta precarización, isto de chamar a xente ás oito da mañá, vén agora mesmo para o hospital e mañá estás de noite, e pasado estás de tarde, e non ten descanso, iso tiña que estar prohibido. Iso é sobreexplotación laboral, iso é fraude na contratación, e esas son realidades que se están dando na sanidade galega.

Polo tanto, imos apoiar esta iniciativa, e eu espero que o Partido Popular reflexione sobre estas cuestións porque non hai debate sobre isto. Menos persoal, máis precarizado...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...peor calidade asistencial.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señores e señoras deputadas.

No anterior pleno, nesta Cámara debatíamos unha iniciativa do Grupo Socialista que pretendía, na súa parte resolutiva, que a Xunta de Galicia deixara de interpoñer recursos ás sentenzas que daban a razón aos empregados e empregadas públicas, conforme á devolución da paga extra do ano 2013.

Como vostedes saben, esta iniciativa non se aprobou finalmente polos votos en contra do Partido Popular, máis cal é a nosa sorpresa cando, unhas horas despois, o conselleiro de Facenda anunciaba a bombo y platillo a devolución do 50 % restante da paga extraordinaria do ano 2012. Un exercicio, señores e señoras deputadas, de cinismo e de hipocrísia política sen límites. O mesmo exercicio que están a facer coa oferta pública de emprego do Sergas.

Se queremos saber exactamente cantas prazas se van cubrir e cantas van quedar vacantes é tan sinxelo como plantear un problema de matemáticas que eu penso que é de cuadernillo de primaria. Se, segundo os datos publicados nos plans de ordenación de recursos humanos do Sergas, o número de vacantes que se xeraron no período entre o ano 2011 e o 2015 foi de 3.527 prazas, e a oferta pública de emprego establece a convocatoria de 818 prazas, ¿cantas prazas quedan sen cubrir? 2.709 prazas. É dicir, a oferta pública de emprego só cubrirá o 23,2 % das vacantes; unha cifra que, dende logo, dende o Grupo Socialista consideramos absolutamente insuficiente para atender as necesidades do sistema e a calidade na atención ás e aos doentes, algo que xa advertimos que ía ocorrer na lei de orzamentos, que falaba dunha taxa de reposición do cen por cento, pero en realidade a letra pequena anunciábanos que a taxa de reposición era soamente para as prazas amortizadas durante o ano 2015, nada referente ás do ano 2010 ata o 2014.

E, ¿que pasará co 76,8 % das prazas que quedan sen cubrir? Pois ou ben se amortizarán ou se cubrirán con contratos precarios ou ben se concertarán servizos coa sanidade privada para suplir esas carencias de persoal que o propio Goberno do señor Feijóo estivo creando durante estes anos. Esta é a ferramenta perfecta que utiliza o Partido Popular para seguir abrindo camiño na senda da privatización da nosa sanidade pública. Sen traballadores non é posible man-

ter a actividade asistencial, polo que se seguirán pechando camas e quirófanos, incrementándose as listas de espera. Porque si, señoras e señores deputados do Partido Popular, calquera persoa que fora solicitar nalgunha ocasión unha cita diagnóstica sabe o tempo que hai de espera, aínda que vostedes o intenten maquillar constantemente. E outros servizos, o que provocará que para manter as súas estatísticas de asistencia concertarán estes servizos coa sanidade privada.

Onte a señora Rodríguez-Vispo mencionaba o informe da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, pero fixo unha lectura sesgada do mesmo. No mesmo recóllese que as comunidades autónomas cun elevado grao de privatización son: Madrid, Cataluña, Baleares e Galiza. As que teñen un baixo grao de privatización son: Andalucía, Cantabria, Castilla-La Mancha e Extremadura.

Curiosamente, señora Rodríguez-Vispo, señores deputados do Partido Popular, tres das catro comunidades cun elevado grao de privatización foron gobernadas durante máis anos polo Partido Popular, e curiosamente tamén, tres das catro comunidades autónomas con menor grao de privatización foron gobernadas durante máis anos polo Goberno Socialista. Os socialistas apostamos dende sempre, dende a década dos oitenta, dende a Ley general de sanidad, por unha sanidade pública de calidade para todos. Aquela lei que tivo entre os seus impulsores un insigne compañeiro, un insigne socialista, que foi o señor Ernest LLuch, asasinado hai máis de quince anos, do que nós nos sentimos tremendamente orgullosos.

Dende entón, seguimos loitando e pelexando por unha sanidade pública de calidade e tamén pola estabilidade laboral e a calidade do emprego dos traballadores e das traballadoras públicos, aqueles que forman a columna vertebral do noso sistema de xustiza, de igualdade e de benestar. É, polo tanto, polo que imos apoiar hoxe esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que, cada vez que escoitamos neste Parlamento falar a un membro do PSdG-PSOE, sempre temos a sensación de estar ante un casting político de cara a ese congreso na busca de secretario xeral vacante. Eu teño a sensación, logo de escoitar á señora Blanco, de que incide tamén nese casting e tamén quere participar.

Nós, a verdade, o que temos que pedirilles é tranquilidade, porque, señora Blanco, eu teño que recordarlle que a taxa de reposición do 10 % para a sanidade quen a estableceu foi un goberno socialista; quen despois a converteu nun 50 % foi un goberno do Partido Popular, e que hoxe é do cen por cento grazas a un goberno do Partido Popular, señora Blanco. Polo tanto, o que vostede di ¡claro que é cinismo político ou unha participación moi activa (*Aplausos.*) nese casting político do PSdeG-PSOE!

Reitérolle os datos que lle dicía onte a miña compañeira do Grupo Parlamentario Popular. Que vostedes tiñan un nivel de concerto 13 puntos máis alto cando gobernaba o Bipartito, Partido Socialista-Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, leccións do Partido Socialista, cero, señora Blanco.

Se algo nos queda claro logo de escoitar as intervencións dos grupos da esquerda neste pleno, nesta moción, é que, dende logo, hai unha estratexia compartida por parte de todos os grupos da esquerda para desprestixiar a imaxe da sanidade pública de Galicia.

Vostedes debullan un panorama catastrofista sobre a sanidade que nada ten que ver coa realidade. É certo que vimos duns anos de caída constante da recadación pública por culpa dun Goberno do Partido Socialista, ¡claro que si! Pero a pesar das moitas dificultades orzamentarias, señora Blanco, en Galicia a sanidade pública e os seus profesionais foron capaces de mellorar e ofrecer servizos que non se prestaban en Galicia no ano 2009, por moito que lles doa. Por iso nós sentímonos razoablemente orgullosos da nosa sanidade pública, principalmente por dúas cuestións. En primeiro lugar, porque podemos contar cos profesionais da sanidade pública en todos os niveis, que dan unha atención de calidade e que é moi ben valorada polos galegos, contra o que di a señora representante do Grupo Mixto ou da escisión de AGE. E, en segundo lugar, porque en época de dificultades máximas puidemos seguir mellorando a sanidade pública por moito que a vostedes lles moleste. Con 2.000

millóns de euros menos cada ano nós fomos capaces de incrementar o peso do gasto sanitario, que pasou do 36 % do orzamento no 2009 ao 40 % no ano 2015. Nós sentímonos orgullosos da sanidade pública galega e sentímonos orgullosos do que temos feito en todo este tempo, porque nós fomos o Goberno que puxo en funcionamento o noso hospital de Lugo; nós fomos o Goberno que puxo en funcionamento o novo hospital público de Vigo; nós fomos o Goberno que executou as reformas e ampliacións dos hospitais da Coruña, de Ourense e do Salnés; nós fomos o Goberno que puxo en marcha 20 novos centros de saúde e reformamos 9 máis, e outros 14 atópanse en construción. Fomos nós, non vostedes; polo tanto, nós sentímonos orgullosos. E proba de que as cousas se fan meridianamente ben o demostra o barómetro sanitario publicado en xuño de 2015, que di que o 73,2 % dos galegos opina que o sistema sanitario é bo ou bastante bo. Once puntos máis por riba da valoración global de España.

Polo tanto, señora Martínez, a que ten que reflexionar é vostede e os grupos da oposición. Esa visión catastrofista que vostedes teñen da sanidade e dos profesionais da sanidade, porque tamén o din, non a comparte a maioría dos galegos, e así se expresa nese barómetro. Nós apostamos pola sanidade pública e por iso nos orzamentos da Xunta deste ano 2016 hai 103 millóns de euros máis que no ano 2015. Iso é apostar pola sanidade pública, non vir aquí dicir moitas cousas e logo non facer nada; iso sucedía cando vostedes gobernaban.

Indo á cuestión, vostedes fálannos da oferta pública de emprego. Mire, nós temos que dicirlles que no DOG do 7 de marzo se publicou o Decreto de oferta pública de emprego do Sergas para o ano 2016, cun total de 818 prazas. Un número que responde ao 100 % das prazas vacantes xeradas no ano anterior, no ano 2015, segundo as regras de cálculo da taxa de reposición contidas na normativa básica estatal. Prazas vacantes no ano anterior.

Polo tanto, o que vostedes piden é que non se pode facer, señora Blanco, e vostede sábeo. Polo tanto, veñen aquí mentir e tratar de enganar a cidadanía. Esas 818 prazas súmanse ás ofertadas no sistema sanitario público galego nos anos 2012, 2013, 2014 e 2015, e suman un total de 1.600 novas prazas, por moito que a vostedes (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) lles moleste. Polo

tanto, convócase o número máximo de prazas que a lexislación vixente permite, e iso vostedes négano. (*Murmurios.*)

Sobre a cobertura temporal de prazas vacantes, eu teño que dicirlle que a taxa de persoal estable do Sergas rolda o 80 %, 80 % a taxa de estabilidade. Eu lamento que lle moleste, e a porcentaxe de substitución de prazas é do 65 %,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...en función das necesidades do servizo.

Nós sentímonos orgullosos dun Sergas no que traballan 36.000 profesionais, que presta servizo 24 horas ao día, 365 días ao ano, e sentímonos orgullosos de apoiar un goberno que no peor momento da crise económica reforzou o estado do benestar e blindou...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...a sanidade pública.

Lamento que vostedes veñan aquí tratar de enganar e tratar de empanar unha oferta de emprego público...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...da que nós nos sentimos especialmente orgullosos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Agradecer o apoio dos grupos da oposición, imos aceptar a emenda do BNG, aínda que entendemos que para sacar esas prazas a maiores, ¿que habería que facer?, había que xerar esas prazas, esa RPT, e non sabemos se podería ser nesta OPE, pero si habería que sacalas.

E xa o dicía eu, era unha iniciativa de mínimos, porque entendemos que é necesaria a xeración de prazas e, de entrada, solicitamos que se repoñan as que o Partido Popular eliminou, se cobrou para non suplir esa suposta crise que parece ser que era da poboación.

Señor Tellado, dirixiuse a todo o mundo menos ao grupo proponente, e utilizou vostede a intervención para facer campaña electoral e oposición á oposición, como xa vén sendo habitual. Eu pregaríalle que antes de dicir que nós falamos mal dos profesionais públicos revisase intervencións anteriores –porque podería respostarlle o mesmo– e se lavase un pouco a boca antes de falar de quen ten que soportar durante décadas contratos encadeados precarios de horas, de días, e non ten nin un mínimo de estabilidade.

¿Vostede que sabe o que é iso? Non estamos propondo aquí, non estamos falando só das prazas vacantes de 2015, vostedes si que intentan confundir. Estamos falando de todas esas prazas que vostedes eliminaron, parece ser *en post* dunha suposta recuperación, que supuxo o maior endebedamento da historia de Galicia; 10.000 millóns de euros de débeda que só serviron para xustificar recortes neste caso en sanidade.

E por iso os profesionais da sanidade seguen sostendo co seu traballo un sistema público que vostedes non sosteñen coa súa “administración”. E dígoo entre comiñas, porque ata o de agora se non fora polo traballo dos profesionais sanitarios, por parte da Xunta de Galicia non habería hoxe nada. Claro que o sistema segue tendo calidade, pero non é polo que fan vostedes, é polo traballo dos sanitarios e das sanitarias.

E obviamente esa calidade perdeuse e pérdese cando hai menos profesionais para traballar e para proporcionar eses servizos, porque teñen que asumir cargas de traballo máis amplas e porque, ademais, supón a amortización de servizos.

Por favor, un pouco de respecto a todas esas persoas, non só aos traballadores e ás traballadoras, senón aos doentes que sofren esas listas de espera ás que vostedes contribúen coa súa política de espolio do público e recorte.

Sigan así, sigan votando a favor, non se preocupen, virán outros crear esa RPT e esas prazas que vostedes eliminaron.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Pasamos ás votacións das proposicións non de lei.

Comezamos coa primeira proposición non de lei, que é do Grupo Parlamentario Mixto, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incrementar o número de persoas refuxiadas acollidas en Galicia e a presentación no Parlamento de Galicia dun plan de acollemento.

Creo que hai unha transacción á que xa se deu lectura onte da mesma, polo tanto votamos esta proposición non de lei.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Consuelo Martínez García, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incrementar o número de persoas refuxiadas acollidas en Galicia e a presentación no Parlamento de Galicia dun plan de acollemento.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, agora, a Proposición do Grupo Parlamentario Popular, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas que traballan no mar.

Xa manifestou o ponente que aceptaba como engádega a emenda do Grupo Parlamentario Mixto e que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. José Manuel Bal-

seiro Orol, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas que traballan no mar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, agora, a que corresponde ao Grupo Parlamentario Socialista, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñan que interromper o seu embarazo no segundo trimestre da xestación polas causas médicas reflectidas na Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo en todo o ámbito do Sergas.

Xa manifestou a ponente que acepta a emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, e hai unha proposta de transacción co Partido Popular que non sei se se chegou a un acordo, se a hai e se ma pode ler.

A señora FERREIRO VIDARTE: Non, non chegamos a acordo, señor presidente.

Laméntoo, pero quería agradecer o interese que puxo o parlamentario do PP, que intentamos chegar a acordo, pero...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERREIRO VIDARTE: ...lamentablemente non vimos esa mesma intención dende a Consellería de Sanidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Socialista, por iniciativa de D^a María de los Angeles Ferreiro Vidarte, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñan que interromper o seu embarazo no segundo trimestre da xesta-

ción polas causas médicas reflectidas na Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo en todo o ámbito do Sergas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, agora, a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga e don Gonzalo Trenor López, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da apertura do túnel do Parrote.

Xa manifestou o ponente que non aceptaba as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga e don Gonzalo Trenor López, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da apertura do túnel do Parrote.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 8; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, agora, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a expansión das plantacións de eucaliptos e garantir a biodiversidade e a perspectiva do medio rural.

Xa pediu a ponente do PSOE se podía ser a votación por puntos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Ponente? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, está claro. Pediu a que interveu por parte do Grupo Parlamentario Socialista se se podía votar por puntos.

É aceptado, entón votamos... ¿Quere agrupar algún dos puntos ou...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Só o catro por separado? *(Murmurios.)* Só o 4 por separado.

Votamos, en primeiro lugar, o punto número 4 da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a expansión das plantacións de eucaliptos e garantir a biodiversidade e a perspectiva do medio rural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 58.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto número 4.

O señor PRESIDENTE: E votamos o resto dos puntos.

Votación dos puntos 1, 2, 3 e 5 da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco e D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a expansión das plantacións de eucaliptos e garantir a biodiversidade e a perspectiva do medio rural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o establecemento por parte do Goberno galego do mecanismo normativo preciso para evitar a realización e distribución de imaxes fotográficas de menores durante actos institucionais e políticos realizados nos centros de ensino.

Xa manifestou quen interveu que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados máis, sobre o establecemento por parte do Goberno galego do mecanismo normativo preciso para evitar a realización e distribución de imaxes fotográficas de menores durante actos institucionais e políticos realizados nos centros de ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, agora, a Proposición do Grupo Parlamentario Socialista, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para o rescate da concesión do novo Hospital de Vigo, a súa recuperación como hospital estratéxico para a área sur de Galicia, así como a creación dunha comisión integrada por todos os sectores implicados para avaliar os seus problemas e deficiencias.

Xa manifestou o señor ponente que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votación da Proposición do G.P. Socialista, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para o rescate da concesión do novo Hospital de Vigo, a súa recuperación como hospital estratéxico para a área sur de Galicia, así como a creación dunha comisión integrada por todos os sectores implicados para avaliar os seus problemas e deficiencias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 40; abstencións, 5.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de

Esquerda, sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha oferta pública de emprego que cubra a totalidade das prazas vacantes desde o ano 2009 na sanidade pública, así como o acordo cos sindicatos dunha orde para vincular os contratos do Sergas á súa motivación.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Perdón, foi aceptada a emenda.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha oferta pública de emprego que cubra a totalidade das prazas vacantes desde o ano 2009 na sanidade pública, así como o acordo cos sindicatos dunha orde para vincular os contratos do Sergas á súa motivación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Abrimos as portas e continuamos co desenvolvemento do punto da orde do día, co de interpelacións.

Interpelación do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a atención ás persoas afectadas por desafiuzamento hipotecario ou por alugueiro

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días, señora conselleira.

O obxecto da interpelación é avaliar a efectividade das políticas de vivenda da Xunta de Galicia no noso país despois de coñecer os datos presentados polo Consello Xeral do Poder Xudicial, que nos veñen dicir que durante o ano 2015 houbo 2.432 lanzamentos, o 3,5 % menos que o ano anterior.

Por primeira vez baixa, aínda que só sexa cincuenta e poucos casos, un 3 %. Os datos mostran que cada vez soben os desafuzamentos porque a xente non pode pagar un alugueiro, son 1.507 no ano 2015 e 800 por execucións hipotecarias que baixan un 14 %. Pero o que nos veñen dicir estes datos é que seguimos sete anos despois da entrada do Goberno do Partido Popular en Galicia, e do inicio da crise, cun drama inaceptable no país, con sete execucións, lanzamentos diarios que ocorren neste país. Con todo o que ese drama significa.

E, polo tanto, o que significa é que despois de tantos anos, cando as cifras se manteñen estables, cando segue habendo unhas cifras inaceptables, cando incluso este pequeno ritmo de decrecemento –explicaremos despois tamén as causas– significaría que tardaríamos ata 50 anos en erradicar os desafuzamentos do noso país a este ritmo. Polo tanto, a situación segue a ser dramática e hai que preguntarse se vostedes ou non queren solucionar este problema ou non saben, pero os datos non menten.

Vostedes foron incapaces de mellorar as políticas de vivenda para reducir este drama absoluto, e non vou repetir o que sempre dicimos, que cada un deses 2.500 desafuzamentos é un drama familiar. Aínda hoxe houbo un desafuzamento na cidade de Ferrol, unha familia que se tivo que ir para a rúa, unha familia á que non lle proporcionou a Administración ou o Goberno unha solución para garantirlle un dereito básico, un dereito humano, ter unha vivenda.

E ou non queren ou non saben, pero o que si que é certo é que vostedes causaron un cóctel perfecto para que isto suceda así.

Neste país hai vivenda cara, unha vivenda cara, a pesar de toda a crise practicamente o prezo da vivenda non baixa. Iso si, os salarios baixan, a vivenda mantense pero os salarios baixan. Aínda hai pouco coñecemos os datos, os datos do peso dos salarios dos traballadores e traballadoras con respecto ao PIB. A pesar de que as cifras oficiais falan de máis ocupados no último ano, o que gañan eses máis ocupados, eses 19.000 máis ocupados, teoricamente, pois representa menos peso no PIB a favor dos beneficios empresariais, e iso o que quere dicir é que nos están levando a un modelo de precariedade laboral total, de inestabilidade laboral total, e de que hai moita xente, e cada vez máis, porque soben os desafuzamentos por non poder pagar un alugueiro,

e moita xente non é capaz de pagar alugueiros de 250, de 300 ou de 350 euros, iso é o que está pasando, ese é o drama que está pasando.

E ese cóctel é completado tamén con que non hai política pública de vivenda, non a hai, non existe, hai un leve maquillaxe e política publicitaria e propagandística; non a hai, non a hai. Non hai política de alugueiro público, temos repetido moitas veces que cando neste país non chega ao 1 % a vivenda para alugueiro público con prezos asequibles para a xente, nos países máis desenvolvidos de Europa sobrepasa o 20 %. Cando en Europa se dedica entre o 1,5 % e o 2,5 % do PIB en políticas de vivenda, aquí non chegamos ao 0,3 % do PIB.

Pero é que tampouco hai unha regulación do alugueiro privado, e cando se regula e cando se modifica se fai favorecendo sempre o arrendador, reducindo o prazo mínimo para o que ten dereito unha persoa a estar alugado de 5 a 3 anos, aínda maior inestabilidade, e cando se acaba ese período o propietario pode poñerlle o alugueiro que queira e pode modificar o prezo do xeito que queira.

E isto non ocorre noutros países que non teñen o drama dos desafuzamentos en Europa. Precisamente os países máis avanzados regulan o mercado privado de alugueiro que afecta a política de vivenda, pero tamén afecta a política económica cos locais comerciais, aínda que hoxe esa non é a cuestión que nos trae aquí.

Polo tanto, é un cóctel perfecto para que isto aconteza, e vostedes ante este cóctel perfecto non están dispostos a cambiar nada do fundamental. Vostedes non están dispostos a facer unha política de alugueiro público, a mobilizar a gran cantidade de vivendas baleiras que hai cara ao alugueiro público e aumentar esa porcentaxe, e tamén indirectamente rebaixar o prezo da vivenda, porque, evidentemente, tamén hai outros intereses contrapostos, que son os grandes propietarios da vivenda, que non queren que baixen os prezos da vivenda, fundamentalmente os bancos e as grandes inmobiliarias, e entre eses intereses contrapostos vostedes sempre optan polo mesmo lado.

Tampouco están dispostos a facer unha política de inversión en vivenda suficiente para cambiar estas porcentaxes; tampouco están dispostos a regular os alugueiros privados

para ter alugueiros asequibles; tampouco están dispostos a cambiar o modelo económico de precarización e de que á xente o seu salario non lle dea para vivir.

Maquillaxe e medidas moi tímidas unicamente movidas polo medo a perder respaldo electoral, non por unha profunda preocupación por esta situación, senón non é explicable que despois de sete anos as cifras sigan onde están, con ese bono-alugueiro que ten unhas condicións case inasequibles para moitísima xente, escoitando que hai... —cando o anterior programa de realoxo sobre todos os casos de desafuzamento que houbo en dous anos só conseguiu realoxar a 43 persoas—, que temos que escoitar que o resto non cumprían cos requisitos.

Se non cumpren cos requisitos e só serven para 43 casos, os requisitos están mal e punto. Cando durante ese período hai máis de 5.000 desafuzamentos e só se realoxan 43, os requisitos están mal, e o bono-alugueiro aínda por riba de ser moi restritivo, o bono-alugueiro, como non está regulado o mercado de alugueiro privado, tamén pode valer incluso para elevar o prezo do alugueiro no mercado privado, non hai ningunha preocupación, por non falar xa da falta de execución sistemática das partidas de vivenda deste Goberno.

Un experto en vivenda e un defensor da vivenda da política pública de vivenda contesta cando lle preguntan que políticas se levan a cabo en Europa que deberían de aplicarse no Estado español, e di que teríamos que estar facendo catro cousas que non facemos e que en boa medida están conectadas entre si. Débense mobilizar vivendas baleiras hacia ao alugueiro, ¿que se fixo aquí? Temos oficialmente o 13 % de vivenda baleira, ademais doutro 10 % de segunda residencia.

Son números altísimos, non habituais no resto da Unión Europea, que demostran que o esquema urbanístico e económico é disfuncional, que o modelo non está procesando ben a realidade e a creación de fogares, e o feito de que o solo e outros recursos naturais son limitados.

Mobilizar vivenda e capital, é mellor que estea vendida e ocupada que baleira, pero temos necesidade de facer medrar máis a nosa porcentaxe de alugueiro, temos a necesidade de facer medrar máis a nosa porcentaxe de alugueiro público, é unha proporción estraña na Unión Europea, os países con

menor nivel de alugueiro son os menos desenvolto de Europa, non os máis desenvolto.

Finalmente, imos tendo un parque de vivendas anciás e hai que acometer os retos da rehabilitación.

Por outro lado, non temos un servizo público de vivenda que mereza ese nome. Ninguén fala do fogar como un dos elementos claves do estado do benestar. Isto está todo inventado, señora conselleira, hai modelos onde escoller e vostedes escollen un modelo que exclúe moita xente dun dereito básico: dereito humano de ter unha vivenda digna.

O único que hai que ter é vontade política de cambiar o modelo, e polo que vemos vostedes non teñen esa vontade política de cambiar o modelo, de converter a vivenda dun negocio a un dereito para as persoas; de converter a vivenda cunha fonte de creación económica nunha fonte de creación de benestar, aumentando a política pública de vivenda tanto en investimentos como no parque público de alugueiro social.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías.

Se algo caracteriza e distingue as políticas de vivenda da Xunta de Galicia é o esforzo que levamos facendo por garantir e dar cobertura e protección ás familias en risco de perder a súa vivenda, porque garantir o dereito constitucional, atender os máis desfavorecidos e a loita contra os desafuzamentos, dende logo que son os obxectivos prioritarios da acción do Goberno.

E non é duns días, duns meses, é, dende logo, dende hai moitísimo tempo que vimos traballando con programas e con medidas específicas para a prevención de desafuzamentos e apoio ás persoas de exclusión residencial. Medidas que levamos implantando desde o ano 2012, que temos redobrado xa os esforzos.

Aprobamos a nova Lei de vivenda, medida número 1. Medida número 1, nova Lei de vivenda para evitar desafuzamentos en vivendas públicas e que permitiu a dación en pago nas vivendas protexidas. Acción seguida a esta Lei de vivenda como medida do número 1, en decembro dese mesmo ano Programa de realoxos por execucións hipotecarias, medida, polo tanto, número 2.

Damos resposta así a todos os afectados que soliciten axuda e que cumprisen dous requisitos, que teño que dicir, señor Sánchez, que son dous requisitos sinxelos. Cumprimos o que dicíamos, e cumprido o noso propósito, que, dende logo, é realoxar o cen por cento das persoas que se dirixan a nós, para iso a información ten que chegar; que cumpran eses dous requisitos sinxelos, e mentres haxa unha soa familia en risco de perder a súa vivenda non estaremos satisfeitos e, dende logo, seguiremos traballando.

Despois destas dúas medidas, seguiron máis medidas, un total de 12 iniciativas que temos en marcha, 10 xa en marcha e 2 a piques de poñer en marcha; 12 iniciativas que temos da Xunta de Galicia.

Medida número 3, o Convenio entre o Consello do Poder Xudicial, a Fegamp e a Xunta de Galicia, un protocolo de actuación conxunta para detectar casos de especial vulnerabilidade en procedementos de lanzamento de vivenda e dotar de medidas de carácter social. Persoalmente tiveron unha reunión co presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que non foi casual, foi dentro desta rolda de contactos que levo facendo desde xa o ano pasado para dar a coñecer as medidas e para que as medidas se coñezan e que a información chegue; para que a solución chegue fixemos balance, autocrítica construtiva e estamos a traballar nesa liña.

Con respecto aos datos do Poder Xudicial, eu xa lle expliquei en moitísimas ocasións, señor Sánchez –aquí no Parlamento e en moitos sitios–, os datos estatísticos do Consello do Poder Xudicial, e sabe que están a falar de calquera ben susceptible de execución hipotecaria. Para vostede é tan importante unha finca rústica, un garaxe, a vivenda de veraneo, ¿son tan importantes para vostede como a vivenda habitual? A min preocúpanme os casos de desafuzamentos de vivenda habitual, a vostede parece que lle preocupan máis os das fincas rústicas. Nós, nesa liña, estamos traballando porque nos preocupa a vivenda habitual.

Medida número 4, o Convenio co Valedor do Pobo para canalizar as posibles situacións de especial necesidade e que sexan atendidas de forma inmediata polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. En outubro de 2013, tamén outra medida, a medida número 5, o Programa Reconduce. O Programa Reconduce ten un enfoque máis preventivo coa finalidade de crear un marco de coordinación entre as diferentes conselleiras e actuar en loita contra eses desafuzamentos.

E despois de todas estas iniciativas e medidas efectivas para loitar contra as execucións hipotecarias viñeron outras medidas para loitar contra as execucións, os desafuzamentos por impago de alugueiro, porque a realidade viñanos dicir que tiñamos que poñer aí o acento e aí puxemos o acento. E por iso hai máis dun ano aprobamos o Plan RehaVita, medida número 6: a fianza ás directrices á política da Xunta de Galicia e intensifica os nosos esforzos, tanto cuantitativa como cualitativamente. Máis recursos en novos programas, en novas medidas para chegar aínda máis lonxe.

Precisamente dúas medidas –eu teño que dicir, e eu espero que comparta comigo– dúas medidas de gran calado, o Convenio coa Sareb, medida número 7, e o Convenio coas entidades financeiras, medida número 8.

O Convenio coas entidades financeiras, eu teño que dicir que para min, dende logo, foi algo moi relevante, porque a maior entidade financeira de Galicia –Abanca– comprometeuse, e asinou coa Xunta de Galicia, a non botar a ninguén da súa vivenda, e que poida permanecer na súa vivenda a cambio dun alugueiro social, alugueiro social entre 0 e 75 euros, máximo 75 euros. Eu creo que é unha medida relevante.

E tamén grazas a ese Convenio coa Sareb e coas entidades financeiras, as medidas número 7 e número 8 puxeron a disposición destas entidades máis de 240 vivendas baleiras, que estamos ocupando con familias necesitadas con alugueiro social.

Permitiron dar solución a moitas familias, señor Sánchez: Begoña, Sandra, Dolores... Onte mesmo en Cotobade a unha familia con fillos démoslle unha solución a unha execución hipotecaria. Tamén en Salceda de Caselas asinamos un contrato para facilitar unha vivenda da Sareb a familias necesitadas, estamos todos os días buscando solucións para esas familias.

Témoslle solicitado á Sareb e a Abanca un esforzo especial na Coruña e en Vigo, porque é onde temos detectado que temos máis problemas, na Coruña e en Vigo.

Por certo, teño que dicir que son concellos que demostraron totalmente pasividade. Si, señoría, pasividade, pregunteltes aos seus compañeiros da Marea na Coruña. Eu teño que dicir que nada, señoría, todo canto teñen prometido, iguais promesas e iguais incumprimentos.

Mentres, nós, teño que dicir que seguimos traballando, buscando novas vías para dispor de máis vivendas sociais, e ademais coa vista posta nas familias en risco de perder a súa vivenda, como dicía poñendo acento nesas familias que teñen dificultades para pagar o alugueiro.

Puxemos en marcha a medida número 9, o bono-alugueiro social. Teño que dicir que fomos pioneiros en España, medida de apoio urxente e inmediato, que xa deu solución a moitas familias que teñen dificultades para pagar o seu alugueiro, axuda de 150 euros mensuais, 12 meses, prorrogables outros 12 meses, e tamén ten unha subvención adicional de 450 euros para poder facer fronte aos gastos de formalización dun novo contrato, ou tamén facer fronte a posibles débedas que teñan as familias.

Traballamos para que ningunha familia quede sen a súa vivenda por non poder pagar o alugueiro.

E este mesmo ano, tamén como saberá, reforzamos ese bono-alugueiro, 4 millóns de euros en total, e ampliamos tamén os beneficiarios, incluíndo tamén que poidan acceder a este bono-alugueiro vítimas de violencia de xénero e tamén familias necesitadas que estean privadas da súa vivenda por causas extraordinarias, como poden ser incendios ou inundacións.

E o pasado sábado, como saberá, entrou en vigor o Censo de vivendas baleiras, medida número 10.

Deste xeito as entidades de crédito, as súas filiais inmobiliarias, así como as entidades de xestión de activos, dispoñen dun prazo de seis meses para a inscrición neste Censo de vivendas baleiras, que será público. As vivendas baleiras da súa propiedade, é obrigatorio para esas entidades financeiras, e quen non o faga recibirá sancións. Están obrigadas as

entidades financeiras que teñan vivendas baleiras neses concellos de máis de 10.000 habitantes, porque é onde temos detectado que pode haber máis problemas.

E o censo tamén incorpora, por certo, a posibilidade de que os concellos, o Concello da Coruña, o Concello de Santiago, poidan incorporar as vivendas baleiras que teñan detectadas nos seus concellos e que se incorporen a este Censo de vivendas baleiras.

Eu creo que é unha medida moi importante, isto do Censo de vivendas baleiras, para ter unha radiografía completa e precisa para que poidamos facer entre todos planificación social en materia de vivenda.

O obxectivo, como lle dicía, que ningunha familia quede sen teito por motivos económicos, e por iso estamos a centrar os nosos esforzos.

Dicíalle 10 medidas implantadas, 2 que están en camiño avanzado, para ter en total 12 medidas. A Xunta dispón, polo tanto, dun conxunto de actuacións para atender situacións, un conxunto de medidas, señoría.

No texto da súa interpelación falaba de que era preciso achegar toda a información á cidadanía e aos profesionais. En algo estamos de acordo, señor Sánchez, en algo estamos de acordo, de pouco serven as axudas se non se coñecen.

Por iso iniciiei rolda de contactos, incluso con persoas que traballan cada día cos máis desfavorecidos, porque son os que máis poden asesorar, coa Fegamp, cos Ninguéns, xornadas de traballo. Tamén o instituto traballa diariamente con esas entidades prestadoras, e, en calquera caso, creo que é deber de todos trasladar a máxima información.

Señoría, non creo que debamos de estar facéndoo moi mal cando hai colectivos que, a pesar das diferenzas ideolóxicas que nos separan, teñen recoñecido publicamente o traballo que está a realizar a Xunta de Galicia, especialmente en Vigo.

Eu insisto en que non nos daremos por satisfeitos, en calquera caso, mentres unha soa familia estea en risco de perder a súa vivenda.

Poña miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Rolda de réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, este discurso estaría ben se fose a conselleira dun goberno recién chegado, entón estarían ben todas estas promesas de facer cousas que cambien este drama, pero como non é o caso, e vostede é membro dun Goberno que leva sete anos, en teoría, tratando de resolver este problema, pois como lle digo ou vostedes non queren –que é o que creo eu– ou vostedes son uns incapaces. Son as dúas cuestións.

Non pode vir aquí presentarnos promesas para o futuro despois de sete anos onde xa había o drama, e os datos do que vostedes fixeron, o seu balance, son 18.000 desafuzamentos –aproximadamente– e 43 realoxos. E se só cumpriron 43 persoas os requisitos, os requisitos están mal. E vostede aínda ten aquí a cara de dicirme que os datos son de vivendas, de locais e de todo.

Pero se tivo que ser unha iniciativa de AGE, que solicitou que houbera cifras verificables e cifras seguras de cal era a vivenda habitual.

¿Como pretende vostede loitar contra este drama cun mínimo de rigor, se non tiña nin sequera os datos de cantas son de vivenda habitual?

¿Como era posible?, e aínda o saca aquí como criticando os datos que eu dou, que son do Consello Xeral do Poder Xudicial.

¿Como ten a cara de dicir vostede, conselleira dun Goberno de sete anos, que non sabían cales son vivendas habituais e cales son locais?

¿E por que non o fixeron antes? ¿Ou estame dicindo que estes datos de 2.400 desafuzamentos non teñen relevancia? ¿Estalle quitando importancia a estes datos, señora conselleira? ¿Estame dicindo que non existe ese problema?

Dime que me preocupo eu das fincas rústicas, e de tal. Pero, ¿que está dicindo vostede? ¿Ese é o seu nivel de razoamento?

Presente vostede uns datos rigorosos de cantas vivendas habituais son estas que se desafúzan, e entón terá algo de

credibilidade. Pero mentres non insulte a intelixencia, e non insulte as persoas que, coma hoxe, están saíndo da súa casa por culpa das políticas que vostedes fan.

E vostede segue nas mesmas, 18.000 desafuzamentos, 43 realoxos, e fala da Lei de vivenda. ¡Hai que ter tamén cara para falar da Lei de vivenda que vostedes aprobaron! Que reduce os niveis de vivenda de protección, que reduce, que vai en contra do que debería de facerse para garantir a vivenda da xente.

As súas medidas son papel mollado, e di que o bono-alugueiro é pioneiro no Estado español. ¿Ou sexa que as axudas ao alugueiro é unha medida pioneira no Estado español, señora conselleira? Está outra vez insultando a intelixencia da xente, pero se isto é máis vello...

¿Pero vostede está falando en serio de que é unha medida pioneira dar 150 euros a quen cumpra uns requisitos superestrictos, e que despois, aínda por riba, serve para elevar o prezo dos alugueiros? ¿Esa é unha medida pioneira? Así nos loce o pelo.

E vostede fala dos acordos cos bancos. Mire, vostedes utilizaron miles de millóns de diñeiro de todos os cidadáns, tamén dos desafuzados, para salvar os bancos. E agora os bancos devolven esmolos e fotografías, aínda por riba para facerse publicidade. Pero non devolven solucións, e non devolven as vivendas, que eses bancos tiveron que ser salvados polo diñeiro público.

Non devolven solucións, devolven esmolos e fotografías, que aínda por riba saen facendo campaña os bancos e Abanca, de *lo buenos que somos* que firmamos un convenio. ¿Verdade? Pero na realidade, non no que vostede di, medida 6, medida 7... Na realidade é que a xente segue indo para a rúa, señora conselleira, segue indo para a rúa e vostedes non lles dan ningunha solución.

¿Que me está dicindo, que realoxamos 3 casos? Os datos están aí, os datos están aí, señora conselleira. Se vostede me pode rebater con datos que vostede fixo descender o drama dos desafuzamentos, terei que calar a boca, pero mentres non.

E fala dos gobernos municipais, das mareas, unha vez máis. Se vostede é experta en boicotealos. Vostede é exper-

ta en boicotealos, cunha práctica totalmente sectaria, e como fan vostedes de que pensan que a Administración é un corralito seu para facer o que queren. Si señor, vostede é experta en boicotealos.

¿O seu modelo tamén é venderlles a vivenda de protección oficial pública aos fondos voitre, como fixo a señora Esperanza Aguirre, señora conselleira?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, polo que eu sei foi o Partido Popular o que fixo iso, ¿non? ¡Non, non!, ¡ah, vale!, entón é o PP de Madrid, ¡claro, claro!, ¡xa, xa, xa!

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, e remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pois, señora conselleira, a realidade é que seguimos como seguimos porque vostedes non están dispostos a cambiar o modelo para eliminar este drama. Non lles importa, o que lles importa é o desgaste electoral.

Vostedes defenden que a vivenda siga cara, vostedes defenden que a vivenda siga cara porque hai intereses en xogo, evidentemente, porque non queren baixar o mercado da vivenda para os grandes propietarios da vivenda, que son os bancos e grandes inmobiliarias.

E vostedes tampouco están en disposición de garantir que neste país haxa salarios que dean para poder pagar un alugueiro ou para poder pagar unha hipoteca, e por iso pasa o que pasa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Turno de peche, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Sánchez, non son promesas, son medidas en marcha que deron solución a máis de 400 familias, (*Aplausos.*) solución a máis de 400 familias, grazas a estas medidas en marcha.

Eu vólvolle explicar os datos. Foi vostede quen dixo aquí que 8 desahucios ao día, e neses datos de 8 desahucios ao día están incluídas as fincas rústicas, os garaxes, soares. Polo tanto, a min preocúpame a vivenda habitual, non as fincas rústicas e as vivendas de veraneo.

En calquera caso, a solución integral pasa pola colaboración e a implicación de todos, das administracións, das asociacións, dos axentes, cada un dentro dos ámbitos das súas competencias. Nós dentro das nosas competencias, tamén os concellos, porque a Lei do ano 2008 está aí. A Lei do ano 2008 di claramente que teñen competencias os concellos a través dos seus servizos sociais, e moitas veces –e, señor Sánchez, vostede sábeo– non é soamente un problema de vivenda, senón que precisan esas familias un apoio social integral. Polo tanto, a Lei do ano 2008 está aí, e é unha lei que debemos cumprir.

En calquera caso, dentro das súas argumentacións, a min, dende logo, non me resultaron para nada convincentes, e eu, claro que me permito facer observacións aos gobernos de Coruña, Ferrol e Santiago, claro que si, porque levaban a bandeira dos desafuzamentos e non teñen implantada nin unha soa medida, señor Sánchez, ¡esa é a realidade!

Concello da Coruña, medida estrela: renda social que ía estar implantada en 100 días. Non hai nada. (*Murmurios.*) ¿Cal é o resultado? Cero. Iso si, ¿cales son as medidas que propoñen? Unha proposta aos xulgados dun folleto informativo.

Concello de Santiago, iniciativa municipal que se limita a unha mesa de mediación, (*Murmurios.*) mesa de mediación que...

O señor PRESIDENTE: Vostede xa falou, vostede xa falou. Silencio, silencio. ¡Non, non, silencio! ¡Señor Sánchez, silencio!

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): ...nin contido económico, nin dotación, nin nada.

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, ¡señor Sánchez, por favor!

Non, non, estalle respotando, e vostede xa falou. Este é o Parlamento.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): En Ferrol a declaración por parte do Concello de Ferrol de cidade libre de desafuzamentos, cunha simple declaración non se resolven os problemas, señor Sánchez, non se resolven os problemas *(Aplausos.)*

E no caso do desafuzamento de Ferrol, creo que dicía o Concello de Ferrol que tiña unha mesa, unha oficina, parece que non deu resposta. En calquera caso eu entregareille as 12 medidas para que poida informar das 12 medidas e poida ofrecer solucións a esa familia e a outras moitas.

Eu creo que hai que pasar das promesas aos feitos, ao traballo serio. Traballo serio é xestionar, hai que xestionar e traballar, non só falar.

Eu creo que é inexplicable que poña vostede a dúbida da implicación da Xunta de Galicia, cando nestes concellos da Coruña, Ferrol e Santiago despois de nove meses non hai ningunha medida. E non hai ningún goberno, local ou autonómico, que eu creo que teña tantas medidas, tan amplas, tan flexibles e tan efectivas como as que temos en marcha na Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* O Convenio coa Sareb, o Convenio coas entidades financeiras, o Censo de vivendas baleiras, *(Aplausos.)* o bono-alugueiro social... *(Aplausos.)* Non nos estancamos, seguimos esforzándonos.

Programa de medidas baleiras, medida número 11, proposta que lle fixemos á Fegamp para mobilizar esas vivendas baleiras. Os concellos que queiran, de forma voluntaria, poden adherirse a este programa de vivendas baleiras e mobilizalas.

E a Xunta, ¿que financiará?, garantías a través de dous seguros: o seguro multirrisco de fogar e o seguro de garantía de cobro da renda e asistencia xurídica. Polo tanto, garantías para os arrendadores e tamén para os arrendatarios.

Convenio co Consello da Avogacía Galega, ímolo asinar nos próximos días, medida número 12. Prestará gratuitamente asesoramento e do mesmo xeito o Consello da Avogacía Galega se compromete a asesorar sobre todos os programas e as axudas aprobadas pola Xunta de Galicia. E tamén participará nos procedementos de mediación arbitrais do alugueiro para acadar acordos entre os arrendadores e os arrendatarios.

Permítame que insista, 12 medidas, señor Sánchez, para garantir e dar cobertura a esas persoas que están afectadas e en risco de perder a súa vivenda. Nós seguiremos traballando, demos cobertura e solución a máis de 400 familias, non nos limitamos a dar resposta ás necesidades de aloxamento das persoas afectadas por execución hipotecaria e tamén o impago do alugueiro.

E a nosa política vai máis alá que os outros colectivos, como a violencia de xénero. En calquera caso, permítame unha reflexión, nós estamos con medidas-resposta a solucións. Pero un balance: Xunta de Galicia, 12 medidas; Concello da Coruña, proposta de folleto informativo. *(Aplausos.)* A min dígame que balance é ese. *(Aplausos.)* Temos que traballar xuntos, este é o camiño, e no camiño de traballar xuntos, traballar da man..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): ...atopame nese camiño, que é o que estou a facer. *(Murmurios.)*

Eu entregareille o documento, que me olvidei no meu escano, das 12 medidas, trasladareillo ao presidente para que vostede poida informar das nosas 12 medidas *(Murmurios.)* e con nós poida dar solución a esas familias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión ata as dezasete horas.

Suspéndese a sesión ás tres e vinte minutos da tarde e retómase ás cinco da tarde.

Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar e dous deputados/as máis, sobre o cumprimento e desenvolvemento regulamentario da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados.

Señor conselleiro, encetamos esta tarde falando de incumprimentos, de incumprimentos do señor Feijóo, do presidente do Goberno da Xunta de Galicia, nun día no que dende o Partido Popular e o propio presidente na sesión de control de hoxe pola mañá nos manifestaba a súa alegría. Estaba contento porque ás once e media da mañá ía haber uns datos fantásticos para a comunidade autónoma, que logo ao final quedaron convertidos, coma sempre, nunha arela máis que nunha realidade.

Encetamos este debate precisamente para falar dunha lei, a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais, que foi aprobada neste Parlamento de Galicia sen ningún voto en contra hai practicamente dous anos, señor vicepresidente, e que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* o 25 de abril do ano 2014. Dúas datas, por certo, para os que militamos na esquerda e nos declaramos laicos e republicanos, ben fermosas: a da aprobación da lei, o aniversario da Segunda República, o 14 de abril do 31, e a da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, o da Revolución dos Caraveis no país veciño, dúas datas ben fermosas, por certo. Unha pena que estas dúas datas ben fermosas e ben queridas para os que nos declaramos –insisto– laicos, republicanos e de esquerdas non sexan tamén unhas datas nas que o Partido Popular, e sobre todo o Goberno do señor Feijóo, poida celebrar que esta lei se está hoxe cumprindo, plenamente desenvolvida, e que está surtindo os efectos que queríamos os socialistas cando no seu día presentamos a proposición de lei.

Hai mesmo algún grupo político, e inclusive algún colectivo, que pensa que esta lei está baleira e que non serviu practicamente para nada. Eu non son desa opinión. Recoñézome moito máis, efectivamente, no texto orixinal que presentou no seu día o Grupo Socialista, e son consciente de que moitas das persoas que hoxe nos escoitan tamén se recoñecen mellor naquel texto. E mesmo concordo coas recentes

declaracións da valedora do pobo nesta institución, cando dicía que eliminar do texto legal o procedemento sancionador e de infraccións foi un grave erro que dificulta o traballo cotián para a loita contra a discriminación de trato. Pero isto pode arranxarse facilmente. Cunha pequena modificación da lei xa se consegue ese obxectivo.

Hai un obxectivo moito máis complicado, e é polo que lle pregunto hoxe, señor Rueda, que é o de desenvolve-la se non se aposta politicamente por ela. Só co que está nesta lei xa hai traballo dabondo para un goberno que crea na igualdade de trato, na normalización e na visibilización das persoas LGTBI. Hai actuacións que deben impulsar as administracións que están reflectidas nesta lei que teñen un certo custo económico. Podemos entender desas actuacións que teñan un certo retraso, que sexa máis difícil poñelas en marcha, que vaian un pouco máis despacio do que desexaríamos todos e todas. Pero hai outras, señor vicepresidente, que teñen un custo cero para o actual goberno de Galicia e que tampouco se puxeron en marcha. Só hai unha explicación para esta actitude, e é que o Goberno non interiorizou esta lei, non a consideran importante nin prioritaria, ninguén se responsabiliza dela, nin do seu cumprimento. Deron o seu voto hai dous anos, probablemente, porque esteticamente quedaba ben, e aí ficou todo, nese xesto inicial que creou certamente expectativas e esperanzas que hoxe están frustradas. Os xestos tamén son importantes en política, e en política de igualdade e de non discriminación de trato, máis. Eu diría que son imprescindibles, prioritarios, porque co xesto político estase enviando unha mensaxe á cidadanía, ou varias. A primeira é a de visibilizar a realidade das persoas LGTBI. A segunda, normalizar a ollos vista da sociedade a diversidade sexual e a diversidade afectiva. A terceira, a de actuar dende os poderes públicos como exemplarizantes do que debe ser o comportamento cidadán.

Eu creo que esta lei, ademais, nos axudou a todas e a todos os que formamos parte deste arco parlamentario e aos que traballamos na ponencia e no texto a coñecemos mellor, a coñecer mellor tamén as galegas e os galegos e enriquecernos como persoas, a poñerlles cara e nome a persoas que sofren a cotío a discriminación.

Tamén xurdiron ao amparo desta lei novos movementos asociativos, ou se visibilizaron algúns que estaban máis ocultos ou sinxelamente non existían. Pode ser froito da

casualidade que coincidiran no tempo. Eu creo que é froito de que empezamos a tratar máis a cotío a diversidade sexual e a identidade de xénero.

O Goberno, señor Rueda, non só non asumiu o que di o texto legal, senón que na meirande parte das súas actuacións contradí o que di o texto legal: campañas publicitarias dende a Consellería de Política Social para promover o Día da familia, que unicamente ensina un modelo de familia, en clara contradición co artigo 17 da lei; a ausencia de referentes nos medios de comunicación públicos que reflectan a diversidade cidadá, artigos 31, 32 e 22 da lei; armarización das persoas maiores e das persoas con discapacidade cando entran no circuíto dos servizos sociais –véxase o que pasa nas residencias onde estas persoas viven os últimos días da súa vida–, circunstancias todas estas que son denunciadas a cotío polos colectivos que representan ás persoas LGTBI, e que están reflectidas nese informe da valedora que reconece o testemuño e recolle o testemuño das entidades asociativas.

Nestes dous anos coñecemos, porque chegaron ás nosas mans, ás de todos os grupos parlamentarios que formamos parte deste Parlamento, a preocupación das mulleres lesbianas por non verse recoñecidas nas normas estatais para ter dereito aos tratamentos de reprodución asistida. Evidentemente, elas non poden cumprir o requisito sinalado por Sanidade de ter mantido coitos durante un tempo determinado antes de acceder ao tratamento na sanidade pública.

Coñecemos a angustia de moitas parellas homosexuais cando se senten discriminadas pola Administración pública nos procesos de adopción ou acollemento, ata con denuncias contra a Xunta nos xulgados. Coñecemos a tozudez do Servizo Galego de Saúde para asumir os custos das cirurxías de reasignación, mesmo con sentenzas xudiciais claras; a dificultade de pais e nais que buscan os tratamentos hormonais para os seus fillos e fillas transexuais, e que fan auténticas peregrinacións polas consultas pediátricas e psicolóxicas, entre outras especialidades, para chegar a tempo con eses tratamentos e evitar un dobre sufrimento aos nenos e nenas trans. Coñecemos casos de agresións homofóbicas na Coruña, en Santiago, no medio rural, sen o apoio por parte do Goberno galego que mandata o artigo 18 desta lei. Estes son casos que coñecemos, que podemos testar, coñecer e comprender todos e todas. Pero hai outros máis silenciosos, máis ocultos, que pasan a cotío e que

debemos denunciar para evitalos e acabar co sufrimento de moitas persoas. Falo da discriminación que sofren sobre de todo as persoas transexuais e intersexuais antes de ter a súa identidade reasignada tanto física como documentalente. De nenos e nenas trans que, cada vez que dan o paso do tránsito social en familias que aceptan o que sucede –os máis afortunados–, se atopan coa incompreensión nas aulas, co descoñecemento absoluto sobre como actuar do profesorado, das dificultades de acceder, por exemplo, aos baños do sexo que senten e non do sexo que teñen, ou aos vestuarios na hora de clase de educación física, de ter un boletín de notas cun nome e un xénero no que non se recoñecen, ou dos que son deportistas –artigo 29 da lei– que teñen ata problemas para federarse, para poder xogar por cuestións relacionadas cos seguros, ou mesmo dos que queren facer un xesto tan cotiá como pagar cunha tarxeta de crédito nunha tenda e cando lle piden o seu DNI non coincide o nome, e non queren cobrarlle, ou ao entregar a tarxeta sanitaria, ou mesmo da estrañeza que amosan nas portas deste Parlamento cando veñen a unha xuntanza e se teñen que identificar cun xénero que non se corresponde co seu verdadeiro, co que senten.

Señor Rueda, preguntas concretas:

Artigo 6, divulgación do contido da lei: ¿que medidas adoptou o Goberno galego para poñer en coñecemento das persoas LGTBI e do conxunto da cidadanía o contido da lei?

Artigo 10, plans de formación da Academia Galega de Seguridade, accións formativas específicas, ¿cantas?

Artigo 11, medidas de apoio ás vítimas de violencia homofóbica con asistencia social, psicolóxica, médica e xurídica, ¿cantas?, ¿onde?

Artigos 12, 13 e 14, medidas no ámbito laboral, programas de información e divulgación dirixidos ao empresariado, centrais sindicais, inspección laboral, servizo público de emprego, ¿cantas? Estudos sobre a situación laboral das persoas LGTBI, ¿onde están?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: Elaboración do protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito laboral, ¿en que fase se

atopa? Diálogo social, medidas inclusivas nos convenios colectivos, ¿onde?.

Artigos 19, 20 y 21, medidas no ámbito sanitario, coñecemento da información que recolle a Organización Mundial da Saúde sobre LGTBI a persoal sanitario, ¿que actuacións se puxeron en marcha? ¿Onde están as campañas e os cursos de formación? Garantía de inclusión na formación continua e obrigatoria do persoal sanitario, ¿onde? Garantía de atención sanitaria á transexualidade....

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora GALLEGO CALVAR: ...¿como?

Campañas de educación sexual e de prevención das enfermidades de transmisión sexual específicas para persoas LGTBI, ¿onde están?

Medidas no ámbito da educación, señor Rueda, artigos 22, 23, 24 e 25 da lei, inclusión da realidade nos plans de estudo entre as ANPA, actividades dirixidas á comunidade escolar, formación do persoal docente....

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: ...¿onde está?, ¿que hai feito?.

Respostas concretas, señor Rueda, van alá dous anos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, antes de nada, saudar o presidente da Fundación Arelas, que me informaron de que está aí arriba, e os representantes dos colectivos relacionados con LGTBI, e agradecerlles que estean hoxe asistindo a este debate que nós tomamos moi en serio, pero como vostede, señora Galle-

go, empezou cun tema diferente –para non entrar máis neste tema que ten pouco que ver co debate que trouxemos–, eu simplemente quero dicirle que algúns dicían esta mañá que respecto dos datos económicos vostedes non se ían alegrar, porque que lle vaia ben a Galicia non quere dicir que lles vaia ben a vostedes. Deben pensar que todo o contrario, que ían intentar darlle a volta. E mire, sinceramente, o señor Losada, efectivamente, tivo –supoño que conscientemente, porque eu recoñezolle autoridade na materia– un erro de principiante para darlles algún argumento. E dicir simplemente que tomar os datos de PIB a prezos correntes sen sacar o dato da inflación o señor Losada sabe de sobra que non é así, é como se dicimos que Arxentina medra porque non temos en conta a inflación. Teñen vostedes razón, se o que lles vale é o modelo e os datos que nos deixou o señor Zapatero, alegrámonos de que os datos que nos deixaron sexan totalmente diferentes, alegrámonos moitísimo, sinceramente. (*Aplausos.*)

E dito isto, señora Gallego, efectivamente trae vostede un tema moi importante, do que se pode debater sen ningún problema Hai tempo, van alá dous anos –non se cumpriron, están a piques de cumprirse– respecto da formulación dunha lei que é certo que foi impulsada polo seu grupo parlamentario, pero tamén é certo que tivo o apoio indispensable para a súa aprobación, e nós apoiámola convencidos, o Grupo Parlamentario Popular. Tamén o obtivo doutros grupos. Pero agora vostede di que non lle gustan algunhas cousas desa lei que votou a favor. Bueno, pois votouna a favor, supoño que conscientemente, e creo que todos tomamos unha boa decisión. Este texto legal, a Lei 2/2014, do 14 de abril, o que buscaba era igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. O que propoñía era unha abordaxe transversal con moitos departamentos afectados, eran moitos os problemas, moitas as situacións de discriminación e moitas as persoas con orientacións sexuais que necesitaban recoñecer esa diferenciación para garantir a igualdade, e, polo tanto, son moitos os eidos, moitos os camiños, que son necesarios abordar. E estou seguro de que vostede estará de acordo en que todo en menos de dous anos non se pode facer.

Esta era unha lei necesaria, dende logo, por iso a votamos a favor, unha lei garantista, unha lei que aspira a protexer e tamén a mellorar a calidade de vida destas persoas cun enfoque integral, como lle dicía, que atinxe á súa segu-

ridade, ao seu dereito á xustiza, ao seu eido laboral, ao familiar, á saúde, á educación, á cultura, ao deporte, á xuventude, á comunicación, en resumo, a todos os eidos da súa vida; e, polo tanto, era unha lei ampla e ambiciosa, e penso que todos tiñamos iso na cabeza cando decidimos votala a favor.

Outra cousa é que temos que diverxer –dende logo diverxo en nome do Goberno galego, da Xunta de Galicia– respecto da súa valoración no que atinxe á súa aplicación. Eu creo que vostede non se ten informado ben, non lle dan información dabondo, ou ben que lle interesa, como nos datos económicos, faltar á verdade para facer a súa argumentación política. Insistiu en que o Goberno non está facendo nada para aplicala, para desenvolvela, e chegou a dicir que non se aplica por falla de vontade política. Mire, señora Gallego, voulle dicir unha cousa, a falla de vontade política é falar moito, facer moitas proclamas e nos anos que vostedes gobernaron non aprobar esta lei, excepto que a propuxeron. Pero atoparon unha maioría parlamentaria que os apoiou, que estivo con vostedes e que ao final –eu así o entendín– fixo esta lei de todos os galegos e todas as galegas. Iso é vontade política e o demais ao mellor é facer propaganda, pero facer pouco máis. E creo que iso axuda pouco á necesidade de garantir a igualdade destas persoas.

Nós votámola a favor, probablemente non nos tempos que a vostede lle gustaría respecto da súa aplicación. Xa lle digo que non entendo, se non lle valen, por que tardou catro anos. Vostede era membro dese goberno, que puido traer esta lei ao Parlamento. Pódolle asegurar que o Grupo Parlamentario Popular faría desde a oposición o mesmo que fixo desde o Goberno, apoiála. Pero vostede non a trouxo sendo goberno, que o tiña moito máis fácil, e despois vén falar aquí de falla de vontade política e de non convencemento de certas cousas nas que nós, desde logo, si que estamos absolutamente convencidos.

Como vostede me fai preguntas concretas, pois respostas concretas, ningún problema. Agora, non me fale de vontade política cando vostede, sendo membro dun goberno, non fixo ningunha iniciativa para que esta lei fose aprobada. Supoño que sería consciente de que a situación de desigualdade xa se estaba dando no ano 2005 ou no ano 2006, non se deu a partir do ano no que vostede propuxo a lei.

Mire, voulle falar, porque non teño tampouco moito tempo, do que se está facendo no eido da sanidade, no eido da educación e no eido da atención e información. E, se me dá tempo –e se vostede se centra neste asunto–, na segunda quenda de intervencións falareille do resto dos eidos.

Na sanidade, o artigo 20 da lei establece, e non podería ser doutro xeito, que ten que garantirse a atención sanitaria, segundo a necesidade e o criterio clínico, das prácticas e para as terapias relacionadas coa transexualidade. As terapias hormonais estanse a administrar, como sabe vostede, nas unidades de endocrinoloxía. Estanse a levar a cabo campañas de educación sexual e de prevención de enfermidades de transmisión sexual; campañas de concienciación respectuosas e inclusivas que atenden de xeito específico os mozos e mozas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais como establece a lei e, como lle dicía, como non pode ser doutro xeito.

Respecto da formación do persoal sanitario, como vostede me preguntaba, é unha cuestión prioritaria e, efectivamente, está recollida no artigo 19 da lei, e no plan de formación do Sergas e da Consellería de Sanidade para o ano 2016 establécense actividades formativas sobre diversidade afectivo-sexual. Concretamente –pedía vostede concrecións–, por unha banda, actividades de formación relativas á igualdade de oportunidades independentemente do xénero e, por outra, actividades de prevención, manexo e tratamento de VIH-Sida e outras ETS. Tamén os centros Quérote+, en colaboración coa Consellería de Sanidade, están a desenvolver estas accións que abranguen, por exemplo, a realización de probas rápidas de detección de VIH ou campañas en aplicacións móbiles destinadas ao público gay. E perdoo a celeridade, pero gustaríame respostarlle ás preguntas concretas que vostede pide.

Eido da educación. Vostede destacou, o traballo respecto da diversidade sexual e identidade de xénero desde a escola resulta fundamental, e creo que o tiña que destacar moitísimo máis porque é fundamental e creo que un campo no que hai que facer moitísimas máis cousas, e non se viñan facendo ata o de agora. Esa é a razón pola que a lei fai unha énfase especial no ámbito educativo, e tamén esa é a razón pola que estamos a incidir de xeito significativo –penso– neste eido e na xente nova, como ademais sei que explicou o conselleiro de Educación na comparecencia que tivo tamén sobre este asunto en datas pasadas.

Dende o curso 2014-2015 supoño que vostede é coñecedora de que temos adaptados os currículos do ámbito nacional e autonómico para que o alumnado galego reciba unha adecuada formación en valores. Fálolle dos currículos de Primaria, de ESO, de Bacharelato e de todos aqueles en que iso é necesario. ¿Con que obxectivo? Coa necesidade de evitar os comportamentos sexistas na comunidade escolar, os estereotipos que supoñan discriminación por razón de identidade sexual ou de xénero, así como de favorecer –isto é moi importante tamén– a visibilidade e a realidade LGTBI.

Tamén dende o curso 2014-2015 se incorporou na orde pola que se aproba o calendario escolar a posibilidade de que os centros sostidos con fondos públicos realicen actividades específicas que estean, ademais, próximas ás datas de celebración internacional –e vostede falaba da significación das datas–, datas que estean relacionadas co recoñecemento efectivo dos dereitos destes colectivos. Hai pouco fixemos a campaña “Eu respecto”, á que vostede parece que non ten en moita estima, pero creo que foi un primeiro paso fundamental nunha campaña de concienciación, de sensibilización –que falta fai– arredor da igualdade, da diversidade sexual, identidade de xénero, dirixida a toda a sociedade e, de xeito particular, á xente nova. Repartíronse miles de carteis para a concienciación en máis de 1.000 centros educativos, e tamén se implicou –e creo que ía sendo hora xa tamén– os centros de información á muller para que atenderan e se responsabilizaran destas tarefas. Esta campaña vén respaldada por accións a través do proxecto europeo “Mocidade contra a violencia de xénero”, no que a Xunta participa dende 2013 e que rematou no ano 2015, e agora haberá que empezar a facer efectivas as conclusións. Por certo, anúnciolle que este mesmo ano faremos unha convocatoria dirixida aos colectivos que defenden os dereitos dos LGTBI para darlles axudas e para que poidan tamén continuar o seu labor, unha campaña de libre concorrência na que se poderá presentar calquera colectivo que se dedique a estas tarefas.

E xa fóra das aulas a Xunta de Galicia participou e financiou o pasado ano accións coas asociacións Acadar e Bigalicia sobre sexualidade e persoas con discapacidade, e os centros Quérote+ promoven a formación das familias a través do programa de redes familiares cando existe –e existen afortunadamente– solicitudes das ANPA.

En canto á formación dos docentes no eido universitario, sabe vostede que as universidades teñen autonomía para establecer este tipo de formación, pero a Xunta de Galicia está colaborando. Existen xa materias impartidas nos graos de Maxisterio, Pedagogía e Psicopedagogía da Universidade de Santiago que abordan a socioloxía dos roles de xénero, familia, educación ou o proceso de construción de identidades de xénero. De todos os xeitos, e con intención de seguir avanzando, estamos mantendo reunións coas universidades para estendelo ao resto das universidades galegas. O vindeiro 20 de abril vanse celebrar unhas xornadas de formación dirixidas aos xefes de departamento e de orientación educativa, onde se vai tratar a necesidade de afondar na non discriminación do colectivo LGTBI dende o punto de vista docente nas aulas.

Tamén queremos ir máis lonxe, e elaboramos un protocolo para dar resposta axeitada á identidade de xénero no marco da Estratexia galega de convivencia escolar. Poñeremos en marcha unha nova materia de libre configuración, estudarase a implantación dun ciclo formativo de FP superior –creo que isto é moi importante– sobre a igualdade de xénero, e tamén botará a andar o Plan de educación en igualdade co gallo de favorecer a adquisición de valores e boas condutas dende a escola.

No eido da información –xa o deixo para a segunda parte da intervención– os centros Quérote creo que están facendo, e xa fixeron, un labor moi importante. Imos implicar os CIM que están espallados por toda Galicia, máis de cen, para que tamén traballen activamente todas estas materias e, en definitiva, señoría –volvo insistir–, desculpas pola celeridade por intentar explicarlle e darlle respostas concretas a preguntas concretas. Creo que vostede estaría de acordo en que ningunha materia, e máis cando é complexa, se soluciona en pouco tempo. Pero creo que o importante é empezar; empezamos cunha lei que aprobamos todos, o malo é que o camiño era seguir recto con colaboración de todos, sen facer crítica política por facer crítica política. Vostedes, como todo o importante, sempre o entenden ao revés. Pídlle que sexa responsable e que non pense, por sacar un rédito político –que non vai sacar–, que isto é unha cousa que nos implica a todos. Nós demostrámoslle que estabamos convencidos de que este era o camiño aprobando a súa lei, vostedes cando gobernaron non o fixeron. Agora que estamos todos no mesmo camiño,

non se torzan, por favor, por réditos políticos que creo que non van ter.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Gallego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero cando termine o debate.

Réplica, señora Gallego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio.

A señora GALLEGO CALVAR: Señor Rueda, se vostede empregase todo o seu tempo en responder á iniciativa, non tería que ir tan rápido, en vez de estar defendendo o indefendible. Porque, por moito que vostedes se poñan como queiran, a realidade é que o balance que nos deixa o señor Feijóo con este goberno é: máis paro, máis pobreza, máis precariedade laboral e a comunidade autónoma máis endebedada, co récord de débeda de toda a historia da autonomía. Dá igual como se poñan vostedes. *(Aplausos.)*

Vostede citou hoxe na súa intervención á presidenta de Arelas. Eu non a saudei ao principio da miña intervención porque tiña pensado preguntarlle a vostede, na miña segunda intervención, se vostede coñece as organizacións Arelas, Chrysalis, Alas, Ultraia, Cascocomi, Galiza Entende ou Sete Cores. Ou se, dito doutro xeito máis coloquial, señor Rueda, ¿vostede, dende que esta lei está promulgada, sendo vostede o máximo responsable da súa divulgación, da súa posta en marcha e da coordinación de todos os departamentos da Xunta de Galicia para que esta lei se faga realidade, reuniuse algunha vez coas persoas que están aquí hoxe presentes neste debate e que representan aos colectivos que defenden os dereitos das persoas LGTBI? E ¿sabe cal é a resposta, señor Rueda? Non, nunca. Como as respostas a todas as preguntas que eu lle fixen é: nunca, en ningures, en ningún caso, non e nada. Esa é a resposta da aplicación da lei.

Mire, señor Rueda, non veña vostede a darlle leccións ao Partido Socialista sobre loita pola igualdade de trato e pola non discriminación. Porque é certo que nós, cando estive-mos no Goberno bipartito, neses tres anos e medio, non fixemos todas as leis que había que facer no mundo. Pero tamén é certo que as únicas leis que hai feitas neste país, digo en

Galicia e en España, que defenden a diversidade sexual, as realidades diversas afectivo-sexuais, a identidade de xénero, a igualdade diante da orientación sexual, a loita contra a violencia machista, a igualdade radical entre homes e mulleres, son leis que levan o cuño do Partido Socialista. Vostede non pode dicir iso, en ningún caso, do Partido Popular. Así que, leccións deste tipo, señor Rueda, poucas.

Mire, eu non pretendo facer nada raro con esta interpelación, estou no meu dereito parlamentario. Porque pertencen ao principal grupo da oposición, que foi ademais o autor intelectual desta proposición de lei que logo foi aprobada por todos os grupos ou sen ningún voto en contra. E estou facendo o que os cidadáns reclaman que faga, que é control do Goberno, saber se o Goberno cumpre co que se compromete. E as leis que se aproban aquí, señor Rueda, hai que cumprilas, e vostedes son especialistas en non cumprilas, ou, mellor dito, en moitos casos as leis que non lles gustan gárdanas no armario –e nunca mellor dito– porque esteticamente quedaba ben no seu día aprobalas, pero logo, cumprilas, ningunha.

Mire, o ano pasado, con motivo do primeiro aniversario da posta en marcha desta lei, trouxemos aquí unha proposición non de lei. E vostedes, de novo, déronlle o seu voto favorable. E naquela proposición non de lei priorizabamos dúas cuestións que nos parecían urxentes e prioritarias, que era facer un protocolo educativo e facer un protocolo sanitario para resolver unha parte importante dos problemas que hoxe denunciámos nós aquí. Un ano despois tamén isto está sen facer.

Pero mire, señor Rueda, non é que incumpran co Partido Socialista ou con este Parlamento, é que están incumprindo coas familias e coas persoas que sofren. Porque, mire, hai máis de oito meses que dende o Servizo Galego de Saúde se lles dixo ás familias que se ía facer unha mesa de traballo para coordinar e para harmonizar os criterios, porque non pode ser que uns especialistas estean dando os bloqueadores hormonais a nenos en nenas con 16 anos e a outros con 18. E iso está sen facer.

E cando me fala vostede do currículo educativo, a realidade, señor Rueda, é que vostedes non queren introducir no currículo educativo de maneira transversal nada que teña que ver coa diversidade e coa identidade de

xénero, e nada que teña que ver especificamente coa transexualidade, nada que teña que ver. Porque o que din vostedes, a desculpa que empregan, é que o 80 % do currículo educativo xa vén de Madrid e, polo tanto, que non poden facer nada.

E cando me fala vostede de que o currículo educativo fala de diversidade sexual, a realidade é que o currículo educativo especificamente, por exemplo, das persoas trans non di nada, non di nada.

E mire, señor Rueda, eu o que quero saber é cantas xuntanzas tivo vostede ou alguén do seu departamento, que coordinación fixo vostede, cantos decretos, ordes ou resolucións desenvolveron a lei que se aprobou hai dous anos, e se están dispostos vostedes de verdade a cumprir a lei...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...a atender as reclamacións das entidades.

Imos ver a súa vontade na moción. Xa lle digo, imos presentar unha moción con prazos concretos –non nos vale que veña aquí coa lexislatura a punto de esgotarse a prometermos cousas para dentro de tres anos–, con prazos concretos para que se faga dentro desta lexislatura.

Pero, señor Rueda, non fai falla que inventen, hai comunidades autónomas que empezaron máis tarde e van máis rápido. Mire, hai protocolos educativos e sanitarios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: ...en Andalucía, en Extremadura e no País Vasco, por exemplo. E hai documentos de identidade no País Vasco, que acaban de poñerse en marcha en decembro do ano pasado, documentos de identidade para que as persoas trans non sufran esa dobre discriminación cada vez que teñen que ensinar o documento nacional de identidade.

¿Están vostedes dispostos a aplicar o que di a lei? ¿Están vostedes dispostos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: ...a darlles solución aos problemas que teñen as familias? ¿A incorporar o procedemento sancionador na lei?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ¿A modificar a lei para recoñecer a realidade transexual? ¿A identificar cun documento transitorio ata que as persoas trans...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: ...poidan ter o seu DNI cambiado para evitar ese sufrimento?

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora GALLEGO CALVAR: ¿Están vostedes dispostos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: ...ou van seguir facendo o mesmo que ata o de agora, señor Rueda?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo xa, señora Gallego.

Grazas.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, é que eu, de verdade, non quero converter isto nun debate político... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Polo tanto, nin vou perder o tempo falando doutras cousas, como vostede fixo...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Si, bueno, pero político sobre o tema concreto, non político sobre outras cousas, como vostede fixo nas dúas intervencións; non resistiu a tentación de facelo nin na primeira nin na segunda.

Polo tanto, mire, o problema é que vostedes en todo o que ten que ver coa defensa de dereitos –no que lle insisto que todos estamos absolutamente comprometidos– o único que lles importa é ter este marchamo de campións. Son os que lle dan leccións a todo o mundo, son os que teñen que ter o recoñecemento de que son os únicos que se preocupan polas persoas. Mire, polas persoas preocupámonos todos e todas, señora Gallego. E, claro, mentres perdamos o tempo intentando que se nos recoñeza e non traballando, pois pasará o que lles pasou a vostedes, que estiveron catro anos no Goberno, fixeron moitas proclamas, pero resulta que despois a lei a tivo que vir aprobar o Partido Popular. Iso é o que lles pasará a vostedes, señora Gallego; iso é o que lles pasará. *(Aplausos.)*

Pregúntame vostede –dá excusas porque non saudou os colectivos na primeira intervención, vostede saberá– se me reunín con eles. Reuníronse con dous conselleiros, cos que lles pediron as citas, concretamente –e, dende logo, se a piden comigo, non terán absolutamente ningún problema–, co conselleiro de Sanidade e co conselleiro de Educación, para falar de temas concretos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, de verdade, vólvolle dicir que lle recoñecín na primeira intervención que quedan moitas cousas que facer, que este é un tema complexo, que aprobamos a lei entre todos e que entre todos deberíamos impulsala. Vostede agora esa lei que aprobou me bota en cara que non estamos dispostos a modificala. ¡Oia, se a votou a favor! Se non estaba de acordo en moitas cousas da lei, ¿por que a votou a favor? Se lle parecía que era unha lei incompleta, se lle parecía que era unha lei que

non ía cumprir os obxectivos, se lle parecía unha lei que era inxusta ¿por que a votou a favor? ¿Por que, cando a votamos todos a favor, non recoñecía que era mentira o que estaba dicindo, que estaba ben o que estabamos facendo e que o que correspondía era impulsala, como empezamos a facer? Fixémolo en moitos eidos, e había moitísimo que facer, por suposto que había moitísimo por facer.

E por suposto que vostede ten todo o dereito do mundo –ata aí poderíamos chegar– a non estar de acordo co ritmo de execución nisto e en calquera outra cousa que estea levando o Goberno da Xunta, pero estamos levando a cabo medidas para implementar unha lei que votamos entre todos e todas. E iso é o primeiro que a vostede lle debería valer. Pero non lle vale, xa me está pedindo que modifique unha lei que vostede votou a favor, estame negando reunións que tiveron lugar e está dicindo que eu non teño interese porque non me reunín con xente. Reuníronse compañeiros e compañeiras do meu goberno, que lles pediron a eses colectivos ter esas reunións para falar de temas concretos que lles importan e que estamos dispostos a implementar; ao mellor non ao ritmo que lles gustaría a eles, que o podo aceptar, non ao ritmo que lle gustaría a vostede, pero facéndoo. *(Aplausos.)*

Mentres levemos isto no debate político, non haberá avances nin en materia de sanidade nin en materia de educación nin en materia de igualdade en todos os eidos da súa vida diaria, como teñen todo o dereito do mundo, para o colectivo LGTBI, e ten que habelos. Pero se empezamos con este tipo de debates para dicir que non vale nada, que non se está facendo nada, para intentar sacar rédito político e para dicir vostede que non está de acordo coa lei que hai menos de dous anos votou a favor, eu non entendo nada, probablemente eses colectivos non entendan nada e, dende logo, non van sacar nada absolutamente en claro.

Nós imos seguir intentando implementar esta lei, imos seguir cumprindo etapas, imos intentar seguir acelerando, ¡faltaría máis!, e intentando que se vaian acadando conquistas pouco a pouco, pero facendo as cousas ben. Nin lle botaremos en cara que vostede en catro anos de membro dun goberno non fixo absolutamente nada, que vostede agora vén dicir que non lle gusta a lei que

votou a favor e que vostede vén intentar botarnos en cara e botarnos enriba a colectivos que, como mínimo –non lle dea leccións a ninguén–, nos importan tanto como a vostede.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(*O señor Losada Álvarez pide a palabra.*)

¿Si, señor Losada? ¿Para que quere a palabra? ¿E con base en que artigo, por favor?

Si, déanlle voz ao escano do señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Con base no artigo 76.1, 76.2 ou 76.3, o que vostede prefira.

O señor PRESIDENTE: ¿O de alusións?

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Por alusións, si.

O señor PRESIDENTE: Perdóeme, pero eu non... Creo que... (*Risos.*)

Perdoen un momento, que eu estiven atento ao debate. (*Risos.*)(*Murmurios.*) Si, si, o suficientemente atento como para saber que quen introduce un tema que non tiña que ver coa cuestión era a señora Gallego, e entendo que o señor Rueda lle responde á señora Gallego nesa cuestión. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Si, si. Entendín que é así. Polo tanto, non vin eu esa alusión, non a vin. Eu non a vin. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E vostede sabe, ademais, que o tema ao que se quere referir foi introducido nunha cuestión hoxe a mañá por vostede nun tema que tampouco o era. Polo tanto... No Álvaro Cunqueiro...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Pero sen citar a ninguén.

Prométolle non falar de política, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Losada, xa está! Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...tendo en conta que estamos nun cortijo e non no Parlamento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada. Non procede.

Moitas grazas.

Interpelación de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a fusión de concellos

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente, señoras deputadas, señores deputados, permítanme, antes que nada, darlles a benvida a cidadáns e cidadás de Cerdedo e Cotobade, pero tamén de municipios que se ven afectados por decisións que toma o Goberno e que son motivo desta interpelación, queremos crer que dentro dunha planificación. Veremos se é así. Aquí tamén hai representantes de Forcarei e da Estrada, ata onde eu sei, porque tamén se verán afectados.

A verdade é que cando primeiro aquí o presidente da Xunta, nun momento determinado, anuncia que se van fusionar dous concellos, Oza dos Ríos e Cesuras, pois, bueno, parecía sorprendente, porque nin sequera eran concellos dunha gran entidade, pero dei por suposto que formaban parte dunha planificación dun goberno nun modelo para o país onde se estudarían os pros, os contras e ademais habería unhas prioridades. Bueno, pasou a festa, pasou a romaría, e despois falaremos de Oza e de Cesuras. Pero recentemente o señor Rueda, que non quería ser menos, e recién entronizado presidente do Partido Popular en Pontevedra, tamén fixo o seu anuncio, porque parece ser que é inherente o anuncio de fusión de dous concellos co cargo de presidente, ou da Xunta ou do Partido Popular.

Eu pregunteilles aos meus compañeiros da área económica se nalgún dos documentos que a Xunta de Galicia presentou á Unión Europea, ao Estado, en calquera dos plans que elaborou o desenvolvemento *ad futurum* da Comunidade Autónoma figuraba algunha referencia á fusión de concellos, ás súas virtudes, ás súas eivas, ás vantaxes, ás prioridades para fusionar este, aquel ou aquelou-

tro, etc., etc., e, desde logo, que eu sabía –por iso, señor Rueda, non dubide de que vostede me vaia iluminar–, non hai ningún plan, proxecto, estudo ou calquera outro documento que analice a situación do mapa municipal de Galicia por parte da propia Xunta de Galicia, que parecera que era o natural, e sobre todo por parte súa, que é o responsable da área.

A min non me consta –ao mellor haino– que haxa documentos que analicen as circunstancias de todos e cada un dos concellos de Galicia, da súa situación socioeconómica, da súa previsible evolución demográfica, mais alá, evidentemente, das estatísticas do Instituto Galego de Estatística ou do INE, da súa evolución económica, dependencia administrativa e outras variables que parecen de sentido común que as coñeceramos para abordar un modelo de distribución municipal dentro do territorio. Tampouco me consta que exista ningún documento que analice, aconselle ou recomende fórmulas de cooperación, integración ou fusión de dous ou máis concellos, en función de variables que sexan obxectivas e medibles.

Tampouco se coñecen protocolos claros e obxectivos para abordar proxectos de fusión, máis alá dunha constante que se repite en ambos os dos dous casos: é condición *sine qua non* que estean gobernados por un alcalde do Partido Popular. As condicións obxectivas, físicas, económicas, demográficas, medioambientais parece que son accesorias; o máis importante é que á fronte de cada un deles haxa un alcalde do Partido Popular e, evidentemente, o cumprimento da lei, aínda que vostede sabe tamén que hai interpretación sobre como ás veces o aborda.

A experiencia Oza dos Ríos. É moi importante porque pasou un tempo e podemos ver cal é o *modus operandi*. Primeiro, a fusión responde a intereses políticos do presidente da Xunta, que vén aquí comparecer e como gran anuncio di que vai fusionar dous concellos con pouca poboación, cunha importancia económica relativa..., en fin, uns de tantos modestos concellos do medio rural. Pillou por sorpresa a todo o mundo, medios de comunicación, deputados do Partido Popular, ata aos concelleiros deses dous municipios, xa non digo os da oposición, que iso case é normal, na maneira de facer estas cousas, senón tamén aos dos equipo de goberno, que non sabían nada.

Despois de que o anuncian, aparecen informes que o aconsellan; iso si, sen ningunha garantía técnica solvente, porque algúns incluso os firmaban os alcaldes, collendo simplemente datos estatísticos –que os baixa calquera dunha páxina de tantas que temos por aí–. Vaian tomando nota porque é o mesmo *modus operandi*. E despois vén o bombardeo. Isto ía ser *la repera*, que dirían os rapaces: un centro de maiores; unha planta embotelladora de Coca Cola –que aquilo ía ser..., ían as botellas por unha cinta transportadora..., contábanos con todo luxo de detalles–; a instalación dunha central de biomasa que ía dar traballo a máis de 500 persoas, nunha poboación de 5.000 habitantes –o 10 %; traballarían todos, incluídos os xubilados–; o vaciado dun terraplén que atravesaba Oza onde se implicaba o Ministerio de Fomento –non digo aquilo de –puntos suspensivos– ... lorito, que dirían tamén os rapaces, porque é sorprendente, 3 millóns de euros de investimento–; e a transformación do antigo Camiño real, que une os dous centros urbanos.

Bueno, a realidade é que non temos nin planta de botellas nin investimento de Ence nin centro de maiores, e resulta que o Camiño real case queda en camiño de principiño, porque o seu orzamento queda reducido a unha miseria e, por certo, aínda non se empezou.

E logo íamos aforrar un pastón nos gastos improditivos, salarios de cargos públicos, redución de funcionarios, ían baixar os impostos e as taxas municipais, os servizos íanse mellorar que era unha marabilla... O resultado é que hoxe os gastos dunha soa corporación son maiores que os das dúas anteriores. A primeira medida que tomou o alcalde do municipio fusionado foi triplicarse o salario. Está aí, está nos orzamentos do municipio, denunciado pola oposición, e non se puido contestar porque era obxectivo, está publicado nos boletíns oficiais. E, por certo, por certo, señor deputado, subiu a taxa do lixo e subiu o recibo da auga, por lle poñer un caso. En fin, podemos falar incluso do urbanismo, que, evidentemente, segue estando repartido e dividido e alí non hai máis servizos.

E agora tócalle a Cercedo e Cotobade, o mesmo procedemento: escurantismo absoluto, alleo aos cidadáns outra vez. Primeiro anúnciase a fusión e logo constrúense os informes a medida; algúns deles curioso, asinados polo alcalde, porque non hai funcionario que se atreva a poñer a súa sinatura nalgúns papeis que se denominan informes. Ofrécese

unha arcadia feliz, e *ojo al dato* –que diría Cañita Brava, que xa o citamos onte–, ofrécese, por exemplo, unha inversión que incluso é máis espectacular: ao lado deste concello que se vai fusionar hai outro concello, pero, claro, naquel gobernan os rojos. Entón, di: como aquí hai dous alcaldes do PP e os convezno e deciden fusionarse, vou sacar o Centro de Recuperación de Fauna de Cotorredondo e vouno trasladar a este novo concello –vaia investimento, señor Rueda; vostede é incluso máis modesto que o seu presidente–. E isto, ademais, ten máis consecuencias, porque isto afecta o partido xudicial, afecta a servizos de concellos limítrofes, a servizos educativos, a servizos sanitarios e incluso de seguridade, porque nun deles hai un cuartel da Garda Civil. ¿O traslado da poboación de Cerdedo a Cotobade a un partido xudicial novo como o de Pontevedra vai ter consecuencias na redistribución de deputados provinciais para a Deputación de Pontevedra, señor Rueda, si ou non?

E, por certo, o que di a señora alcaldesa de Forcarei ou o señor alcalde da Estrada, que lles din aos seus veciños que non teñan medo, que eles o van convencer a vostede –sería importante que nolo aclarara– de que a pesar de que perden poboación, a pesar de que a lei di o que di, se vai manter o Partido Xudicial da Estrada, os servizos en Forcarei, e vostede vai seguir para adiante co seu proxecto. Eu non xulgo se é bo ou malo, senón o método, o método. E a pesar disto, como teñen fío directo con vostede –os dous son do PP, e iso é un valor moi importante para planificar o desenvolvemento municipal do país–, parece que vostede garante, por enriba de calquera outra cousa, o mantemento e pervivencia do Partido Xudicial da Estrada e incluso o nivel de servizos que ten Forcarei agora mesmo.

Señor Rueda, fixo vostede algún estudo no conxunto dos municipios de Galicia que nos diga exactamente cal é a situación, que nos permita avaliar ao final. Incluso hai por aí algún investigador pola súa conta que propón un número determinado de municipios. Pero esa é a opinión dun investigador pola súa conta. ¿A Administración ten claro cal sería o número determinado? ¿En base a que coordenadas? ¿Ten a Administración claros, despois de facer os estudos correspondentes, cales son os criterios para recomendar a fusión entre concellos? E pode ser moi importante...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ...para mancomunar servizos, para darlles mellores servizos aos cidadáns.

¿Pero a fusión só pode ser entre municipios que estean gobernados por un único partido político? ¿Os datos obxectivos aconsellan iso? ¿Vostedes en base a que toman as decisións? ¿Vostedes levántanse pola mañá e así, alegremente, como quen non quere a cousa, din: bueno, hoy toca una fusión. ¡Vamos allá! ¿Esa é a cuestión?

Señor Rueda, eu considero que vostede é unha persoa intelixente, unha persoa con experiencia, que ademais procede da Administración local, e gustaríame que me dixera que detrás disto hai unha planificación seria e non ocorrencias.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Soneira.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Soneira, claro, é que se vostede –e cito as súas palabras– lle chama a todo isto de falar de fusiones “festa” ou “romería”, como dixó, é moi difícil que nos poñamos de acordo. Eu creo que isto é un pouco máis serio, bastante máis serio.

E di que improvisamos. Non improvisamos en absoluto, ¡todo o contrario! Creo que está de acordo en que levamos anos xa non enganando absolutamente a ninguén, dicindo que a fusión voluntaria é un camiño polo que a Xunta de Galicia aposta, ¡por suposto! Iso é o que levamos dicindo moitísimos anos. E claro, iso vai acompañado dunha política de promoción, dunha política de fomento, da cooperación municipal. Se non se pode chegar á fusión, non se pode chegar, é moi difícil, se non, habería máis. Afortunadamente, algún caso ao final cristaliza, pero, desde logo, que os concellos colaboren. ¡É que antes ninguén falaba disto!

Vostede di que eu veño do eido municipal. Efectivamente, antes os concellos non querían colaborar, agora polo

menos os concellos colaboran, ás veces un pouco á forza. Sabe vostede que se puxo no Consello de Contas que había unha serie de cousas: primeiro, render as contas, e despois colaborar nalgunhas subvencións para poder acceder a elas, e, máis ou menos, pouco a pouco van entrando en determinados servizos. Por suposto que disto hai que falar e hai que facelo así, cunha política planificada. E nós, desde logo, estamos facéndoo.

E tamén nas fusións. No ano 2013, na lei estatal, cando foi a reforma do réxime local –é certo que se anuláron algúns preceptos agora–, nós xa dixemos que tiñamos que facer unha lei aquí porque non estabamos conformes, pero noutros si. E algúns dos que se manteñen vixentes e o Tribunal Constitucional non tocou porque dixo que estaban ben son aqueles que promoven as fusións municipais, as medidas económicas, as medidas incentivadoras. Iso propuxémo-lo nós desde Galicia, e aí seguen, e están ben. Non os tocou o Tribunal Constitucional, por algo será; porque son legais e para nós son viables.

E, dende logo, dende o eido institucional tamén incidimos niso. Acabamos de aprobar –por certo, co beneplácido da FEGAMP, na que está tamén o seu partido presidíndoa– un fondo de 2 millóns de euros para promocionar as fusións, porque hai que incentivar, sobre todo ao principio, porque non é nada fácil, ¡por suposto! E porque imos seguir apostando por esta política sen improvisacións. Por iso, chamárlle exercicio improvisado, iso si que é o complicado. Aquí hai que xerar –e nós estamos xerando– un marco normativo e un marco institucional, ao que me refería, e seguiremolo facendo así.

E dende logo que ten efectos positivos, ¡claro que si! Incrementáanse os coeficientes polos que se calcula a participación nos ingresos do Estado dos concellos que se fusionan. ¡Iso non mo poderá negar! Hai unha garantía de elevación do financiamento mínimo que teñen estes concellos. Iso está na lei, e cúmprese. Hai vantaxes nas convocatorias de subvencións. Nós estamos aumentándoo en todas aquelas nas que é posible, e ímolo cumprir, vaise ver agora.

Apoiamos cando se nos pide –e ogallá que o pidan moitos concellos porque iso quere dicir que hai máis concellos que apostan pola fusión– apoio para redactar os seus instrumentos de planeamento urbanístico e os seus instrumentos

de planificación financeira. A Xunta apoiaraos, e iso teñen que facelo as deputacións; o que pasa é que algunha deputación está para outras cousas, parece ser. Pero nós, dende logo, na Xunta de Galicia ímolo facer.

E o que lle dicía, hai un fondo especial de 2 millóns de euros para financiamento e promoción das fusións. Pero isto é o marco institucional, o marco legal, despois fai falta o marco político. Entón, claro, aí é onde empezamos a ter problemas.

Despois vostede di: é que hai poucas fusións, é que parecía que ía haber moitas. É que moitos concellos, loxicamente, afortunadamente algúns dos que goberna o Partido Socialista, non lles fan moito caso aos seus dirixentes. Pero claro, cando un ve que o partido máis importante da oposición a día de hoxe, o segundo partido de Galicia, lles chama *patochadas* ás fusións, que as desmenuza e as pon a caldo como vostede as puxo aquí e como as poñen nos medios de comunicación moitos dos seus compañeiros –bastante máis do que vostede fixo aquí, probablemente porque está nesta tribuna e se sente máis responsable, pero algúns dos seus compañeiros non se senten responsables e din o que din das fusións–, que din que son *patochadas* e que son propaganda política, probablemente iso non anime demasiado a aqueles que o están pensando.

Hai algún alcalde socialista que non lle fai moito caso. O alcalde de Pontecaldelas acaba de dicir que o que quere é fusionarse co Concello de Cotobade, que a fusión está moi ben. Non está ben co Concello de Cerdedo, que se chama así, pero está ben co Concello de Cotobade, e aposta polas fusións. Non lle debeu escoitar nin a vostede nin a outros dirixentes socialistas. E os alcaldes de Alfoz e de Valadouro están falando de fusionarse. Polo tanto, ao mellor non lle fan demasiado caso ao que vostedes din. Dixérono publicamente. Falo dos que fixeron declaracións públicas.

Claro, escoitándoos a vostedes e vendo a súa reacción, ás veces é difícil, e comprendo que algún se bote para atrás. Pero nós imos seguir con esta política.

Mire, nesa liña de desconfianza, vostede interpélame concretamente sobre os estudos que se fixeron para a fusión Oza-Cesuras. Exactamente os que marca a lei. Supoño que vostede saberá que nestes últimos anos –e eu non estou de acordo con iso porque non creo que o problema da planta

municipal sexa que haxa moitos concellos, senón todo o contrario— houbo moitas segregacións, case todas en concellos gobernados polo Partido Socialista, para que xurdiran outros concellos. Dígolle 3: concello de Domingo Pérez, en Granada, 474 habitantes o novo concello; Concello de Serrato, en Málaga, 500; Concello de Jatar en Granada, 633. Eses son os concellos novos que están xurdindo, e non creo que Galicia necesite concellos de 500 habitantes.

Estanse apoiando por concellos. Son concellos socialistas, disgréganse, e resulta que teñen alcaldes ou alcaldesas socialistas. E seguen un procedemento que ninguén cuestionou, exactamente o mesmo procedemento que se segue en Oza-Cesuras. E ninguén dixo absolutamente nada porque é o procedemento que está na lei, é o que hai que seguir.

Por certo, eu non sei se vostede estudou os documentos de viabilidade deses concellos socialistas que segregaron. Eu si, e din exactamente o mesmo, son un calco un do outro. Nós non o fixemos así en Oza-Cesuras. Estúdanse os condicionantes e vese se é viable ou non. Polo tanto, se cumpren a legalidade e se os concellos desexan facelo, así o fan. E din: é que non son máis que alcaldes do Partido Popular. Oiga, non, xa lle digo que hai algún alcalde socialista que o plantexa. Pero se lle fixeran algún caso, non habería ningún alcalde do Partido Socialista, escoitando o que din os dirixentes do Partido Socialista da fusión; o que din os dirixentes do Partido Socialista aquí en Galicia.

Vostede tamén xa verá, o que pasa é que é papel mollado, xa o dicíamos todo o mundo. Xa se verá que nese documento para o futuro Goberno de España que asinou o Partido Socialista en España e Ciudadanos, nese folio nada máis —e moitos máis que lle dedica á Administración local—, non debe de ser moi importante, e resulta que na parte máis importante fala —e leo textualmente: de que se comprometen a fomentar, en coordinación coas comunidades autónomas —gustaríame que viñeran aquí a ver a coordinación que teñen coa Xunta de Galicia os Socialistas de Galicia—, a racionalización das entidades locais en España, promovendo a fusión voluntaria de municipios, co fin de ofrecer de forma eficaz e eficiente o mesmo nivel de prestación de servizos a todos os cidadáns, con independencia de onde vivan.

Iso é exactamente o que nós queremos facer, por iso falamos de fusión voluntaria. Oiga, se o que vostede cre —por-

que di que hai que facer estudos xerais—, e no que está pensando, é nunha fusión xeneralizada e obrigatoria e que nos deitemos con 314 concellos en Galicia —agardo que 313 dentro de pouco— e nos levantemos con 200, como pasou noutros países, presenten este estudo, díganos, sen ningún problema, se esa é a súa intención, porque ao final aquí non queda claro.

¿Fusión si ou fusión non? Oiga, fusión si, pero cando hai fusión, opoñémonos, son *patochadas*. Non están ben nunca, non me gusta a documentación, non quero saber nada. Non os recibo, como fai a presidenta da Deputación de Pontevedra, que di que só os recibirá cando toque; total, un procedemento de fusión non ten ningunha importancia. Hai que recibir antes —e a min paréceme moi ben se recibira tamén aos concellos— as plataformas que se opoñen á fusión. Os alcaldes lexitimamente elixidos —por maioría absoluta, por certo—, e representando os seus veciños, eses non merecen ser recibidos, para eses non hai prèsa.

Esa é a responsabilidade dalgunhas deputacións, que despois din que teñen problemas e pídenlle financiamento á Xunta de Galicia para atender servizos porque os concellos pequenos non os poden atender e eles tampouco.

Iso é o que se está ventilando agora mesmo, señora Soneira. Esa é a responsabilidade dun goberno que nunca ocultou que está a favor das fusións voluntarias e esa é a irresponsabilidade dun partido socialista que lles chama *patochadas*, que di que está a favor e, cando aparece unha, dispáralle con balas de canón, fala de estudos que nin sequer coñece e di que son iso, *patochadas* que non merece a pena nin considerar e, dende logo, que hai que desprezar. Nós non imos seguir por ese camiño.

Mire, Oza-Cesuras, preguntábame cales son os resultados. Pois mire, incremento dos ingresos procedentes do PIE, superior a 118.000 euros ao ano, un aumento do 14 %. Pasaron de 157 euros por habitante a case 200. Redución de 25.000 euros ao ano en custos de representantes corporativos. Vostede dicía que non é certo; redución de 25.000 euros.

Redución de gastos superior ao 10 % anual, que se concreta nun aforro de 60.000 euros ao ano consecuencia da

aplicación de economías de escala, aplicación directa, nada máis empezar a fusión.

Incremento nas transferencias da Xunta ao concello superior ao 34 %; de 1,7 millóns de euros en 2013 a 2,3 millóns de euros en 2015.

Esas son as consecuencias inmediatas, e xa o iremos desenvolvendo se nos deixan, se non o poñen a caldo cada vez que teñan ocasión. Se en vez de estar orgullosos de que fronte á segregación de concellos de 300 ou 400 habitantes que propoñen os socialistas noutros lugares de España a pesar do que firman co señor Rivera, aquí en Galicia temos unha fusión, polo menos apoiála, polo menos observar, non recorre-la, non crítica-la, non falar de datos que nin sequera se coñecen, e ver se as cousas saen ben para que cunda o exemplo. Insisto, voluntario, aquí non se obriga a ninguén.

Vostede di que o de Oza-Cesuras foi un desastre. Vostede sabe máis que o 64 % dos veciños do Concello de Oza-Cesuras, que nas eleccións municipais –non se me ocorre mellor enquisa para valorar o que pensa a xente– apoiaron o novo alcalde do novo concello fusionado.

Claro, como vostedes sempre saben moito máis que a xente normal, a xente do pobo, dan leccións, ¡e así nos vai! Nós imos seguir co que cremos, imos seguir aplicándoo, e se algunha vez son vostedes un partido responsable e o apoian, benvidos, e, se non, xa sabemos que están no lugar onde están, e onde estarán peor aínda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor Rueda, eu teño por costume sempre supoñerlles aos meus interlocutores en todos os niveis, como mínimo, a mesma intelixencia que supoño que teño eu; como mínimo.

Claro, ¡que me veña vostede dicir aquí cousas que eu non dixen...! Eu a vostede non lle dixen que estaba en contra –nin o Partido Socialista– das fusións. Eu non estou en contra de que circulen os coches polas carreteras, agora, se á

fronte dese coche vai un suxeito que non coñece nin o código de circulación nin os límites de velocidade nin sequera a mecánica ou os rudimentos básicos do instrumento que leva nas súas mans, ¡xa me contará vostede a min! E vostede vén confirmar aquí que están abordando e animando ás fusións dos concellos onde gobernan vostedes por pura improvisación, sen ningún dato obxectivo, sen ningunha planificación.

Fálame vostede de Oza. Oiga, ¿quere que lle recorde aquí as pancartas que colgou o seu alcalde, queixándose amargamente das políticas de Montoro y de outros máis?. ¿Quéreme dicir vostede onde están os investimentos que se planificaron para alí?

É certo, cando sobes de determinado nivel de poboación, que che aumentan as aportacións do Estado. ¿E iso garante a supervivencia do municipio? ¿Vai frear esa aportación, tanto en Oza-Cesuras como no recente proxecto, o envellecemento da poboación, o aumento do nivel de renda, o despoboamento do medio rural, a creación de servizos e de actividade alí, a radicación de xoves que teñen que emigrar?

Supoño que a fusión será para algo, non só para que o Estado nos mande uns miles de euros máis ao ano, porque ao final, diga vostede o que diga, eses miles de euros a maiores que se produciron en Oza-Cesuras foron para incrementar o salario do novo alcalde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Hombre, ya! *(Murmurios.)* ¿Como que ¡que va!?

Claro, pasábamnos por alí, e resulta que colles os papeis e miras os números... Eu insístolles, presupóñolles a vostedes, como mínimo... Eu creo que teñen máis intelixencia que a que teño eu, polo tanto, non me traten a min por debaixo desa escala.

Di vostede que nós estamos en contra. Señor Rueda, ¡é que xa me fastidia ter que dicilo! Mire, resulta que un momento levántanse pola mañá, despois de facer un estudo, catro alcaldes, –¡catro!–, tiñan unha eiva –tamén debo recoñecelo–, ningún deles era alcalde do Partido Popular: alcalde de Camariñas, PSOE; alcalde de Vimianzo, BNG; alcalde de Zas, BNG; alcalde de Muxía, PSOE; e van falar co seu director de Medio Ambiente e dinlle: temos un problema coa recollida do lixo, é inasumible economicamente para os nosos veciños. Aquí temos un estudo, propoñemos unha

alternativa para a recollida mancomunada para reducir o recibo a menos da metade. Disto van para alá tres anos, esperando aínda resposta.

E ademais chega xa a cousa a un límite que, claro, como os alcaldes se turnaban para chamar, a ver se por cansazo, pois agora xa non se lles poñen ao teléfono. Ao mellor, señor Rueda, podía vostede –sen facer estudo, como fixo neste caso e como fixo en Oza– levantarse un día pola mañá e decidir reunirse con estes alcaldes e preguntarlles se lles gustaría mancomunar a recollida do lixo. Porque de verdade que repercute na calidade de vida dos veciños e en aforro, que se pode medir, que está no estudo. Pero non, porque –xa o dixen antes– estes catro alcaldes teñen unha eiva importante, que non son alcaldes do Partido Popular.

Señor Rueda, desta comparecencia eu constato que non hai nin folla de ruta, nin planificación, e non hai ningún estudo que aconselle a fusión deste, daquel ou daqueloutro. Porque ao mellor pois tampouco convén que se fusionen algúns concellos, pero ao mellor con base nun estudo profundo da súa realidade socioeconómica, e incluso cultural tamén. Porque vostede sabe que un compañeiro seu, do que agora renega, porque parece ser que o Goberno Fraga nunca existiu, houbo alguén no Deza que propoñía que no Deza se daban as condicións para facer un macro concello. Eu non sei se se dan ou non se dan, pero propoñía facer un estudo e eles algo adiantaban. ¿Vostede tomouno en consideración? Non sei, parece que isto é máis produto de pura improvisación –xa o dixen antes– e de buscar unha oportunidade nun momento determinado.

E, desde logo, neste caso concreto, onde estamos falando de concellos que pertencen a partidos xudiciais distintos, que para as próximas eleccións municipais poden ter repercusión na asignación de deputados provinciais, e xa llo dixen, e repítoo por enésima vez, como sei que vostede é un home intelixente, estou convencida de que vostede isto non o fixo de maneira gratuíta, señor Rueda, (*O señor Rueda Valenzuela pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿entende? Porque vostede dixo, cando tomou posesión, que non ía fomentar as mocións de censura, porque sabe tamén que teñen mala prensa. Pero por esta vía, señor Rueda, non é preciso fomentar ningunha moción de censura.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: Ten unha vía vostede aberta aquí perfectamente legal –non lla vou discutir– para mudar as maiorías, por exemplo na Deputación de Pontevedra. Por certo, na Deputación de Pontevedra leva menos dun ano este Goberno, debería vostede preguntarlle ao señor Louzán que fixo durante todo ese tempo para mellorar as condicións de vida dos municipios do rural na provincia de Pontevedra. E dígame de paso –se quere– cantas fusións lle propuxo ao longo de todos eses anos en que o señor Louzán se dedicou a facer campos de fútbol de herba artificial. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Turno de peche. Señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Soneira, eu xa sei que á vista da xestión que está facendo moi seguros na Deputación de Pontevedra non se ven. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Pero, claro, se cre que por fusionar Cerdedo e Cotobade alá vai a Deputación de Pontevedra, están moito máis frouxos do que pensaba todavía, sinceramente, (*Aplausos.*) moito máis frouxos todavía. (*Aplausos.*) É bo sabelo, se cren que periga a Deputación por facer unha fusión, vólvolle dicir, señora Soneira, que nós cremos nas fusións. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Nós cremos nas fusións; sinceramente, señora Soneira, recoñézao, vostedes non cren. Porque, claro, é que dicir: non, se as fusións nos parecen moi ben, as fusións teóricas son perfectas, sempre apoiaremos as fusións cunha única condición: que nunca haxa ningunha; porque en canto haxa unha fusión serán patochadas, recorrerémolas, diremos que non valen para nada e que as facemos para recuperar a Deputación de Pontevedra. ¿Dáse conta da súa teoría? ¿Dáse conta da súa teoría se xa van alá dúas fusións e sempre din que lles gusta moito? (*Murmurios.*)

Vólvolle dicir, vostede non se referiu a iso, supoño que non pensan cumprir ou non pensan gobernar, non o sei, por-

que eu doulle moita transcendencia a que asinen para gobernar España, e, polo tanto, tamén lexislación básica e réxime local –vostede coñeceo igual ca min– van afectar a Galicia. Que asinen un pacto dicindo que hai que promover en colaboración coas comunidades autónomas a fusión voluntaria e que despois non se refira a iso –supoño que porque non lle convén–, e aquí digan o que están dicindo e fagan o que están facendo...

E vólvolle dicir que a presidenta da Deputación de Pontevedra leva menos dun ano, pero leva meses de sobra para, como mínimo, recibir a dous alcaldes que gañaron por maioría absoluta e que lle están pedindo que os reciba para falar de algo tan importante como alterar o mapa municipal; porque, efectivamente, é alterar o mapa municipal, e queren contarllo á Deputación de Pontevedra. Que algo terá que dicir, porque ademais terá que informar. Xa me imaxino cal será o informe, sen coñecer todavía os documentos do concello, porque igual que vostede xa fala mal deles e di que non valen para nada, e aínda non os coñece. Porque, desde logo, a señora Silva non os coñece e di que a fusión non vale absolutamente para nada, e supoño que vai informar negativamente.

Mire, vostede aquí –perdoe que llo diga con todo respecto– descubriu a pólvora, si, porque di: non, é que aumentan os concellos o financiamento porque aumenta a poboación. É que esas son as vantaxes da fusión, aumenta a poboación, saltan de tramo e, polo tanto, aumentan exponencialmente os ingresos que reciben do Estado e da Xunta de Galicia.

Tamén podería ser da Deputación, vostede facía alusión a eses carteis e dicía: Montoro non cumpre con Oza-Cesuras, e estamos de acordo, non cumpría con Oza-Cesuras. E nós pedímoslle que aplicara con carácter retroactivo as vantaxes da fusión, a única fusión que houbera en España en moitísimos anos, e non o fixo. E dixemos publicamente que non estabamos de acordo, como noutras cousas que fixo o señor Montoro respecto da Administración local. E díxeno eu neste estrado, díxoo o presidente da Xunta de Galicia e díxoo o grupo parlamentario, e tivemos que facer unha lei para superar as eivas que tiña a lei estatal.

Dixémolo sen ningún problema, non a recorreremos, é certo; pero fixemos moitas cousas para evitar os prexuízos que poderían derivar dunha lei con cuxos preceptos algúns

deles non estabamos de acordo, coas fusións si. E tamén estamos de acordo con ese cartel que pon: “Formoso, devólvenos o noso”, porque sabe vostede tamén que a Deputación da Coruña, en canto a gobernou o Partido Socialista, a pesar de ganar o Partido Popular, cortoulle todas as axudas que tiña ao novo municipio fusionado, Oza-Cesuras. (*Aplausos.*) Tamén estamos de acordo con “Formoso, devólvenos o noso”. (*Aplausos.*) ¿Que razóns houbo para tomar automaticamente a decisión de cortarlle o financiamento a Oza-Cesuras? ¿Que era un concello gobernado polo Partido Popular que aumentara os apoios despois das eleccións municipais?

Despois de estar fusionado, despois de que todos os veciños e veciñas de Oza-Cesuras coñeceran en que consistía a fusión, coñeceran o que tiñan antes e coñeceran o que tiñan despois. Oia, se lle fan caso a vostede –e a vostedes en xeral– alí tiña que haber unha debacle do Partido Popular, ¿ou é que os veciños e veciñas de Oza-Cesuras son parvos? E sabendo que sufriron moitísimos prexuízos por unha fusión mal planificada que non trae máis que detrimentos e decrecementos económicos, resulta que aumenta o apoio ao señor alcalde de Oza-Cesuras. ¿Que lles está chamando parvos aos veciños? Ou ao mellor ten que recoñecer que son bastante máis listos do que vostedes cren e que viron que a fusión trae vantaxes e por iso nun momento en que teño que recoñecer que o Partido Popular tivo malos resultados noutros concellos, incluso da zona, resulta que en Oza-Cesuras aumentamos os apoios. ¿Que pasou entón, señora Soneira? Eu agradezo que os veciños..., o malo é que, claro, co ambiente que crean vostedes é difícil que o vaian vendo pouco a pouco; pero é que pouco a pouco vaian vendo os beneficios da fusión.

Fálame deses catro concellos que foron pedir unha mancomunidade. Non, as mancomunidades son voluntarias –supoño que vostede o saberá–, non dependen da Xunta de Galicia para crear unha mancomunidade e prestar o servizo mancomunadamente. Supoño que irían falar –tamén agora nestes meses que levan na Deputación da Coruña– para que lles deran axudas e lles dirían que non. Entón, claro, se non llas dá a Xunta de Galicia, coas deputacións non poden contar; supoño que será así, porque para crear unha mancomunidade non fai falta para nada a autorización da Xunta de Galicia.

E, mire –para rematar, que se me acaba o tempo– (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*), vostede dime

que os estudos, que non temos estudos, que non os viu. Mire –eu lamento dicilo, porque ademais non acostumo a referirme, pero está aí o señor Méndez Romeu–, cando eu cheguei á consellería había 500.000 euros –algúns tivémoslos que pagar a Xunta de Galicia, pero xa era eu conselleiro– de estudo sobre a viabilidade das áreas metropolitanas, concretamente a de Vigo, 500.000 euros. Para concluír, ¿sabe que?, que era mellor facer un consorcio común de bombeiros. Afortunadamente nós queremos máis a Vigo, queremos máis o municipalismo e cremos que os concellos deben colaborar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Pronúncianse palabras desde a tribuna do público que non se perciben.)

Si, por favor, os servizos da Cámara axuden os nosos invitados a abandonar o Pleno, por favor.

(Pronúncianse palabras desde a tribuna do público que non se perciben.)

Silencio, por favor.

Axuden os servizos da Cámara. Colaboren cos invitados. *(Murmurios.)*

Grazas.

Pasamos ao punto 7 da orde do día, que se corresponde co de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto das conversas mantidas entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais para analizaren a viabilidade dun cambio de modelo de xestión dos consorcios provinciais de bombeiros

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Miguel Ángel Tellado Filgueira, do Grupo Parlamentario Popular. Cando queira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

Señor vicepresidente, tampouco crea que a actuación da señora Soneira agora ten nada que ver coa función de control desta Cámara sobre o Goberno. Eu creo que ten moito máis que ver co *casting* político que vive o Partido Socialista de Galicia, o PSdeG-PSOE, *(Murmurios.)* na busca dese novo secretario xeral para o próximo cuadrimestre. *(Murmurios.)*

Nós imos falar nestes momentos do parque de bombeiros dependente dos consorcios provinciais, iso é sobre o que versa esta pregunta. A oposición, aquí en Galicia, tennos moi acostumados a utilizar unha dobre linguaxe sobre a xestión dos servizos públicos en Galicia. Cando goberna o Partido Popular eles falan de privatización, cando gobernan os socialistas cos nacionalistas ou coas mareas fálase de xestión indirecta. Son eufemismos socialistas baseados na máxima de “fai o que eu digo, non o que eu fago”, que é fundamentalmente ao que se dedica aquí o Partido Socialista no Parlamento.

Pois ben, logo de reivindicar durante moito tempo e con moita ansia a xestión directa dos parques de bombeiros dependentes dos consorcios provinciais, parece que os presidentes das deputacións provinciais dependentes do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego xa non teñen tanto interese. Agora o verdadeiramente prioritario era cambiar o logotipo da Deputación Provincial de Pontevedra e engadirlle tantas estrelas como concellos hai nesa provincia. E desgraciadamente a señora Carmela Silva vai ter que cambiar ese logotipo, porque lle sobra unha, logo da fusión destes dous concellos.

Pois ben, o pasado 12 de xaneiro a Xunta de Galicia mantivo un encontro cos presidentes das deputacións provinciais –da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra– no que se abordaba a situación dos consorcios provinciais de bombeiros e se establecía un prazo dun mes para analizar a viabilidade dun cambio de sistema na prestación do servizo

A Xunta, nesa xuntanza –coñeciámolo a través das informacións facilitadas–, amosaba a súa disposición, a disposición do Goberno galego para explorar a posibilidade de avanzar entre a Xunta e as deputacións, para estudar a via-

bilidade dun cambio do sistema de xestión –de xestión indirecta a xestión directa, tal e como demandaban os partidos da esquerda– e estudar convenientemente a viabilidade xurídica e económica; garantindo en todo caso os dereitos dos traballadores.

Neste sentido, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos solicitar a valoración do Goberno galego sobre as conversas mantidas entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais para analizar a viabilidade dese cambio de modelo de xestión dos consorcios provinciais de bombeiros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Responde o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señor presidente.

Pois, señor Tellado, brevemente, por facer un pouco de botar a vista atrás e explicar de que situación viñamos e a que situación chegamos, en que situación estamos e a que situación queremos chegar. No ano 2000 non había ningún parque de bombeiros máis que os das sete cidades en Galicia. No ano 2000 abriuse o primeiro parque, o do Deza-Tabeirós, por xestión directa, e naquela época eu tiña as responsabilidades de director da Administración local e chegamos á conclusión de que había que optar por se realmente se quería estender o modelo por outro plantexamento diferente e que era pioneiro naquel momento. E ségueo sendo –teño que dicilo agora–, a pesar de que moitos representantes políticos teñen manifestado que de non ter xa o sistema iniciado probablemente optarían por este.

E falamos coas deputacións, a pesar de que naquel entón –e tampouco agora– a Xunta de Galicia non tiña competencias en materia de emerxencias e, polo tanto, en parques de bombeiros –hai que dicilo–. A Lei do ano 2007, do Bipartito, así o referendou, e a Lei básica de réxime local tamén –por se había algunha dúbida–olveuno confirmar. Aínda así, a Xunta de Galicia implicouse desde o principio pagan-

do, cando menos, o 50 % de cada un dos parques, e iniciamos un novo sistema.

Eu teño que dicir que foi naquela época cando decidimos colaborar coas deputacións, co señor Moreda, socialista, presidente da Deputación da Coruña, e co señor Xaime Bello, do BNG, vicepresidente, e decidiron optar polo sistema que agora mesmo está vixente. E na Deputación de Pontevedra e na Deputación de Ourense é certo que había gobernos do Partido Popular e as tres deputacións arrancaron co sistema de parques, iso permitiu que o modelo se seguira estendendo.

Durante o Bipartito –ata onde eu coñezo–, e creo que coñezo todos os datos, non se mudou o sistema, senón todo o contrario, seguíronse abrindo parques co sistema de xestión directa habendo deputacións socialistas e Goberno bipartito na Xunta de Galicia; e o certo e verdade é que hai pouco tempo, co cambio de gobernos nalgunhas deputacións, polos medios de comunicación –porque teño que dicir que ningún responsable de ningunha deputación se dirixiu a min directamente–chegáronnos noticias de que as deputacións se estaban comprometendo con representantes dos traballadores, que é certo que sempre plantexaron un cambio de modelo, a facer este cambio.

Creo que nun exercicio de responsabilidade a Xunta de Galicia convocou as catro deputacións, e o que se dixo alí –e eu veño manter aquí e a calquera sitio, porque o coñecen perfectamente os responsables– é que a Xunta de Galicia non se opón ao cambio de modelo, a pesar –volvoo dicir– de non ter competencias e ser, en conxunto, a que máis cartos aporta, sempre que se cumpran dúas condicións: primeiro, que non supoña un maior custo –cando menos para a Xunta de Galicia–, e que se garanta a estabilidade laboral das plantillas dos profesionais que agora mesmo están desenvolvendo o seu traballo nos parques.

O certo é que as deputacións alí, a Deputación de Ourense dixo que estaba contenta co modelo, igual que antes o estaban as deputacións socialistas de Coruña e de Lugo –cando, por certo, todo este modelo arrancou sendo o señor Besteiro presidente na provincia de Lugo, e dígoos e eu felicítome de que puidera arrancar na provincia de Lugo–.

Bueno, o que dixeron alí as tres deputacións que optaban polo cambio de modelo, que eran as outras tres, é que nun

mes traerían documentación para acreditar que estes requisitos se cumprían. Pasou o mes, non fixeron nada, houbo que chamalos dende a Xunta de Galicia e na segunda quenda contareille o resultado desa xuntanza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor vicepresidente.

Pois teño a sensación, efectivamente, de que esa efervescencia reivindicativa en favor da xestión directa dos parques comarcais que aquí escoitamos moitas veces dos grupos da oposición –do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e incluso do Grupo de AGE, da súa excisión–, efectivamente, cando chegaron ás deputacións provinciais da Coruña, de Lugo e de Pontevedra esa efervescencia reivindicativa desapareceu, e finalmente parece que non hai ese interese que politicamente aquí se expresaba, e dende logo dende a presidencia desas deputacións non o hai.

Polo tanto, á vista de que houbo unha segunda reunión o pasado 2 de marzo, quixeramos coñecer se efectivamente nesa xuntanza os presidentes das deputacións socialistas, ao igual que fan aquí os socialistas e os nacionalistas, defenderon que se dean pasos adiante na xestión directa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, nada novo baixo o sol nesa segunda xuntanza o 2 de marzo. As tres deputacións gobernadas polo Partido Socialista e o Bloque decatáronse, parece ser que non antes, de que en cada provincia había unha realidade diferente, non se decataron nin na primeira reunión, nin nos

anos en que formaban parte dos consorcios, e o que dixeron é que había que xuntar os datos e ver se era posible ese plan-texamento que facían, e garantir –volvo dicir– o que nós exiximos como condición *sine qua non*, o custo económico, pero, sobre todo, a estabilidade dos traballadores, que eles lle comprometeron aos representantes sindicais dicindo que non había ningún problema e que se podía cambiar o modelo dun día para outro.

Ben, teño que dicir que nós dixemos que ningún problema, que se xuntaban os datos económicos, os que temos son os que teñen no Consorcio, tamén os teñen eles, non sei se buscarán noutro lado tamén. E o certo e verdade é que pasaban os días e non recibimos ningunha noticia dos promotores do cambio de xestión e acabamos de volver convocalos, outra vez, dende a Xunta de Galicia, a outra nova xuntanza a ver se esta vez nos traen os datos, e a ver se se poden acreditar eses requisitos.

Se se acreditan, que creo que son perfectamente entendibles, e insisto, sobre todo nas garantías dos postos das plantillas dos profesionais, e así penso que o entenderon moitos profesionais, poderase cambiar o sistema; se non volvo dicir que creo que os recursos públicos que manexamos todos, e sobre todo a garantía de estabilidade dos traballadores, debería estar por riba de calquera promesa política que cando chega a hora de cumprir vese que non se pode cumprir, como outras tantas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a Carmen Iglesias Sueiro, do G.P. Mixto, sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde.

Boa tarde, señor Rueda.

As terapeutas ocupacionais son profesionais sociosanitarias que dirixen a súa actuación a persoas que presentan unha

discapacidade de xeito permanente ou temporal que impide as súas funcións físicas ou mentais. O seu obxectivo é axudar o paciente a mellorar a súa autonomía nas tarefas da vida diaria, e asistir e apoiar o seu desenvolvemento cara á unha vida independente, satisfeita e produtiva. É dicir, capacitar as persoas dependentes ou con problemas de integración social para participar nas actividades da vida diaria e na súa contorna co maior grao de independencia posible.

As terapeutas ocupacionais posúen unha formación extensa. As galegas, por certo, disfrutan de moi boa sona en toda Europa, esta formación proporcionalles as destrezas e coñecementos para traballar con aquelas persoas ou grupos de poboación que sofren a afectación dunha estrutura corporal ou función debida a algún cambio na saúde e que, polo tanto, fai que experimenten limitacións na súa participación social, familiar e laboral.

Esta disciplina exercece nunha grande variedade de ámbitos de actuación: hospitais, centros de saúde, domicilios particulares, lugares de traballo, escolas, centros de menores, residencias de maiores. E as intervencións inclúen rehabilitación de déficit neurolóxico, función motora, función sensitiva e relacións interpersoais, e implican actividades útiles de importancia no xeito da vida das pacientes asociadas ao coidado dun mesmo, ao traballo produtivo e ao ocio.

Son moitos os casos das persoas recuperadas por estes e por estas profesionais, o que supón que pasan de ser receptoras dunha prestación a cotizantes. Dado o carácter de servizo privado ou concertado da maior parte das empresas que ostentan a titularidade dos servizos asistenciais, sobre todo para maiores, faise imposible coñecer o número total de profesionais que exercen este labor na Galiza.

Dificultade que se incrementa por non existir ningún organismo que regule o exercicio desta profesión. O cal tamén favorece o intrusismo. A Asociación Galega de Terapeutas Ocupacionais realizou os trámites de solicitude do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais da Galiza no ano 2014, co fin de crear unha estrutura sólida con entidade xurídica propia.

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Polo cal lle formule a seguinte pregunta, señor presidente...,

O señor PRESIDENTE: Formúlea, formúlea.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...só unha pregunta, ¿ten pensado a Xunta de Galiza atender as solicitudes de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais presentada pola Asociación Profesional Galega de Terapeutas Ocupacionais?

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Respóstalle o vicepresidente e conselleiro de Presidencia e Administración Pública e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Iglesias, efectivamente, concordo totalmente no recoñecemento e é certo que teñen boa sona. Eu, ademais, coñezo algún profesional terapeuta ocupacional e, polo tanto, é unha profesión sanitaria que merece unha regulación e un recoñecemento maior do que teñen agora.

Por darlle algún exemplo antes de contestarlle á súa pregunta, e por ver que isto segue un iter. No ano 2014 nós aprobamos a estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galiza, e xa se recoñece o papel imprescindible que deben ter os terapeutas ocupacionais. No 2014 tamén modificamos o Decreto de Servizos Sociais para incluír os servizos que prestan os terapeutas ocupacionais na carta de servizos de axuda no fogar, e no ano 2015 aprobamos un protocolo de coordinación da atención temperá en Galicia, e nel contamos cos terapeutas ocupacionais do Sergas, para que fagan tamén un labor fundamental.

Polo tanto, recoñecemos estes profesionais e recoñecemos a necesidade de creación dese colexio.

No mes de xaneiro deste ano eu mantiven unha xuntanza, despois de que así o solicitara, coa asociación –agora mesmo son asociación, como vostede sabe– e a reivindicación que puxeron enriba da mesa é a creación do colexio. Nós entendémola axeitada e dende aquel momento empezaron os trámites para a creación do colexio e redactouse o anteproxecto de lei.

Sabe vostede que aquí hai reserva legal para tomar este tipo de decisións, e ao Goberno da Xunta correspóndelle facer o anteproxecto de lei, e redactouse, someteuse a información pública. Acaba de rematar a información pública, téñolle que dicir que se os datos que me subministra non me fallan, non houbo, ademais, ningunha alegación e, polo tanto, agora comezará o resto de trámites necesarios para aprobalo polo Consello da Xunta, somete-lo a esta Cámara, e agardo que así sexa, que sexa posible incluso neste período de sesións poder aprobar a creación deste colexio e, polo tanto, cumprir cunha decisión que creo que é de xustiza e que probablemente tiña que estar tomada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Pois de novo, señor Rueda, agradecer a súa resposta e comunicarlle que me alegro, así como as representantes que están no espazo do público –que creo que hai dúas persoas aí–, porque efectivamente, como vostede dixo, a colexiación supón unha garantía; unha garantía para toda a sociedade e, especialmente, para os usuarios e as pacientes, porque garantía que garantirá –valla a redundancia– a existencia dunha institución que se ocupe de ordenar o exercicio profesional, desde o coñecemento científico e desde a experiencia necesaria.

Hai moitos, é unha carreira que ten moita aceptación e aumenta o número de profesionais neste eido da sanidade, e tamén, como vostede recoñeceu, crin entender que hai moito intrusismo, o cal vai en prexuízo do servizo e mais de quen o recibe.

De todos os xeitos, espero que a súa contestación se realice nesta lexislatura, que está a punto de rematar.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Realmente, señorías, unha das reivindicacións e das queixas que trae a asociación é o intrusismo que padecen como colectivo profesional, e precisamente non vai ser a única solución, pero sen dúbida é unha ferramenta importante, vai ser a creación dun colexio para empezar a controlar o problema do intrusismo que, efectivamente, padecen.

Eu agardo, sinceramente, que sexamos quen de poder aprobar a lei. Eu o que lle podó garantir é que o Goberno vai facer o seu traballo e vai traer á Cámara o proxecto de lei unha vez aprobado polo Consello da Xunta.

Agora, a partir de aí, simplemente recordarlle un antecedente: creación do Colexio de Dietistas e Nutricionistas, á parte dunha emenda á totalidade –que presentou unha compañeira do seu mesmo grupo–. Eu teño que dicir que unha lei de catro artigos tivo catro meses de tramitación, porque tivo catro solicitudes de ampliación de prazo, 31 emendas para un texto –insisto– de catro artigos.

Eu agardo que esta vez sexamos serios, respectando, por suposto, o dereito de todos os deputados e deputadas a facer o seu traballo. Eu creo que por un texto de catro artigos, que ademais recoñece algo que é de xustiza, non tiñamos que ver unha tramitación como a que tivemos que ver aquí no Parlamento do Colexio de Dietistas e Nutricionistas.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Seguintes preguntas, en concreto a 7.3, 7.4 e 7.5, que se corresponden cos documentos 48.652, 48.659 e 48.661. Procederá ao debate de xeito acumulado.

Comezamos, polo tanto, pola pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a decisión do Tribunal Supremo respecto das 129 concesións de transporte público prorrogadas pola Xunta de Galicia

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as consecuencias que vai ter, nas condicións materiais de mobilidade por estrada da cidadanía, a anulación das prórrogas das concesións de transporte público de viaxeiros

Pregunta de D. Jesús Antonio Goldar Güimil e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a sentenza do Tribunal Supremo pola que se anula a prórroga das concesións de transporte público interurbano de Galicia

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, o pasado 14 de marzo de 2016, hai moi poucos días, coñecemos esta sentenza do Tribunal Supremo, unha sentenza que anula non unha lei, senón unha resolución da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galiza, pola que se aprobaba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular, que basicamente consistía na prórroga por 10 anos de 129 concesións de transporte público.

Unha sentenza que tamén creo que é bo que o aclaremos aquí, por algunha das cuestións que dixo hoxe o señor presidente da Xunta de Galiza, pois ten como consecuencia o escrito presentado, o recurso de casación presentado pola Comisión Nacional da Competencia no ano 2012, cando estaba gobernando o Partido Popular.

Polo tanto, hai unha lei que aprobou o Partido Popular, hai unha resolución que desenvolve esa lei que aprobou o Partido Popular e, en última instancia, hai un recurso que presenta a Comisión Nacional da Competencia cando estaba gobernando o Partido Popular tamén en Madrid.

Polo tanto, hai unha responsabilidade directa, neste caso da Xunta de Galiza, que non pode intentar eludir cunha serie de manipulacións burdas e que, en todo caso, o único que indican é a falta de convicción que vostedes teñen á hora de defender o que levan facendo.

En todo caso, esta sentenza crea un problema importante no noso país, de inseguridade xurídica en relación coa prestación do transporte público regular. Deixa no limbo 129 concesións e pon de manifesto que vostedes son un Gober-

no incompetente que nin tan sequera é capaz de dar seguridade xurídica coa lexislación que aproba.

Teño que dicirlle que neste sentido a sentenza vén darnos a razón ao Bloque Nacionalista Galego. Cando se debateu esta lei que é a orixe desa resolución, o BNG dicía que o Goberno do Partido Popular estaba actuando de maneira irresponsable; que vostedes estaban enganando o sector do transporte cunha saída que sabían que tiña problemas de legalidade, e mesmo nós, que cuestionamos o actual marco da Unión Europea, e que desde Europa nos digan como ten que aplicarse e desenvolverse o transporte público no noso país, tamén lle dicíamos nese momento que o propia normativa permitía outro tipo de fórmulas para salvar a situación.

Mais vostedes actuaron sen atender ao que estabamos dicindo dende a oposición, creando un problema grave neste momento para o futuro e cruzándose de brazos durante estes sete anos. Porque o que non se pode entender, señora conselleira, é que veña hoxe o presidente dicir que van facer unha lei que vai solucionar o problema, porque levan sete anos sabendo que había este problema enriba da mesa e non fixeron absolutamente nada.

Gustaríanos que asumiran a súa responsabilidade, cremos que a situación é da suficiente gravidade como para que non veñan aquí dicirnos que a culpa é do Bipartito. Realmente é un insulto á intelixencia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pontón.

Señor Sánchez, ten vostede a palabra.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois recentemente coñecemos outro dos grandes éxitos do xestor Núñez Feijóo e da xestión do Goberno Popular, outra das herencias envelenadas que deixan para o futuro deste país terra queimada.

Despois do varapao xudicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ao concurso eólico do Partido Popular, despois da sentenza do Tribunal Supremo pola suspensión do concurso eólico do Bipartito, o Tribunal Supremo anula a prórroga de 144 rutas concedidas de transporte público por

estrada, pola incompatibilidade desta resolución co Regulamento comunitario 1370/207.

A lei galega era anterior á restrición da Unión Europea, pero a resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na altura encabezada por Agustín Hernández, era posterior. En cambio, hoxe o señor Feijóo, rizando o rizo, botoulle a culpa ao Goberno bipartito de que o Tribunal Supremo anulase as prórrogas de concesións do transporte público por estrada dunha lei asinada por el mesmo, isto si que é rizar o rizo.

Aludiu á Lei 5/2009, asinada por el, cando o que se anula é a resolución do 26 de febreiro de 2010, pola que se aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular, onde a Xunta ampliou as concesións ás empresas de autobuses de xeito incondicional e por 10 anos máis a todas as concesións en vigor, con independencia do seu período inicial, do período xa transcorrido e de calquera outra circunstancia. Unha chapuza que agora imos pagar.

O Supremo conclúe que a Xunta actuou dun xeito contrario ao dereito, e polo tanto anula as ditas prórrogas. É dicir, nos derradeiros momentos dun goberno esgotado é unha hipoteca máis que deixan para o futuro do noso país, sumada a moitas outras hipotecas. Abre unha situación de incertidume no sector e aínda non temos resposta de como se vai actuar fronte a esta sentenza. O fallo do Tribunal Supremo ameaza 144 rutas e 129 concesións. Nós preguntamos, ¿cales son as medidas que vai tomar o Goberno da Xunta de Galicia despois deste novo varapao xurídico ao seu Goberno? ¿Cales son os resultados das xuntanzas mantidas co sector? ¿E vai aproveitar este novo contexto para empregalo como oportunidade para reestruturar en profundidade o obsoleto mapa de liñas de autobuses galegas?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Señor Goldar Güimil.

O señor GOLDAR GÜMIL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, moi boa tarde a todos, hai hoxe doce días, exactamente, coñecemos a sentenza do Tribunal Supremo que anulaba a resolución da Dirección Xeral de Mobilidade pola que se prorrogaban as concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada, como xa se ten aclarado esta mañá no turno de preguntas ao presidente.

Tal e como expresamos na exposición de motivos da cuestión que agora substanciamos, a Lei 5/2009, do 24 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector de transporte público de Galicia, aprobada despois de ser consensuada co sector do transporte da nosa comunidade, establecía no seu artigo 1 a posibilidade de prorrogar automaticamente as concesións do transporte público.

Estas prórrogas materializáronse en febreiro de 2010 mediante a citada resolución da Dirección Xeral de Mobilidade, que tamén concretaba o Plan de modernización do sector ao que ían ligadas esas ampliacións dos títulos concesionais preexistentes. É dicir, esa posibilidade de prórroga establecíaa a lei, e non a resolución, que unicamente a desenvolvía inxerida ao Plan de modernización.

A fin última que pretendía esta norma, señorías, era a de garantir a modernización dun servizo público fundamental para Galicia e para os galegos e as galegas, e así o entendeu a nosa comunidade e doce autonomías máis que fixeron exactamente o mesmo ca nós, e tamén o tribunal superior de Xustiza de Galicia que a validou.

E abofé que xa se ten andando un importante camiño e que, aínda quedando moito por diante, seis anos e medio despois da súa entrada en vigor ninguén discute a máis que notable mellora na calidade do servizo do transporte público que se presta hoxe en Galicia, salvo a señora Pontón, ¡claro está!, e da que se benefician a diario decenas de miles de usuarios; máxime cando outros que hoxe falan aquí con moita vehemencia, esquecendo clamorosamente a súa acción de Goberno de hai uns anos, non fixeron absolutamente nada polo sector do transporte.

¿Ou acaso a voceira nacional do BNG esqueceu cando o seu grupo bigobernaba Galicia e apoiaba activamente a á oeste daquel Executivo? ¿Non sabían entón, señora Pontón, alá polo ano 2007, que a finais do ano 2009 entraría en vigor

o regulamento comunitario que poñía nunha situación delicada a tantas familias, a tantos traballadores –nada menos que 5.000– e a tantas empresas do sector en Galicia? Como facilmente advertirán son dúas preguntas retóricas, e voume permitir, xa que logo, contestárllelas eu.

Si o sabían, máis, con todo, nada fixeron. Debo matizar, se me permiten, que si fixeron algo, borradores, como esta mesma mañá lles tivo que aclarar o propio presidente da Xunta de Galicia, e tamén fixeron unha modificación aprobada co voto a favor do Bloque Nacionalista Galego da Lei de orzamentos para o ano 2009, na que curiosamente prorrogaban as concesións por un ano máis. Esa é, certamente, toda a bagaxe que o Goberno bipartito fixo para solventar o que de aquela xa era un gravísimo problema.

En resumo, señorías, unha patada cara a adiante e xa se resolvería, xa o resolvería o seguinte goberno, porque vostedes, insisto, ou non sabían ou non querían facelo.

Señora conselleira, lonxe deste ruído demagóxico que fan as súas señorías, sen ofrecer ningunha solución e ningunha axuda, que é o peor, a este grupo parlamentario intéresalle coñecer que é o que ten feito ata o de agora...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor GOLDAR GÜMIL: ...o seu departamento desde que se coñecera esta sentenza e cales son os pasos que se están a dar para solucionalo.

Máis nada polo de agora e moita grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Goldar.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Señorías, despois de escoitar algunha destas intervencións, teño que comezar destacando que a prórroga das concesións foi unha decisión do ano 2009 pola inminente entrada en vigor dun regulamento do ano 2007 ante o que o

Goberno bipartito –eu teño que dicilo–, coa entrada en vigor deste regulamento do ano 2007, non foi quen de buscar solucións para garantir o servizo público e para dar estabilidade a máis de 5.000 empregos que traballan neste sector.

A prórroga das concesións do transporte público regular permanente de viaxeiros por estrada ten a súa orixe na Lei 5/2009, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público en Galicia; unha lei acordada e consensuada co sector que o 24 de novembro foi aprobada neste Parlamento e foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de novembro 2009. Unha norma que habilitaba o marco legal para prorrogar esas concesións e que tamén fixaba as bases dun Plan de modernización, Plan de modernización que debería ser fixado na posterior resolución da dirección xeral.

Os novos vencementos das concesións serían a partir do ano 2019. Establecíase, polo tanto, un marco normativo que achegaba estabilidade e achegaba melloras sociais a este sector económico tan importante que dá emprego a máis de 5.000 traballadores. Cumprindo, polo tanto, un dobre obxectivo: ofrecer mellores servizos e servizos de máis calidade aos viaxeiros –un servizo máis eficiente– e mellorar a competitividade tamén do sector do transporte das empresas, dando, polo tanto, estabilidade laboral e mantemento de postos de traballo, algo importantísimo porque estamos a falar do ano 2009, en plena crise económica, en plena recesión económica.

Como saben, as empresas de transporte adheridas a ese Plan de modernización, coas concesións prorrogadas, adquiriron compromisos, adquiriron compromisos para mellorar a calidade dos servizos que lles estaban prestando aos cidadáns. Compromisos como a modernización da frota para reducir a antigüidade; máxima antigüidade media, polo tanto máis seguridade viaria; tamén reducir a pegada de emisións no medio ambiente; maior comodidade tamén, vehículos máis accesibles; adaptación dos autobuses ás persoas con mobilidade reducida; compromisos tamén de melloras tecnolóxicas –como saben que non lles importan as melloras nos servizos, pero son melloras nos servizos comprometidas–; melloras sociolaborais; formación; acceso ao traballo en igualdade e tamén estabilidade no emprego.

E esta lei non hai que esquecer que foi clave para a posta en marcha do Plan de transporte metropolitano que temos funcionando en cinco áreas: A Coruña, Ferrol, Santiago,

Lugo e Vigo, beneficiando a 65 concellos e a máis de medio millón e medio de usuarios, de galegos.

Porque asumiron compromisos integrando esas concesións no Plan se transporte metropolitano, unha medida que ten repercutido directamente con beneficios aos usuarios, reducindo tarifas, aforros medios de 600 euros ao ano, un éxito respaldado con cifras, máis de 335.000 tarxetas distribuídas e 42 millóns de viaxes ata o día de hoxe subvencionados, e sen esta lei sería imposible.

Señorías, a solución que adoptou Galicia para as prórrogas das concesións foi a través da Lei 5/2009 e posterior resolución, en sintonía con doce comunidades autónomas que fixeron o mesmo, con diferentes instrumentos, pero o mesmo: prorrogar as concesións para facilitar a adaptación desas concesións á normativa comunitaria.

O certo é, como dicían vostedes, que no ano 2010 a Comisión Nacional da Competencia decidiu recorrer esas prórrogas aprobadas tanto en Galicia como en Valencia. No caso concreto de Galicia foi o 30 de abril de 2010, a Comisión Nacional da Competencia presenta un requirimento previo, a interposición do recurso contencioso-administrativo, no que solicitaba, pois, a declaración da nulidade desa resolución, pero tamén da lei.

Este requirimento non se traslada só ás Federacións das Empresas de Transporte de Viaxeiros, tamén ao Comité Galego de Transportes por Estrada, e con todos os fundamentos xurídicos que achegaron e os fundamentos xurídicos dos letrados da Xunta de Galicia, pois con estes argumentos a Xunta decidiu inadmitir o requirimento por falta de lexitimación, porque estaba dirixíndose a unha disposición de rango legal, insisto, disposición de rango legal, o artigo 1.

Pero olvidan vostedes algo importantísimo, esta decisión foi respaldada e avalada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 24 de maio de 2012 –que desestima ese recurso– e pola Comisión Nacional da Competencia. Como saben, contra esta sentenza a Comisión Nacional da Competencia interpuso recurso ante o Tribunal Supremo e o alto tribunal estimou o 14 de marzo de 2016, como dicían vostedes.

A argumentación do supremo susténtase en que a prórroga dos seis anos das concesións é contraria á normativa

comunitaria, que entrou en vigor despois da lei, si que é certo, coincido con vostede, señor Sánchez, pero antes da resolución da Dirección Xeral de Mobilidade.

Pero a sentenza afecta o artigo 1 da lei, señorías, o artigo 1, apartado 2, no primeiro parágrafo, aí pola metade, prórroga de dez anos, artigo 1 da lei, apartado 2, afecta a sentenza e, como dicían vostedes, temos 145 contratos de transporte e quedarían vixentes 16, polo tanto estamos a afectar a 129 concesións de transporte.

Na Xunta, por suposto, respectamos a sentenza do Tribunal Supremo, pero non a podemos compartir, porque está a afectar, como digo, o artigo 1 da lei. Non o di a conselleira, dino os letrados, os asesores xurídicos da Xunta de Galicia. O Tribunal Supremo interpreta que é contraditoria a renovación das concesións co regulamento comunitario e, insisto, unha lei que foi consensuada entre a Xunta e as empresas do transporte no ano 2009, no marco do Plan de modernización do sector, e tal e como estaba recollido –como dicía– nunha norma con rango de lei aprobada con anterioridade á entrada en vigor do regulamento comunitario.

Insisto, olvidan vostedes que existe unha sentenza previa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que avalaba e respaldaba as prórrogas das concesións e, polo tanto, a decisión da Xunta de Galicia, e que consideraba, ademais, o Tribunal Superior de Xustiza correcto o procedemento seguido pola Xunta.

Na Xunta de Galicia, ¿que é o que estamos a facer?, pois estamos a analizar o alcance, analizar a marxe xurídica para defender os intereses lexítimos da nosa autonomía e os intereses dos galegos.

En todo caso, de ser necesario adiantar as licitacións das concesións, eu teño que dicir que os actuais servizos de transporte están garantidos.

Eu quero –permítame– lanzar unha mensaxe de tranquilidade, porque os servizos de transporte interurbanos por suposto que están garantidos e seguirán funcionando con normalidade.

A partir de aí, o noso obxectivo é que a sentenza non supoña un atranco para seguir modernizando o sector, garan-

tir os servizos públicos e tamén seguir modernizando o sector. Non lle caiba dúbida de que, desde logo, na Xunta seguiremos traballando para defender a autonomía lexislativa da Comunidade, da Xunta de Galicia, e tamén os intereses, por suposto, de todos os veciños, de todos os galegos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora Pontón Mondeiro.

A señora PONTÓN MONDEIRO: Señora conselleira, a verdade é que a súa intervención é decepcionante e non nos aclara absolutamente nada do que vai facer a Xunta.

Primeiro vén aquí a dicirnos que a culpa é do Bipartito. Eu diríalle: ben, o Goberno bipartito non o fixo. Estou convencida de que, se o fixera, vostedes anularían esa resolución, igual que fixeron con toda a política transformadora e de cambio que se fixo durante eses anos. E vostedes tiveron meses para solucionar o problema das prórrogas das concesións e non fixeron nada. Viñeron a última hora cunha lei, e vostedes sabían que era fraudulento. E mire si sabían que era fraudulento que, como lle dixemos no debate, blindaban a Xunta de Galiza ante unha posible ilegalización desa lei, porque dicían que non ían ter ningún tipo de responsabilidade patrimonial no caso de que esas concesións non foran adiante. Vostedes xa sabían que estaban facendo unha trampa nese momento.

O grave, señora conselleira, é que desde o ano 2009 ao ano 2016 pasaron sete anos. E ¿que fixo o Goberno galego nestes sete anos en materia de transportes? Pois basicamente nada, señora conselleira. E non hai unha modernización do sector do transporte por estrada no noso país, hai problemas moi importantes, e a nós preocúpanos moito o escenario que se crea. Porque vostede terá que convir comigo en que esta sentenza deixa nun limbo 129 concesións que hai no noso país e unha boa parte do transporte de viaxeiros de Galicia. ¿Ou iso non é un problema para a Xunta de Galiza? ¿Non van acatar a sentenza do Tribunal Supremo? ¿Están en contra de respectar a xurisdición do mesmo? A sentenza é firme e teñen vostedes que acatala e, polo tanto, ten eficacia xurídica.

Nós o que cremos é que hai que cuestionar o modelo liberalizador do sector do transporte. ¿Está vostede disposta a defender isto ante o Estado español e ante a Unión Europea? Porque nós si que cremos que ese é un problema de futuro para o país. O sector do transporte reuniuse hai poucos días con nós antes desta sentenza para manifestarnos a súa preocupación pola falta de perspectiva de futuro ante un escenario no que as concesións ían caducar dentro dun par de anos, e a Xunta de Galicia sen política de transporte e, desde logo, sen preocuparse dos problemas que teñen os usuarios do transporte público no noso país, que son moitos. Porque vir aquí a dicirnos que o transporte público por estrada funciona de marabilla a verdade é que é descoñecer a realidade do noso país.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDEIRO: Nós o que lle pedimos, señora conselleira, é que nos diga qué é o que vai facer, que asuman a súa responsabilidade política por poñer en marcha unha chapuza destas características que deixa no limbo 129 concesións...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDEIRO: ...de transporte público e, sobre todo, qué van facer de cara ao futuro, ¿outra chapuza destas características?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pontón.

Réplica do señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Que sorte teñen neste Goberno, que reciben como boas noticias as sentenzas contrarias do Tribunal Supremo! ¡Que lixeireza á hora de falar! Señora conselleira, aquí non vimos debater vostede e eu sobre cuestións xurídicas, iso discútao co Tribunal Supremo. Se vostede fala e alude á lei que fixeron sete días antes, unha semana antes, de entrar en vigor o regulamento europeo, pois eu téñolle que dicir que o Tribunal Supremo o que di é

que “*en consecuencia, la alegada contravención de lo dispuesto en el artículo 4 del reglamento comunitario invocado respecto de la duración máxima de las concesiones como consecuencia de la prórroga se debe a la resolución que la hace efectiva y no a la previsión genérica contemplada en la ley*”. Polo tanto, iso discútao co Tribunal Supremo. O feito é que o Tribunal Supremo sentenciou o que sentenciou, e anulou esas 124 concesións, señora conselleira. Iso é un feito. E, ¡home!, os letrados non sei se estaban asubiando para arriba cando vostede argumentou que había unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. ¿E que? ¿Por que di iso? Non o entendo. ¿Ten algún efecto que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia antes tivera outra sentenza cando despois falou o Tribunal Supremo? ¿Pódeme dicir a min cal é o efecto real de que anteriormente houbera unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia favorable á Xunta? ¿Hai algún efecto xurídico? Eu creo que non, ¿verdade?.

En cambio, o que vostede fixo foi non contestar. ¿Vostedes aínda non saben o que van facer con esta situación? Se escoitamos a primeira resposta, concluiremos que vostedes aínda non saben o que facer. Se cadra, na segunda danna algunha pista do que teñen pensado facer; se non, quedaremos moi preocupados ante a falta de reacción dun goberno que parece noqueado. É o que lle preguntamos: ¿que van facer?, ¿falaron co sector?, ¿van aproveitar para reestruturar este sector e as súas rutas? Conteste, señora conselleira, é o que se lle pide. Eu non veño aquí a discutir en termos xurídicos, o que hai é unha sentenza moi clara que anula unha resolución e que ten un efecto bastante claro sobre 129 rutas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E é unha herencia máis, isto si, señor voceiro do Partido Popular, isto si que é unha patada para adiante, pero unha patada para adiante para os que veñan despois a ter que xestionar isto, unha máis deste goberno que presumía de xestor e que é chafalleiro e incapaz.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Réplica do señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, grazas tamén pola súa resposta.

Resulta máis que evidente, a xuízo deste grupo, que o departamento que vostede dirixe está a adoptar medidas concretas desde que se tivera coñecemento desta sentenza, aínda que aos que lle preguntan hoxe dende outras bancadas non lles interese o máis mínimo o que vostede di, porque lles dá exactamente igual. ¿Que importan as solucións con tal de tentar desgastar a un goberno que soluciona problemas que outros nin souberon abordar? ¿Verdade, señora Pontón? ¿Verdade, señor Sánchez? Eses outros que falan e falan e non deixan de falar para logo non facer nada; e propoñer alternativas, menos aínda. Deberían dar clases aí ao lado, xusto na casa consistorial de Santiago, a cinco minutos escasos andando, onde teñen vencido dende o mes de febreiro o seu contrato de transporte urbano e está por ver aínda o que van facer. As Mareas, mareadas, señor Sánchez, porque aínda cumprindo escrupulosamente a Lei de contratos é máis que probable, señor Sánchez –xa sei que non lle gusta que lle falemos dos seus socios–, que o transporte urbano en Santiago teña que ser prorrogado ata, como mínimo, o segundo trimestre de 2017, e incluso ata o ano 2019, co proceso de licitación. Polo tanto, e díggollo con respecto, vaia a darlles unha lección gratuíta aos seus socios de aquí ao lado e logo veña a dárnola a nós, se quere.

A este grupo parlamentario gustaríalle que vostedes, no lexítimo exercicio da súa función de oposición, mantiveran neste tema a altura de miras necesaria para intentar axudar a Galicia a resolver esta situación. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Falan, falan, falan... Non deixan falar sequera. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se me deixan acabar, agradézollo.

Non todo vale, señorías, non todo vale cando se trata dun problema que intranquiliza a moitísimas familias galegas que viven directamente deste sector e que esperan de todos nós, incluído de vostede, señor Sánchez, que actuemos con responsabilidade, que para iso nos prestaron a súa confianza, para iso exactamente.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor GOLDAR GÜMIL: Remato xa, presidenta.

Ben é certo, como dixo vostede na súa intervención, señora conselleira, que en calquera caso está garantida a continuidade do servizo de transporte público en Galicia, sexa cal sexa a situación que derive da execución da sentenza, aínda que algúns pensaran que isto ía ser a apocalipse e se dedicaran os últimos días a xerar un alarmismo infundado e que non conduce a ningures.

Por último, señora conselleira, agradeceríamolle moito que explique a esta Cámara cales son as medidas que se van ir adoptando, en consenso co sector, nas próximas semanas para dar unha solución acaída a esta cuestión e para continuar coa mellora e modernización...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas señora Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: ...do transporte público en Galicia.

Máis nada e grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas.

Réplica.

Ten a palabra a conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Cando o Goberno galego tomou esa decisión da Lei de medidas urxentes no ano 2009, fixoo porque era a única opción para garantir o transporte público, porque o Goberno bipartito, teño que volvelo dicir, non fixo nin pouco nin nada, diría eu, para dar estabilidade ás concesións de transporte público, de transporte público interurbano, e ás necesidades dos cidadáns.

Señora Pontón, vostedes e os seus socios de goberno deixaron pasar esa oportunidade para resolver os problemas das

prórrogas e deixaron o sector, desde logo, nunha moi difícil situación. Esa é a herdanza, e o actual goberno da Xunta tivo que tramitar unha lei de medias urxentes. Tiveron catro anos. Tiveron catro anos para deixar preparados os servizos vendo como ían ser as normas comunitarias, tiveron catro anos. E nós tivemos que arranxalo en seis meses. Iso é o que dixemos, tiveron catro anos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Tivemos que arranxalo en seis meses. E se non chegamos a actuar con responsabilidade e con urxencia, ¿que pasaría? As concesións decaerían pero en cascada unha detrás da outra. Porque si, tiveron catro anos, non adaptaron a normativa comunitaria, e nós en seis meses tivemos que resolver. ¿Que tería pasado –pregúntome eu– se non fixeramos esta medida urxente? Catro anos sen transporte interurbano, catro anos sen renovación da frota, catro anos sen apostar polos autobuses máis accesibles, catro anos sen transporte metropolitano e, o peor, 5.000 postos de traballo en risco. Esa é a herdanza que nos deixaron e que tivemos que arranxar en seis meses de forma urxente. *(Aplausos.)*

E tramitamos iso en medio ano, como digo, para defender os intereses dos galegos, para garantirlles aos usuarios un servizo de calidade, un servizo de transporte público, dando estabilidade ao sector e aos 5.000 empregos, que xeran riqueza e miles de postos de traballo. Porque o sector do transporte é un sector clave.

Esas foron as razóns. A min gustaríame que me explicaran por que non o vían vostedes urxente, tanto polo sector coma por estes traballadores, por que non era urxente adaptar as concesións á normativa comunitaria.

E a lei da que falamos é unha lei de medidas urxentes dialogada, participada e consensuada polo sector, e aprobada por esta Cámara no ano 2009, unha lei que establecía o marco legal das prórrogas e tamén que esas concesións se adheriran a un plan de modernización, adquirindo compromisos, como dixen na miña primeira intervención: renovación da frota, adaptación da frota ás persoas con mobilidade reducida e introdución de melloras tecnolóxicas. É unha lei

que cumpriu un dobre obxectivo tamén: mellorar a competitividade e tamén ofrecer servizos máis eficientes.

Agora o Tribunal Supremo interpreta que esta renovación é contraria ao regulamento comunitario, pero, por suposto contradicíndoo, non lle pareceu importante que no ano 2012 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia avalara a dita prórroga, que dicía que era acorde co dereito.

Temos unha nova situación, temos unha nova situación como consecuencia da sentenza do Tribunal Supremo, hai unha nova situación, por suposto. Estamos a analizar o alcance da sentenza, a marxe xurídica para defender a autonomía lexislativa, e tamén os intereses dos veciños e a prestación dese servizo. O noso obxectivo é que a sentenza non repercuta no proxecto de modernización do sector, que tamén é importante. Témonos reunido co Comité Galego de Transporte por Estrada para avaliar as repercusións e, o máis importante, para asegurar a prestación do servizo público.

No Goberno galego, señorías, reflexionamos, analizamos, planificamos e actuamos, claro que si. Tramitaremos unha lei, unha lei que garantirá a planificación ordenada do transporte público interurbano, e tamén garantirá o servizo público. Esta mesma tarde, o secretario xeral da Consellería e a directora xeral de Mobilidade están a manter unha nova reunión co sector, tamén para informalo desta medida. Continuaremos, por suposto, tamén co novo deseño do mapa do servizo de transporte e, como digo, traballamos, planificamos, tomamos decisións e actuamos. E o máis importante, unha mensaxe que quero transmitir, é que o servizo de transporte interurbano está garantido, seguirase prestando con total normalidade. Os galegos que empreguen o autobús interurbano ou urbano para desprazarse continuarán tendo os mesmos servizos e os mesmos beneficios, porque contarán tamén e seguirán contando co transporte metropolitano, aforros importantes nos desprazamentos, no billete, transbordos gratuítos, bonificacións importantes, bonificacións ás familias numerosas, seguirase mantendo. O normal funcionamento do transporte público está plenamente garantido. E máis aínda, iremos máis lonxe, por suposto, mellorando o transporte público coa posta en marcha dos plans de penetración nos que xa estamos traballando nas áreas de Vigo, A Coruña, Ourense e Pontevedra, optimizando rutas e eliminando necesidades de transporte.

Poño exemplos sinxelos para que vexan as repercusións e beneficios.

Un veciño de Cambre poderá chegar aos Cantóns, na Coruña, sen ter que facer transbordo na estación de autobuses, ou sen ter que ir camiñando dende a estación de autobuses aos Cantóns.

Tamén un veciño de Mos poderá chegar á praza de España en Vigo directamente, en vez de quedar na estación de autobuses. Isto poñerémolo en marcha, e estamos traballando. Polo tanto, garantir e mellorar o servizo, e seguir obtendo beneficios.

Tamén introduciremos formas de xestión como será o transporte á demanda, porque o rural tamén nos importa. E tamén traerá beneficios ao rural, temos 2,5 millóns de euros garantidos para mellorar o servizo no rural co transporte á demanda.

Creo que son importantes as melloras que podemos traer aos nosos veciños, tanto nas áreas de grandes cidades como no rural.

Na Xunta seguiremos traballando para lograr o mellor funcionamento do servizo de transporte público, que sexa máis eficiente, máis útil; continuaremos avanzando coa modernización. Creo que esta lei, insisto, garantirá un transporte ordenado, a planificación dun transporte ordenado. E garantir o servizo público será importante, traerá benestar. E seguiremos tomando decisións e seguiremos tamén traballando así polo futuro.

En calquera caso, engado dúas cousas máis, señora Pontón. O seu grupo, o goberno en coalición co PSOE, gobernaba entre o ano 2005 e 2009. E todos sabemos que a comunicación nesas dúas patas do Goberno non era demasiado fluída, pero eu creo que non nos podemos olvidar de que o Bipartito cualificou o ano 2008 como o ano do transporte público, e os seus socios de goberno non fixeron nada; e, por suposto, planificación, ningunha.

Eu, señor Sánchez, creo que si é importante tamén mirar ao resto. O problema co autobús urbano de Santiago é un gran problema; polo tanto, eu tamén me preocuparía por iso, e que se resolva. Os seus socios de goberno, estes de Mare-

as-Podemos, eu creo que nin informan nin planificación nin actúan nin ofrecen solucións aos cidadáns. Pero nós por suposto que traemos unha lei para ordenar, garantir a ordenación da planificación do transporte público e garantir o servizo público. Manteremos os servizos, o servizo está garantido e tamén os beneficios están garantidos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das expectativas de conversión da Cidade da Cultura en referente da internacionalización da cultura galega e centro de referencia interna

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, preguntámoslle hoxe sobre o balance que fai a Xunta de Galiza en relación coa Cidade da Cultura. Xa pasaron cinco anos desde a súa inauguración e, polo tanto, cremos que é un espazo de tempo suficientemente amplo como para ver se se cumpriron as expectativas que o propio presidente da Xunta marcaba en relación con esta Cidade da Cultura.

Dicía o señor Feijóo na súa inauguración que esta ía ser unha obra á altura do MOMA de Nova York, da ópera de Sidney ou do Guggenheim de Bilbao, a nova parada obrigada dos itinerarios culturais do século XXI. E tamén nos dicía que a súa relevancia internacional será un revulsivo nestes tempos que precisan máis ca nunca novas ilusións, e que terá unha repercusión interna para reforzar a nosa autoestima colectiva.

A verdade é que a realidade está deixando en moi mal lugar a inmodestia do señor Feijóo.

Onte vostede mesmo presentaba, acompañado do director xeral de Cultura, se non me trabuco, unha memoria da

Consellería, unha memoria que daba algúns datos que nos gustaría que hoxe vostede comentara.

Fala de que no ano 2015 houbo 95.479 visitantes na Cidade da Cultura, isto significa unha baixada importante en relación coas cifras que ten feito públicas a Consellería no pasado. Fíxese, no ano 2013 falábanos de 138.400 visitantes; e no ano 2012, 332.847. É dicir, que hai unha redución moi significativa segundo os datos que fixo públicos a Xunta de Galicia; 95.479 visitantes da Cidade da Cultura é unha cifra que desde logo non nos pon nin á altura do Guggenheim nin da ópera de Sidney. É unha cifra que nin tan sequera nos iguala con algúns dos principais museos que hai no Estado español, como pode ser o Reina Sofía ou o Museo do Prado, que tiveron 3,1 e 2,6 millóns de visitantes respectivamente.

Mais se temos en conta o panorama galego, esta cifra deixa en moi mal lugar ese equipamento cultural en relación con outros que hai no país, que non tiveron tanto investimento nin absorben tantos recursos públicos.

Fíxese, os museos científicos da Coruña tiveron máis de 400.000 visitantes o ano pasado. Só o Aquarium da Coruña duplica en número de visitantes os da Cidade da Cultura, e creo que non absorbe un gasto tan relevante como esta.

Polo tanto, nós o que constatamos é que a Cidade da Cultura segue constituíndo unha hipoteca para o noso país, é, desde logo, unha oda ou un monumento ao despilfarro e a maior chapuza que temos visto nos últimos tempos. Porque mesmo nestes días tamén viamos con preocupación como a Cidade da Cultura cae literalmente a cachos. E non sabemos se lles van exixir responsabilidade patrimonial ás empresas por unha deficiencia destas características.

Teño que dicirle tamén que non nos parece acertado o que están facendo neste momento. Seguen dilapidando moitos recursos públicos en obras das que non sabemos cal é o interese: máis de 250.000 euros en dous parques infantís. Anunciaban no ano 2012 que ían reducir á metade o custo da Cidade da Cultura.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E o que vemos é que, desde que vostede chegou á Xunta de Galicia, o que fixo foi

incrementar nun 30 % os gastos e os recursos da Cidade da Cultura.

En todo caso, señor conselleiro, ¿considera que está sendo un bo investimento para Galiza dilapidar tantos recursos públicos na Cidade da Cultura? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pontón.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora Pontón.

Vostede comezou a súa intervención facendo referencia dende un texto do presidente da Xunta de Galicia, e a min, se me permite, vou ler tamén unha declaración feita por un alto cargo, altísimo cargo, do Bloque Nacionalista Galego –que creo que agora xa non o é–. E dicía tamén de xeito literal, referíndose e defendendo a Cidade da Cultura: “Ha ser un instrumento fundamental do autogoberno galego para fortalecer, normalizar e darlle futuro á cultura galega, e tamén un medio para amplificar as políticas de apoio que o Goberno galego dirixe á creación artística e cara ás nosas industrias culturais”.

Bueno, nós esta declaración, señoría, pois case a subscribimos. Realmente nós temos unha visión coherente respecto da Cidade da Cultura. Eu vexo que o Bloque Nacionalista Galego pois “asegún”, non sabemos nunca se está a favor, se estivo coa Cidade da Cultura, ou se segue estando, ou se o Bloque Nacionalista Galego realmente confía e cre neste proxecto cultural, ou se só confiaba durante un tempo neste proxecto cultural e agora xa no no fai.

Pero bueno, en todo caso, falaba vostede de recursos económicos. E eu direille que é unha lástima, señora Pontón, que nós non teñamos os recursos económicos que tiñan vostedes. Fíxese vostede que no ano 2009 o seu goberno, a súa consellería, tiña 41 millóns de euros, 41 millóns de euros transfería a Xunta de Galicia á Fundación Cidade da Cultura. E hoxe só temos 9 millóns. Lástima que non tiveramos os seus recursos, porque seguramente o fariamos bastante mellor.

E tamén hai unha cuestión que me sorprende cando fala de chapuza, e cando fala dunha acción que se adoptou por parte desta Consellería para defender a integridade da Cidade da Cultura, e dalgún xeito ser responsable respecto dunha actuación que había aí. Porque fíxese vostede que se está actuando en gran parte sobre obras que foron certificadas por gobernos do Bloque Nacionalista Galego, co cal eu pediríalle moita prudencia. Pediríalle prudencia e diríalle que, dende a prudencia, somos optimistas coa Cidade da Cultura. Obviamente xa levamos uns anos funcionando, isto abriu no ano 2011. E non é que vexamos o vaso medio cheo, pero si vemos que progresivamente se vai enchendo. Vostedes nin tan sequera ven o vaso, vostedes nin tan sequera ven o vaso. E vemos que hai unha evolución positiva e vemos que hai accións que están enchendo de contido a Cidade da Cultura.

Fala vostede do carácter internacional. Eu diríalle que hai dous eventos que entendo que vostede debería apoiar, por exemplo, o Womex 2016, que xa houbo unha experiencia previa. Iso vai encher de actividade cultural internacional a Cidade da Cultura. Creo que vostede debería estar a favor desta actuación. Ou tamén debería de estar a favor do Spin 2016, que dalgún xeito vai supor concentrar o esforzo emprendedor da universidade latinoamericana na Cidade da Cultura. Creo que son eventos, xunto con outros moitos, que están enchendo pouco a pouco de contido a Cidade da Cultura.

Sen ir máis lonxe, este ano tivemos dúas exposicións: a exposición de José Suárez, que tivo 16.000 visitantes e rematou hai pouco, e tivo moi boa crítica por parte de todo o mundo, tivo unha repercusión mediática moi significativa. Ou tivemos tamén –e remato, señora presidenta– hai moi pouco a inauguración dunha nova exposición –que a invito a visitala–, que está tendo unha repercusión moi positiva. En pouco máis de tres semanas tivo máis de 5.000 visitas, un evento que tamén a través das redes sociais, cun encontro de *bloggers*, tivo máis de 1 millón de impactos.

Eu invitaríaa a que pasara pola Cidade da Cultura, e, sen dúbida, esa visión tan negativa que ten pois seguramente podería cambiar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor conselleiro, ten unha maneira de valorar as cousas que realmente terá que explicarnos cales son os seus baremos.

Nós entendemos que unha das cuestións que vostedes dicían que ía supoñer a Cidade da Cultura era un revulsivo, porque ía internacionalizar a cultura galega. ¿Pódeme dicir vostede unha soa actuación que internacionalizara a cultura galega? Porque o Womex é unha actividade que non se inventa na Cidade da Cultura, e que ademais podería ocorrer en calquera espazo. Polo tanto, iso non ten nada que ver con internacionalizar a Cidade da Cultura, senón con coller unha feira que xa funcionaba e, pagando con recursos públicos, que se faga no noso país. E iso non é internacionalizar a cultura galega.

E, en segundo lugar, nós acabamos de darlle aquí unhas cifras da Cidade da Cultura en relación co número de visitantes que é ridículo. Señor conselleiro, voullo repetir, e espero que me faga un balance de se considera que a Cidade da Cultura se está dimensionando ou se é un bluf que cada vez é máis unha cidade fantasma.

Ano 2012, cifras da Xunta de Galiza: 332.847 visitantes; ano 2013, 138.400; ano 2015, 95.479 visitantes. É a cifra que vostede nos acaba de dar, unha cifra que, como xa lle dixen, é moi inferior ás visitas que ten o Aquarium da Coruña.

Desde logo, nós entendemos, señor conselleiro, que hai un fracaso absoluto, que o que non ten ningún sentido é que se sigan dilapidando miles de recursos públicos cando non existe ningún tipo de proxecto cultural. E están facendo unha xestión que non destaca por nada, señor conselleiro, porque non hai proxecto cultural. Parécenos un disparate que neste ano, coas necesidades que ten a cultura galega, vostede decidira incrementar nun 30 % os fondos que destina á Cidade da Cultura, que estamos pagando cada día, por ter abertos eses edificios, case 25.000 euros diarios, unha cifra que é obscena se temos en conta cal é a realidade social...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO:...e cal é a realidade da cultura deste país.

O que lle pedimos é que asuman o fracaso, e que tomen decisións, pero que non sigan enterrando miles de euros nesa Cidade da Cultura que ao final non repercuten en absolutamente nada positivo para o país. Recoñecer o erro sería un paso e tamén, desde logo, recoñecer que se necesita reorientar a fondo o que está pasando neses edificios.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pontón.

Réplica.

Ten a palabra o conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Pontón, eu creo que debería actualizar o seu discurso, sinceramente debería actualizar o seu discurso porque, escoitándoa a vostede, creo que segue anclada neses tópicos que realmente non van a ningún lado. Eu invitaríaa a vostede sen ningún tipo de dúbida a que visitara a Cidade da Cultura, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e que a visitara cos ollos abertos, que non a visite con esas entendedeiras e con ese veo partidista ou partidario que non lle deixar ver absolutamente nada.

E voulle dicir por que. Mire, hai traballando, no ámbito do emprendemento nas novas tecnoloxías, en torno a 400 persoas todos os días. Hai, no espazo do emprendemento, tres espazos que están fomentando novas empresas, novos negocios, no ámbito do emprendemento. Estase avanzando, e creo que a un bo ritmo e con moito sentido, nun proxecto de humanización e integración da Cidade da Cultura, non no contorno, senón no conxunto de Galicia.

Creo que se está plantexando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, esa é a percepción que di vostede, no medio do monte. Se vostede entende que iso é o medio do monte, pois a partir de aí, señora Pontón, moi pouco... Creo e insisto en que debería cambiar a súa

percepción e debería ver a Cidade da Cultura cunhas miradeiras moito máis amplas do que o fai vostede. *(Aplausos.)*

Pero, claro, se vostedes entenden que o Womex é un evento de segundo nivel, pois pouco temos que falar. Se vostede entende que o Womex non serve como unha ponte para potenciar a nosa cultura e a nosa cultura de raíz, moi pouco lle podó dicir, señora Pontón. Se vostede entende que un acontecemento como o Spin, onde vai haber máis de cen universidades do ámbito latinoamericano nunha das segundas funcións da Cidade da Cultura, que é o emprendemento, pois, ¿que quere que eu lle diga, señora Pontón? Se vostede tampouco está vendo o potencial que paso a paso está adquirindo a Cidade da Cultura en todas as actividades que desenvolve, moi pouco lle podó dicir.

Eu realmente sinto este cambio de percepción constante que existe por parte, neste caso, do Bloque. E volvo ao que dixen ao principio. Houbo un momento no cal vostedes eran os paladíns, os defensores, da Cidade da Cultura; defendíana a capa e espada. Agora están facendo un ataque constante, desprestixiando a Cidade da Cultura. Iso, dalgún xeito, fala dunha visión moi pequena do que é a política e realmente creo que lles fai bastante dano, máis dano a vostedes que á propia Cidade da Cultura.

En todo caso –e volvo dicir o mesmo–, partindo da prudencia, creo que a Cidade da Cultura pouco a pouco se vai afianzando cada vez máis. Cada vez ten máis vida cidadá, cada vez ten máis vida cultural, cada vez hai máis actividades culturais e cada vez a cultura galega se sente máis representada na Cidade da Cultura. Eu creo que deberían comezar xa a abandonar ese discurso un pouco caduco que non lles fai ningún ben a vostedes.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Carmen Gallego Calvar e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para recuperar o carácter reeducativo do Centro Público Santo Anxo, de Rábade

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra o señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, boas tardes.

O Centro de Santo Anxo, de Rábade, converteuse no ano 2006 nun centro no que só se atendía a menores, deixando así de atender a maiores de 18 anos, e ademais incrementaba así a súa seguridade. Así vese, por exemplo, nunha nota de prensa desa época, do 14 de febreiro de 2006. Sen dúbida, esta foi, desde o meu punto de vista, unha boa noticia para a integración dos rapaces tutelados por parte da Xunta de Galicia.

Pero nos últimos anos os titulares de prensa non foron tan amables con este centro. Non sei se vostede coñece o tema –non era conselleiro–, pero hai un par de anos aproximadamente iniciouse un conflito laboral cos gardas de seguridade do centro Santo Anxo. Este conflito orixinouse cando cambiou o concurso da empresa de seguridade que a Xunta tiña e cando a nova empresa decidiu de forma unilateral rescindir os contratos dos traballadores en vez de subrogalos, e, polo tanto, non quedar con estes traballadores. Nosoutros, o Grupo Parlamentario Socialista, trouxemos este caso aquí ao Parlamento, e este conflito, ao final, conseguíuse solucionar. Pero desde este momento os problemas non deixaron de crecer neste centro.

No ano 2014 –teño aquí unha nota de prensa tamén–: “En outubro de 2014” –hai varias noticias destas, eu collínlle unha– “búscase a cinco menores tras unha espectacular fuga no Centro Santo Anxo, de Rábade”. “Ata o de agora” –di tamén o artigo– “non se producira neste centro unha fuga tan numerosa”. Eu sei que nestes centros existen fugas, pero o raro, o peculiar, é a periodicidade coa que se están producindo ultimamente. Por poñer un exemplo e non ir moi lonxe, hoxe mesmo houbo dous fugados, supoño que tamén vostede o saberá.

E xa, se imos a hai uns meses, chéganos a noticia de que cesan –tamén teño aquí un titular de prensa– o director do Santo Anxo de Rábade a raíz dunha investigación. A Xunta de Galicia, a súa consellería, alega como razón a perda de confianza nun director que levaba 36 anos no centro. Hai

unha denuncia presentada por varios vixilantes de seguridade privada do centro contra un funcionario que exerce a vixilancia nocturna do centro. A realidade é que teñen que pasar a declarar polo cuartel da Garda Civil educadores, gardas de seguridade e algúns menores. Nosoutros entendemos que isto non é un procedemento normal nun centro destas características, como lle digo, un centro reeducativo.

Ademais, se seguimos indagando, vemos que nos últimos tempos tivo que entrar a Garda Civil con gases lacrimóxenos no centro, aparecen cerraduras seladas con silicona e hai nas redes sociais –cada vez de forma máis frecuente– imaxes de xoves no centro, dos que aparecen fotos e vídeos nas redes sociais. Como vostede sabe, non se lles pode permitir a estes xoves entrar con este tipo de dispositivos no centro.

En resumo, estanse a dar unha serie de problemas neste centro, en Rábade, que, desde o noso punto de vista, non axudan á reeducación dos xoves que alí están. A pregunta que lle facemos é moi sinxela: ¿que pensa facer a Consellería para cambiar esta situación e conseguir que sexa un verdadeiro centro reeducativo? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Santín.

Ten a palabra o señor conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, presidenta. Moitas grazas, señorías.

Quero agradecerlle a pregunta e o interese do seu grupo polo centro de menores Santo Anxo, de Rábade; unha preocupación que lle quero transmitir que é compartida polo Goberno da Xunta de Galicia. Neste sentido, nos últimos meses tivéronse frecuentes reunións co persoal dos centros e realizáronse visitas aos mesmos para coñecer de primeira man a situación deste centro e doutros centros e o seu funcionamento.

Como saben, correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, a asunción da tutela dos menores que se atopan en situación de desamparo. O acollemento é o modo de exercicio da garda como medida de protección consistente no aloxamento e atención dun menor nun

centro. O acollemento residencial comporta o ingreso deses menores no centro. O Centro de Menores Santo Anxo da Garda, de Rábade, entra dentro da primeira categoría, a atención a menores con problemas de conduta, xa que nel non se executan medidas xudiciais. Polo tanto, efectivamente, como vostede relata, nos últimos meses e nos últimos anos téñense producido condutas non adecuadas nun entorno de convivencia adecuado, que, como digo, lle preocupan á Xunta de Galicia, como non pode ser doutra maneira.

Ese é o motivo polo que, atendendo á súa pregunta, se tomaron diferentes decisións nos últimos meses para evitar que este tipo de condutas poidan existir nun prazo esperamos que o máis curto posible; medidas que van encamiñadas en tres direccións. A primeira delas, a aumentar o número de persoal, o número de educadores, que este centro público ten; especificamente 3 novos educadores en horario nocturno, para impedir o que viña sucedendo noutras ocasións, que exclusivamente persoal de seguridade subcontratado se mantiña no centro nos períodos nocturnos. Nun segundo lugar, unha nova contratación en materia de seguridade, polo conflito que vostede expuxo na súa pregunta e que permita devolver unha convivencia razoable nun centro educativo, que, efectivamente, presenta ás veces condutas difíciles pero condutas que temos que ser capaces de superar, porque esa é, precisamente, a finalidade de centros de menores como este. E unha terceira medida que estamos xa desenvolvendo é un novo proxecto educativo para o centro. Acreditado, polo tanto, o que vostede manifesta nestas preguntas, xa que se teñen producido cousas no centro que non son desexables nun centro destas características.

Polo tanto –xa digo–, esperemos que un novo proxecto educativo, un reforzo do persoal funcionario dese centro, con tres persoas máis, e a nova contratación en materia de seguridade nos permitan que no curto e no medio prazo este tipo de condutas non se sigan producindo nun centro que polo que ten que velar –como di vostede– é pola reeducación dos menores que se encontran no mesmo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas.

En primeiro lugar, quero agradecerlle a súa resposta e tamén a sinceridade. Non é normal que se recoñeza por parte da Xunta de Galicia que hai un problema nun centro, nun centro, ademais, destas características; un centro que, como vostede sabe, ten 20 rapaces tutelados –como vostede ben di– que proceden de fogares desestruturados e que, polo tanto, necesitan desa tutela, que é –como vostede di– da Xunta de Galicia. Desde o noso grupo vimos denunciando a xestión dalgúns destes centros da Xunta xa desde hai algún tempo, e especialmente dos centros tutelados, que deben ser espazos de reeducación para que estes nenos poidan volver a unha vida normalizada e se logre a súa plena inclusión social.

Nosoutros levamos denunciando nestes centros problemas aos que vexo que vostede aquí a algún deles lles intenta dar resposta; o primeiro, a escaseza de persoal. Evidentemente, alégranos saber que van meter a tres novas persoas neste centro, pero cremos que non é o único que terán vostedes que facer. Cremos que tamén é necesario que se aumenten os recursos materiais –moi escasos nestes centros– e sobre todo que se dote orzamentariamente a estes centros de máis capacidade económica.

E tamén hai unha cousa á que vostede non fixo referencia, pero da que me gustaría que tome nota, e que o mire polo menos, que é a escasa especialización, desde o noso punto de vista, do persoal que ocupa as prazas e que atende os nenos. Eu estiven mirando as últimas provisións de postos, non sei se eran definitivas ou provisionais, pero si que lle podo dicir que as características das persoas que cubrían esas prazas non eran as adecuadas. Eu, como lle dicía, alégrome de que coincida comigo en que o que está pasando no centro Santo Anxo nos últimos anos non é normal. Estanse dando unha serie de circunstancias que, desde logo, creo que merecen a atención da súa consellería.

Gustaríame tamén levar de aquí un compromiso pola súa parte, e o compromiso que me gustaría levar de aquí é o seguinte: que se vai ocupar vostede de que os conflitos laborais que hai dentro do colexio Santo Anxo se intenten solucionar no prazo máis breve posible, porque eu estou seguro de que esa, precisamente, é a orixe de todos os problemas que temos nese centro.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Santín.

Réplica do Goberno.

Señor conselleiro, ten vostede a palabra.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Si, moitas grazas.

O centro Santo Anxo ten unha capacidade de 32 menores, que poden ser albergados no mesmo. Dentro deste perfil, os usuarios son mozos e mozas normalmente de 14 ou máis anos. A plantilla anterior á incorporación de tres novos educadores, coa titulación establecida na relación de postos de traballo, era de 34; pasamos, polo tanto, de 34 a 37. Dos 18 educadores que neste momento ten o centro, todos eles a xornada completa, 12 levan moitos anos nel; polo tanto, do que temos que presumir dende a Consellería é de que este persoal funcionario que vén desenvolvendo esta actuación como educador dende hai anos o fai coa profesionalidade e coa titulación necesaria para o desenvolvemento desta actuación. A ocupación media do centro era de 26,8 no 2015; actualmente están no centro 25 menores; e a cifra de ratio de persoal que temos no centro coas novas incorporacións –insisto– está en menos de 37. Polo tanto, estamos por riba da ratio que está establecida nos centros deste tipo. Pero, efectivamente –como apunta vostede–, ás veces os climas laborais non facilitan o desenvolvemento nas condicións que nós desexamos, pensando sobre todo nos menores que están no centro.

Por iso o que lle podo dicir é que nós o que fixemos foi actuar, non mirar para outro lado: actuar contratando máis persoal, actuar cambiando a empresa de seguridade e actuar cambiando o proxecto educativo do centro. E estamos a ter reunións de seguimento moi pormenorizadas para, precisamente, salvar situacións como intervencións de corpos de seguridade que se producen. Unha chamada exclusivamente ao 061, a servizos de carácter sanitario, implica, polos protocolos de actuación, chamar a forzas e corpos de seguridade do Estado. Polo tanto, creo que o debemos de poñer no ámbito no que corresponde. Non é que sexa un problema de orde pública a entrada de forzas e corpos de seguridade do Estado no centro, que podería suceder tamén, pero non responde sempre a esa actuación.

Eu o que lle digo é que temos tomadas estas tres medidas dende finais do ano pasado. O que desexamos é que estas medidas teñan efectos –como lle dicía– a curto e medio prazo. E, dende logo, poden contar con toda a información a través da Consellería, a través da xefatura territorial, para participar no seguimento das actuacións que se están levando a cabo neste centro polo ben dos menores que están no mesmo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Carme Acuña do Campo e cinco deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para evitar a desigualdade laboral das mulleres no medio rural

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías. Boa tarde, conselleira.

Bueno, pois, como seguro que vostede sabe, o 22 de febreiro conmemoramos un ano máis o Día europeo pola igualdade salarial, e un ano máis tivemos que denunciar que a brecha salarial segue medrando. Ronda xa o 24 %. Ademais, esa desigualdade dos salarios dispárase se falamos das pensións, porque nas pensións chega ata un 39 %. Ademais, este problema, esta situación, en Galicia é aínda peor, pois aquí –como vostede sabe ben– os salarios son máis baixos, polo que a capacidade económica das mulleres galegas é das máis baixas de España.

Pero existe un colectivo, conselleira, que sofre especialmente a discriminación laboral. Ese colectivo é o das mulleres rurais. Por iso este ano o Partido Socialista de Galicia dedicou o 22 de febreiro pasado ás mulleres rurais galegas, que sofren xa non a mesma desigualdade que padecemos todas nós, senón unha total invisibilidade, a non existencia, señora conselleira. E como vale máis un exemplo que mil palabras, vou utilizala precisamente a vostede, conselleira do Medio Rural, como exemplo. Porque aquí neste hemisferio todo o mundo temos moi claro que vostede é filla dun

gandeiro, pero non sabemos se tamén é vostede filla dunha gandeira. Clara mostra do que pasa coas mulleres no medio rural, onde o 67 % das mulleres cónxuxes que traballan nas explotacións familiares non son cotitulares, e as que o son da explotación non o son dos medios de produción; onde as mulleres que traballan máis de 30 horas á semana nas explotacións nin sequera están dadas de alta na Seguridade Social. Non sei se sabe, conselleira, que só 4 de cada 10 están aseguradas, ou, dito doutra maneira, 6 das 10 mulleres que traballan no rural fano sen asegurar.

E todo isto, conselleira, a pesar de contar cun marco legal feito e adecuado para evitar esta situación, a Lei 35/2011 de titularidade compartida das explotacións agrarias, do último goberno socialista no Estado. Lei que, a pesar de aprobarse por unanimidade, o Goberno do PP paralizou e non desenvolveu nin no Estado nin en Galicia. Aquí nin se desenvolveu regulamentariamente nin se impartiu a formación necesaria ao funcionariado para poder tramitar, asesorar e informar axeitadamente ás interesadas. E o resultado témolo aí.

Temo, conselleira, que todo isto o que pon en evidencia é o desinterese absoluto do Partido Popular pola igualdade e o ninguneo da muller rural nas políticas do Goberno Feijóo.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: E todo isto está provocando un retroceso dos nosos dereitos que custará anos corrixir. Por iso, preocupados por esta situación, hoxe preguntámoslle qué está vostede a facer para rachar coa desigualdade salarial, coa desigualdade laboral das mulleres do rural galego.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Acuña.

Para responder, ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Un dos obxectivos que nos marcamos como goberno é incentivar o emprendemento da muller rural, como elemento estratéxico para o crecemento económico e para o desenvolvemento pleno do noso medio, xa que constitúe, sen dúbida ningunha, a muller un futuro na sociedade.

A importancia do papel das mulleres no medio rural, superar esa brecha de xénero en emprego e emprendemento, a conciliación, a promoción e a incorporación das mulleres nos órganos e postos de decisión e participación rurais, e o apoio ás asociacións do medio rural, son os elementos clave dunha dinamización social, económica e cultural que promove este Goberno.

En definitiva, a potencialidade das mulleres como axente activo no ámbito rural é inmensa. É imprescindible potenciar o seu acceso, por suposto, aos recursos en igualdade de oportunidades, fomentar a súa participación na toma de decisións e crear alternativas laborais para alcanzar un modo de vida máis sustentable e equitativo.

A incorporación das mulleres ao mercado laboral galego foi un dos principais obxectivos do Goberno da Xunta de Galicia ao longo destes anos. Todas as actuacións levadas a cabo dende a Administración, xunto co elevado grao de implicación dos diversos axentes sociais, as empresas, en especial das propias mulleres, están dando o seu resultado. Así o reflicten os últimos datos facilitados pola enquisa de poboación activa, pola EPA, correspondentes ao cuarto trimestre de 2015, que mostran unha aceleración na incorporación das mulleres ao mercado laboral en Galicia.

Nos últimos doce meses 14.500 mulleres galegas abandonaron o paro, e a ocupación feminina incrementouse en 13.400 mulleres. Ademais, os últimos resultados da enquisa anual de estrutura salarial reflicte que Galicia foi a segunda comunidade onde máis subiron os salarios das mulleres, un 3,2 %.

Señorías, estes datos reflicten, en definitiva, a reactivación do emprego feminino; evidencian, sen dúbida ningunha, unha melloría da situación laboral no mercado de traballo galego, que debe intensificarse, por suposto, ao longo dos próximos anos. Por iso a Xunta de Galicia vén de poñer en marcha a Axenda 20 para o emprego, que inclúe, entre outros, un plan específico, o Plan de emprego en igualdade, e incorpora medidas para potenciar o emprego e promover a contratación das mulleres. Ademais, contamos co Consello Galego das Mulle-

res, que se constituíu o 5 de marzo de 2014, como órgano colegiado de carácter consultivo, de participación e asesoramento en materias de política de igualdade. A través das vogalías están representadas todas as consellerías da Xunta, as asociacións e federacións de mulleres, con 15 representantes que foron elixidos en proceso aberto, público e democrático. Están tamén as organizacións empresariais con tres vogais, unha vogalía en representación de cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación, así como unha representación da Fegamp. Quero dicirlles que pasadomañá se presenta o primeiro estudo, e estou segura de que as conclusións acadadas serán de grande importancia para o futuro das mulleres no rural e, por ende, para o medio rural en si.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, nós temos moi claro que as mulleres somos moi importantes, o que nos preguntamos é para que nos vale.

Mire, eu non lle falaba da muller en xeral, eu faláballe dunha muller moi concreta, da invisible, da que non existe, da muller do rural. E vostede ninguneouna completamente tamén na súa resposta, non só nas súas políticas, senón tamén ata na súa resposta.

Eu non sei se vostede sabe qué está a ocorrer coas mulleres do rural, pero, se non o sabe, voulo dicir eu. O que está a pasar é que o 25 de xuño de 2015, cando en toda España figuraban inscritas no rexistro de titularidade compartida 136 explotacións, en Galicia, señora conselleira, só figuraban 13, a pesar de ser a comunidade autónoma con maior número de explotacións agrarias. O que está pasando é que, a pesar diso, nin vostede nin o señor Feijóo puxeron en marcha ningún tipo de axuda nin ningún incentivo para fomentar ese acceso á titularidade compartida. O que está pasando é que, nas principais convocatorias de axudas para explotacións agrarias convocadas este ano, a titularidade compartida non é considerada como criterio para a valoración das solicitudes. O que

está pasando é que na PAC do 2015 si se incluía a pregunta de se a explotación era ou non de titularidade compartida, pero logo non se consideraba a resposta para percibir as axudas. E o que está pasando, señora conselleira, e debería vostede enterarse e telo moi claro, é que as axudas á afiliación da Seguridade Social dirixidas a incorporar titulares ou cotitulares pasaron de 140.000 euros no ano 2012 a 0 euros en 2015.

Por iso, señora conselleira, existe a muller do rural, e eu pregúntolle: ¿vai vostede facer algo para rematar coa invisibilidade das mulleres do rural galego, que lle recordo que é o 80 % do noso territorio? Despois de escoitala teño claro que non, pero, ademais, ten que quedarlle moi claro que que vostede sexa filla dun gandeiro non axuda nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Acuña.

Para a réplica, ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidenta.

Non sei se axuda ou non axuda, a verdade é que me dá unha sensibilidade especial, sobre todo coas mulleres do rural, tamén con miña nai, faltaría máis.

Miña nai era cotitular a pesar de ter xa certa idade, e ela impúxose para ser cotitular, para ter a súa Seguridade Social, a pesar de que lle custara moito ter a súa filla na universidade e ao mesmo tempo ser capaz de pagar dous seguros na casa. Ao final conseguíuno, con moito traballo e esforzo, igual que o resto das mulleres que viven no rural.

Miren, créanme que eu non ninguneo a ninguén, pero endexamais ningunearía as mulleres do rural. Eu son unha delas e vivo no medio delas.

Pero despois de facer unha visión xeral do que é a muller en si, centrareime entón no que son as políticas que desenvolve a Consellería do Medio Rural, e direille que dentro do programa Leader as iniciativas empresariais presentadas por mulleres contan con maior puntuación nos baremos que se utilizan para avaliar os proxectos que se van apoiar, facendo que teñan un

acceso máis sinxelo ás axudas e que se reduza na medida do posible a diferenza de oportunidades entre homes e mulleres no rural. Máis do 25 % dos proxectos presentados no rematado Leader 2007-2013 estiveron ou ben presentados por mulleres ou as mulleres eran cotitulares dese proxecto, polo que o rol feminino neste campo do desenvolvemento rural foi máis que positivo. Pero queremos que o programa 2014-2020 sexa máis efectivo e que aínda mellore os resultados do anterior, favorecendo unha concreción maior das axudas en proxectos que axuden a vertebrar o rural e que faciliten as políticas de igualdade.

No que se refire ás mulleres titulares de explotacións agrarias, e cos datos provenientes do cruce da táboa de explotacións agrarias, cargadas recentemente polo Rexistro Xeral de Producción Agrícola 2016, cos de titularidade das explotacións rexistradas no Reaga, os datos son os seguintes, e vóllelos dar a coñecer.

Miren, señorías, das 66.034 explotacións rexistradas en Galicia, e descontando as 3.494 nas que os titulares non están rexistrados a título individual, en 31.001 explotacións a titularidade corresponde a mulleres, e 31.539 a homes, é dicir, o 46,95 % das explotacións galegas teñen como titular a mulleres e o 47,76 % a homes. Co cal, créame que, se alguén descoñece como está o rural galego e o papel que xoga a muller no rural galego, será vostede, pero non eu.

Pola súa banda, as emprendedoras no rural son exemplo de innovación, de creatividade, de empoderamento, e constitúen os verdadeiros motores da nosa economía. As mulleres do medio rural entenderon perfectamente as súas posibilidades, e as posibilidades é que se abren á diversificación dos distintos produtos. Direilles que moi recentemente, a semana pasada, recibía a SAT A Pementeira, unha cooperativa integrada única e exclusivamente por mulleres que intentaron diversificar, evitar a estacionalidade con produtos de gran demanda, e a esas mulleres é ás que vai apoiar a Consellería do Medio Rural.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Esgotada a orde do día, érguese a sesión.

Remata a sesión ás sete e corenta e cinco minutos da tarde.